

sub

## Capítulo 1

Esa mañán os creativos xa estaban reunidos co meu xefe na sala de xuntas, apuraban os últimos detalles dunha campaña moi importante e a xuzgar pola cara do meu xefe sobrepasaran o presuposto. Sempre o facían e despois Domínguez, o meu xefe desesperado tiraba a carpeta con todo o expediente na miña mesa. "Arréglaio ti que para algo che pago" decía con aire despectivo e marchaba airado. En realidade el non me pagaba, pagábame a empresa, afortunadamente para min porque eu non era moito do seu agrado. E tampouco me pagaban por eso, ese era o seu traballo, pero ser xefe ten estas cousas. A súa secretaria nin me mirou cando pasei por diante e don Tomás, o director, aínda non chegara. Eu fun ó meu despacho disposta a comezar un novo día. O meu despacho era o cuarto de arquivos, algo adecentado eso si, pero eu estaba tranquila porque ía ser provisional como o meu contrato, claro. Abrín a xanela que da o patio interior e comecei, como desde había dous anos, a traballar.

A media mañán o meu xefe entrou sen chamar, cós colmillos afiados en busca de sangue. Traía un expediente na man, pensei que era o da gran campaña pero non, a ver que fixen mal agora:

- Estiven revisando este expediente, o número 2.675-09, non sei se o lembras, aquel que che dixera que revisases con moito cuidado hai un par de meses, que era dun cliente moi importante e que non nos podíamos permitir sobrepasa-lo presuposto baixo ningún concepto - notábaselle na voz que buscaba guerra, non era nada novo, facíao sempre para que se notase quen era o xefe.

- ¿O expediente 2.675-09? por suposto que me lembro era o do anuncio de sopa, non hai tanto que o fixemos - dixen eu tranquila - ¿que problema hai?, vostede xa o revisara daquela, e xa lle dera o visto bo. É imposible que xurdira agora algún problema que non vise cando o revisou no seu día - alí estaba eu deixando claro que a culpa era del por non molestarse en mira-los expedientes antes de asinalos.

Esa era a miña baza, el nin se molestaba, pensando que despois me podía culpar a min; e eu sempre lle saía có mesmo conto "vostede xa o revisou", algo que lonxe de aplaca-la súa ofuscación multiplicábaa. Ó principio poñíame moi nerviosa, e eso facíao medrar, él era o xefe. Agora, agora xa non, agora é máis ben un pasatempo ver como lle sube o sangue á cabeza e se lle estanca todo nos ollos, como perde os nervios e como ó fin ten que marchar cas mans valeiras. Esta era unha das maiores satisfaccións que me proporcionaba o meu traballo.

- Xa os reviso eu, esa é a túa escusa. Sabes perfectamente que non fixeche-lo traballo como se che indicou - Domínguez, esta vez estaba un pouco máis irritado que de costume

- Non é ningunha escusa, eu fago o traballo según os criterios que me marcan, hai un presuposto total que non se debe rebasar, e non creo que se rebase nin nese expediente nin en ningún outro. De todo-los xeitos - proseguín - xa lle digo que de haber algún erro púdimo decir en calquera momento antes de ser presentado, porque, por suposto, vostede revisouno persoalmente antes de presentarllo ó cliente.

- Pois claro que o revisei, eu fago o meu traballo non coma o resto de incompetentes desta empresa. Non entendo como se me puido escapar este; pero tranquila que de agora en diante voute ter ben vixiada; porque parece que che

sub

gusta máis estar de leria cós creativos que face-lo teu traballo, así que non quero máis reunións segredas, nin tertulias en horas de oficina, quedas avisada - dixo Domínguez con ton ameazante - e por certo, a ver se ves a oficina cunha indumentaria máis axeitada, parece que vas de acampada ó medio do monte; gasta uns pouquiños máis en roupa, que xa tes idade para saber estar.

Nunca parecera darlle importancia nin ó meu xeito de traballar, nin ás visitas dos meus compañeiros, nin a miña forma de vestir; ¿a que viña eso agora?, sempre me dixeran que podía vestir como quixera, ninguén ven traballar de traxe, bueno algúns si; pero por vontade propia. Estiven toda a tarde dándolle voltas ó incidente e xa decidira que non tiña máis importancia que a dunha perrencha do meu xefe cando entra Fran pola porta

- ¡Que! ¿que tal o levas?- pregunta todo afectado

- Xa ves, aquí dándolle ós números - dixeran eu sen máis, supoñendo que me preguntaba polo traballo e que o seu estado se debía a algún bloqueo creativo dos que tiña el

- Vexo que non che afectou moito a noticia ¿ou é que a señorita felicidade disimula moi ben? - dixo Fran nun ton entre serio e divertido - ou mellor ¿sabes de que noticia che estou falando, raiña?

- ¿De que a infanta volve estar embarazada? - dixeran rindo - dígoo polo de raiña

- Ai que riquiña ela... non, desgraciadamente non me refería a eso - Fran

- Estasme mosqueando - eu

- Así que non che dixo nada, como vin saír supuxen que viñera darche a boa nova - Fran

- ¡Oí, tío! xa me estás preocupando - eu

- ¿Non che dixo nada de nada? ¡non o podo crer! - Fran

- Home largoume un discurso sobre a miña incompetencia, que se o único que facía era estar de leria con vós e que non sabía face-lo meu traballo; xa sabes, o de sempre - eu

- O de sempre, non - Fran

- Tes razón, hoxe estaba un pouco máis prepotente - eu

- Non me estraña, como que o nomearon director da sucursal - Fran

- ¿Que dis???? - eu

- Como o oes - Fran

- ¿E don Tomás? - eu

- A don Tomás destinárono a Madrid, van abrir alí unha nova oficina e vaina levar el; cós correspondentes plus, aumentos, primas e todo eso. Así que Domínguez queda no seu sitio, e para o posto do teu maravilloso xefe vai vir un executivo de nivel, acabado de saír da facultade, un inepto manipulable que casualmente se apelida Domínguez - Fran contábao cun ton tan irónico que en lugar de preocuparme case me estaba facendo rir - será para non causarche un trastorno psicolóxico

- ¿Pero que dis?, ti non estás ben, ¿non volverías mete-la cabeza no scanner? - eu

- Bueno carallo, para unha vez que o fixen non hai quen volo quite da cabeza - Fran

- Xa che digo, precisamente da cabeza... - eu

- Bueno, que non, que mo dixo Tino e xa sabes que el sempre ten información de primeira - Fran

- Perdoa, é que me parece increíble - eu

- Pois tiñas que ve-la cara que se nos quedou ó resto cando nolo contou, pensei que cho contara o moína ese g- Fran

sub

- Tranquilo, el non ten nin idea de como funciona esto, adicarase ás relacións públicas e estará tan entretido de cea en cea que non vai ter tempo para nós - eu

- Espero que teñas razón, a maioría xa nos vemos cun pé fóra, e a min non é que me veña moi ben quedar no paro agora - Fran

- ¡Que esaxerado es! se vos bota ¿que vai facer él? ¿poñer a todo-la súa prole para facer anuncios?, non estaría mal; pero xa se lle adelantaron os Mendoza; ademais como decía un compañeiro meu "a garda morre pero non se rende", haberá que dar un pouco de guerra, ¿ou non? - eu

- E haberá... mira que se o retoño de Domínguez se namora de ti e o tes de sogro... ¡vaia caña! - Fran

- ¡Aí! xa tiñas que decila gracia, pois mira que se é guapo - eu

- Se é guapo é do butaneiro - Fran

- ¡Que bo!!!! - eu

- Se algún día me fago rico heite contratar para que me administre-los millóns, dirixas as miñas empresas e fagas todo eso que decides que facede-los economistas, vivir do conto e tal - Fran

- Vas levar, largo... fóra... - eu

- Xa se che está subindo o de se-la nora do xefe... mulleres - Fran

- Espérote á saída a ver se te atreves a decirmo na rúa - eu

Fran marchou todo tranquilo e feliz e a min deixoume feita unha merda. O desgraciado ese ía se-lo novo director e o seu fillo, meu xefe. Non había que perde-la esperanza de que o descendente se parecese a nai, ou a unha persoa sen máis. Fran tiña que estar enganado, ¿ou non?; despois de todo a min tamén me parecera un pouco esaxerada aquela saída de ton...non podía ser.

Saín da oficina a fume de carozo, sen despedirme, sen falar con ninguén, buscando aire fresco. Decidin ir á casa polo camiño máis longo, esto foi algo que aprendín dunha amiga; cando éramos pequenas e o autobús da escola non viña, aló por Xuño, volvíamos xuntas para casa, ela sempre quería ir polo camiño máis longo e eu polo máis curto; así que decidimos que cada día escollía unha o camiño de volta, e ó final acabou gustándome máis o camiño longo. É unha das poucas amigas que me quedan, aínda que non nos vemos moito. Cando teño cousas dando voltas na cabeza e non me apetece ir para casa sempre me lembro dela e escollo o camiño máis longo. Había néboa, baixara o frío e o día estaba escuro aínda que non era moi tarde. Era mércores, na tele daban a serie Pratos Combinados, polo menos algo bo para remata-lo día. Pero cando cheguei estaba a tele posta, meu pai empoltronado no sofá, miña nai ó seu carón mirando uns recibos, meu irmán durmindo, e na tele... na tele o fútbol, e o fútbol na galega...nooooooooooooooooooooo. Sempre igual, sempre fútbol, a ver cando fan un canle exclusivo para o fútbol, ¿intrese xeral? ¿de quen? ¿ou é que eu non conto?. Fun facer algo de cear, a ver se se me pasaba o cabreo. Fame non tiña, quitáraseme có panorama disque "deportivo". No frigo había un filete que sobrara do mediodía, esto pode servir; había un pouco touciño da merenda, ideal; cenorias e pimentos, xamón cocido e, non sei, un cuchillo ben afiado para desafogarme a gusto. Mentres cortaba en anacos a cenoria non podía deixar de pensar no ridículo ó que se estaba levando o fútbol, sano deporte se se practica; pero desde logo pagar por ver xogar a vintedous homes (máis ou menos) ou mellor por que fagan acto de presenza vintedous homes, que cobran unhas cen veces máis ca min, que son licenciada, e que eles (sempre hai excepcións) só saben intercalar un bueno entre cada dous ou sexa; e o que sofre a xente, a meu pai o médico prohibiulle ve-la liga des que o ano pasado case lle dá ó fallares un penalti decisivo en non sei

sub

que partido, moi importante, eso si. ¡Coño!!! nin se disgustou a metade cando meu irmán partiu a perna ó caer pola escaleira... é moi pequeno, a esta idade os ósos soldan ben, non hai de que preocuparse... o pobre rapaz ali medio morto, tirado no chan ca camiseta empapada en bágoas. Claro que non se pode comparar, un partido pasa e non volve, a meu irmán a perna curoulle e anda, o pobre, tan ricamente, coma se nada; normal a reacción de meu pai. O preocupante non é esto, senón que non é el o único que ten esta orde de prioridades. Aínda me lembro cando polo partido España non sei quen (polo visto non me lembro tan ben), se adiantou a sesión do Congreso para que lles dese tempo ás súas señorías a velo; consecuencia do interese xeral, claro. E coma no caso de meu pai, cando os terroristas mataron aquel policía local de Barcelona, as súas señorías non adiantaron sesión ningunha, nin a aprazaron, e Aznar nin se molestou en ir a Barcelona ata entrada a noite, tería que cear, criatura; total o pobre home morto xa estaba e só salvara centos de vida ca súa, cando intentaba axudar ó que el cría que era un cidadán en apuros.

## **Capítulo 2**

O día espertou primaveral, o sol despuntaba apartando a cortina de néboa do día anterior; facía fresco e invitaba a vivir. Despois da ducha, pódese decir que raquel couto antelo

sub

chegado ese momento estou esperta, a sensación de infinita felicidade veuse un pouco abaixo, a oficina; pensei que ó mellor Tino estaba errado, tamén sería a primeira vez, nunca o facía, podías poñe-la man no lume polas súas informacións. A quen lle importaba, un día así só poden pasar cousas boas. Meu irmán estaba fregando os cacharros do almorzo, estaba nervioso tiña un exame de matemáticas. Meu irmán sempre aprobaba, as que lle gustaban porque lle gustaban e as que non porque como non lle gustaban queríaas sacar de diante canto antes. Boa filosofía, cando menos moi productiva. Meus pais xa marcharan traballar. Mentres eu fixen as camas e despois démoslle un repaso rápido á sala. Se por meu pai fose o neniño non faría nada, así que eu decidín que tampouco faría nada, nunha semana a casa parecía unha leonera e miña nai dixo que se non colaborábamos todos ela non se ía matar así que meu pai tivo que calar antes de que lle tocase facer todo a el. Ó final el sigue de señorito e apandámo-los demáis.

De camiño á oficina pasei pola miña árbore favorita, xa estaba florecendo, está increíble cargado de flores rosa; pronto. Entrei, case ninguén, o normal. No ambiente non se percibía nada, xa se sabe, a calma antes da treboada. Miraba fixamente a todos por ver se os ollos me decían algo; pero calaban. Entrou Domínguez pola porta cun sorriso de campión, ola ola bos días, parecía que ía choca-los cinco de todo aquel polo que pasaba. Miroume, un bos días e unha palmadiña no ombreiro, confío en ti, estamos contigo. Obviamente algo pasaba, Tino tiña razón, o meu xefe non ri se non fastidiou antes a media humanidade. Pagaría por sabe-lo que soñou a noite anterior, se dou durmido; xa o estou vendo: pecha os ollos, imaxínase a si mesmo de xefe e a felicidade impídelle durmir, daquela de cansanzo volve a pecha-los ollos e o mesmo... ou ó mellor da alegría ata conseguíu excitarse e a súa muller tivo sorte; ou máis ben foi el o que a tivo porque acabar con eso na cama poderíase chamar calquera cousa menos sorte... ¡que noxo!

- Boas, soberana princesa da noite - Simón
- Eso é de Cantando baixo a choiva - eu
- Sorpréndesme, algún día hei atopar unha frase que non recoñezas - Simón
- O malo é que temo-lo mesmo gusto para as pelis - eu
- Si, é certo; pero eso non ten porque ser malo - Simón

Non o podía crer, debía ser que aínda estou durmindo ou soñando máis ben, pareceume que Simón se me estaba insinuando. Lembro cando o coñecín, foi a primeira persoa que vin na oficina, cun sorriso encantador, rubio, ollos verdes, alto e guapísimo; do nerviosa que me puxen ó ver semellante espécime esvaecéronseme os nervios, pasei a entrevisa, non me estraña, estaba bastante tranquila ca mente entretida en certo tipo de exercicios de relaxamento, para que decir máis. Doume uns bos días para gardar no corazón e un podo axudarche destes que se respondes o que tes na mente... Non falamos moito, dame vergoña... é que está de morte o tío e nunca me sinto moi relaxada con el diante, tratando de non parecer tonta é xusto no que acabo; así que prefiro pasar que quedar despois ca sensación de que ser un pouco corta. Porque Simón non só está bo, senón que ademáis é boa xente, non é nada creído e iso que lle damos motivos de sobra cando nos poñemos todas a babear por él, non nos cortamos nada e aí sáelle unha vea tímida que nos desarma. Nunca se enrollou con ninguén da oficina; pero todo se sabe e cando saen toda a banda disque non da feito; a min cóntamo Fran. Non, non me estaba facendo as beiras, sempre me trataba coma se fose a súa irmá pequena, ás veces quedásemes mirando con esa cariña que pos ó ver un osiño de

sub

peluche decindo ca mirada "¡se fala e todo!". Non é que sexa moito máis nova ca el, aínda que o aparente.

- Non, non ten porque - eu

- Veña, hai que tomalo con alegría porque nos espera un futuro un pouco tenebroso - Simón

- ¿Ti cres? - eu

- ¿Ti non? - Simón

- Eu creo que o de tenebroso se lle queda curto; o meu futuro ademais vai ser un pouco terrorífico - eu

- Ánimo - dixo Simón chiscando o ollo - que os fillos non teñen porque saír ós pais; ti non te parecez ó teu pai

- Home, espero que moito non - eu, el riu - ¿que me estás chamando exactamente?

- Se sulfuró la duquesita... - Simón, outra vez ese sorriso, Deus que cruz

- Eso é dunha de Sara Montiel - eu

- Non vale, tes que deci-lo título - Simón

- Dame tempo - eu

- Non, perdeches - Simón

- Comezamos ben o día - eu

- Vamos tiarrona, non te rindas tan facilmente, dá un pouco de guerra, que sexan os outros os que se mortifiquen - Simón

- Eso mesmo lle dixen onte a Fran - eu

Simón sempre remataba cun sorriso, que debaixo deses rizos alborotados dábanlle un aspecto realmente anxelical, un encanto.

-Bos días - chegou Fran - ¿andan as bestas soltas?

- Si, vai con xeito, que hoxe xogan ó despiste - Simón

- Canto misterio, aínda non se sabe nada - Fran

- Oficialmente seguimos sendo a mesma familia feliz de sempre - Simón - ¿Ánxela non veu contigo?

- Non, hoxe quedei durmido e chameina para que non me agardase - Fran

- ¿Durmido ti? que raro - eu

- Cala que ti tamén es boa, que chegas moi cedo porque adianta-lo despertador, que se non chegabas sempre ca lingua fóra - Fran

- Así chega sempre - Simón

- Si; pero chego a tempo e vós, espabilados chegades sempre tarde, mal e arrastro - eu

- Pero con clase, nena - Fran sempre tiña que poñelo punto final

- Ola xente - entra Ánxela toda feliz - ¿xa nos botaron ou aínda hai que traballar?

- Polo que se ve ti non ves con moita intención, quedáramos hoxe cedo para remata-lo milagre da multiplicación - dixo Simón, con ese ton que sempre empregaba con Ánxela, como de celos, para min que lle gustaba

- Xa o sei, síntoo tío, morreume o coche - Ánxela

- Non fastidies, ¿o clásico? - aí vai Fran ca súa retranca - ¿morreu o Ford fiesta dos 80?

- ¡Fraaan!!, que nos coñecemos, sabes perfectamente que lle teño moito cariño a ese trasto, e a única non mundo que se pode meter con él son eu - dixo Ánxela con ton de profesora

Nese momento chegaron Tino, Isabel, Mara, Sofía, Xan, e o resto, e detrás deles don Tomás. Don Tomás non entrou triunfal coma Domínguez, estaba triste, ausente, invadíume un desacougo, non sei como culpa ou mágoa. Ese traslado

sub

non era un premio , botábano, ¿por que?. Non é que fose un lince para os negocios; pero tampouco se podía decir que non mirase pola empresa; alo menos as cifras oficiais, as que eu coñecía, eran boas, moi boas; os de Madrid xa se podían dar cun canto nos dentes. Cando volvin ó mundo atopeime cós ollos de Fran vendo o mesmo ca min, mirámonos e non puidemos máis que baixa-la cabeza, ¿que pasaría?. Tino seguro que o sabía, ou non , diríao; larga todo o que sabe... o que fose, ocorrera o día anterior e pola mañán todo o mundo estaba enterado. Quen máis quen menos sentía pena; agás Xan, claro, o tiburón, seguro que vía a posibilidade dun ascenso vía Madrid, aínda me estrañou non velo entrar arrastrado colgando da faldriqueira de don Tomás. Sofía veu cara min e pedíume que lle sacara un expediente dunha campaña duns anos antes, eu aínda non estaba. Calquera o atopaba, Domínguez tiraría no montón dos "cobrado esquencido". Paciencia. Emburateime na oficina a respirar historia, alí non se limpaba, con eso de que eran expedientes de alto segredo non os tocaba nin o cesid, e a señora da limpeza menos. Media hora para atopa-las chaves, outra media para ver en que archivador estaba. A min que máis me daba, págabanme pois perdía o día buscándoo, algunha finalidade tería. Sofía díxerame que era dunha campaña de cigarrillos, mira ti, eu da comisión anti-tabaco. Afortunadamente teño moita paciencia. Abrín a porta do archivador, un montón de carpetas, sen orde, sen nome, sen data nin código algún que permitise orientarse. Era a historia de sempre e sempre decía que un día, cando tivese tempo, ordearía aqueles arquivos; e aínda non chegara o momento, sempre aparecía algo máis urxente. Ese día como estaba un pouco pasota decidira ir poñéndolle etiquetas a cada carpeta para ter algún traballo adiantado se algún día me decidía, cando menos se volvía a ter que buscar algo antes de que o ordease seríame máis fácil atopalo. Collín un feixe de folios, a barra de pegamento, un bolígrafo e ataquille ó primeiro bloque de carpetas, pouseino no chan, así cada unha que revisaba íaa poñendo de novo no archivador e quedábame todo ben postiño de novo, son unha artista. Xa estaba no cuarto estante e aínda nada. Chamaron á porta, era raro que os de sempre chamasen, entraban coma perico pola súa casa xa podía estar montando o número erótico co amante que lles daba igual; iso nunca pasou, pero de ter pasado... Era Sofía

- ¿Que tal vai eso? - Sofía

- De momento non o localicei - eu

- Non é por presionar; pero facíanos falta para esta tarde - Sofía, está simpática a criatura

- ¿Que hora é? - dixen eu con desespero

- Xa son as 12:30 - Sofía, e dio tan tranquila a tipa - a ver se poideras telo para as cinco ou por aí ¿vale?

- Heino intentar - eu, hai que fastidiarse, saben o embrollado que está esto e veñen con presas

- Gracias e ánimo -di a tía cun aire comprensivo que dá noxo

Si ánimo, vaina rañar, case non saúda cando me ve e agora venme con estas. Con calma, xa o atoparei, sei que podo, aínda que sexa porque estou segura de que a mamona esta pensa que son unha inútil.

Estiven alí sentada no chan unhas tres horas máis antes antes de atopa-lo famoso expediente, atopeino por fin, boteille un ollo, a ver que tiña de interesante, un pouco de vía libre á curiosidade tampouco era tanto pedir despois do esforzo. Nada especial, unha parella de superguapos nunha festa de superguapos, moito

presuposto para pagar ós modelos, poco decorado e un eslogan, ó meu parecer, bastante frouxo; total para o único que miran é para os cigarrillos non sei para que gastan no resto. A modelo era famosa, vaia luxo, ó tío non o coñecían nin na súa casa, pero estaba de medo, incluso pensei en mirar se viñan as súas señas por algures, despois esquencéuseme e non o fixen, que máis dá, había ser coma calquera outro, guapo eso si. Cando tratei de poñerme en pé para levarlle a carpeta á Sofiña, case caio de cú. Tiña as pernas entaladas, levaba moitas horas sen moverme, estaba conxelada e tiña unha fame que me facía esvaecer. Tomeino con calma e erguinme a modo, para ir asimilando o cambio de altura, dei uns poucos pasos pola habitación e lanceime na silla, descansei, abrín o caixón onde teño os doces de emerxencia para os baixóns de azucre e deille un pouco de gusto ó corpo. Cando estaba comendo decateime do negras que tiña as mans, todo o pó acumulado nas carpetas estaba agora nas miñas mans, doume un pouco de noxo; pero como a fame podía máis e comín igual. Reposta-las forzas, saín e fun cara a mesa de Sofía, non había ninguén na oficina, xa pasaban das tres, deixei alí a carpeta e baixei comer algo ó bar do lado.

Senteime nunha mesa lonxe da fiestra, non me apetecía ver xente, estaba máis ben de mal humor, nos chamámoslle a mesa dos castigados porque se te sentas alí estás mirando para a parede. Detrás de min había dous homes, dous executivos con aire de moita cousa:

- Domínguez é un crac, que cho digo eu - di un deles, mentres ri con malicia
- Vaia xogada lle fixo a Tomás, o pobre pouco menos que vai destinado a Siberia - di o outro - aínda que o ten ben merecido por confiar nesa alimaña. Domínguez é un monstro dos negocios, arreptinme moito de non contratalo cando estivo libre
- Pero de eso xa debe haber tempo - inquire o primeiro - ¿canto leva na axencia?
- Debe levar uns nove anos, polo menos; cando o coñecín xa traballaba aí - o segundo
- ¿E cando dis que estivo libre? porque a min non me cadran as contas - o primeiro
- Houbo un tempo que tivo que deixa-la axencia por non sei que maniobra destas que fai el - o segundo
- No me digas que o pillaron - o primeiro
- Pillar, pillárono; pero non puideron con el, sempre garda un as na manga - o segundo
- Conta, ¿que foi o que fixo? este home é unha máquina - o primeiro
- Non se falou moito do tema. Tomás deixouno a un lado; o que si sei é que houbo investigación oficial e todo - o segundo
- ¿Pero que demo fixo ese home? - o primeiro
- O que fixo nunca saeu á luz, digamos que os que o saben calan, non sei baixo que ameaza. O caso é que nun principio botaran a Domínguez da empresa e antes de remata-la investigación tiverono que readmitir - o segundo
- ¿Moito antes? - interrogou o primeiro con retransca
- Non, non moito antes, igual rematou porque o readmitiran. Eu intentei sacar moitas veces o tema cando estamos Tomás e máis eu sós; pero el elude a conversa e dime que Domínguez é un gran profesional e todas esas trapalladas. O Domínguez debeo ter ben agarrado - o segundo
- Pois non sei porque che interesa unha persoa desa calaña, persoalmente, homes coma el canto máis lonxe mellor - o primeiro
- ¿Pero non estabas dicindo que era un artista? - o segundo

sub

- Si; pero a arte nos museos, non creo que me gustase moito vivir con Picasso, xa me entendes - o primeiro
- A min interésame porque ten moitos contactos, móvese a uns niveis os que eu nunca vou chegar, e Tomás tampouco, por eso lle ganou a partida - o segundo
- Pouco menos que me estás decindo que ten contactos ca mafia - o primeiro
- Ca mafia non sei; pero que non hai moito quen lle poida tocar, digocho claramente - o segundo
- Imaxínate que o contratas e se fai ca túa axencia - o primeiro
- Amigo, quen fai a lei fai a trampa - o segundo
- Ti sabes algo que non me estás contando bribón - o primeiro
- Domínguez terá ases na manga; pero eu coñezo ó sastre - o segundo
- Berta, ¿estás castigada ou que?¿que fas aí contra a parede? - berra Fran desde a esquina da barra

Xa podías estar caladiño, guapo; doume a volta tratando de controla-la expresión da miña cara, para non matar a Fran e choco cas miradas sorprendidas dos homes da mesa, fago coma se non me enterase de nada, coma se non os vira, coma se estivese nas nubes, dáseme moi ben, teño moita práctica en estar nas nubes; poño esa mirada de acabar de abri-los ollos despois de durmir unha chea de cabalo. Os homes cambian de conversa, un deles colle o Marca e fala do partido do día anterior, si, ese que me fastidiou os pratos combinados. Fran ven cara min cun café na man, o seu claro, eu non tomo, xa estou eléctrica dabondo sen el.

- Ola ¿comeches aquí? - Fran
- Si, aínda acabo de baixar, estaba aquí medio comendo medio durmindo - eu, que quede claro que estaba fora de cobertura
- Xa che vexo eses ollos de tioupa - di Fran poñéndome a man no nariz, nun momento deses nos que me sinto unha nena de tres anos que pinta un debuxo moi bonito e todos o están admirando
- Estiven mergullada nos expedientes vellos - eu
- Seino, antes de marchar comer pasei por alí e faleiche, berreiche, estiven por darche cun pau na cabeza, total seguro que morrías do susto e non do golpe - Fran esaxerando
- ¿De veras? - eu
- Como cho digo, estabas totalmente conectada có teu "eu" interior, díxenme, " non insistas, xa mandaremos unha expedición arqueolóxica busca-los seus restos" - Fran

Fran era un amigo, moi atractivo aínda que eu non diría que guapo, tiña bo tipo eso si; ás veces fantaseaba con él, facíame máis gracia ca Simón, irradiaba menos inocencia, de feito irraíaba calquera cousa menos inocencia. Deixei de facelo cando me comezou a parecer que el se decataba, seguro que non, pero "máis vale previr" pensei.

- Déixate de caralladas, ¿para que quere Sofia esa carpeta? - eu
- Non sei, miña filla; pero xa pode conte-la fórmula da Coca-cola porque estivo toda a mañán dun lado para outro, veña e dalle que se eras lenta, que se ela xa o tiña atopado. Eu paso dela, non a trago e non me da a gana de aguantalala. Ánxela, xa sabes como é, a primeira vez que abriu a boca para queixarse lanzoulle unha desas miradiñas tan encantadoras - Fran
- Así que só lle quedaba Simón, eso si que é casualidade - eu, con retransca

sub

- Muller, tamén lle quedaban Xan, Mara,...pero non teñen tanta sensibilidade coma nós - Fran
- Perdoa que cho diga tan cruamente; pero o único que lle interesa de ti e o resto da colonia de Simón que se che queda pegado cando traballades xuntos - eu
- Non jodas - dixo simulando ofensa - e eu pensando que a tiña no bote. ¿De verdade que se ule a colonia de Simón en min? - Fran
- E eu que sei, ou cres que vou por aí aspirando as colonias da xente - eu
- Foches ti a que sacou o tema, mira que se ligo porque cheiro coma Simón - Fran
- Máis ben cheirarás ti, porque Simón non cheira, ule - eu
- ¿Tía, que estás insinuando? ¿que non me lavo?, agora mesmo estoume arrependindo de non andar có crucifixo que me regalaron pola primeira comunión, cacho bruxa - Fran
- Pero se é de ouro non che vale - eu- Pero é de prata, que éramos pobres, sabichona - Fran
- Non quería decir que non te lavarás, é que ti fumas e el non, e eso influe - eu
- ¿Ti cres? - Fran
- Home, ás adictas á nicotina atraera-las ti antes, digo eu - seguín có razoamento - e ás anti-tabaco daraslle así como morbillo
- Sigue, sigue que o estás arranxando moi ben - Fran
- ¿A que si? - eu
- Vexo que o traballar nunha axencia de publicidade che está resultando moi formativo - Fran
- Non vexas canto - eu
- ¿Si? porque sempre que fas un comentario coma este me queda a dúbida de a que te estarás referindo - Fran
- Porque ti tamén es un mal pensado - eu
- E, será logo. ¿De que estaba falando?, desconcéntrame, aí si de Sofía; que se lle pasou a media hora do café dándolle ó rolo a Simón, el por facerse o interesante, e como ti ben sabes, para fastidiar a Ánxela, aguantouna. Despois andaba dun humor que non vexas - Fran
- Non me estraña, có miñaxoia que é Simón - eu
- Mimadriña, como estamos hoxe - Fran
- É certo, sempre ten de que queixarse; pero estalle ben, que se fastidie, se quere que Ánxela lle faga caso que a invite a cear en lugar de andar ca fresca esa; que ademáis despois vai decindo por aí que son íntimos e non sei que caralladas máis - eu
- ¿Quen? ¿Sofía? - Fran
- Tiñala que escoitar na cea de Nadal falando de non sei que traballo que fixeran xuntos, e que pouco menos que o outro se lle botou enriba - eu
- ¿Estás de coña?- Fran
- Non, estaban Ánxela e Rosa tamén, e ela indo de estrela. Rosa como aínda non a coñecía criulle todo, nos como xa sabemos de que vai, pasamos dela; pero algo jode - eu
- ¿A ti tamén? - Fran
- ¿A min tamén que? - eu
- Se a ti tamén che fastidia que Simón ande con outras - Fran
- Non, a min tamén me fastidia que a zorra esa ande fastidiando a Ánxela porque sabe que nunca vai ser tan boa coma ela, e porque sabe de sobra que lle gusta Simón - eu
- ¿De verdade? - Fran
- Non é precisamente o meu tipo, a min gústanme máis homes - eu
- Que forte, como che escoite Simón - Fran

sub

- Non, creo que me expresei mal, a min gústanme dos que solucionan non dos que se queixan - eu
- Que actuen, ¿non? - Fran
- Eso; pero no sentido de acción, non de finxir - eu
- Claro - Fran
- Claro - eu
- ¿Subiremos?, case é hora de entrar, ti hoxe vas levar un empacho de carallo - Fran
- Antes de subir, queriache preguntar algo - eu
- Pregunta; pero non mo digas tan seria que asustas - Fran
- ¿A axencia tivo problemas algunha vez? - eu
- ¿Problemas? ¿económicos queres decir? - Fran
- En xeral - eu
- Desde que eu estou non; pero eu entrei aquí ó acabar de estudar porque se lle foran todo-os creativos de golpe e collían practicamente a todo o que se presentaba; a plantilla actual é toda de aquela época, máis ou menos, quitando esta última fornada; os que coñeces de cando entraches somos daqueles anos - Fran
- ¿Hai cinco anos ou así? - eu
- Si, máis ou menos, eu fun dos primeiros; Tino entrou conmigo, estudiáramos xuntos, xa éramos colegas daquela - Fran
- Quen vos vería nos tempos mozos, aínda metedes medo agora... - eu
- Se eu che contara - di cun sorriso pícaro, e poñéndose serio - ¿a que ven este interrogatorio? - Fran
- ¿Fixácheste nos dous tíos que estaban aquí detrás? - eu
- ¿Dous de traxe?, pois non moito - Fran, mirando o reloxo - veña cóntamo de camiño
- Non, cóntocho á saída mellor - eu
- Síntoo Berta, hoxe quedei - Fran
- Tranquilo xa cho contarei, non é nada importante - eu

No ascensor coincidimos con don Tomás que seguía con esa expresión triste da mañán; aínda así sacou un sorriso para darno-las boas tardes, falar do tempo e, como non, do partido, aí deixei a Fran, que era o seu. Saín do ascensor e os outros dous quedaron ás portas todos emocionados falando de penaltis. Ánxela, pillou no aire un comentario e lanzouse á polémica, a ela tamén lle gustaba un montón o fútbol, vaia peña. Vin ó fondo a Sofia falando con Simón, e decidín ir estorbar un pouco, para algo nos puxo Deus no mundo.

- Ola - dixen eu moi orixinal
- Ola artista - Simón
- Ola, Berta - Sofia picada - ¿cres que vas dar atopado o expediente para hoxe?
- Si, si que o creo - dixen eu con moita naturalidade, chula, máis que chula
- Pois eu creo que se non te pos a buscalo en lugar de andar de relacións públicas por aí non o vas atopar, nin hoxe nin nun mes - Sofia, a encantadora
- Pois eu creo que se estiveses traballando en lugar de andar de "relacións" por aquí, xa saberías que o vou atopar para esta tarde porque leva enriba da túa mesa desde as tres - di que si, artista que es unha artista - chao.

E marchei.

Simón foi cara a mesa de Rosa, que estaba de pé observádonos espantada, porque era raro verme de mal xenio, e moito máis raro responderlle a ninguén. Sofía foi cara a súa mesa toda alterada, colleu a carpeta e púxose a mirala compulsivamente, buscando algún indicio de que aquel non era o expediente que ela me pedira para poder berralo ós catro ventos; pero fastidiouse, si que era; que chula son meu Deus. Fran, que está a todas, chiscoume un ollo cunha expresión que non souben interpretar naquel momento. Metinme no meu burato a ver se me tranquilizaba un pouco, con razón falaban das maldicións das pirámides, esto non levaba alí nin dez anos e trastornáreme a mente nun plis plas, en realidade un pouco xa a tiña trastornada de antes, sexamos sinceras. Mírei para o arquivador, collín a chave, penseino ben, total non había moito traballo, o que tiña que facer era un coñazo, e ademáis tiña todo o ano para facelo; era primeiros de mes, e non había nin apuro de nóminas, nin impostos, nin presupostos que revisar así que decidín rematar de etiqueta-las carpetas. Poucas me quedaban, un par de estantes; eso si, xa as ordearía o pai que as fixo a todas, ca grima que me dá o papel, tiña o nervio da moa inchado a reventar.

Tamén entendín que a miña afectación neuronal non viña só polo pó respirado, senón pola trapallada publicitaria que estaba absorbendo, algunhas cousas estaban realmente ben, fíxome ilusión recoñecer algún dos anuncios, era coma ver Metrópolis nun especial publicidade; claro que moitos non daban a talla para eso. Nalgúns tiña máis mérito a habilidade da axencia para coarlle o anuncio ó cliente que o anuncio en si. Esto, claro, segundo a miña experta opinión de administrativa; pero tamén teño dereito a opinar. Foi coma mira-lo album da primeira comunión ós vinte anos; espértache ese sentimento de tenrura, de morriña, non sei. Estaba alí babeando de gusto cando entra Fran

- Vaia lio, pensei que xa o atoparas - Fran
- Si que o atopei; pero como comecei a etiquetar toda-las carpetas e só me quedaban unhas poucas decidín rematar - eu
- Berta - dixo Fran, e fixo o que se chama unha pausa dramática que case me mata de angustia - teño que decirche algo
- E vasmó decir agora, ou vas agardar a que morra dun infarto - eu
- Berta - Fran, sentouse no chan o meu carón - ¿que me dirías se che dixese que xa sei porque Sofía quería ese expediente?
- Pois diríache que, se non é moita molestia, mo contes; a verdade intrígame máis o suspense que lle botas que o motivo. Seguro que é calquera trapallada da tipa esa. Vin o que había dentro e non me pareceu nada doutro mundo - eu
- Non debeches mirar con moita atención porque disque era moi importante - Fran
- ¿Aí si? - eu
- Si, xa sabes como é Sofía, non se pode aguantar, como sabe que as cousas están revoltas trata de sacar proveito - Fran
- Bueno tampouco creo que sexa a única que o intente - eu
- Tamén tes razón; pero eso non importa agora, non sei como pero dispón de certa información sobre algo que pasou aquí hai uns anos, ¿sóache de algo? - Fran
- De algo si - eu
- Supoño que deso era do que me querías falar; non sei o que saberás ti; pero ela debe ter información de primeira, e non sei porque cre que a clave de todo está nese anuncio - Fran
- ¿Non o podo crer? ¿e foi largando todo eso por aí? - eu
- Por aí non, raiña, propúxolle a Simón unha especie de trato favorecedor a cambio de axuda para descifra-lo misterio que encerra a misteriosa campaña - Fran

sub

- Pero bueno, esa tía é tonta ¿ou que?, ten a clave para facerse có control da compañía e vaino publicando - eu
- Para min que oiu campanas e non sabe onde. ¿Ti estás segura que nesa carpeta non había nada polo que mereza a pena morrer? - Fran
- Home non sei, se está en clave obviamente eu non me decatei, para min era unha carpeta coma outra, mirei todos eses estantes antes de atopala, e non había moito de diferente nesa; fotos, presupostos, o contrato e pouco máis, recortes do xornal, o de sempre - eu
- Pode ser que Sofía se enganase de expediente - Fran
- Pode ser; pero doume os datos exactos dese expediente, quen queira que lle pasase a información faloulle dese en concreto; ademáis cando llo deixei viuno, recoñeceu as cousas das que supostamente lle falaron, se non xa estaría eu sen cabeza - eu
- Daquela a que está errada é a fonte de información - Fran
- Ou é que o temos diante e non o vemos - eu
- Non sei; pero morro por saber de que vai todo esto. Sofía des que ten ese expediente nas súas mans compórtase coma se fose a nova xefa creativa, dase uns aires - Fran
- ¿Xa? aínda non tivo tempo para abri-la carpeta - eu
- Pois débéronlle falar moito das virtudes do anuncio de marras. ¿Ti que escoitaches exactamente? -eu
- Non moito, admito que puxen a antena a todo o que me dá; non sei, algo - Fran
- ¡Ei parelliña! ¿estades facendo un picnic? - Ánxela
- Que hai Ánxela - dixo Fran borde, nada habitual nel, estaba moi raro
- ¿Que tal estás, eh? - Ánxela falaba conmigo, dándome o pésame
- Déixao, aínda non llo dixen - Fran
- ¿Que non me dixeches? - eu
- Joder, vaia metedura de zoco - Ánxela
- Nada Berta, mellor así en compañía, igual me é máis fácil; veña, xa que viñeches bótame un cable - Fran
- Perdoa tía, vaia forma máis trapalleira de face-las cousas - Ánxela
- Decidemo dunha vez, ¿que pasa? ¿que me van botar? joder decideo, tampouco vou morrer - eu
- Máis ou menos, escapóuselle a don Tomás - Fran
- A interesada sempre é a última en enterarse, ¿xa o sabe todo o mundo? - eu
- Non, foi ó entrar, cando nos puxemos a falar do partido e ti marchaches, dixo algo así coma que a vo-los dous vola xogaran ben xogada. Ó ver que te incluía na expresión non debín dar disimulado, el decatouse e non dixo máis nada. Eu díxenllo a Ánxela, e suponse que ningúen máis o sabe - Fran
- Pola miña parte non llo dixen a ningúen - Ánxela
- Joder, joder, joder... - eu
- Veña non te preocupes, igual malinterpretei a situación, xa sabes como é don Tomás, sabe Deus do que estaba falando - Fran
- Non creo que malinterpretases nada, xa me estrañaba a min esa cara de felicidade de Dominguez, e tamén estaba así como moi superior, con moitos fumes. De todas formas gracias, gracias por decirmo e por estar aquí - e xa non falei máis, por pouco non paro a tempo, case me boto a chorar alí mesmo
- Peque - mamá Ánxela - aínda non hai nada dito, ademáis có que vales ti atopas traballo en calquera sitio, e seguramente mellor ca este
- Beibi ti vales moito - di Fran rindo, cachondeándose do intento de Ánxela por consolarme - quero verte sair aí fóra e facerlle un corte de manga ben feito a ese cabrón

sub

- Mira, se de algo podes estar seguro é de que me vou ir moi contenta e se para eso teño que pegarlle unha patada nas pelotas, non teñas medo que o hei facer - eu  
- Fran controla que se está animando moito - Ánxela  
- Deso nada, así me gusta, e se podes dalle outra da miña parte - Fran  
- Xa postos, da miña tamén - Ánxela  
- E non vou dar feito - eu  
- Tranquila tes tempo, tómao con calma, total estás no paro - Fran  
- Cala cabronazo - eu, tratando de atacar a Fran  
- ¡Ei a min non! ¡a Domínguez! - Fran  
- ¡Aí! ¿referíaste a Domínguez? - eu  
- Bueno polo menos non perde-lo humor - di Ánxela - eso é o que máis lles vai fastidiar  
- ¡Oh! - eu  
- ¿Que? - Fran  
- ¿Que? - Ánxela  
- E non vou ligar con Domínguez junior.. - eu  
- Bertaaaaa - Fran  
- Eu xa estaba elexindo o chalé na sierra - eu  
- É-la hostia - Ánxela  
- Mira Ánxela, se non vas axudar mellor vaite - papá Fran - esta é unha situación moi seria

Non o puidemos evitar, puxémono-las dúas a rir a gargalladas tiradas polo chan e Fran dos nervios. Podíase dicir que el estaba máis afectado ca min, supoño que se debía a que foi o mensaxeiro; non é nada agradable ter que dar certas noticias, o que me afagaba porque se estaba disgustado era porque lle importaba.

- Pero déixalle á señorita felicidade despacharse a gusto, home, mira que es soso - Ánxela  
- Vaia par de lerchas estades feitas, non vos quero nin ver cunhas copas de máis nunha despedida de solteira cun sexiboi deses - Fran  
- A min non me importaría - eu  
- Anda que a min... - Ánxela

De repente chaman á porta.

- Aaaadiante - digo con voz de borracheira  
- ¿Que coño facedes aquí de carallada? - Tino, un pouco cabreado, diría eu - imos remata-lo puto anuncio hoxe, e non penso facer horas porque a vós se vos dea por rascala  
- Perdoa Tino, foi culpa miña - dixen eu - teño un mal día  
- Si, muller, si, calquera cousa, nin que non coñecese eu a este par - Tino, xa lle pasou - vaia lio que tes aquí montado, e eu que te tiña por unha maniática da orde  
- Veña Tino, ven aquí - dille Ánxela tirándolle da perneira do pantalón - que te botamos de menos  
- Non hai quen vos aguante; vinde dunha vez, que hoxe teño que sair moi puntual - Tino  
- ¿E logo? - Fran ríndose con tremendo descaro - ¿a que ven tanta urxencia?  
- E a ti que che importa - Tino  
- Ánxela, ¿por que me dá que nos ocultan algo? - eu  
- Si, ¿non me digas que tes un ligue? - Ánxela

sub

- Voume enfadar en serio - Tino colorado, non o podo crer - e despois ídesvos arrepentir
- Vale non te imos facer sofrer máis, vamos Ánxela é hora de volver á xungla - di Fran mentres se ergue e tenta arrastrar a Ánxela, case caen se Tino non os agarra a tempo
- Cántame, Tiniño, ¿como é ela?

Era o que lle ía decindo Ánxela a Tino cando saían pola porta, Fran quedou atrás e volveuse para decirme que non marchase sen falar con el.

Unha vez soa, sumínme na miseria, erguínme e e abrín a fiestra, precisaba aire fresco. A claustrofobia estábame atacando, a ansiedade e o pánico estábanse despachando connigo. Non facía máis que virseme á cabeza a cara de felicidade que tiña Domínguez esa mañán ¿como puido mirarme á cara?; como non ía poder, se larga a don Tomás e queda tan ancho máis facilmenteme ía da-lo pasaporte a min. O que me intrigaba era se mo diría el mesmo. Sofía tamén me andaba na cabeza, e o que me tardaba era Xan, tardábame en velo arrastrado, ou xa tería algo previsto. Seguro que si, víboras. E en lugar de pensar nas cousas boas que me trouxera o día deí en revolcarme unha e outra vez naquel pozo negro; e cando o ácido xa non cabía estoupei e deille unha patada á última pila de carpetas estrándoas todas polo chan. E batín as portas do arquivador con toda a forza que a miña constitución permitía e empurrei a mesa facendo cae-la maioría de cousas que tiña enriba; a piques estiven de non dar agarrado o monitor do ordenador, o teclado e o rato estaban no chan. Senteime no chan, parecíume escoitar algo detrás da porta, como entre agora alguén. Si que había alguén, ó marchar tropezo ca caravilla; pero non entrou, eu tardei en erguerme.

¡Merda! algunhas das carpetas romperan e o seu contido estaba ciscado polo chan mezclado cuns disquetes que deberan caer ó empurra-lo arquivador . Joder, xa podía ter un pouco máis de autocontrol; nunha peli de Audrey Hepburn decían que cando te cabreabas era mellor tirar cousas que non rompesen. Desafortunadamente en certos momentos non dou para tanto. E mentres volvíaa sentarme no chan para recoller aquela desfeita resolvíu que se realmente Domínguez fixera algo, ou houbese algo que podía poñelo na corda frouxa, habíao ter ben agachado, ou xa non existiría; se unha vez, hai tempo intentarían acabar con el e non puideron moito menos ía poder Sofía agora sen saber que era ese algo. Ó mellor todo eran vellas historias sen fundamento, quen sabe, ó mellor Domínguez ó ver mal rolo quixo marchar e como era un pilar básico da empresa atárono como puideron e quedou; ó mellor ofrecéronlle máis cartos ou maiores privilexios. ¿Domínguez un pilar básico da empresa?... estou trastornada. Pero eso pódoo saber, ten que haber unha carpeta dos contratos de persoal por algures, só por curiosidade.

Así fôise me calmando o xenio, comparando datas e números para casar cada folla nun mesmo expediente; nalgúns casos era fácil, había xente que tiña por costume facelas cousas con certo orde e numera-las páxinas, poñer datas e esas cousas. Fun facendo pequenos montóns e conforme ían aparecendo follas coincidentes asignáballes un montón, había un para os indecisos, cousas que podían estar en calquera lado ou que estarían nun caixón de obxectos perdidos, non sei para que gardarían aqueles papeis. Ó final seguro que teñen sentido e aparécelles un sitio. Xa tiña agrupado todo o que había, volvíu mirar un a un os papeis do montón dos desacuados. Aparentemente non tiñan relación con ningunha das campañas que

sub

había no chan, contei o número de carpetas, catorce, e catorce montóns, cadraaban. Decidín meter cada montón nunha carpeta e deixar para outro día o de casa-los papeis perdidos. Con certo nerviosismo e apurada polo cansancio gardei toda-las carpetas clasificadas no arquivador, metín os disquetes no seu sitio e quedei ca dos desauiciados na miña mesa, agacheina debaixo dun montón de folios que tiña para reempregar. Por se alguén andaba por alí que lle costase atopar aquel despiste, que sen dúbida eso sería se alguén preguntaba. Senteime na miña silla, por fin, e mirei para o arquivador con toda-las portas abertas, podíanse ver nos laterais das carpetas as súas etiquetiñas que indicaba o nome da campaña que contiñan e a data de presentación; se os tiña que ordenar non me ía resultar moi difícil; e se tiña que buscar algún outro expediente mentres tanto, tampouco ía tardar moito en atopalo, volvía a ter ese sentimento de traballo ben feito, un pequeno pinchazo no estómago, un dá igual e paz de novo.

- Berta - a secretaria de don Tomás ó teléfono, por non andar dous metros fai calquera cousa - ¿pode vir vostede un momento ó despacho de don Tomás?

- Si, como non - tranquila, non te pases de complacente

- Agardámola - es máis sosa tía...

- Moi ben - e colguei, ca mesma simpatía ca que me recibiu

Chegou o momento da patada, valor miña filla, valor

Tomei uns segundos para incorporarme ó mundo real, puxen a cara de inocencia outra vez, e mentaliceime de que todo o que me dixeran tiña que ser unha sorpresa, a polo Oscar, guapa. Saín por fin do meu despacho e mirei para as mans cheas de pó, decidín pasar antes polo servicio, aínda que me tentaba a idea de darlle a man a Domínguez toda chea de roña, só por ve-la cara de noxo que se lle poñía e ver como buscaba disimuladamente algo ó que limpase. Dun dos servicios saía unha nube de fume, ou alguén estaba mandando sinais ós indios ou había fumadores no horizonte; na oficina non se pode fumar, agás nos despachos dos xefes, que son zona franca. As fumadoras tiñan identidade, Sofía, e Mara ou Charo, nun primeiro momento non puideron distinguir, a que máis falaba era Sofía.

- Levoume cear ó restaurante do outro día - Sofía - e despois fomos ó hotel, que queres que che conte. Foi maravilloso. Estou namorada.

¿A un hotel e non a súa casa?, ou está casado, ou vive cós pais ou con alguén, ou ten a casa tan chea de merda que non se pode ver, ou é de fóra, esto tamén podía ser, ou calquera cousa, de todo-los xeitos moi interesante non podía ser cando andaba detrás de Sofía. Ademáis a ela gústalle Simón, ¿que di de estar namorada?.

- ¿Cando vos volvedes ver? - Mara, si definitivamente Mara - que morbo eso de vervos na oficina e facer coma se nada.

¿Na oficina????? Esto ponse dun interesante. Espero que non se decaten de que estou aquí. Eu seguía lavando as mans, xa pasaban a proba do algodón, agora estaba preparando as do laboratorio Pasteur

- Coma se nada... non - Sofía facéndose a interesante

- Non me digas que... - Mara

- Algunha escapadiña facemos - Sofía

sub

- ¿No seu despacho? - Mara

Hai moi pouca xente con despacho nesta oficina, e desde logo no meu non era, non me parecía o tipo de Ánxela precisamente, a don Tomás ... don Tomás por Deus! así que só queda superman... que caña...e non queda máis xabazón... estase movendo a caravilla da porta. Como a que entre diga o meu nome estou perdida, crucémo-los dedos, que non fale. ¡Ánxela!, case non dou mirado para min e eu boteime enriba dela para taparlle a boca, sen facer ruído, podíalle ve-los ollos interrogándome, ca man que me quedaba libre fixenlle un sinal cara o baño que botaba fume, e quiteille a outra man da boca. Seguín pedíndolle silencio e ela poñía unha cara tan graciosa de xogar ós espías que case me dá a risa nerviosa. Esta vez foi ela a que me mandou calar. Dentro do baño había silencio, ¿oírían algo? ¿non lles daría por saír agora?

- Bueno este é o último que fumo hoxe - Deus, viva o vicio do tabaco, que vivan as tabacaleras, si

- Veña conta, ¿no seu despacho? - di Mara cunha voz moi suxerente, de teléfono erótico

Ánxela tiña os ollos fóra das órbitas e na boca cabíalle un trasatlántico, eu non era capaz de mirar para ela sen escachar ca risa, era realmente expresiva.

- Si, no seu despacho tamén - Sofía Levinski tamén moi suxerente

- ¿Tamén? ¿non o fariades na miña mesa? - Mara

- Non na túa non; pero nalgunha das da cristalera si - Sofía

Ánxela e máis eu miramonos a un tempo, e lémono-lo pensamento, moito vaciláramos a Tino aquel día que aparecera certa prenda íntima debaixo da súa mesa; o pobre non facía máis que repetir que alguén lle andivera remexendo na mesa, tiña todo revoltado e nós pensando que quedara a facer horas "extras". Eu xa tiña o puño na boca e Ánxela non podía máis.

- Non vexas que morbo saber que te poden estar vendo - Sofía

- Pero ca persiana baixada digo eu - Mara

- Muller, que estreita es; non, ca persiana recollida e ca lámpada acesa, para que te poidan ver e para que ti tamén poidas ver se hai alguén - Sofía

- ¿Nunca che dixeron que es un pouco pendanga? - Mara

- Tes que probar algunha vez, xa verás - Sofía, fai unha pausa para baixa-la temperatura supoño - nunca me excitara tanto na miña vida coma o día que vin alguén no outro lado

- ¡Deus!¿non te recoñecerían?, vaia corte tía, como despois o atopas na rúa, porque era un home - Mara

- Xa che digo, e que home - Sofía

Esta tía está salidísima

- ¿Coñecíalo? - Mara

- Naquel momento non; pero "casualmente" coincidimos un día no ascensor - Mara

- ¿Era alguén de aquí? - Sofía

- ¡Non! acáboche de decir que estaba no edificio de enfrente - Mara

- ¿E daquela? - Sofía

- Daquela hai que visitar ós veciños de vez en cando, ¿non? - Mara

sub

- Non o podo crer - Sofia

- Non o puiden remediar; aquel día el tamén quedara só na oficina. Aquí quedábase no-lo dous, vino traballando a carón da fiestra, estaba atento ó seu, así que decidín chama-la súa atención, estaban as luces apagadas así que acendín a lámpada da mesa ata que mirou, deixeiina acendida e achegueime á fiestra e comecei a desabrocha-la blusa e a acariñarme; cando xa tiña toda a súa atención chamei polo interfono a - Sofia fixo un silencio coma se estivese facendo señas de a quen se refería, para non menciona-lo seu nome - para ver se rematara o que estaba facendo, e dixenlle que viñese ata mesa onde estaba, que lle tiña preparada unha sorpresa

- ¿El tamén sabía que vos estaban mirando? - Mara

- ¿Estás tola? claro que non, a sorpresa era eu claro, volví a abrochala blusa, quería que ma quitase el, así excitábame máis e eles dous tamén. A medida que o vía achegarse excitábame máis e máis, el tamén viña...xa me entendes, botóuseme enriba, case me arrancou a roupa e fixémoslo alí mesmo, encargueime de que se nos vise ben desde o outro lado, mirábase fixamente e vía como se estaba poñendo cachondo foi coma tirarme dous tíos á vez. A el -dixo Sofia repetindo o mesmo xesto de antes- gustoulle tanto que o repetimos varias veces, e un día que tivo unha reunión de non sei que, anulou unha cita que tiñamos e decidín facerlle unha visita ó noso veciño, ó fin e ó cabo, era sempre tan atento con nós. Agardei a que saíra da súa oficina e metémonos a un tempo no ascensor, e que queres que che diga, houbo un pequeno parón debido a causas alleas a nosa vontade, en algo tiñamos que mata-lo tempo

- ¿E que tal o matedades? - Mara

- Ummm, digamos que agora non me importa non ter que facer - Sofia

- ¿Volvechelo ver despois? - Mara

- Claro, o aburrimiento non é bo para a parella; e él é tan... - Sofia

- Ou sexa, que moi ben - Mara

- Moi ben é pouco, querida, ese home emprega moi ben toda-las súas armas, e vaia armas - Sofia

- Mellor ca - agora esta tamén có xestiño - Mara

- Bueno, digamos que se non o quixera e tivese que elixir entre os dous non me quedaría con el - Sofia

- ¡Xa!, menos mal que o queres - di Mara con complicidade - Mara

Ánxela máis eu precisábase un refresco, saímos moi sixilosamente e unha vez fóra

- E eu que entrei porque levabas aí moito tempo e pensei que te sentías mal - Ánxela

- ¿Mal? ¿sabes de quen estaban falando? - eu

- Imaxínoo - Ánxela

- ¡Berta! - a secretaria - estana agardando

- Perdoa tía, chámame o rei do sexo - eu

- Deixao en príncipe porque teño entendido que a todo hai quen gane - di Ánxela tratando de conterse para que ninguén se decatase - Ánxel

De todo-los xeitos xa nos viran saír do baño, se llo decían á sex machine de nada valería a nosa discrección, aínda que resulta tentador largalo todo para ver que pasa.

sub

Agora si que estaba preparada para calquera cousa, que me puxese na rúa un cornudo próximo á impotencia tampouco era para tanto, e que unha zorra salida o mangonease era xusto o que merecía. Entrei e alí estaban o superman e don Tomás, espero que a cousa fose nesa orde.

- Séntese - di don Tomás con ternura - temos que comunicarlle unha noticia que afectará ó futuro desta sucursal e ó seu propio

A boas horas, veña Bertiña pon cara de "oh meu Deus"

- Vanse producir certos cambios tanto na dirección da empresa como no departamento de Administración, que en definitiva é vostede - Tomás

Esto si que é unha sorpresa, que son eu, por fin se decata, máis vale tarde ca nunca

- Temo que imos ter que prescindir dos seus servizos -para, diríase que lle está costando, en serio - lamentamos non poder avisala con máis antelación; pero imos ter en conta esta circunstancia na súa liquidación. A data que tiñamos pensada para que deixe o seu posto sería o próximo luns; ese mesmo día vaise incorpora-la persoa encargada de substituíla e agradeceríamolle que a informase sobre o funcionamento do seu departamento xa que a nos énos, por completo, alleo

- Moi ben - dixer eu toda tranquila, fría coma o xeo - sen ningún problema, entre hoxe e mañán recollo as miñas cousas para deixa-lo despacho listo para o luns

- Tamén - Domínguez - nos gustaría que deixaras feito un informe da situación da empresa neste momento, e que revisases o proxecto que están rematando os creativos, xa que entran dentro dos teus días de traballo

- ¿Como? - fría si; pero acabome de arrimar a unha central nuclear - eso pode levar días; se quere que o faga en dous, non pretenderá que o faga có mesmo cuidado có que o fago habitualmente. Estou falando - dalle caña Berta - do informe sobre a situación da empresa, porque revisa-los proxectos é tarefa súa, ¿ou non o lembra?

- Paréceme, máis ben, que es ti a que ten un lapso - Domínguez - acordára

- Móstreme algún documento que acredite eso e aceptareino gustosa - interrompéndoo

- Sabes de sobra que non o hai - Domínguez

- Daquela ciñase ó contrato - eu

- Tomás dígalle algo - Domínguez

- Ten razón non lle podemos esixi-lo que non está no seu contrato - Tomás o valente - sen embargo, no seu si conta esa función, non vexo porque vai ter que facer ela o seu traballo, e menos nestas circunstancias.

- Xa , aproveite mentres poida mandar - di Domínguez rosmando en baixo - pouco lle queda

- Como ben di o señor Domínguez - don Tomás con sorna - quedame pouco tempo de xefe nesta oficina, e quen sabe se na empresa; así que - agora incluso ri - non ten que preocuparse por perde-lo emprego, íame botar en falta de todo-los xeitos - ven cara min e poñéndome a man no ombreiro, lévame cara a porta - quizáis sexa que non hai sitio aquí para os profesionais de verdade, ¿non cre? quizáis busquen outro perfil no que nin vostede nin eu encaixamos; pero non se preocupe, nestes casos é mellor ver parti-lo cruceiro ó Caribe desde o peirao que embarcar no Titanic

Ó saír pola porta parou e doume a man

sub

- Foi un pracer tela con nosco - Tomás
- O mesmo digo - case chorando

E cruzamos unha mirada cómplice, de lealdade ata os fins dos mundos, unha irmandade, un non sei que froito do aquel do momento. El metiuse de novo no despacho e pechou a porta. Fôra mirabanme case todos, agás Sofia e os que estaban metidos no despacho de Ánxela traballando coma tolos. Debía haber pouco traballo, decatárame naquel momento, nunca había tantos creativos traballando nun mesmo proxecto, ou era importante de verdade, que máis daba.

Volví para o burato e comecei a prepara-lo informe do señorito, era un pouco ridículo total todo estaba no ordenador, nas facturas e en todo-los documentos, que mellor visión ca esa e non unha interpretación apurada e sen rigor, que, por certo, era o que tiña pensado facer. Non sabía moi ben se facer un resume do meu tempo na empresa, ou unha especie de inventario do que pasaba nese momento. Mentres me decidía lembrei que podía botarlle un ollo ás carpetas dos contratos e nóminas para averiguar algo máis daquel tempo escuro e misterioso. Despois de todo a fonte de información de Sofia xa quedara ó descuberto, pensar que a súa propia amante estaba tratando de jodelo, en todo-los sentidos, facíame pensar que a vida moi bonita era. As carpetas dos contratos tamén estaban patas arriba, que raro. Pero tiña tempo, que máis me daba. Total ¿que ían facer? ¿despedirme?. Mirei as nóminas e os contratos, e único que saquei en limpo foi que houbo moitos despidos coincidindo cunha época de vacas fracas na empresa. A empresa quedara sen ningún creativo, como dixera Fran, porque os creativos principais pediran a baixa voluntaria ante a situación que se atravesaba, seguramente terían moito a onde ir coma para sofrer aquí. Un vacío e uns meses máis tarde os primeiros contratos. Non vin por ningures o cese de Domínguez ¿sería algo de palabra, ou estaba gardado noutro sitio? Os balances e as contas xa as revisara un centro de veces, total, de aí non se saca nada, só se pasa ós libros oficiais o que se quere que se saiba. Actualmente a empresa non ten falta de empregar dobre contabilidade; pero se a situación foi tan turbulenta seguro que algo se fixo, de calquera xeito por moito que busquei non atopei nada fóra do normal, do que sería unha situación normal dunha empresa normal. Un mal ano teno calquera. Ademais esta é unha filial, en calquera momento puido vir axuda. De súpeto veume á mente a imaxe dos amantes furtivos, ¡que noxo! hai xente con estómago para todo.

- Ola - Simón, sen chamar claro - xa rematamos por fin ¿e ti que? ¿vas quedar moito tempo máis?
- ¿Por que? - eu, sorprendida - ¿que hora é?
- Son case as oito, ¿fáltache moito? - Simón
- ¿A min? non me falta nada, voume agora mesmo, nin me decatara da hora, pensei que era máis cedo, se non xa non estaría aquí - eu
- Xa me contaron - Simón
- Xa - eu
- Parece que xa é oficial - Simón
- Si, xa me deron a noticia oficialmente esta tarde - eu
- ¿Cando te vas? - Simón
- O luns, despois de deixar ben instalado a persoa que me substitúa - eu
- ¿Non che dixeron quen era? - Simón
- Non, Domínguez non ten tanto valor - eu
- Eso é certo. ¿Que tal foi? ¿chorou e todo? - Simón

sub

- El non; pero a don Tomás e a min pouco nos faltou - eu
- Dixéronche algo de se el tamén se vai - Simón
- Si, díxome que como o ía botar en falta de todo-los xeitos, polo menos así non me deixaba a mercede dese monstruo - eu
- ¿Si? - di Simón pensando que falaba en serio
- Home, así, con esas palabras non mo dixoo; pero a idea era esa - eu
- ¡Ah! Díxome Fran que quedara contigo á saída para non sei que, hoxe libráste; pero mañán prepárate, ímosche facer sentir vergoña allea ata nas canas - Simón
- Que agradable es tío, eu non teño canas - eu
- ¿Ai non? - dime Simón, mentres me pon unha man na cabeza e me revolve todo o pelo - pois non; pero de vez en cando podíaste peinar
- Vai a paseo, abusón - eu
- Veña, imos - Fran de pé na porta, serio - que xa é tarde
- Estasme estresando - Simón, de coña
- É que ten unha cita - eu - ¿non sabes?
- Si, contigo - Simón
- ¡Que non!, unha de verdade - eu
- Non teño cita ningunha, ese é Tino - Fran - que non te enteras; pero quedei para cear
- ¿E non é o mesmo? - eu
- Non, Berta - Simón, explicativo - cando se di así é que quedaches cós colegas; pero faste o interesante de todo-los xeitos
- Ahhh - eu

Cando saíamos da oficina case non quedaba ninguén, Ánxela e Tino viñan correndo para pillarnos no ascensor e ó botar un ollo atrás vimos que só quedaba Sofía recollendo a súa mesa... mirei a Ánxela, ela estábame mirando e non poidemos evitar sorrir. Fran decatouse, mirou para o fondo, viu a Sofía nunha actitude bastante normal, habitual, e mirounos con incomprensión; para min que pensou que non éramos ben dadas e que nos ríamos de calquera cousa. Saímos do centro cara o paseo marítimo sen falar moito, unha vez no paseo, máis tranquilos sentámonos nun banco

- Non che contei o de Sofía con Simón para que andiveses de lateras ca outra - Fran, todo ofendido
- ¿E a que ven eso? - eu, inocencia personificada
- ¿Cres que non vos vin? tanta miradiña e tanta risiña estúpida - di Fran cunha voz aguda e despectiva que me fixo rir
- Ai; pero a súa señoría engánase - eu
- “Ai ” non me digas - outra vez Framaruxiña
- Pois si que che digo, e non che vou contar de que ían esas risiñas e esas miradiñas por es un bocazas - eu
- Non mo vas decir porque non hai nada que decir - Fran
- Que si, e o día que te enteres vas alucinar - eu
- A ver, conta - Fran
- ¡Que non!, xa cho acabo de decir - eu, toda alterada
- ¡Tranquiilal!, que contes o dos tíos eses da cafetería do medio día - Fran
- Aaaaah, eso si - eu, deixando as cousas claras - tampouco é que haxa moito que contar
- Vaites, cando dis eso é que vou chegar tarde á cita - Fran
- ¿Pero é cita? - eu
- Vai a paseo, xa che dixen que non - Fran

sub

- É por decir algo, que en realidade non me importa, non creas, bueno si, que eu tamén son moi cotilla e quero saber - eu
- Pois queda tranquila que se xurde algo cóntocho con todo luxo de detalles - Fran
- Home, tampouco tanto, con que me contes a idea xeral xa chega - eu
- Veña anda, total nin me escoitas cando che conto as miñas penas - Fran
- Non te pases, que si que te escoito, o que pasa é que xa vou farta de que me contes penas, a ver se me contas algo alegre de vez en cando, que ligas e che sae ben, por exemplo - eu
- Que máis quixera eu - Fran, poñéndose serio - voute botar de menos, prométeme que non vas pasar de todo, que imos seguir mantendo o contacto
- Claro que si - eu, con voz tranquilizadora - o que íamos, os tíos da cafetería estaban falando de Domínguez, que se era un xenio dos negocios e non sei que
- ¿Queee? ¿é un chiste non? - Fran
- Non home - eu
- Daquela é que non sabían de quen falaban - Fran
- Un deles parecía que non o coñecía moito; pero o outro parecía un veciño de toda a vida, falaba coma se coñecese ben a axencia, coma un colega profesional vamos - eu
- E era ese o que decía que Domínguez era un asc... - Fran
- Si; pero non o decía coma se fose un profesional no bo sentido, quero decir que lle aplaudían máis a astucia que a profesionalidade. Decía que houbo un tempo no que non traballaba ca axencia e que fora unha mágoa non lle bota-lo guante, que houbera certos problemas, unha auditoría e que o tiveran que readmitir pouco antes de que rematase. Esta é a versión resumida; pero creo que o básico está - eu
- Xa che dixera que a axencia estaba mal cando entramos; pero de que largaran a Domínguez nunca se soubo nada - Fran
- Se lle deron vía non debiu ser oficial, porque mirei todo-los arquivos de nóminas e contratos do persoal e non atopei sinal de tal cousa. Nos libros de contas si se ve o baixón, supoño que eso non lles interesaba ocultalo - eu
- Por... se o ocultasen non se lle írían os xenios - Fran
- Dígoo máis ben polas axudas que recibiron despois - eu
- ¿Do Estado? - Fran
- Non, da central, o que non sei é como non pecharon a axencia, total estaba medio descapitalizada, e empregados non quedaban, quitando os directivos... - eu
- Sempre foi unha axencia de moito éxito, non podían perder cartos - Fran
- Os cartos fóronse por outro sitio, non sei por onde porque só teño acceso ás contas oficiais, que non contan exactamente toda a verdade. A contabilidade real deses anos só está en disquetes; pero nunca fun capaz de abrílos, e mira que o intentei veces - eu
- ¿Veces? ¿hoxe ou antes? - Fran
- Antes e máis hoxe, e non o digas coma se fose un delito, sempre quixen saber de onde saían os números cós que estaba traballando, e as primeiras veces pensei que era eu... xa sabe-lo moito que entendo de informática, e cando preguntei díxéronme que non tiñan demasiada información útil, que daquela traballaban con outro programa e que por eso non os podíamos abrir no actual, que se tiña algunha dúbida que consultase nos libros, que alí estaba todo. Tampouco lle dei demasiada importancia ata hoxe, actualmente non hai moitos clientes daquela época, o de máis movemento non se ve afectado polo pasado. Ademais, ¿para que complicarme a vida? - eu
- Eso de non complicarte a vida non é propio de ti, pensei que era-la personificación do rigor - Fran

sub

- Sorpresas que che dá a vida - dixen rindo - en realidade sóbranche dedos nas mans para conta-las veces que me paso polo forro as normas... tiñas que ve-la chapuza que fixen hoxe cós expedientes das campañas

- Ver, non a vin; pero algo escoitei, estiven a piques de entrar; pero acojoneime, non me foras facer a min o que lle estabas facendo a quen llo estiveses facendo - Fran

- ¿A quen? ha, ha, haha - eu

- Bueno de todo-los xeitos seguro que non foi nin a metade do que dis, había quedar todo perfecto - Fran

- Aparentemente si; pero sobráronme pezas - eu

- ¡Que bo!! - Fran

- A min non me fai gracia, simpático, que estou moi mal, comecei a miña carreira delictiva, agora estame dando por filtrar che información confidencial...quen sabe onde acabarei - eu

- ¡Que drama señor!...por certo, ¿sabes onde están eses disquetes? - Fran

- Sei; pero non os imos tocar, para intentar abrilos teríamolos que sacar de alí, e agora mesmo sería un risco - eu

- Igual non se decatan, está todo tan revolto, con Sofia á caza do tesouro, Domínguez aprendendo a sentarse na silla grande e don Tomás facendo as maletas - Fran

- Home, a min non me poden botar, mañán cólloos e miro de sacalos, son poucos e como teño que recoller todo heinos dar camuflado; pero vas ser ti quen os devolva, e que che quede claro que eso sería algo ilegal e que nos metemo-los dous ata o pescozo - eu

- Nin que decir ten, xa o sei; pero ca de cousas que tes no despacho sempre se che puideron escapar un disquetes, por accidente - Fran

- Si accidente, se eses disquetes están moi ben gardados, ademáis o problema vai ser ó devolvelos, ti non sabes onde están - eu

- Mañán aínda vas estar ¿non?, pois disme onde os teño que colocar e xa está - Fran

- Estaba pensando que como teño que volver o luns para axudarlle ó substituto igual xa os podía devolver eu, sempre que os consigamos abrir na fin de semana. De todo-los xeitos se é certo que traballaban con outro programa teríamos que ter ese mesmo para poder acceder... - eu

- Eu teño un colega... a ver que se pode facer. Intentámolo a fin de semana e se non podemos esquencémonos do tema, se ti queres claro - Fran

- Claro que si - eu

- Non te vexo moi convencida - Fran

- Si que o estou, máis veces que intentei abrir eu os puñeteros libros non o vas facer ti, o que pasa é que me está chegando o día - eu

- ¿De que vai o de Sofia? - espeta Fran para pillarme desprevida

- Chao - digo mentres nos poñemos a andar cada un polo seu lado, Fran puxo cara de non poido ser

Fun andando a modioño, pensando en todo e en nada, case se podería decir que os aconteceres daquel día me viñan grandes. Todo tomou unha atmósfera de soño que me dou unha inesperada tranquilidade, e sentínome feliz. Sen decatarme pasei de largo o desvío da miña casa, e se non fora por un can moi simpático que levaba unha revista na boca e que se parou diante de min, mirándome con aqueles ollíños seguiría andando. Veña, volta para atrás. ¡Vaia pernas, Silvestre! Era tarde cando cheguei á casa, papá e mamá xa cearan, e meu irmán estaba na cociña pelexando cós cereais, ó pobre custáballe decidir se roubaba os meus de figuríñas

sub

ou tomaba dos seus de chocolate. Desde que un día lle dou por mezcla-los dous e se puxo a morrer, toma a decisión meditando ben o asunto.

- ¿Que tal ese exame? - eu

- Humm -dixo meu irmán encolléndose de ombreiros - creo que ben

- Vas aprobar, tes cara de aprobado - eu

Xoves, o culebrón. Alucinábame o enganchados que estaban meu pai e meu irmán, non perdían nin un capítulo. A min tamén me gustaba; pero non era tanta a paixón e como estaba cansada ó rematar de cear fun durmir.

### **Capítulo 3**

sub

Espertei antes que o despertador coma se durmise cen anos. Unha vez na ducha veume o sentido e pensando no día que me agardaba case se me pasa a hora, menos mal que meu irmán me dou un toque. Saín pitando, o meu encantador irmán recollera a sala e fregara os cacharros, a miña habitación xa arreglaría pola noite, tampouco ia escapar do sitio. Volvía facer un día maravilloso, polo menos algo bo. Cando entrei na oficina estaban todos, notábaselle que sabían o do meu despido. Fun dereitiña ó meu despacho, non tiña gana de falar con ninguén. Abrín a porta e vin un ramo de flores enriba da mesa. Era precioso, como de noiva, era pequeniño, tiña flores brancas e azuis, e un verde intenso. Traía unha nota "agora só che falta o noivo, non te esquezas de nós ese día" e nada máis, nin estaba asinada. Non puideron evitar emocionarme, senteime cara a parede e púxenme a chorar. En realidade non facían falla firmas, nin que a nota dixese máis. Chamaron á porta, eu non dixen nada, non podía, non quería que me visen así, prefería estar cabreada que co corazón desfeito. Volveron chamar, seguín sen dicir nada, un silencio e a porta ábrese; supuxen que non eran os meus colegas, porque ademais de que nunca chaman non agardarían tanto para entrar, e se era algunha outra persoa non quería facerlle caso, así que a tomar vento. Alguén quedou de pé na porta, eu non me xirei, estivo alí uns segundos e despois marchou sen dicir palabra.

Estiven unha hora cara a parede có ramo entre as mans, pareceume a cousa máis bonita do mundo, ulía a primavera, a un campo ás once da mañán cando o sol está derretendo a xeada, ulía a felicidade. Gracias. Decidín facerme boa e púxenme á traballar, balances por un lado, imprimín os expedientes de estado, listados de clientes .... todas esas cousas. Tiña pensado rematalo pola mañán, pero levoume bastante tempo; porque, claro, unha cousa leva á outra e facer unha chapuza de despedida tampouco me convencia moito. Rematei ás catro da tarde, foi entón cando mirei o reloxo e me atacou a fame atrasada e óxido dos ósos. Púxenme en pé e comecei as estricarme, eso presta moito; e estaba con semellante actividade cando entrou Ánxela, sen chamar claro.

- ¿Que tal che vai?, véxote entre papeis para non variar - Ánxela rindo por semellante postura
- Xa estaba rematando, a ver se recollo todo esto, recollo as miñas cousas e xa máis nada - eu
- Polo menos espero que poidas dicir que foi bonito mentres durou - Ánxela
- Si que podo e ademais sen mentir, e por certo gracias polo ramo - eu
- ¿Gustouche? - Ánxela
- Moito, é precioso - eu
- O da nota foi cousa de Fran, que se emperrou en que era un ramo de noiva e case non o collemos pola súa culpa - Ánxela, poñendo cara de pobre criatura - é un repugnante - veña, déixote, temos reunión con Domínguez, vainos explicar como van queda-las cousas. ¿Podes crer que por non revisa-lo noso proxecto aprobouno tal como llo entregamos?. Debe estar eufórico o rapaz. Aínda me estraña que non cho deixase coma última tarefa
- Que non che estraña, el intentar intentouno; pero como que me fixen a sueca

E dime adeus ca man antes de pecha-la porta.

Escoitábase o ir e vir duns e outros, xente falando con nerviosismo, algúns facían bromas, outros estaban serios. Cando parou o barullo tiña xa todo-os papeis

ordenados, quedei sen nada que facer e veume á idea o dos disquetes. Collín as claves do arquivador, abrino e collín toda-las caixas que había. Abrinas todas e volvíñ garda-las claves. Comecei a mirar un a un todo-los discos, alí había un montón de cousas pero pouco tiñan que ver có que buscaba. Volvínos mirar outra vez. Nada, alguén fora máis listo, si listo e máis rápido. En certo xeito aquilo tranquilizoume. Mellor así. Pechei todo, metín as caixas no roupeiro de novo e respirei tranquila. Con calma fun recollendo toda-las miñas cousas, non eran moitas, trapalladas, cousas que fora deixando esquecidas; decidín non gardalas, sentía que se as levaba para a casa me ían dar mala sorte, así que comecei a rachar todo-los papeis, a desfacer libretas, os libros íaos deixar para o final, non estaba moi segura de querer desfacerme deles. ¡Home, Chris Noth! ¿e ti por aquí?, dese tampouco me apetecía desfacerme, debía se-la única foto que conseguira del, seguro que a levará ó despacho para animarme se me agobiaba, e esquecérame de que a tiña, imperdonable.

Xa rematando, comecei a racha-los folios que tiña para reempregar, e alí apareceu a pantasma, a carpeta esquecida. A tentación de coller e rachala tamén comezou a facerse irresistible, tiña decidido; só había que abrila, coller papel a papel rompelo en anacos ben pequenos para que se confundisen có que tiña esnaquizados no lixo... ¿por que me sentía coma se fose unha delincente?, veña muller que só son uns papeis de nada. A modo de brindis rachei có primeiro. Ben; pero que moi ben. Collín o segundo, disposta a repeti-la mesma gratificante experiencia, ¡hostial esto sóame, ¿de que? pensa Berta, pensa, ¿de que?, que non sexa nada importante... Erguínme polos nervios, e comecei a dar voltas, pensa, ¿de que che soa?, das carpetas de onte non pode ser, onte non che cadraban por ningures, tranquila, hoxe, ten que ser de hoxe. E cada vez andaba máis rápido, hoxe non andiven máis que con números e cos discos, ou sería de algo do que xa rachei. Dos números non pode ser, e se o rachei penso rachar con estes tamén, que lle dean. E seguía razoando. Así que o único que me quedaba era botarlle un ollo ós discos e ver se, por fin, casaban as cousas ou as rachaba para sempre. Volta ó roupeiro, rápido; xa o lembro. Un dos discos aqueles que numeraban os documentos en lugar de poñerlles nomes, eran de cor verde; pasei dos demáis e abrín eses, si alí estaba un documento có número seis, ó abri-lo non se sabía moi ben de que ía; o título era sub; e tiña moitas fotos e mensaxes moi directas, igual era algo de técnicas de marketing. Mirei para a foto de Chris. Decidido, collín o disco e metino entre os papeis, rachei ca carpeta en anaquiños ben miúdos para que non quedase rastro dela, e peguei con fiso os anacos do papel que rompera antes, non fose que o precisara para entende-lo resto. E para remata-la faena collín un dos discos valeiros que tiña na miña mesa, púxenlle a etiqueta do disco que ía levar para a miña casaña e metino na caixa para que non se notase o oco, pechei a caixa e metina no roupeiro; collín as outras caixas e metinas tamén no roupeiro, pechei o arquivador e decidín, para consolarme, que se era algo importante o devolvería o luns. Estaba segura de que se me pasaría a tontería na fin de semana así que para que preocuparse. Metín os papeis e o disco entre as miñas cousas, pegados con fiso, non me fosen caer no medio da oficina diante de todos.

Unha vez rematada a conspiración non tiña máis nada que facer, deixei todo preparado en dous montóns; os informes para Domínguez nun lado e as cousas que levaría para casa noutro. Saín do despacho e fun tomar un chocolate da máquina, non era ningunha maravilla; pero era o único que me gustaba. Desde a máquina viase a sala de xuntas, Fran miroume e sorriu, estaban todos

sub

atentísimos. Tiña que agardar a que rematase a reunión para entrega-lo informe e poder largarme e non parecía que estivese rematando, fun mirar pola fiestra. Nun principio non se me ocorrera; pero cando cheguei ó ventanal e mirei para o edificio de en fronte, véuseme á mente certa imaxe. E comecei a busca-lo despacho do mirón, era o único do triángulo que me faltaba por coñecer, ¿quen sería?, moitas fiestras estaban ca persiana baixa, ó mellor el estaba tras dalgunha delas. Seguí as indicacións de Sofia, en fronte, en fronte, había unha mesa valeira, sería esa. Mirei para os coches e a xente da rúa, e andiven dun lado para outro, eso si, sen tocarlle a nada. A reunión non remataba e estaba impacientándome cando de súpeto se moveu algo enfrente. Aha, chegou o mirón, estábase sentando e ó ver alguén de pé na fiestra, mirou; pero dáballe o sol e non podía distinguir; eu, sen embargo, víao perfectamente. Estaba moi ben, canto máis putas máis sorte, vamos moito interés tiña que ter eu na empresa para non fuxir con aquel monumento. Consoloume pensar que seguramente sería un pervertido ou algo así, vamos que non tería unha conducta sexual normal, un obseso ou un adicto ó sexo, nada interesante, só carne.

Por fin a reunión rematou, e a secretaria perfecta chamou por min.

- Berta, reclámaa o señor Domínguez, ¿podería vir un momento ó seu despacho?

Collín o informe e fun, antes de entrar pedínlle permiso á secre ca cabeza, e ela fixo que non me vía, estirada. Os despachos de don Tomás e de Domínguez estaban pegados, ela nin se tería que mover do sitio, ademáis seguro que rompía o tabique e facía un superdespacho, ou non, porque o seu fillo tamén precisaría un, a el non o emburataban, poño o pescozo. Con todo, chamei, pasei e puxen enriba da mesa o informe.

- Aí está - dixen eu sen máis  
- Primeiro haberá que saudar, ¿non cres? - Domínguez  
- E haberá - eu

Quedáseme mirando, supoño que agardando a que o saude; pero eu nin caso así que deixa de lado o asunto saúdo

- ¿Está todo o que che pedín? - Domínguez  
- Si; pero de todo-los xeitos teno aí diante, só ten que abri-la carpeta e mirar - eu  
- Un momento, a ver - colle os papeis coma se tivesen a tiña, miraos por enriba e - si está todo, ímoste botar de menos - agora ponse tonto - é unha mágoa pero as cousas son así, quizáis máis adiante volvamos precisar dos teus servicios e te chamemos, deixa os teus datos e xa veremos. De todo-los xeitos aínda tes que vil-lo luns e outro día polos papeis da baixa  
- ¿De que baixa? creo que é un despido - eu  
- Muller, supoñía que o podíamos arreglar entre amigos, cunha baixa voluntaria, despois de todo o do despido é un papeleo interminable, e ademáis no teu currículo non quedará moi ben - Domínguez  
- No meu currículo que quede como lle dea a gana, despediume, e eso vai se-lo único que firme, e eu de vostede non inventaría motivos estraños, como incompetencia ou similares porque - eu  
- Non me veñas con ameazas? - Domínguez  
- Porque se o fai igual comprende o importantes que son unhas boas persianas - rematei sen escoitar o que me estaba decindo - eu

sub

- Creo que tomaches moi a peito esta situación – dixo Domínguez con aparente indiferencia - non é nada persoal, só un reaxuste – rematou, moi paternalista
- Pois eso vai se-lo que poña no motivo do meu despido "reaxuste de persoal", ¿está claro? – eu, xa estaba bastante alterada, un pouco desquiciada incluso
- Bueno, xa o falaremos - Domínguez poñendo outra vez esa voz perdoavida - ademais aínda o teño que consultar ca xestoría
- Consulte o que queira; pero mellor que o faga así, porque esa é a verdade e así vai ser - eu
- Tranquila muller, xa sabes que eu non teño moita idea destes temas - Domínguez, nin doutros - o luns falamos máis tranquilamente
- Moi ben, ata o luns - eu
- Ata o luns – dixo Domínguez cun sorriso de campión

E saín do despacho dándome cabezazos contra a parede por irme da lingua, agora se se daba o caso o tío estaría sobre aviso e non podería sacar fotos comprometedoras. Si que estaba mal, había unhas horas preparárame para sustraer material da oficina e agora entraba a saco có chantaxe. Berta, controla. Ademais, se deixaba a súa relación con Sofía nin sequera os podería pillar na oficina, nin no hotel, ¿que hotel sería?. Estás mal, tía. E se non fose el, daquela xa sería a hostia. E se Sofía o inventase todo, a verdade é que a historia un pouco de película si que era. Mirei para Sofía que estaba de pé falando có resto, era unha tía máis ben guapa, moi guapa; pero eu sempre a considerara un pouco simple, en certo xeito agora comezaba a respectala, non por enrollarse con mister x senón pola argallada que se traía cós expedientes aqueles. Ela viume e miroume con aires de superioridade, aló se me foi o respecto, sentín ganas de esfolala viva; de súpeto cambioulle a mirada e incluso se lle puxo un sorriso descarado. ¿Non se me estaría insinuando?, non muller; detrás de min estaba Domínguez, nin me decatara e eso que normalmente o cheiro a quilómetros, el tamén sorría. Canto amor e canta gloria, e eu no medio destes dous babosos. O resto non se decatou e eles seguían cas miradiñas ignorándome, ata me estaba dando por pensar que o da conversa do baño fora unha trampa para que eu crese esa tontería, esperaba que non. E como xa me fartara de tanto idilio xireime cara Domínguez e empregando o meu maravilloso e perverso sorriso.

- Non esquezna a importancia das persianas - dixerlle sinalando cara o ventanal  
Esta vez non puido disimular, ou por fin o pillara a criatura; quedou paralizado, serio e mirándome con incompreensión dixo

- ¿Que lle pasa as persianas? - Domínguez

Sofía volveráse cara o grupo allea a nosa conversa

- ¿Vostede que cre? - dixer eu, firme e sorrinte, triunfante que se di
- Creo que es unha nena consentida, que está enfurruñada e que non sabe o que di - Domínguez
- Paréceme moi ben que crea eso - eu

Non dixo máis nada, quedou serio, eu fun cara o grupo para despedirme, e Sofía aproveitou para outro xogo de miradas. Eu máis ben fora a controla-la situación post-impacto, a reacción de Domínguez foi clara, fixolle un xesto de "agora non, xa te chamo" que se reflexaba na fiestra cunha nitidez pasmosa. Ela quedou un pouco fría, di que lle viña ben. E xa as despedidas, botarémoste de menos, que

sub

mágoa, ánimo e a atopar un traballo mellor... e todas esas cousas que segundo de quen veñan che axudan moito ou che revolven o estómago.

Por fin marchei, baixando no ascensor comezei a respirar. Xa fóra do edificio o día volvía a ser maravilloso. E xa levaba andados uns metros cando escoito a voz de Fran

- ¡Berta! ¡espera! - Fran

E eu, claro quedei alí agardando pola vítima da sociedade

- Espera - di Fran case sen alento, tanto ximnasio para esto - ¿quedamos despois?
- Vale, ¿onde? - eu
- Agora mesmo non se me ocorre ningún sitio, di ti - Fran
- Eu que sei tío - eu
- Mira quedamos no banco de onte, sobre as oito, supoño que sairemos en punto, non estamos facendo nada - Fran
- Vale, si - eu

Tiña máis dunha hora por diante e pouco que facer, fun deixar todo á casa. Estaba meu irmán vendo a tele

- ¿Que cedo ves hoxe? - Marcos
- Si, é que me botaron do traballo - eu
- Gustoume o chiste - di el sorrindo - Marcos
- É en serio, dixéronmo onte e o luns é o último día que vou - eu
- ¿Papá e mamá sábeno? - Marcos
- Non ti e-lo primeiro a quen llo digo, iavolo decir onte; pero cheguei tan tarde; ademáis ir con eso para a cama... mellor hoxe que mañán non traballan e pódeno assimilar mellor - eu
- ¡Que pasada! ¿que tal estás?, non te vexo moi afluxida por eso non cho cría - Marcos
- E que xa o superei onte, ademáis cambiaron as cousas e xa non me apetece traballar alí. Malo será que non atope algo - eu
- ¿E ese ramo? ¿foches a unha boda? - Marcos berrando metras

Despois de suxerirlle a meu irmán que me mercase máis cereais ó día seguinte se non quería que me caese por accidente un pouco de lixivia na súa camiseta marchei. Eran case as oito, e non había ninguén coñecido, bueno da xente ca que quedara, porque coñecer aínda coñecía a alguén. Entretivenme mirando para o mar, estaba tranquilo, algunha xente paseando pola area, manadas de rapaces facendo barullo, algúns seguro que eran colegas de meu irmán.

- Non te tires, que para matarte non chega e para face-lo ridículo sobra - Fran
- Non me ía tirar, espabilado - eu - estaba botándolle o ollo
- ¿A quen?, ¿a ver que hai? ¡veña, oh! que vas ver aí, se só hai vellos e críos - Fran
- Cada quen ten os seus gustos... - eu
- Anda, anda, voute levar a un sitio onde hai mercancia boa, boa - Fran

E discutindo discutindo chegamos ó restaurante, os outros estaban fóra falando, non eran todos, só os de sempre, Tino, Ánxela, Rosa e Simón, mellor así, polo menos sabía que ía estar a gusto e que esa noite o íamos pasar ben. Saimos poucas veces; pero sempre o pasamos xenial.

sub

Tiñan unha mesa reservada ó lado da fiestra no piso de arriba; viase todo o porto, aínda que a comida non fose moi boa, a vista merecía a pena. Eu pedín pizza a miña comida favorita despois das lentellas, por suposto, bueno os callos tampouco están mal, e a tortilla, creo que me estou desviando do tema. Falamos de moitas cousas, contamos unha e outra vez os incidentes máis sorprendentes, puxemos ó corrente a Rosa dos vellos tempos, anécdotas, chistes e chismes e un montón de cousas que fixeron daquela cea unha velada maravillosa.

- ¿E que vas facer agora con tanto tempo libre? - Tino
- Non sei, turismo ou igual me dá por buscar outro emprego, por facer algo - eu
- A verdade é que dá xenio verte sempre tran optimista - Simón
- Eu sempre llo digo – Ánxela - Fran chámalle a señorita felicidade
- É que está sempre có lado bo das cousas, ás veces é un pouco, como che diría cargante - Fran
- Nótase que vos queredes moito – Rosa - senón xa vos teríades matado, sempre discutindo
- Mira, eles non me matan porque non hai máis quen lles ature as súas neuras, e eu non os mato porque... porque me dan pena, que queres que che diga - eu
- Que nos vas botar de menos - Simón
- E vós a min - eu
- Eso tamén é certo – Ánxela - pero imos deixa-lo tema das botaduras de menos, que xa o temos todos moi claro e vainos fastidia-la noite
- Como se nota que é a xefa - Simón
- Non me dirás que non é certo, imos acabar chorando - Ánxela
- Sobre todo Berta cando lle toque pagar a cea - Fran
- Si, si ... - eu

A cea foi agradable, a conversa animada e á hora de pagar, como era lóxico invítáronme eles; non me importaba nin o máis mínimo pagar, eles tamén o sabían, por eso me tomaban o pelo có dos cartos.

Fomos andando cara o Orzán, un pub, outro, un descafeinado, un seven-up e despois de deshidratarnos en Grietax acabamos en Latino. Fran quedara en Grietax tomando algo cunha moza. Non hai nin que decir que me sentía bantante violenta, tendo en conta que ían medio emparellados, pero como eles se empeñaban en disimular aínda había esperanza. Os máis sinceros eran Tino e Rosa, claro que non tiñan a presión de levar tanto tempo de compañeiros. Simón e Ánxela facían coma se nada; pero algo había. Estábamos alí facendo o ganso porque en comparación có resto da xente dábamos pena, pena, pero pena cando nunha das voltas tropecei cun roupeiro, vamos cun tío moi grande que me dixo algo que non dei escoitado e mirábame cunha cara de mala uva impresionante. Como vin que a cousa estaba sería pedinlle perdón có meu inocente sorriso non beizos, non sei se non me oiú, ou se non me entendiú, de calquera xeito fixo como se eu non existise. Eu seguí có que estaba, facendo o paiaso, bailando, rindo, divertíndome que a cousa non fora para tanto. Casse ó final Ánxela e máis eu fomos pedir algo á barra e aproveitamos para falar algo porque en toda a noite non tivéramos ocasión

- Bueno, ¿que tal vai? - eu
- ¿O que? - Ánxela
- O tratado de desarme nuclear se che parece - eu

sub

- Non sei, eu non noto diferenca - Ánxela
- Mira, a min paréceme moi ben que non me contes intimidades; pero como creo que a cousa vai por bo camiño eu marcho para casa e xa me contarás. Non quero detalles íntimos, só que me deades unha alegría - eu
- Igual cha dan Tino e Rosa - Ánxela
- A deses xa a teño clara, sodes vós os que non - eu
- Non me vaciles máis, non me vaciles - Ánxela
- Pero se ... bueno non son quen para meterme na vida de ninguén, vós veredes o que facedes que xa sodes grandíños, eu acabo esto e marcho porque vou estar moi cansa ¿vale? - eu
- Pero aínda é moi cedo, e non tes porque marchar - Ánxela
- O de que estou cansa é certo, de veras. E ademáis paseino moi ben - eu
- Alégrome, gústame que sigas sendo a cara alegre - Ánxela

Un pouco despois marchei, eso si, bicos abrazos chamádeme non te habemos esquencer... case acabamos todos chorando. De feito choramos, eu chorei. Despois de monta-lo número marchei, deixando paso a algunha relación, eso esperaba. Morría por que me contasen. Saín de Latino e collín polo paseo cara casa sempre da gusto andar polo paseo nunha noite tranquila, e aquela érao, había moita xente sentada e mirando pola barandilla, e supoño que na area, mellor non mirar. Ía deleitándome con tanta paz e pensando en se caerían os tórtolos, recuperada xa da emoción da partida sen decatarme de que conforme me alonxaba do Orzán había menos xente e xa case ninguén, ó lonxe viáse un pequeno grupo de tíos, nunca se metiu ninguén connigo, eso facíame andar con moita confianza por calquera sitio e a calquera hora, de todo-los xeitos andaba controlando se había máis xente, detrás, máis adiante, na outra acera; para saber, máis que nada, cara onde berrar, porque o de correr sempre me pareceu de covardes; ademáis, se queres escapar será porque tes medo e desde logo medo tes dalguén máis grande, máis forte, máis perigoso ca ti, e se é todo eso vai te coller, polo menos non cansarse, por se en último caso hai que arrear, que sexa con plenitude de forzas. Andaba eu cós meus cálculos e de súpeto unha man fría no pescozo, o corazón parou de latir, e o aire quedou estancado nos pulmóns sen poder saír. Deus, tanto cálculo, tanta teoría do non escapar, apura Berta que aínda estás a tempo. Xa estaba preparando o puño para atacar directamente, quen dá primeiro dá dúas veces, cando escoitei no oído

- Ola - meu irmán
- ¡Serás cabrón! ¿Que queres? ¿matarme?, se queres quedar ca herdanza firmoche un documento; pero non fai falta que me ataques a traizón - dixen dándome a volta ó recoñece-la voz, con todo o aire acumulado que saíu de golpe e o corazón que quería recupera-los segundos perdidos
- Ei, perdoa, non me decatei - Marcos suplicando - de todo-los xeitos como pretendías que te saudase, que dese un salto por enriba e me puxese diante e che fixese unha reverencia
- Non; pero non che custaba nada poñerte aquí ó lado e saudar normalmente - eu
- Íate acojonar igual, polo menos así tiñate inmovilizada - Marcos
- Ai criatura, que aínda non recuperei o alento, ¿que ves para casa? ¿tan cedo? - eu
- Non é tan cedo, ademáis mañán e sábado e tamén haberá que saír, vou ver se gardo algunhas enerxías - Marcos
- ¿E , que tal? - eu
- Bueno - di el con picardía - Marcos con picardía

sub

Mireino e tiña unha cariña de anxo que non puiden evitar bicar, que feitoño es. E el púxome a man polo ombreiro e seguimos caminando cara casa. E viñan cara nós os seus amigos

- Vaia ligue, colega - bérralle un
- ¿A que está boa? - di el
- Un pouco vella para ti, ¿non? - outro
- ¡Ide durmir!!! Estadades mortos de envexa, que vos dean - Marcos

Chegamos á casa. Un día remataba ó tempo que viviamo-las primeiras horas do seguinte. A durmir, con confianza, total non tiña nada que facer ó día seguinte... ¡hostia! ¡O disquete! Merda, porque se me viría agora á mente, non vou dar pillado o sono, e que terá e que non terá, e se me pillan... contaba con que o cansanzo poidera ca rebeldía das neuronas. A noite non fora mal de todo e concentreime en repasa-los momentos bos; mentres me esforzaba por non estra-la habitación ca roupa que ía arrancando, con bastante torpeza, todo hai que decilo. Boteille un ollo ó ramo, esquencera metelo en auga, agora xa non merecía a pena, case prefería que quedase así, que fose secando pouco a pouco sen prolonga-la agonía, as cousas duran o que teñen que durar, e o recordo del vai durar para sempre.

## Capítulo 4

O sábado nin sequera me atrevín a mira-lo reloxo cando espertei, fun á cociña por algo de comer, meus pais estaban vendo a tele na sala, meu irmán saíra. Fun dá-los bos días e aguanta-los comentarios de vaia horas. Nin sequera me decatara de que aínda non lles dixera que me botaran. A ver como llo explicaba porque moi claro tampouco o tiña eu. Entrei na sala e deixei-me caer no sofá

- Botáronme do traballo - dixer sen máis, que brutiña son
- ¿Que? - papá
- Berta, ¿soñaches ou que? - mamá - ¿Como te ían botar?
- O cómo dígocho de seguido, se ó que te refires é ó porque, xa non cho sei - eu
- Por algo tería que ser - papá
- Fixen un desfalco papá, ¿de onde cres que saíu o chalé na sierra que che regalei polo teu cumpre?- dixer eu un pouco alterada

sub

- O que quería decir, se me queres escoitar - papá, cando se pon comprensivo entendo por que casou mamá con el, ata parece unha persoa, un sol vamos - é que che terían que decir algo, non poden coller e botarte sen máis, algo inventarian, ¿non?
- Dixeron algo dun reaxuste de persoal - eu
- ¿Botaron a máis ,logo? - mamá
- Non, só a min e a don Tomás mándano para Madrid, disque o ascenderon - eu
- Vaia por Deus – papá - para unha persoa decente que traballaba alí
- A parte de min quereñas decir - eu
- Entendeches perfectamente o que quería decir, xa sei que non era o único

Collín e erguinme, deixeiños alí discutindo sobre o meu futuro. Volvín para a habitación e tireime na cama, case me deron ganas de volverme a meter dentro, se non fose porque abrira as cortinas e facía un día maravilloso, non hai nada máis bonito que unha tarde soleada de sábado. E fun de paseo.

Cando volvín, meus pais saíran tomar algo e meu irmán estaba en reciclaxe, para que logo falen das mulleres, ir e vir, esta camisa non, mellor o outro pantalón. Eu decidín rematar dunha vez ca historia das pezas sobrantes para que quedase todo a un lado dunha vez. Extendín todo-os papeis enriba da cama e conectei o ordenador. Insertei o disco e comecei polo primeiro dos ficheiros.

"Seis. Sub un. O comenzo non decía moito. Había unhas fotos dunha fabada ou algo parecido, comida en calquera caso, algunha desas fotos estaban nun dos papeis. Ben, polo menos vai coincidindo algo, sigo avanzando e máis fotos, de bebidas, modelos posando en roupa informal, nada novo". E cheguei ata o final para comprobar que non había ningunha outra cousa.

"Seis. Sub dous". ¡A hostia!. Chegaron os marcianos, mi madriña porque non estudia informática, se é algo básico para andar polo mundo. Sentínme como a maior ignorante do mundo. Agora comprendo a cara que poñen os da oficina cando falo dos activos e pasivos e a carallada esa toda. Se estudiara Informática en lugar de Económicas a parte de non estar no paro, agora entendería este rolo todo; para min que ó ordenador lle dou un chuncho e non é capaz de asimila-lo disco. Seguro que é unha imaxe desas. As veces pasa cando me mandan unha imaxe ó correo, segundo sexa o ordenador véxoa ou teño un xeroglífico de tres pares de... xa me entendes. De calquera xeito con aquilo non tiña nada que facer, asumilo coma unha verdade universal e xa. Non se pode negar que a curiosidade por saber que eran tantos puntos, comas, arrobas, paréntesis, asteriscos era grande e nun momento de inspiración veume á mente o chiste da festa dos puntos pero unha vez visto para que perder máis tempo, xa lle buscaría xeito.

*"Seis. Sub tres". Procedemento. Interesante, moi interesante. Primeiro selec*

- ¡Berta! - meu irmán desde o cú do mundo - ¡Berta!
- ¿Que? - sen moverme da habitación
- Mira a bombona, que creo que se está acabando - Marcos
- ¿E logo, faltache moito? - eu
- Tía que me estou conxelando, acaba dunha vez - Marcos

Alí quedou o pobre todo afectado tratando de seguir co baño e recuperala temperatura. Eu por fin volvín a onde quedara.

*" 1. Seleccionar unha ou varias imaxes escaneadas.*

*2. Insertar configuración en sub dous.*

sub

### 3. *Proxectar resultado*".

Estes eran os tres puntos que aparecían ó principio do apartado. Máis abaixo viña cada un desglosado. Sería algo relacionado con infografía ou como montar un anuncio. A verdade non tiña moito ánimo para miralo con atención así que saquei o disco e gardeino no caixón. Tamén recollín os papeis que tiña na cama. Agora xa tiñan un pouco máis de sentido. Só había partes da información contida no disco. Seguro que se foron extraviando ó ir de man en man. E que máis daba, tireime na cama, déralle o sol todo o día, ulía a vran, e soñei có deserto, magnífico, abrasador, tranquilo.

- Berta - unha voz súaave - Berta
- ¡Que! ¿Que hora é? - espertei toda alterada, desorientada, pensando que era pola mañán e que chegaba tarde
- Tranquila - mamá - se vas seguir durmindo mellor que te metas debaixo das mantas, vaite colle-lo frío
- Quedei durmida
- Veña, tápate ben - mamá
- Non, non, voume erguer - dixen intentando desperezarme - xa vou
- Bueno, ¿quieres que che faga algo para cear?
- Non, xa comerei calquera cousa

Tan pronto como se pechou a porta volvínmeme deitar, para coller forzas para erguerme e sen querer quedei durmida outra vez. Cando por fin espertei eran as tantas, e non sabía se merecería a pena erguerse; pero como non tiña sono, pareceume que durmira moito, fun por algo de comer. A casa estaba en silencio, así que tratei de non andar a tombos con todo coma sempre, collín un par de iogures, un plátano, pan e chocolate. Unha vez completado o menú, que por certo non era moi satisfactorio porque a esas horas sempre me apetece unha pizza, un asado, ou algo similar, fun para a habitación; para non facer ruído máis que nada, a miña habitación estaba entre o cuarto de baño e a medianera có outro edificio, alí tiña bastante liberdade de movemento. Unha vez repostas forzas xa me sentía en plena forma e púxenme, por fin, en serio có expedientes que substraera da oficina. En resumidas contas só me quedaba un día para decidir se me eran útiles ou non. Así que volta a comezar, decidín pasar das follas porque só traían parte da información, e ademáis era mellor centra-los esforzos nunha cousa e despois na outra. Abrín o expediente sub un. Mirei as fotos unha a unha, ampliadas. Había como unhas cen. Todas eran dalgún produto, agás as últimas que tiñan só palabras en grande, como "beba", "fume", "merque", e algunhas máis do mesmo estilo, concentrando todo o anuncio nunha imaxe ou nunha palabra. Eran imaxes bastante agradables, as fotos eran preciosas, gustoume moito unha dunha praia que tiña moita vexetación, coma se estivese no medio da selva. Unha vez collido o ritmo metínmeme có sub dous, sen moitas esperanzas de sacar algo en limpo; pero cando se fan as cousas con optimismo sempre se chega a algún lado. Abrín o arquivo, con calma Berta, non te tires dos pelos aínda... volveron a aparecer os chirimbolos eses, se polo menos me apuntara a unha academia de informática cando traballaba, cando tiña cartos para paga-los cursos, erguinme da silla e comecei a dar voltas pola habitación, e voltas e máis voltas, e mirei pola fiestra, que noite bonita facía, aínda se vía algunha estrela, e que tranquila parece a cidade vista desde aquí, todo vai máis a modo. E cando me cansei dei a volta e mirei para a pantalla do ordenador, estaban xa bailando as estreliñas, toquei unha tecla, e saíron os marxianos de novo, alonxeime da pantalla e mireina, por se era

sub

un rompecabezas ou algo así, e vaia, os métodos tradicionais sempre funcionan. Se a mirabas desde lonxe podías apreciar que estaba dividida en cadros, baixei có cursor, es unha artista; muller, son as fotos do sub un en código, para esto tanto rolo, mira ti que misterio. E seguí avanzando, máis abaixo despois do que, posiblemente, serían as fotos, vin o que xa parecía un organigrama, ou como se lle chame, eran comandos, ordes; desto lembrábame da informática que estudiara no instituto, cando nos ensinaban a facer programas para resolver ecuacións matemáticas... let non sei que, input non sei canto, print non sei que máis... mira ti e eu que pensaba que aquilo era a prehistoria... ó mellor este expediente tamén era bastante antigo. Así que en resume, tiñamos unhas fotos, as mesmas fotos en linguaxe informática, e un programa de funcionamento. Pois xa era algo, polo que me lembraba do sub tres había que seleccionar unha foto, insertala no dous e proceder.

Despois de todo aquela noite estaba resultando bastante interesante, e con bastante máis entusiasmo que ó principio abrin o subtres; efectivamente, procedemento, as tres liñas básicas que vira antes, e un pouco máis abaixo viña un apartado. Proxección. E unha parrafada inmensa, có avance rápido contei tres ou catro páxinas. Había que lelo, a curiosidade estaba dirixindo os meus movementos.

*"Proxección, para a proxección da imaxe ou imaxes desexadas recoméndase un entorno relacionado ca mensaxe que se desexa transmitir, posto que deste xeito a imaxe exterior, que é a que primeiro percibe o espectador, prepara a mente deste para absorber-la segunda mensaxe que é a que queremos que prevaleza. Poderíase dicir que a primeira sería o abono para que froitifique a segunda, é un medio, un vehículo seguro, potente e moi eficaz. O espectador non sofre trauma algún ó percibi-la segunda imaxe se sigue na mesma liña da primeira e, ademais, a asociación de ideas é moito máis forte e rápida neste caso. Se, pola contra, o medio empregado é unha secuencia de imaxes non relacionadas pode, non só non alcanza-lo obxectivo desexado; senón tamén crear na mente do espectador unha serie de sensacións contradictorias que o leven ó rexeitamento total da emisión, tanto da primeira imaxe coma da segunda. Se tomamos como exemplo a emisión de imaxes sobre bebidas refrescantes o medio idóneo a empregar sería un filme sobre o deserto ou algún ambiente cálido en extremo ou actividade física que situase o espectador no punto de necesidade dunha bebida refrescante, se nese momento está absorvendo a segunda imaxe, que sería a da bebida, o espectador asociará a necesidade de refrescarse a esa bebida. Existe outra corrente que asegura que o efecto é o contrario, é dicir que a segunda imaxe é a dunha bebida refrescante a primeira terá que ser a dunha paisaxe xeada, por exemplo, porque así asociarase a bebida ó frío xélido. En calquera caso, deixando á marxe opinións e correntes, o que si é imprescindible é non conmocionar ó espectador, xa que ademais de ser un esforzo inútil por reconducir unha mente pode producir un resultado bastante obvio de desconcerto e facer dirixir miradas de sospeita cara o produto que se está ofrecendo. Sería inútil unha segunda imaxe dun filete nunha emisión vexetariana porque a xente vexetariana convencida sinte unha repulsa total cara os alimentos cármicos, e polo tanto pode senti-la tamén cara a primeira imaxe. Se se está falando só dunha pequena emisión esta reacción non tería maior importancia; pero en emisións a grande escala convén ter extremo coidado na selección do medio e da segunda imaxe porque unha reacción masiva, reiteramos, pode capta-la curiosidade de elementos non desexados".*

E aí parei, é increíble, non se trataba da montaxe dun anuncio, falaba de publicidade subliminal, Deus; pero se é ilegal. Mi madriña, ¿que clase de cousas se facían na axencia?... aínda ía dar cós osos no caldeiro... sempre fun un pouco dramática. Non seguín lendo, o que viña despois eran un par de teorías sobre as cores e formas máis axeitadas para o medio. Alucina vecina; ó pecha-lo arquivo deille ó explorar a ver se atopaba por algún sitio a data de confección do arquivo; non a vin, o que si aparecía era a data da última modificación, era do 94. Bueno non fora capaz de conseguí-los números do desastre pero alo menos tiña un posible motivo del; tampouco parecía moi desencamiñado supoñer que alguén estaba empregado métodos pouco éticos e que nalgún momento se lle foi a man, ou cometeu calquera outro erro e por eso se lle viñeron enriba. De calquera xeito, había que ter en conta que a empresa sofrera unha crise económica e en principio unha cousa non implicaba a outra, a non ser que os clientes ó ve-la situación da empresa marcharan ou que ó non lle poder ofrecer certos servicios deixara de interesarlles a axencia. Quen sabe, agora máis ca nunca lamentaba non te-la axilidade suficiente para colle-los disquetes das contas antes que ninguén. Tampouco me cabía moito na cabeza que aínda existise este disco, suponse que o terían que confiscar, ou que a persoa que realizase estas operacións o tivese sempre baixo a súa custodia. Desde logo se eu tivese a clave segreda de acceso á cámara acorazada dun banco non a deixaría ó alcance de calquera, e menos ó alcance dunha pardilla que non ten nin idea de nada e que anda metendo o nariz en todo. Non conseguía lembrar se Domínguez, ou calquera outra persoa, imos darlle o famoso beneficio da dúbida, me viran ca caixa dos disquetes algunha vez; seguramente non, sempre aproveitaba cando non había moito movemento, porque ó fin se eu consultaba eses arquivos era porque tiña algún problema có meu traballo e certamente dábame vergoña admitilo; e preguntarlle ó meu xefe era pouco menos que pedir unha humillación pública a berros. E aínda había outra cousa que me estrañaba, de paso que desapareceron os discos da contabilidade porque non desapareceu este. Ese era un dato significativo, porque as persoas que sabían deste disco tiñan que se-las mesmas que coñecían a situación reflexada na contabilidade; ou mellor dito, se coñecían os datos que esta reflexaba tamén sabían o que os causara, o disco verde, sen dúbida. E ben, que se podía deducir de todo isto, ou ben que a persoa interesada en ocultar-la información pasou por alto o disco verde, ou se esquivou ou pensou que xa o destruíra; ou ben sabendo da súa existencia pensou que era irrelevante a súa desaparición, quen se ía molestar en consultar eses arquivos, posto que os da contabilidade son máis tentadores, e de consulta-los alguén que importancia tiña, non había quen o poidese relacionar con nada; ou, tamén é posible que a persoa que substraera os discos da contabilidade era alguén que sabía a historia a medias; é decir, ningunha das persoas implicadas. Que maravilla, esto estíbese poñendo dun interesante... Era hora de durmir algo, aínda que estaba completamente despexada, xa chegara meu irmán e eso indicaba, non facía falta mira-lo reloxo, que era bastante cedo xa.

- ¡Berta!!! - meu irmán - ¡son as doce, érguete que chegamos tarde !!!!
- Vaite duchando ti, que eu xa me ergo - así te derritas ca auga quente, que mala uva hai que ter para poñerse a berrar así
- Eu xa - di abrindo a porta de golpe - me duchei, apura
- Que présa tes, tranquilo a avoa dixo que non comíamos ata as tres
- Si, pero papá dixo que nos viña buscar á unha, como non esteamos preparados vains montar bulla

sub

## Capítulo 5

O luns erguinme tarde e gracias a que meu irmán me veu despertar porque eu nin me lembrara de poñe-lo despertador en hora. Cheguei á oficina tarde, mal e arrastro, xa me botaran así que daba igual. Nada máis entrar Fran veu cara min coma se fose unha lancha salvavidas no medio do océano.

- ¿Que??? - Fran
- Ola - eu
- Ola - di Fran con impaciencia - ¿que???
- Nada - eu
- ¿Nada que é, que non había nada ou que si había e non mo queres decir? - Fran
- Fran, non imos falar máis deste, nada é nada - eu
- Si, e o mesmo que nihilismo, xa - di Fran decepcionado
- Fraaan, non tiña nada, de veras - eu
- Sabía que non cho ía crer - Fran
- Veña - eu
- Non, xa o deixo; pero prométeme que algún día, cando sexa, cando ti queiras, mo vas contar - Fran
- Prometido - eu
- Chegou o teu substituto, está no despacho có xefe, con Domínguez quero decir - Fran

sub

- ¿E que tal é? - eu
- É seu fillo e nótaselle, non fai falta decir máis - Fran
- Nin que o digas, a ver se remato pronto e me vou - eu
- ¿Que pasa xente? - Simón
- Ola - eu
- Aquí despedíndose do seu buratiño no mundo - Fran
- ¿Que? unha última reunión da banda - Ánxela

Souo o teléfono, era a secretaria perfecta para que fose ó despacho do xefe. Non dixo para que; pero era de supoñer que sería para presentarme ó meu substituto. A escena foi tensa, as palabras xustas, eso si cun sorriso encantador na cara dura que tiña o tío. O domínguez junior era un pijo universitario que rematara un master non sei onde e que controlaba de todo, un xenio das finanzas, a persoa ideal para lanza-la empresa ó novo século. A min parecíame increíble que estivese falando así do seu propio fillo, xa case tiñamos que abri-la porta porque non cabíamo-los tres mai-los fumes dos outros dous. Junior tamén era un estirado de carallo, cando quedamos sós no que era o meu despacho comezou a preguntarme onde estudiara e claro eu que estou moi orgullosa de poder decir que estudie sempre no ensino público, que ademáis de ensinar curte; funlle indicando toda a restra de centros polos que pasara, tampouco eran tantos o colexio, o instituto e a facultade. A facultade era a que había na cidade, o colexio e o instituto o mellor dos barrios baixos, eso é o que din, a min sinceramente gustoume moito estudar alí. Quedou impresionadísimo có meu expediente académico, e eso que non vira as notas. El non claro, el estudiou en Madrid cun master en USA e outro en UK; pero o de USA seguro que non foi na Universidade de Chicago, porque daba noxo escoitalo falar; se Keynes erguera a cabeza e o escoitara falar do seu estudio da inflación, ¡inflación! pardillo ¡inflación!. Cando Fran decía que era cravado ó pai non esaxeraba nada, eu como non sabía moi ben que era o que tiña que ensinarlle á súa eminencia, comecei a decirlle onde tiña colocada cada cousa; pero como lle debeu resultar aburrido, dixome que non facía falta que estivese alí máis tempo, que xa contratarían a algunha secretaria para facer ese traballo rutinario que el estaba alí para outras cousas e non sei que máis. Eu collín e marchei, fun ó despacho de Ánxela a despedirme e saudei ó resto de paso que marchaba e cando dei saído de alí a sensación de alivio foi tan maravillosa que ata me atrevería a decir que era felicidade.

Aínda era moi cedo, na oficina non pasara nin unha hora e adiqueime a mirar escaparates entrei nun par de tendas; pero coma sempre, acabei en Zara, non merquei nada, a piques estiven pero total de momento aínda podía pasar ca que tiña, agardaría ás rebaixas, naqueles momentos era unha decisión bastante sensata. Non sei como me contiven, xa probara un par de vestidos e unhas camisetas, divinas por certo. Había que aforrar, de camiño a casa pasei por diante do locutorio e decidín entrar a consulta-lo correo, seguro que non tiña nada; pero sempre lle podía escribir algunha mensaxe a alguén ou buscar algo interesante pola rede, tempo tiña. Estaba moi tranquilo, non había estar, un luns as clases aínda non remataran, era case medio día a xente comendo ou facendo de comer, a hora ideal para conectarse. Estaba un dos rapaces riquiños, porque había cada borde destes que como lle saben dar ó mesmo tempo ó Ctrl, ó Sup e o Alt xa se cren Deus; este non era moi agradable e incluso sorría cando che daba a volta, un voto de confianza para a xuventude. Collín un ordenador e aló me puxen a le-lo correo porque tiña unha mensaxe de meu primo David, era unha postal da Bela Durminte, hai que joderse có tío; a postal en concreto era unha actualización do

sub

conto porque o príncipe era outra princesa; era moi divertida, ademáis, tendo en conta que ía con recochineo por quedarme durmida o domingo aínda tiña máis gracia, vaste enterar espabilado. Non sei canto levaba eu dándolle ós correos, xa perdera a noción do tempo e entrou un dos colegas do encargado, un deses que non coñezo máis que pola voz, porque sempre están alí pero como falan mentres están dándolle ó ordenador nunca lles vexo a cara, e como estaban en confianza, total eu estou ó meu; eso pensan eles porque non poden evitar poñe-la orella.

- Boas
- ¿Que hai?
- ¿Volveuche tocar pola mañán? pensei que lle tocaba a Rober
- Dixome onte se lle viña e él facíame o sábado
- Home saes ganando
- Por eso llo fixen, ¿que cres? sempre lle ando facendo horas, aínda que un día me faga un favor non lle vai pasar nada
- Bótalle cara o tío
- Como non lle poña-las cousas claras pasa de todo
- Todos se queixan, non es ti só; pero polo que vexo ti polo firme
- Eu favores a quen os merece e somentes os xustos, ¿querías falar con él?
- Non, viña conectarme, estou cós exames e preciso un respiro
- Pois colle o que queiras
- Está tranquilo esto
- Toda a mañán así, menos mal que teño traballos para facer que senón non se me pasa o tempo
- É certo, aquí mirando para as paredes debe ser un coñazo, menos mal que te podes conectar e chatear
- Todo acaba fartando
- Bueno, ponme o sete
- Vale, o sete

E o rapaz séntase ás miñas costas e comeza a falar có encargado desde o sitio

- Xa case o teño
- ¿O que?

Un silencio, e o encargado achégase

- ¿En serio?
- Case, de momento non o probei; pero creo que estou no bo camiño
- Es un xenio, tío
- Espero que me saia mellor que o da emisora
- ¿Pero que dis?, a emisora funciona de pinga
- Xa; pero é moi fácil de rastrear, ando có medo no corpo
- ¿Por que? non creo nin que se decaten, ademáis ti dixeras que só emites uns segundos
- Non o digo polas emisións, dígoo pola páxina, ándanas rastreando todas
- ¿Décheslle a alguén o contrasinal?
- Non
- ¿Dixécheslle a alguén onde está?
- Non
- ¿Explicácheslle a alguén o código?

sub

- Non; pero hai xente á que non lle fai falla eso para descubri-las cousas, páganlle para averigualas ¿entendes?
- Se o dis pola historia das tarxetas das dixitais, non tes de que ter medo; home, é que era moi descarado, estaban pedindo que os pillasen; ademáis nin sequera se trata do mesmo, ti non lle roubas a ninguén cas emisións
- Teño un amigo que estudia Dereito e di que esto do pirateo está moi chungo, como te pillen abrásante
- Si, se non te contratan como axente dobre
- Ti soñas, e eu levo tres días sen durmir
- Pois borra a páxina e xa está
- ¡Non jodas!, có que me custou facela
- Antes de borrarla podes gravala nun cd ou algo así
- É igual, se a quito non vou poder seguir có proxecto
- Todo por un aprobado
- ¿Un aprobado? unha matrícula tío, se me sae ben, unha matrícula
- ¿Cando o tes que presentar?
- En Outubro ou Novembro
- Se te pillan dis que é para o proxecto da carreira e xa está
- Eso tiña pensado; pero non sei se pasará por vez, aínda non lle presentei ningún informe ó profesor
- ¿Pero sabe de que vai?
- Dunha emisora dixital
- Esquencéuseche o de pirata, un detalle sen importancia
- Pirata agora, que igual me dan licencia se me aproban o proxecto
- Só funciona con voz
- Antonte colei unha imaxe e víase bastante ben; pero aínda teño que traballar moito, non consigo o do movemento
- Conéctalle un vídeo
- Suponse que é de animación
- Ah - dixo o encargado como desculpándose pola súa ignorancia
- Ola - unha voz no mostrador
- Bos días - o encargado - dígame ¿que vai ser?
- A ver se me podes facer unha fotocopia desta foto, que saia clara
- ¿Quérea en cor?
- ¿Pódese facer? pero hai de saír moi cara
- Se a quere deste tamaño sáelle sobre unhas oitenta pesetas
- ¡Bueno, oh!, pensei que eran máis caras, faima a ver como queda que máis se perdeu en Cuba

E fun face-lo xantar, un pouco tarde por certo; pero unha tortilla pronto se fai. Cando cheguei miña nai xa fixera a comida. Non falei moito, meu pai e meu irmán estaban falando de non sei que partido, o do domingo supoñía; miña nai metendo baza, poñendo a parir a non sei quen que dixera non sei que do Depor e que .... non sei moi ben de que ía a cousa porque xa estaban falando cando cheguei e non tiña humor para combatir, miña nai mirábame de cando en vez para pedir axuda, porque sen moita explicación meu irmán aliárase con meu pai; seguro que estaban decindo que as mulleres non teñen nin idea de fútbol ou algunha cousa semellante, destas que serven para estreitar ademáis dos lazos entre pai e fillo a mente de ambo-los dous e todo un tempo. Meus pais marcharon traballar e meu irmán meteuse na habitación para estudar, eu freguei e marchei dar unha volta. Vaía vida máis estresante a de parada recente, lembrei que ó día seguinte tiña que

sub

ir ó paro, aínda non tiña os papeis para cobrar pero polo menos dar-me de alta por se xurdía algo, e doume a risa, vaia chiste, estaba inspirada.

Pasei toda a tarde vendo escaparates. Volvín de noite, entrei na habitación, ¡hostial! a cama sen facer, a habitación sen airear, non había quen entrase alí, abrín a fiestra e fun un pouco para a cociña tomar alento e picar algo, cando me sentei decateime do moito que andara non sentía nin as pernas nin os pés, só había algo debaixo da cabeza que me doía aínda que non podía determinar que era. Fun pór un pouco de auga quente no bidé, unha presa de sal gorda, unha silla, a radio e alí metín os pés. Eso si que é vida. A habitación xa estaba aireada e fixen a cama, andaba coma nunha nube, veume de perlas o remollo salgado, xa era hora de comezar a ir á praia. Apurando, apurando para pescar algo de cear e coller sitio diante da tele para ver Mareas Vivas. Miña nai e máis eu andábamos as carreiras dun lado para outro, meu pai xa estaba empoltronado e meu irmán pasando de todo, decíndonos que non o entendíamos, non sei que da presión e que era unha falta de respecto pola nosa parte ve-la tele cando el tiña que estudar, era cruel facerlle ganas dese xeito. Estudia e cala. Cando chegamos á sala meu pai estaba todo contento, cun aire triunfal que botaba para atrás, fútbol, non pode ser, vaia cabreo, miña nai levou a cea de volta para a cociña e díxolle que se quería cear que fose por ela, que non era a súa criada e unha chea de cousas máis que non está ben repetir, porque a vida privada de cada un é privada. Fun para a cociña con miña nai e alí ceamos e despotricamo-las dúas, ó mellor despois aínda poñían algo; non, porque botan o resumen das mellores xogadas, das peores, os comentarios dos xogadores, do entrenador, dos do outro equipo, do resto dos equipos, botan as contas do que falta para gana-la liga, vamos que repiten todo o que dixeron durante o partido para que non se perda nin a máis mínima parte da información. Se polo menos tivésemo-lo canal

- ¿Que queres, que teu pai tamén se peche na casa os domingos?, así polo menos aínda hai un día de descanso

Tamén era certo. Papá no descanso veu pola cea e díxolle a miña nai que fose para a sala con el a ver se era certo que sabía tanto de fútbol como decía, miña nai claro picouse e foi aínda que só fose para fastidiarlle o partido a meu pai.

A min doume por pensar en que o resto dos deportes non desataban as paixóns que desataba o fútbol. ¿Será porque non son tan machacantes coma có fútbol ou non os machacarán tano porque non moven tanta masa? Quen o sabe, de todo-los xeitos a min paréceme máis un espectáculo ca un deporte; cando se fala de fútbol, a maioría das veces falan do custo das fichaxes, do custo das retransmisións, da propaganda, e de non sei que máis cousas; e as menos veces da calidade do deporte en si. Ca escusa do deporte desvían os meus impostos no seu beneficio, o que queira ver un partido que pague e o que non poida pagar que o vaia xogar que é máis san e seguro que máis satisfactorio. Que se fastidien, tamén me levo fastidiando eu moitos anos ó chegar á casa e ver na tele "fútbol". E o peor é que se te pos a velo engancha.

Polo que decidín, naquel mesmo momento, tomar medidas. Medidas moi serias. Se alguén estaba empregando o fútbol para manipulalas masas e sen que se decatasen, eu tamén o podía facer. ¿Ou non? Non tiña aínda unha idea clara do que quería facer, nin de como o faría, nin nada de nada; só tiña claro que xa que me fastidiaban sempre, agora quería fastidar eu; pero fastidiar con clase, con

moita clase. Con tanta clase que ata ós que quería fastidar me desen as gracias. Polo menos a meta tiña clara, e como moi ben digo eu sempre, se sabes a onde queres ir o demáis ven feito. Que non se me entenda mal, non son desa xente que pensa que o fin xustifica os medios, nin moito menos; eu non preciso xustificarme, son perfectamente capaz de asumi-las consecuencias dos meus actos sen atenualas con simplezas; se o hai que facer faise e xa está, e ó feito peito. Quedou claro.

E eu fun para a habitación, busquei entre as cousas que trouxera da oficina a foto de Chris, esto si que é un home. Coloqueina na parede detrás do ordenador para vela ó erguela cabeza, sen facer esforzo, así si que ía escribir sen mirar para o teclado. Ca mirada fixa na foto, sentada en fronte do ordenador viñéronme á mente unha chea de ideas, nada que ver có sexo, bueno eso tamén; pero non ven ó caso agora. Pensei no que contaban da publicidade subliminal de que fixeran probas durante unha película cunha bebida e que todo o mundo saíra do cine con moitas ganas dela, pensei naquelo de que o fútbol era un deporte, e que tamén había outros deportes que a xente quería ver, e outras cousas non só deporte, pensei na emisora pirata do rapaz do locutorio e pensei na de tempo que tiña para face-lo que me dese a gana, como me dese a gana; e que por unha vez podía facer unha boa, e que aínda que fíxese unha trasnada na vida non pasaba nada, sempre fora tan anxelical. Ademáis quen ía sospeitar de min, todos me teñen por medio tonta. Igual era unha idea sen sentido; pero na miña cabeza funcionaba de maravilla. O principal era confecciona-lo anuncio ou a imaxe que quería emitir, se conseguía facelo daquela xa me preocuparía de como conseguir que se emitise; tampouco lle ía pedir ó rapaz "mira por que non emites esta publicidade subliminal destinada a cargarse o espectáculo do fútbol" porque igual se escamaba a criatura. Tampouco pretendía acabar có fútbol, se, no fondo, gustábame; pero con moderación e se non movese tantos cartos máis aínda, eu son das que pensan que as mellores cousas da vida son gratis. O primeiro era aclarar-las ideas sobre o que quería facer, tiña que ser algo sinxelo, non traumático, e alegre; sobre todo alegre e doce, nada de amargar á xente, se o fútbol ten tanto éxito é porque lle serve de refuxio á xente e tampouco hai que andar por aí fastidiando; o que quería era que a xente se sentise ben ganase quen ganase, que non centrarse a súa atención nun só foco, e que pensasen que había que gastar menos cartos no espectáculo e máis no deporte. Máis ou menos claro.

Collín o disquete e cando o estaba abrindo vin que poñía copia de seguridade, esto non o vira antes, probablemente porque nunca prestara moita atención. Así se explicaba que aínda existise; non era difícil supoñer que cando cambiaron o programa de contabilidade o técnico fixera copias de seguridade dos arquivos do disco duro por se había algún problema, o que creou o arquivo non sabe da existencia do disco, por eso non desapareceu canda os da contabilidade, igual pensou que o borrara ou o borrou despois de estar gravado. Pensar así doume alas, ninguén sabía o que contiña o disco ou que existise sequera, era libre para face-lo que quixera, menos quen me seguise a pista. Había un montón de imaxes, parecíanme incluso máis que cando as mirara o sábado. A meta era atopar tres que se axeitasen perfectamente ó que eu quería, aínda que pensando ben eu tiña un escáner, non era moi bo pero serviría, así que de non atopar algo axeitado sempre podía buscar por aí. Unha si que me gustaba, xa des que a vira a primeira vez e era un montón de xente en roupa de deporte saltando, rindo e abrazándose, todo moi japi, esta para a primeira mensaxe pensei. Para as outras era un pouco máis difícil, a verdade a ver onde atopaba algo que se axustase a esas ideas, a de

sub

varios deportes sempre me traía á mente a Goofy disfrazado, pois esta era unha opción coma calquera outra, se non atopaba nada mellor... e para a de ganar menos..., a ver como atopaba algo para eso, e pensando cheguei á conclusión de que se non atopaba ningunha foto, faría un cartel ou algo así, unhas letras ou mensaxe con calquera foto por diante de xente xogando. Un xenio que cho digo eu. E no momento de máis alta euforia veume a idea de que aquilo non era legal e de se sería moi normal ter ideas como as que se me pasaban pola cabeza, sentínme coma un deses dictadores pasados de rosca que se chamaban así mesmos visionarios. Mira que se estaba toleando. A verdade é que me preocupou un pouco; pero cando erguín a cabeza alí estaba Chris para decirme "adiante". En realidade o Chris este sempre me daba a razón, coma ós tolos, para min que me estaba vacilando, nas películas sempre fai de cabrón, había que ter coidado con el.

O martes erguime coma nova con ganas de facer moitas cousas. Fun á oficina de emprego a que me buscasen traballo e despois fun a unha tenda destas que teñen cousas de debuxos animados, peluches e todo eso, por ver se atopaba algo de Goofy, pasei por diante do locutorio e mirei se estaba o rapaz do día anterior, non sei para que, nunca lle vira a cara; pero non había ninguén así que pasei de largo. Tiven que percorrer catro tendas antes de atopar unha postal, pola que me cravaron quinientas pelotas, do Goofy deportista, aínda non me explico como as paguéi, eche por unha boa causa Berta, se é así ... vin unha lámpada da pantera rosa monísima, ¿cánto custaría? estou no paro. No locutorio non había ninguén, agardei media hora, unha hora e incluso dúas e o tío non apareceu. Marchei, xa volvería pola tarde ou mañán; e cando me estaba desconectando aparece a estrela da festa: ola fulanito, que tal, xa ves. ¡Entra, coño! e senta dunha vez que quero ve-lo que fas; pensei que se vía o seu enderezo igual lle podía mandar un correo, ou se chateaba deixarlle caer algo. Pero esperar algo dun home é moito esperar, vai o tío e séntase na mesma fila ca min uns asientos máis aló, ¿como ía ver algo dese xeito? ¡que putada! Aínda así tiven sorte porque se lle estropeou o ordenador, quedóuselle colgado que din os que saben destos, e chamou ó encargado, que debía se-lo tal Rober porque se andaba queixando de que tiña que traballa-lo sábado e o outro pouco menos que o mandou a paseo.

- A ver informático de pacotilla, ¿que lle fixeches á pobre máquina? - Roberto
- ¿Eu? a ver se renovade-los equipos que son da postguerra, este o pobre está pedindo a xubilación a berros - o outro
- Voute xubilar eu a ti - Roberto
- Apura tío, ou xa me estás descontando estes minutos - o outro
- Ti sempre tan interesado, vaia nome lle puxeches á túa conta - Roberto
- ¿Gústache? - o outro
- É total - Roberto
- Pois non vexas a xente que me escribe - o outro
- Non me estraña "orgxxl arroba" - Roberto
- Ola, boas ¿hai alguén? - un cliente berrando
- Xa vou - Roberto

Xa era algo, malo sería que houbese moitas con esa descripción. Erguínme, paguei e marchei. Fun a un ciber que hai máis abaixo e púxenme a buscar, pois non había moitas. Había que eliminar alternativas así que collín e mandeilles un correo a cada un, non foron moitos, nin sequera chegaban ós dez. Un bo xeito de seleccionar era polo idioma, se non entendían o galego, non podían ser el; porque xa tería que ser casualidade que as que había fosen todas de galegos; daba igual,

naquel momento era o único que se me ocorría e mandeino con copia oculta, para que non visen a quen máis llo estaba mandando, unha mensaxe que decía "¿org xxl? xa será menos, non che parece que esaxeras; se non, demóstrao", por suposto mandeino cun enderezo creado para a ocasión, e que non empregaría máis veces das precisas có que se acabaría borrando, supoñendo claro que algún destes non me seguise escribindo; non, se ía coñece-lo home da miña vida por internet e eu no cárcere. Marchei para a casa toda orgullosa do argalleira que era, e con tanta impaciencia por saber se daba resultado que tiña pensado volver pola tarde comprobalo. Esta vez cheguei antes ca miña nai, meu irmán tamén estaba; tivera un exame e pola cara que tiña non fora moi ben, así que fixen tortilla e baixeí por leituga á tenda, o prato favorito de meu irmán. Íalle decir que me axudase; pero non era o momento.

- Tranquilo seguro que non foi tan mal - eu
- ¿A que hoxe non teño cara de aprobar? - Marcos
- Home, moita non; pero eu tamén me engano - eu
- Xa - Marcos
- Aínda che queda suficiencia - eu
- En COU non hai suficiencia - Marcos
- Pois os de Xuño, sexan o que sexan - eu
- Si; pero se xa comezo a suspender agora voume xuntar cun monte delas - Marcos
- O resto aínda non os fixeches, así que non digas nada e non te agobies que non pasa nada, algunha vez che ten que sair algo mal, se non como íamos saber que eras humano. Eu xa case penso que es superman - eu
- Si, ti por enriba vacírame - Marcos
- Como aprobes fas a comida durante todo o mes de Xullo - eu
- Mira que seguro estou de que vou cargar que acepto - Marcos
- Daquela iremos pedindo vez no médico, mira que segura estou eu tamén - eu
- Nótote moi contenta hoxe, ¿que Silvestre? ¿coméche-lo canario por fin? - Marcos
- Non me fales de debuxos animados hoxe, non me fales - eu
- Eu pensaba que Silvestre era o teu favorito - Marcos
- Hoxe non... - eu

Despois de comer saín comproba-lo resultado da miña trasnada. Coma se tivese quince anos, igualíño. Non me atrevín a ir ó locutorio, fun a outro ciber, non ó mesmo de pola mañán, porque non me cadraba de camiño, baixeí polo paseo e entrei nun que estaba cheo que críos, non me estraña que espabilen tan pronto, enténdense cas máquinas estas do demo ás mil maravillas. Tiña mensaxes novos. ¿Mensaxes? non, pois non eran tan boas novas, ou si, a do rapaz este, a do home da miña vida e a outra dun petardo, ten que haber de todo nesta vida. A primeira en circunstancias normales poñeríame de mala uva; pero ese día doume unha alegría a miña mensaxe contiña os fatal errors eses das narices" e non sei que máis que como estaba en inglés e sinceramente non me interesaba nin o máis mínimo correxir eses fatal errors, pasei olímpicamente. A segunda era boa "se hai que demostralo, demóstrase; pero demostralo para ná é tontería", non estaba mal, tiña moi boa pinta, había posibilidades. A terceira acojonoume un pouco, sentínome coma se me pillasen chamando ás tres da mañán á casa de alguén por gastar unha broma "me parece que se ha confundido usted, no entiendo su mensaje, de todas formas le ruego no vuelva a dirigirse a esta cuenta, puesto que yo no le he facilitado la dirección, y si no lo he hecho es porque no deseo que usted me escriba" nin gracias nin nada; mi madriña. Bueno non atopara ó home da miña

sub

vida sentimentalmente falando; pero sendo algo optimista atopara ó home que si podía selo da miña vida en importancia, polo menos naquel momento.

Agora xa tiña a canle preparada, máis ou menos, si que a tiña como ia resistirse, xa se me ocorrería algo tentador. Non me deron as pernas a correr tan axiña como desexaba para chegar a casa e poñerme a organizar toda a historia. As dúbidas sobre se pasar á práctica todo o que tiña tan ben organizado na miña cabeza sería fácil, non facían senón aumenta-la ansia. Cheguei sen alento, feita un trapo, entrei e o primeiro que fixen foi poñer-lo pixama, porque pretendía quedar ata que o conseguise, ademáis, queríao conseguir ese día aínda que tivese que estar sen durmir para que o día non rematase.

Estaba tirado. Seleccionei a primeira foto, aquela da xente abrazándose e tal, escaneei a do Goofy deportista que me custara quinientas pesetas; e por moito que busquei non dei atopado nin unha soa imaxe que reflexara o de cobrar menos así que me decidin pola medida máis drástica de empregar letras, no estudio que viña ó final do arquivo decía que esto non era moi aconsellable; pero empregando as menos palabras posibles tampouco a cousa sería para tanto. En definitiva, o máis sucinto que se me ocorreu foi "cobrar menos", reducido era, non se pode negar. Seguín as instruccións ó pé da letra e todo foi como a seda, polo menos todo estaba quedando moi bonito, non saían erros e cada paso deixaba sitio ó seguinte. Unha vez tiña cada cousa no seu sitio graveino todo e deixeiño alí enriba no mellor sitio de toda a habitación; podía ver desde a cama. Case non durmín ca emoción, tiven que acender varias veces a luz e mirar para alí; coñecía aquela sensación, cando me regalaban algo que me impresionaba, ou cando mercaba algo que desexaba desde había tempo, ou de pequena cando viñan os reis. Durmir, durmín de maravilla.

Ó día seguinte erguinme con toda a enerxía do mundo. Saín inmediatamente da casa, levaba o disquete envolto nun papel para non sobalo de camiño ó ciber. De repente pensei que igual era boa idea ir a outro distinto, por se a alguén lle daba por rastrear; e aínda que me pareceu algo estúpido porque seguramente nin funcionaría e se funcionaba ningún o notaría, busquei outro. Frente ó ordenador por un momento sentínme Deus, ca sensación de poder controla-lo devir dos acontecementos, o destino da humanidade, pero cando me comezou a pita-lo ordenador porque estaba presionando con demasiada forza unha das teclas volvíñ á miña forma mortal, que se lle vai facer. E antes de comezar có rollo decidin lanzar unha súplica á entidade suprema "por favor, se me sae mal polo menos que non cause trastornos graves" mira que se lle dá a xente por ir por aí coma Goofy... a piques estiven de deixalo todo, que perigo; pero como no fondo son un demo de coidado e como tampouco cría que fose para tanto, nin vía a tele de pago... aínda me había rir. Así que entrei no correo, e decidín mandarlle desde alí a mensaxe ó meu orgxxl favorito. Algo tentador, irresistible, así que non será difícil. A mensaxe en cuestión era sinxela:

"na próxima emisión proba con esto, e que sexa durante un partido de fútbol"

O seguinte que aparecía eran as imaxes, el non vería máis que montón de símbolos, ó final o anuncio quedaba completamente codificado; claro que, se el sabía de informática algo deduciría, de todo-los xeitos daba igual o caso era que nunca me relacionase con aquela mensaxe, que nunca o relacionaran a el ca emisión do anuncio e que a ningún lle dese por intentar descodificalo; porque

sub

aínda que segundo as instrucións era case imposible sen as claves que eu tiña, que resultaban de non sei que operacións matemáticas realizadas automaticamente con cada paso, ou eso me pareceu entender; hai moito espabilado solto.

O mércores deixei caer polo locutorio a ver se había algo. O rapaz apareceu por alí; pero non falou con ninguén, case nin ola dixo ó entrar, estivo todo o tempo cō ordenador; ó mellor foi porque había máis xente e non o ía compartir con todo o mundo "atendede todos estou facendo emisións piratas no canal". Algo decepcionada, pensei que estaba perdendo demasiado tempo con aquela tontería e acabei decidindo que xa era hora de actuar cun pouco de madurez e poñerse a buscar traballo. Días despois estaba inmersa na dinámica de mandar currículos, de le-los anuncios do xornal, buscar empresas e tal, case esquencera o tema de non ser porque os papeis andaban pola habitación e de vez en cando me viñan á man.

## Capítulo 6

Ese sábado meus pais non paraban de discutir, miña nai quería ir pasa-lo día por aí, no campo ou ir a praia; papá empregaba o argumento de que aínda era moi cedo e que o sol estaba moi baixo; pero mamá non pasaba polo aro e meu pai cada vez alterábase máis. Como non tiña nada que facer dixenlle a mamá que íamos no-las dúas e que pasábamos daqueles loubáns. Collémo-la estrada, coma nas pelis americanas, e fomos cara onde nos levou o vento.

Cando volvemos, na cidade respirábase ambiente post-contenda, mal sinal, a xente abatida polas aceras cargando cas bufandas e os banderíns ca desesperación de estar vivindo unha inxustiza, en realidade tampouco era para tanto. De calquera xeito o colorido dáballe un aspecto festivo á cidade, é bonito ver á xente con ilusión pola rúa, defendendo... un equipo de fútbol.

A primeira cousa que me estrañou foi ver a meu pai todo contento tirado no sofá.

- ¡Que, papá! ¿pasacheste ó enemigo? - eu  
- ¿Por que o dis? - papá  
- Non por nada, é que me parecía que perdéramo-lo partido, a xente non tiña cara de moitos contos - eu  
- A xente, a xente - papá  
- Pero a ver home - miña nai - ¿como quedastes? ganaríades, polo menos. Tanta lería polo partido de hoxe e se por enriba perdestes  
- Ganar, ganar, para vos un equipo non vale nada se non gana, hai que entende-lo fútbol coma un deporte - dixo meu pai empregando toda a filosofía do bo entendido de fútbol

A miña nai sooulle a cachondeo e foi sorrindo victoriosa cara a cociña polo día desastroso que vivira meu pai; non quixo vir connigo, pois fastidioso que perderon, que me veña agora con disimulos, ha ha. A min doume un ataque de pánico. ¡Era imposible!, había que investigar.

- ¿Ó final o tío conseguiu as entradas? - eu  
- Que ía conseguir, coma sempre esperou ó último momento e non quedaban nin de tribuna - papá  
- Home a tribuna non iríades de todo-los xeitos - eu  
- ¿Como que non? tal día coma hoxe, un partidazo, Berta, foi un partidazo - papá  
- Daquela quedastes aquí toda a tarde, moi pronto marchou o tío - eu

sub

- Pois non quedamos non - papá
- ¿Ai non? - eu

E meu pai mírame ordeando que pregunte dunha vez e que o deixe en paz, porque aquilo xa estaba parecendo un interrogatorio

- Baixamos ó bar, botábanos polo canal - papá

DEUS!!!!

- ¿Polo canal?- dixen eu cando dei pillado o corazón que corría escaleiras abaixo e recuperado o alento
- Si, Berta, si - dixo papá algo picado - os nosos partidos tamén os poñen no canal, xa ves hai quen lles dá máis mérito ca ti - e cambiando de ton - foiche un partidazo, tiñalo que ver. Disfrutamos coma enanos, despois fixemos unha festa e todo.

Chegou miña nai ca cea e serviu a meu pai mentres lle rosmaba que xa que estivera todo o día na casa podía ter el a cea feita, e que non sei que e tal. Ó colle-lo cartón de leite decateime do nerviosa que estaba e atopei a miña cara no cristal da alacena cun sorriso victorioso. En realidade son algo malvada. Pero mira meu pai que contento está, meu pobre, disfrutou do partido, non pode estar mal facer que a xente disfrute do que lle gusta... Deus, xustificábao! ¡Un monstro!, ¡son un monstro!... en todo-los sentidos.

O luns á hora de comer papá estaba moi alterado porque no traballo discutira cun compañeiro, meu pai dixera algo de que o partido fora precioso e ó outro non lle gustou moito. Meu pai contouno-la discusión con todo detalle, e con só ve-la cara de meu irmán, ó que todo aquilo lle soaba máis ben a vacile, xa me dei por satisfeita. Claro que cando se ergueu para marchar e lle puxo unha man na cabeza e lle dixo "así e todo, os do baloncesto sodes ben máis civilizados", case me emocioniei. Meu irmán non daba acertado ca mandíbula para pecha-la boca, e ó mirar para min e verme coma se o que dixera papá fose o máis normal do mundo pensou na posible existencia dun universo paralelo e que todo aquilo era polos exames que o estaban toleando.

- ¿De verdade que non lle notas nada raro a papá? - Marcos
- ¿Raro?- falsa
- Serán imaxinacións miñas, daquela - Marcos
- Eu que sei, estaba moi alterado pola discusión esa - eu
- Si, será eso - di sen moito convencemento, meu pobre

A costa abaixo comezou o día do partido no que se decidía cal dos dous equipos en cabeza ganaba a liga. Na cidade do equipo ganador a festa foi tremenda, aínda lembro cando pasou aquí. Sen embargo, non foi esta a noticia de primeira plana en todo-los xornais, non, non foi. O que saía en primeira plana era a festorra que se estaban pegando os que quedaron de segundos, que a ningún lle estrañaría se fose un equipo que acababa de ascender a primeira; pero non só levaba en primeira a tira de tempo, senón que eran rivales á morte dos ganadores. As noticias destacaban a enorme deportividade dos seguidores de ambo-los dous equipos, que se a festa do fútbol, que non sei que; e a cada cousa que decían, e a cada celebración que se facía a min quitábanme anos de vida, o meu si que era un

sub

corazón partío, sentía como paraba de latexar. O terror invadirao. ¡Pero que carallo fixo ese desgraciado! púxenllo ben claro, polo menos a min pareceume moi claro, "na próxima emisión", non puxen nas vindeiras, nin en todas, nin... ¡será mamonazo!. Críos, para que te fies destes vermes inmaduros. E rezaba, rezaba coma nunca.

Supoño que o que lles puxo a mosca detrás da orella foron aquelas negociacións do convenio colectivo de non sei que gran multinacional no que... fai falta ser burricán... os representantes dos traballadores, despois dunha chea reunións, manifestacións, protestas, incluso fixeran algunha folga de fame, van e din que non lles importa cobrar menos, esto si, escamou ás autoridades. Poideron pensar que era un intento de desorientar á patronal; pero a posterior firma do convenio demostrou que era palabra firme. Claro, tanto fútbol, tanto fútbol, se visen os documentais da dúas non lles había pasar tal.

E a miña ruina total foi cando en determinado xornal saíu unha noticia que repetiron en varios noticieiros da tele. A noticia falaba dunha posible manipulación dos medios dirixida a reconduci-la mente do espectador cara determinados obxectivos predeterminados. ¡Que sutil!. Esta noticia falaba máis ben dun complot da patronal; pero pese a ser desmentida deixara unha forte pegada, os medios de comunicación audiovisuais comezaron a perder audiencia, a tele estaba baixo mínimos, nin o cine tiraba; eso si o teatro e os espectáculos en vivo aumentaron sobremaneira. O que me consolaba era que ninguén che podía obrigar a facer algo se realmente non querías, así que cada un que analice a súa conciencia, e con argumentos coma este fun erguendo o ánimo. En cuestión de dúas semanas todo volvera a normalidade, a tele ofrecía o mellor de si, a radio entregada ós seus oíntes, todo cunha paixón de primeira vez, con ganas de ser aceptados. Por fin un respiro. Case todo arreglado, menos o de aquel convenio, a patronal unha vez firmado non se volviu atrás, de calquera xeito, o soldo desa xente era coma dúas ou tres veces o dunha persoa normal que realiza o mesmo traballo, así que tampouco era para cortarse as veas, no fondo eles tamén o sabían.

Tivera unha entrevista ese día e parecíame que me saíra ben, quedaran en chamarme ó día seguinte se a pasaba, para quedar para a seguinte. De camiño á casa pasei polo locutorio, xa había tempo que non escribía ningún correo e non se pode deixar tanto de lado á xente. O día anterior adicárao por completo a revisa-la páxina da empresa para prepara-la entrevista e enredara tando tratando de rete-la máxima información posible para quedar ben, que nin tempo tivera. Non había moita xente, porque era hora de cear supoño; estaba por alí o meu cómplice involuntario. Mirei o correo e tiña bastantes que responder, sópome mal descoidar tanto ós que me escribían, ó final, eran o único que tiña; incluso había un de Fran que decía "¿onde te metes?" el sempre tan escueto, non lle gustaba nada escribir; pero sempre me mandaba trapallada, tíos en pelotas, sexi bois e cousas desas. O encargado non facía máis que pasear dun lado ó outro, mirei a hora porque normalmente está aberto ata as dúas ou as tres da mañán, pero el parecía impaciente. Pouco a pouco a xente foi marchando, eu fixenme a sueca, xa que me puxera quería rematar, ademáis é que me resulta irresistible saber que teño correo e non lelo, e unha vez que o leo mira que non responder... Sen contarme a min, o último en erguerse foi o rapaz este, o inmaduro, que cando o pille esfóloo...

- Tranquilo, tío; peor teño que estar eu - o rapaz inmaduro

sub

- É que o ten ben merecido, ese tío é gilipollas - o dependente
- Mira, eu, como se vaia da lingua, desenténdome de todo; digo que non sabía nada e que el andivo nas miñas cousas, non a vou pringar porque ese retrasado se vaia de guai - o rapaz inmaduro
- Non te pases, algo temos que facer - o dependente
- ¿Facer? que aprenda a te-la boca pechada, se se quería tirar a unha tía que fose de putas - o rapaz inmaduro
- ¿Cres que o ficharán? - o dependente
- Que van fichar, en canto lle pregunten e vexan que non ten nin puta idea de nada déixano, do que teño medo é de que largue o da emisora - o rapaz inmaduro
- Xa sabes como é - o dependente
- Claro que o sei; non, se a culpa é toda miña por non saber estar calado, non sei porque volo contei todo - o rapaz inmaduro
- ¡Eil a min non me metas, que eu nin palabra - o dependente
- Mira, tarde ou cedo han vir por aquí - o rapaz inmaduro
- ¿E que? - o dependente
- ¿E que? ¿non lembras que unha das emisións a fixemos aquí? - o rapaz inmaduro
- ¡Hostial - o dependente
- Vannos empapelar a todos, que cho digo eu - o rapaz inmaduro
- Ó mellor é o que dis ti, cando vexan que non ten nin idea pasan del - o dependente
- Xa; pero xa os orientou, porque dalgún sitio o tivo que sacar, ademáis seguro que se vai da lingua, que cho digo eu - o rapaz inmaduro
- Sabendo como é - o dependente

Falaban con toda tranquilidade, para min que nin se decataban de que eu aínda estaba alí, ou que pensaban que estaba xorda

- ¿Onde o teñen? - o rapaz inmaduro
- Súa nai dixo que en Elviña - o dependente
- ¿Como está? - o rapaz inmaduro
- Mal, o seu neniño... miña nai bótame a culpa a min, di que o enleei e que lle botei as culpas a el - o dependente
- Non jodas - o rapaz inmaduro
- Xa - o dependente

E doulles a risa tonta

- Tes que recoñecer que a tía estaba de primeira - o dependente
- Si que estaba, razón de máis para mosquearse - o rapaz inmaduro
- Algo xa sabían, se non ¿que andaban facendo alí? - o dependente
- Que van saber, andarán rastreando todo, a ver que pescan - o rapaz inmaduro
- Pois a esa ascéndena - o dependente
- Meréceo, foi buscar ó parvo do lugar e manexouno ó seu antollo - o rapaz inmaduro
- A min tamén me pode manexar o que queira - o dependente
- E a min, con decirche que case me dan ganas de entregarme se me cachea ela - o rapaz inmaduro
- ¿Que imos facer? - o dependente

sub

- Ti decir que non sabes nada, ¿que vas facer? non vas perde-lo traballo por enriba. E eu xa verei, se non o soltan mañán irei por alí e contareille-lo da emisora
- o rapaz inmadrado
- E o da mensaxe misteriosa - o dependente
- Non sei, pódenme acusar de cómplice, aínda que eu non sabía de que ía o rolo - o rapaz inmadrado
- ¡Joder, tío! ¡sabías que normal non era!, ou polo menos a segunda vez si que o sabías - o dependente
- Xa; pero non me podes negar que foi emocionante. Non sei, igual o digo, eu intentei saber quen a mandara e non o dei localizado - o rapaz inmadrado
- Pero eles si o van facer - o dependente
- Pois que pague quen sexa, ó final utilízoume, ¿non? pois eso tamén ten un prezo
- o rapaz inmadrado
- Máis ben, deixácheste utilizar - o dependente
- Non sei que che diga, seguro que é alguén que me coñece e sabe o curioso que son - o rapaz inmadrado
- Alguén que te coñece fíxo, ¿se non como sabía o da emisora? - o dependente

E de repente un silencio, doume a impresión de que me miraban, non erguín a cabeza, seguín có que estaba por disimular, intentando ver de esguello o que facían. E cós nervios tirei o bolso, ó recollelo vin que estaban na porta mirando cara fora, non sei que habería alí, non falaban. Metéronse dentro e canda eles entrou outro.

- ¿Que? - o dependente
- De momento nada, non me deixaron falar con él, quedaron alí os pais a ver, dixeron que me chamaban cando soubesen algo - o outro
- ¿Aínda o están interrogando? - o rapaz inmadrado
- Non sei, nin o vin, creo que falou seu pai con el; pero non quixo decir nada diante de min - o outro
- ¡Joder, joder joder! - o rapaz inmadrado
- Mirade, se sabedes algo mellor que o digades canto antes - o outro
- Xa che dixemos que non tiñamos nin idea da historia esa, para min que o inventou todo para ligar ca tipa aquela - o dependente
- Que o inventou está claro, ben sei como é; pero a min dame que vós sabedes máis do que decides e se sodes un pouco homes ides e botádeslle unha man - o outro
- Mira, Rafa está onde está por fanfarrón, nós non lle temos culpa - o rapaz inmadrado
- O que queirades, eu marcho aló vós ca vosa conciencia - o outro mentras sae

Pareceume un bo momento para erguerme e marchar.

- ¡Joder! - o rapaz inmadrado
- Tranquilo tío, ti nin palabra, el non sabe nada, o das emisións só o sabemos ti e máis eu - o dependente
- E quen me mandou a mensaxe - o rapaz inmadrado

Achegueime ó mostrador; pero non pareceu importarlles, e mentres miraba o ordenador para cobrarame seguían ca conversa:

sub

- El está onde está por bocas, que se apañe; non vas pagar ti pola súa culpa. Fixémo-lo por diversión e en canto nos decatamos do que era paramos ¿non? - o dependente
- Si; pero eso non me fai sentir mellor - o rapaz inmaduro
- Son trescentas - dime o dependente
- Gracias, ata logo - eu
- Moitas gracias, deica logo - dime

"Mañán, se non sae vou por alí" foi o último que escoitei ó saír pola porta e doume voltas e máis voltas na cabeza ¿para que ía ir por alí?, non fixera nada, en realidade case lle obrigara, eu sabía perfectamente... utilizárao. Pobres rapaces, non podía deixar que fichasen a aqueles crios, futuros xenios, o susto xa o levaran, agora habían ter máis sentidoño. Eles aprenderan a súa lección. Tocábame a min aprende-la miña. Apurei tanto como puíden en chegar á casa, metínme na habitación e fíxen unha copia do anuncio e metino no bolso.

- Mamá, marchó, veño tarde - eu
- ¿Saes hoxe? - mamá mentres eu pechaba a porta

Baixei a cen, asaltei un taxi que pasaba pola rúa e fun á comisaría. Nunca estivera alí, coleime pola primeira porta que vin aberta. Non se vía a ninguén sen embargo sentíase que había xente, vin luz e fun cara ela, entrei, ninguén me fixo caso, aquel debía se-lo lugar adecuado se non me botaban fóra sería por algo. Preguntei nun mostrador que había na entrada e que era de supoñer que sería o de información.

- Desculpe, viña por un rapaz que teñen aquí - como dixeran que se chamaba, aí si
- que se chama Rafael
- ¿Rafael e que máis? aquí hai moita xente - dixo o axente moi serio, incluso se podería decir que borde
- Non sei que máis, é por algo relacionado có da tele - eu
- ¿Có da tele, eh? - o axente
- Debe se-lo que leva Andrea - dille outro en voz baixa
- Moi ben, ese caso lévao a axente Louzado; pero está ocupada nestes momentos e non a podemos molestar, agarde aquí un momento - érguese e vai cara o fondo da sala, torce por un pasillo e pérdoo de vista

Na sala había un montón de mesas cheas de papeis, ordenadores, non se vía case xente; andarían vixiando e protexendo por aí adiante, en certo xeito era tranquilizador.

- Mire, atenderana os meus compañeiros - dixo sinalando a un grupo que estaba ó pé da fiestra, agora a súa voz era máis amable

Mentres me dirixía cara eles o de información berra detrás de min.

- ¡Por favor! ¿podedes atender á señorita? - o axente

Nin se inmutaron, seguiron ca conversa, ó seu. Achegueime a mesa, eles van virando a cabeza cun certo aire indiferente agás un deles que se me queda mirando coma se acabase de ver á cousa máis maravillosa do mundo. Era alto, moreno, bastanta forte; levaba unha camisa branca de manga longa remangada

sub

ata medio brazo, e uns pantalóns azul marino; era un tipo grande. Se non estivese tan nerviosa daría a volta para comprobar se de verdade me estaba mirando a min, en realidade era moi agradable, estábame derretendo. Sentíame coma se fose unha supertopmodel, bueno, supoño que se sentirán así. Nun momento que desviei a mirada, porque xa me parecía que me estaba puteando, vin ó seu compañeiro reaccionando coma se de súpeto se decatase de quen era eu e volveuse para evitar rirse na miña cara; de pouco lle serviu porque a reacción foi en cadea e ó resto púxoselles esa cara que teñen os chulos de discoteca, que se cren os reis do mundo. O da camisa branca achegouse, seguía có seu sorriso engaiolador e con aquela mirada, que para min que a poñía para desconcertar, porque non era normal.

- ¿Dígame? - el con voz profunda de "en que che podo axudar, guapa"

- Ven polo do rapaz que ten Andrea retido - di o de información desde a entrada

¡Quen tal lle dixó! cambioulle a cara completamente, cravoume os ollos ata o máis profundo da alma con rabia; púxoselle unha cara de mala hostia que acojonaba. Os compañeiros estaban tirados polo chan ca risa, cousa que o alterou aínda máis, botóuseme enriba coma se me fose comer, menos mal que había unha mesa polo medio.

- ¿E que? - dixó en ton repulsivo - ¿tamén nos vas contar que é moi bo rapaz e que non fixo nada?

- Seguro que estaba con ela no momento dos feitos - di o de atrás

- Si, ¿e que estarían facendo? - di el realmente desagradable - seguro que son noivos formais

- Coma as outras sete que viñeron antes - di outro morto ca risa

- ¿E non será moi novo para ti? - di el

- Ó mellor gústanlle noviños - di outro case tocando o chan

- É certo, a ti gústanche novos - di el con seguridade

Falaban e falaban e non me deixaban nin decir palabra, mirei desesperada cara o de información e vin como baixaba a cabeza, estes seguían có cachondeo. O da camisa branca estíbese poñendo realmente noxento, si esa é a palabra. Veume ben, porque entrara alí con medo; pero a actitude do servizo público tocoume a moral de tal xeito que me devolveu a seguridade e de que maneira. Metín a man no bolso, saquei o disquete e púxeno entre a cara do tipo e a miña, supuxen que ese sería un bo lugar para que o vise.

- ¿Que é isto? - dixó extendendo a man para collelo

Arredei o disquete e mireino fixamente moi cabreada, tanto que incluso notei un certo arrepentimento no seu rostro. Botouse para atrás, os compañeiros calaran e estaban atentos ós movementos do camisa branca das narices. Miroume, xa se lle fora o desprezo do ollar e volveu preguntar:

- Dime, ¿a que viñeches? - esta vez ca voz doce do principio

Agardei a ter toda a súa atención e con toda a chulería da que puiden botar man.

-Vin deciros que o rapaz ese que tedes retido non fixo nada. Veño - seguín - porque é a verdade, non porque pense que é un encanto de rapaz, xa que teño

sub

entendido que é un cretino; tampouco veño porque estea enrollada con él; nin porque me gusten noviños, entre moitas cousas porque a vós non vos importa o que me guste ou me deixe de gustar - parei para coller aire  
- Eso depende - di un

O da camisa branca mirao e o outro cala

-Vin - sigo - porque quero que o soltedes  
- ¿Ai si? - di o da camisa branca - ¿e eso por?  
- Pois, por todo o que acabo de decir e ademáis porque a persoa que buscades son eu

Ós que estaban detrás volveulles dá-la risa e o da camisa branca miroume con ese ollar perdoavidas que poñen os homes cando pensan que o teñen todo controlado.

- ¿Así que es ti? - o da camisa branca  
- Si - eu  
- ¿Si? - o da camisa branca, aquí o ton xa soaba a cachondeo

Collín o disquete e tireino enriba da mesa

- ¿Que é? - el  
- A proba de que son eu e non el - eu  
- Haberá que velo, daquela - di el mirando ós compañeiros, e en voz ben alta - haberá que pasalo polo antivirus - coma se eu fose unha terrorista informática, e dalle o disco a un dos que estaba sentado e el sigue mirando para min, estudiándome.

Miran o que hai no disco e fan unha chamada, o da camisa branca ven cara min, e dime moi profesional

- Ven conmigo - el

Detrás de nós ven outro, o cachondo mental, fomos para unha habitación, había unha mesa grande e varias sillas; non había o espello que sae nas películas; pero había cámaras. Eu estaba toda entretida observando cada detalle, creo que non asimilaba a situación.

- Vai avisar a Louzado - dille o de branco ó outro

Quedamos sós, sinaloume a silla convidándome a sentar. Agora a súa mirada era a de alguén esgotado, parecía desexar rematar canto antes. Agardou a que me sentara, colliu unha silla e sentouse bastante preto, case pegado a min.

- Esto non é un xogo - dime en voz baixa - está moi ben que queiras axudar a ese rapaz; pero o que dis que fixeches é un delito moi grave ¿sábelo?  
- Si - dixen eu, sen saber moi ben a que viña aquilo  
- Estás a tempo de rectificar - el

Mireino sen saber se estaba trantando de axudarme ou tendéndome unha trampa, nestes casos o mellor é deci-la verdade e facer únicamente o que unha cre, pasando de almas caritativas.

sub

- Non quero rectificar - dixen con firmeza

El ergueuse decepcionado e foise cara a porta, cando a abriu apareceu a famosa Andrea. A verdade, si era tan guapa como decían, aínda que parecía que non durmira moito últimamente, eso tamén lle pasaba ós outros. Detrás dela entrou o impresentable, tiña a sensación de que se ría de min. Tampouco era que os outros me tomasen moito máis en serio.

- ¿Que hai? - di o de branco

- Que hai Campos - di ela sorrinte - ¿que temos aquí?

- Aquí a "señorita" di que foi ela, que o rapaz é inocente e ademáis tróuxonos un disquete un tanto - o de branco

- Si, xa o vin - interrompe ela - ¿e pódese saber como te chamas? - dirixíndose a min - ¿a que esto aínda non cho preguntaran aquí os meus compañeiros? - e mirou cara eles censurándoos

- Berta, chámome Berta - eu

- ¿A que non o sabíades? - mirándoos de novo - sabes, as veces esquécelles que son persoas - di con voz cómplice

- Non creas - di o petardo - aquí Campos sabe moitas cousas, ó mellor xa o sabia - rindo

- Campos, Campos, ¿que imos facer contigo? - di ela

- ¡Deixádeme en paz! - el - temos cousas máis importantes das que ocuparnos agora - outra vez con ese toniño

- Tes razón - ela - mira Berta, se é certo o que dis a cousa vai ir do seguinte xeito, primeiro vas facer unha chamada a quen queiras, despois buscaremos un avogado, un que coñezas ou un de oficio, tomarémosche declaración e a ver que pasa. Aínda non che lemo-los dereitos, polo que non teremos en conta nada do que dixeches ata o momento, así que se te queres retractar de algo ou de todo aínda estás a tempo.

O de branco, o tal Campos, mirábame fixamente, suplicando, como se desexase que dixese que todo fora unha broma.

- Pénsao ben - di ela - se queres saímos, tranquilizaste e despois falamos, Santi - dille ó noxento - traélle algo, queres algo de beber, un café - a tipa era agradable de verdade

- Non gracias, non quero nada - eu

- Moi ben, deixámoste - Andrea

- Non, non fai falta - eu

- ¿Seguro? - di Campos

- Xa cho dixen antes - e os outros dous miran cara el estrañados - e repitoo agora, fun eu. Supoño que xa soltariades ó rapaz

- Non, aínda, non - di ela

- ¿Como? - eu nerviosa

- Comprende que temos que verificar se nos estás tomando o pelo - Andrea

- A ver se nos entendemos dunha vez - dixen eu armándome de paciencia - fun eu a que realizou esa "maniobra", vamos que fun eu a que manipulou a emisión dos partidos, trouxen o disquete do que me servín, e non creo que haxa outra forma mellor de demostralo. De calquera xeito é máis do que ides ter nunca, e ademais se tedes un pouco de cerebro saberedes que o rapaz estaba fanfarroneando, nunca na miña vida o vin diante, nin sei como é; pero supoño que non será moi difícil ver se está mentindo - có ton un pouco alto

sub

- Dacordo - di Andrea - supoñamos que todos sabemos que o rapaz non ten moita idea de que vai esto; pero terás que reconecer que algunha tiña, porque este non é un tema que saia precisamente na primeira plana dos xornais
- Ai non? - eu arqueando a cella
- ¿E que pasa - di Campos - ti es Deus, ou que?
- ¿Perdón? - digo eu sen saber de que vai
- Que se es Deus - repite el achegándose - ou como explicas senón que saibas que ó rapaz lle gustaba Andrea; falas coma se o presenciases todo e non lembro verte no lugar dos feitos
- Teño poderes - non o podo crer, saíume sen pensar, vaia situación para vir cas miñas tonterías
- Eso estivo ben - di o tal Santi - polo menos ten sentido do humor
- Cala tío, esto non é unha coña - Campos - moi graciosa
- Déixao, se non o sabía ela acábasllo de contar ti - Andrea - a rapaza éche lista
- Vamos, Andrea, claro que o sabía, ¿e non serás ti - volvendo a min - a que o estás inventando todo?
- Si, para ligar contigo - Santi - non me digas máis - rindo
- Home - Andrea - caso pechado, o das emisións era a tapadeira dunha banda de seductores de policías - cachondeándose do de branco
- Sexamos realistas, o máis probable é que o escoitase todo nalgún ciber; pero mirade que pinta ten - Campos
- ¿Que me vas decir, que porque che pareza a personificación da inocencia non puido ser? - Andrea - ela di que foi, e saberáo mellor ca ninguén
- Bueno, se non vos importa - eu - gustaríame rematar con esto canto antes, que soltedes ó rapaz dunha vez para que poida seguir ca súa vida e non angustiar máis á súa familia
- As súas ordes maxestade - Campos, có seu encanto
- Xa che expliquei como funcionaban as cousas, ¿non? - Andrea firme
- Si; pero agora vouche explicar eu cómo vai funcionar esto - mi madriña, cando me poño... - ides soltar ó rapaz agora mesmo, eu firmo unha declaración que vou escribir en canto me deixedes un papel e un bolígrafo e retamará todo
- ¿E pensas ir ó cárcere así, sen máis? - Andrea
- Non, non penso ir ó cárcere - e quedei tan ancha

Campos saiu da habitación a toda prêsa, para min que lle dou algo e precisaba reanimación; Santi saiu detrás del porque, o pobre, non daba aguantado ca risa; comezaba a caerme ben, era un cachondo mental. E Andrea miroume decíndome que me pasara de chula, creo que deixei de caerlle en gracia, erguiuse e marchou pechando a porta tras dela. Quedei soa, pensando no que dixera, en que non ía ir ó cárcere, non sabía moi ben como; pero xa se me ocorrería algo.

## Capítulo 7

- ¿Pero a ti que che pasa? - Louzado - primeiro tratas de influir na testemuña, agora marchas sen máis, tío este caso é meu, aquí faise o que eu digo, e teño a impresión de que estás indo un pouco por libre - fai unha pausa e mira para Santi - e ti para de rir dunha puta vez, que xa me tes farta ¿pódese saber que che fai tanta gracia?

sub

- ¿Non sabes quen é a tipa esa? - Santi, mirando para min
- Non, ¿quen é? - Andrea
- ¿Pero non a recoñeces? - Santi
- Non, ¿é famosa ou algo? - mira para Santi - ¡hostia! esa é - e escacha ca risa
- ¡Parade dunha vez! - eu
- ¿Os demais sábano? - Andrea
- Deixádeme en paz - eu
- Claro que o saben, a tipa presentouse aí diante de todos co disquete na man, este case lle vai á chepa - Santi
- Joder, tío, esto avísase; e eu aguantando ó niñato - Andrea

Marchei, saín fóra fumar un pitillo, xa non aguantaba máis.

Lembro a primeira vez que a vin coma se fose hoxe. Seguro que xa a vira antes, a cidade non é tan grande e nós pateámola bastante. Aquel día tamén me pasaría desapercibida se non fose pola reacción tan estraña que tivo. Todo o mundo paseaba tranquilamente, mirando escaparates uns, correndo detrás dos nenos outros, paseando o can, os dos cans moita guerra dan, xente que ía e viña, un día tranquilo; precisábamolo, lévabamos un tempo algo alterados, con cen ollos por ver algo sospeitoso. Santi, o meu compañeiro, ía falando, non sei como se arregla; pero sempre ten algo divertido que contar; xa pode ser que ceou ensaladilla, que o fai con tal gracia que te partes, non sei como o aguanta a súa muller, está seguido de carallada, é imposible falar en serio con él, aínda que é un profesional, no traballo é moi estricto. El falaba, eu ía observando, de súpeto alguén cambiou de sentido bruscamente, era ela; chamoume a atención porque viña de fronte, foi coma se nos vise e tratara de agacharse; volveu para atrás e quedou mirando fixamente un escaparate. Santi tamén se decatara da manobra, non sabíamos quen era, tiña un aspecto corrente, botas de montaña, vaqueros, un abrigo bastante gordo; a verdade é que tampouco facía tanto frío. Mirámonos e decidimos agardar onde estábamos, por se trataba de evitarnos, ó fin non ía poder estar moito tempo aí mirando. Non sabíamo-lo que estaba mirando; pero facíao con moito interese, era imposible que estivese disimulando, daba unha volta e outra, coma se tratase de ve-lo que fose desde toda-las perspectivas posibles. Nos agardando. Cando rematou o estudio, seguiu o seu camiño e veu cara nós, traía a cara de quen acaba de ve-la octava maravilla; debo confesar que me tardaba chegar á tenda e ver que carallo había tan interesante naquel escaparate, un trapo calquera, seguro, estas mulleres sempre pensando no mesmo. Conforme se achegaba o abrigo parecía máis esaxerado, ela estaba branca, moi branca, polo anaco de cara que se lle vía, e tiña o nariz vermello, cando estaba á nosa altura sacou as mans dos petos e soou o nariz, cubrindo toda a cara. A verdade, non sabíamos se trataba de ocultarse; pero se o fíxese a propósito non lle había saír mellor.

- ¿Que che parece? - díxenlle a Santi
- Home, non é precisamente o me tipo - Santi
- ¡Joder, Santi! - eu
- Era coña tío, ¿seguímola un anaco a ver que fai? - Santi
- Si, mellor será - eu

Pero cando tratamos de vela entre a multitude, desaparecera; dounos moi mala espiña e comezamos a andar rúa abaixo, mirando dun lado ó outro, non poidera desaparecer tan rápido, entramos nun par de cafeterías e tampouco estaba. Aquela

sub

noite non peguei ollo, se pasaba algo, se o poidera evitar, aínda non podía entender onde se metera, como nola poidera xogar daquela maneira. De camiño á casa Santi non paraba de decirme que seguramente fora impresión nosa, que non había ser ninguén. Tal era a angustia que no medio da noite chamei ó meu xefe para contarllo, mandoume á merda e díxome que non se me ocorrera volverlle ir cas miñas comeduras de tarro a esas horas da noite no que me quedaba de vida. Así que se o meu xefe non se preocupaba, que cobraba para iso, menos me ía preocupar eu, e conseguín durmir unhas horas. Ó día seguinte tocouno-la mesma ruta, andábamos á que saltaba, Santi decía que non pasaba nada, todo tranquilo; pero pilleino máis dunha vez cravándolle a mirada a rapazas que cumprían ca descripción dela. Lembrei que non fora mira-lo que había naquel escaparate e ó pasar por diante parei, estaba visto, un vestido, era dunha cor parecida ó vermello e deses con pedriñas que custan un ollo da cara, nin sequera tiña o prezo posto, así que xa un se imaxinaba; alegreime de non ter moza, porque se se me para diante dun escaparate destes, dame algo. Non lle pegaba moito co seu estilo, ela era máis ben, como decilo sen faltar, marimacho, salvábase que era delgada e aínda disimulaba algo. Claro que estas tías dan moitas sorpresas, ó mellor non lle sentaba mal o vestidoño, seguro que é deses que fan milagres cós monstriños.

- Non insistas máis cariño, non che vou merca-lo vestido - di Santi botándome a man á cabeza - xa che dixen que non, ademáis esa cor non che vai  
- ¡Ai meu amor! - dixen eu seguíndolle a coña, con voz de nena - mércamo, non sexas malo, veña meu repoliño  
- Non, non insistas - seguía el - xa che dixen que non - tratando de facerme xira-la cabeza ca man - non fas máis ca pedir, xa está ben

Case morro ca vergoña, eu con estas mariconadas e ó meu lado estaba ela, ergueu levemente a cabeza e marchou rindo. Non estaba tan branca, seguro que se estaba partindo o cú á nosa conta, e o Santi, que cabronazo; seguina ca mirada, o modelíño era o mesmo do día anterior, non era moi alta, pero tiña as pernas longas, había estar boa e todo.

- Estás feito un lince, rapaz - dime Santi - tela ó lado e nin te decatás  
- Xúroche que nin a oín - eu  
- Agora entendo eso dun vestido que quita os sentidos, eu sempre pensei que era polo prezo; pero xa vexo que non - Santi  
- Bonito é - eu  
- Non me veñas con caralladas, que xa che dixen que non cho mercaba - Santi

E non mo mercou o moi cabrón. Cambiamos de ruta por uns días e cando volvemos o vestido xa non estaba; había outro no seu sitio, un negro, aquel non tiña nada de especial, mireino detidamente, non sei se esperando que ela volvese a aparecer ó meu carón. Pero non apareceu, nin nos días seguintes que pasamos por alí; igual non lle gustaba o vestido novo. Tampouco era tanta cousa, e non sei porque as veces paraba diante do escaparate para vela. Santi non decía nada; pero ben me vía, e soltaba picadas e andaba con contos cós rapaces de que estaba namorado, chorando polas esquinas por culpa dunha dama misteriosa e cando lle preguntaban pola descripción da susodita viñan as coñas, con decir que era baixa, empacuetada ata as orellas e máis sosa co pan sen sal, non tiña dabondo; senón que de cada vez aumentaba un defecto. A pobre chegou a mounstro en pouco tempo, a min as coñas do outro facíanme gracia, partíamono-lo cú nas horas mortas a conta da rapaza. Sen embargo, en lugar de aborrecela cada vez funlle

sub

collendo máis cariño, e creo que os demais tamén; había unha especie de xogo segredo, buscando a Wally coma quen di, e cando nos xuntábamnos comparábamnos posibles descripcións para ver quen dera con ela. En realidade a idea que proxectáramos era bastante distinta da real, có que podía aparecer calquera cousa, ademais era dun tipo bastante común. Moito me putearon, chegaron a traerme unha rosa vermella cunha nota firmada pola "moza misteriosa" e se me despistaba por calquera razón xa viñan có namoramento, eso sen dúbida fíxome estar á que saltaba; porque chegou un momento no que o xogo deixou de facerme gracia, e canto máis me cabreaba máis agudos se poñían. Aquelo trascendeu do noso grupiño e pronto todo o departamento estaba no allo, a presión facíase cada vez maior, dacordo en que tampouco era algo tan importante coma para preocuparse, moitas veces llo fíxéramos a outros; a que lle caíu a Andrea a noite da despedida de solteira foi criminal, case non mata a todos. Santi era o armadanzas, non sei como se apañaba para sacarlle punta a todo e cando non era un a vítima pasábase de medo. As bromas eran divertidas, o que me fastidiaba era que a ansiedade por volvela ver era cada vez maior e eles non facían máis que aumentala.

Pasou algún tempo ata que a volvin ver, nin sequera estaba de servicio, fora correr ó paseo. Notárame en baixa forma; desde que viñera pasara bastante do exercicio físico, nese sentido quero decir, e xa case se podía decir que estaba fondón. Correr e fumar son incompatibles e este último era máis forte que o primeiro; pero decidira intercambiar-las doses, menos de tabaco e un pouco máis de exercicio. O do ximnasio era un coñazo, prefería saír correr; ademais, no paseo sempre hai mellores vistas... Era o primeiro día e notábase, estaba feito unha merda; tratei de aguantar, estaba empapado en suor e o alento non me alcanzaba, nun momento de lucidez dei parado e non foi mala idea porque tiña as pulsacións ó limite; por mante-lo tipo non me tirei alí no medio e medio, que era o que realmente me pedía o corpo. Logrei controlarme e comecei a andar en círculos para non enfriar e coller aire, relaxarme e volver en min; pouco a pouco comezou a flui-lo sangue de novo, fun cara a varanda e apoíeme na pose máis digna que o meu estado me permitía, miraba á xente que ía e viña. Vina de lonxe, os ollos foron sós cara ela, ás veces pensaba que se a volvíu ver nin sequera a recoñecería, non a vira moi ben; pero estaba seguro era ela, viña andando moi a modo, ca mirada perdida, moi seria, tiña a pinta de morder ó primeiro que se lle cruzara no camiño, mesmo pensei que ía largar dunha patada ó can aquel, e máis non o fixo, chantóuselle alí diante mirándoa e ela sorprendida regalalle o mellor dos seus sorrisos e cédelle o paso, era das que lle gustaban os cans, vaía por Deus. Parecía outra cando sorría, viñalle á vida á cara. Dou volta e eu esperei antes de correr detrás dela, de comezar a correr de novo, quero decir; por dous motivos fundamentalmente, por ver se vía por onde se metía e para que me vise en plenas facultades, non había necesidade ningunha de que me dese un achaque diante dela, digo eu. Cando lle adiantei ela aínda seguía polo paseo e a min xa se me estaba facendo demasiado tarde para poñerme de vixiancia. Decidín ir para casa e que xa a vería se cadraba, e se non mellor, unha que babea polos cans non era precisamente o meu concepto de muller ideal, a min, como decilo, gústabanme un pouco máis maduras, esta tipa tiña un aire infantil que me resultaba repulso, vestía coma se tivese quince anos e notábaselle ben que pasaba dos vintacinco.

Non dixen nada; pero Santi caloume de seguido.

- Moi contento te vexo hoxe, ¿seica o exercicio fixo milagres? - Santi

sub

- Si - dixen eu tratando de conterme, estaba desexando contarlle que a vira; ¿pero por que me gustaría?  
- ¿E esas olleiras? - Santi  
- Non durmín moi ben - eu  
- Hummm - Santi  
- ¿Que hai para hoxe? - eu  
- Nada que enseñes as pernas e ligas, ¿eh cabrón? - Santi  
- Non liguei - eu  
- ¿Non? - Santi  
- Onte, non - eu deixando as cousas claras - ou polo menos que eu me decatase  
- Claro, ti para as que se desmaian nin miras - Santi  
- Gústame con un pouco de aguante - eu  
- Xa, daquela ese sorriso ¿qué? - Santi  
- ¿Que, de que? - eu  
- ¿Que a que ven ese sorriso? tes un baixón de azucre ou que, andas lento hoxe - para, mírame - ¡home! seica apareceu a dama misteriosa....  
- Vai rascala Santi - dixen facéndolle acenos para que baixase o volume  
- Rapaces, comezamo-lo día con bo pé, apareceu a sosaña - Santi  
- ¡Non jodas!!! - Louzado - por eso viñas tan contento, cabronazo  
- Escóitase música de violíns - Avendaño - ¡que romántico...!  
- ¿Como foi? - Santi - cóntanos  
- Ide á merda todos, que vos dean - e metín a cabeza nos papeis, esperando a que escampase

Pero non escampou, dalle para aquí e para acolá, sacarónlle punta a todo o que puideron, en realidade non me molestaba, as compañeiras poñíanse moi cariñosas, como eso de "estar namorado"; malo sería que non caese algo.

Cando quedamos sós, Santi non facía máis que mirar para min, a ver se lle contaba algo

- ¡Para, joder!, que non hai nada que contar - eu  
- ¿Iria máis lixeira de roupa polo menos, non? - Santi  
- Algo máis si - eu  
- Humm, ¿de vaqueros? - Santi  
- Si, e de botas - eu  
- ¿E? - Santi  
- Unha chaqueta de lan e non sei que máis , levábaa pechada - eu  
- ¿Botaríaslle unha desas miradiñas túas, non? - Santi  
- Nin me viu, con decirche que no único no que se fixou foi nun puto can - eu  
- Que manía lle tes ós cans - Santi

O plan de ligar por sensible non dou resultado, nin unha, ¡manda carallo!. Tanto aguanta-los vaciles para nada; ó chega-la fin de semana non tiña plan, contaba con ter de sobra e nin me molestara e en colle-la axenda. E o resultado foi que aquel venres, que por enriba tiña libre, andaba ca cara longa, poderíase decir con cara de can; pero xa é de máis. Quedei cós colegas para saír, ca esperanza de que me alegrasen a noite; con eles, polo menos, alónxabame do tema de moda, porque me coidara moi moito de non decir nin palabara, xa me chegaba aguantar ós outros. A noite non estaba indo mal de todo, dixéralles que non estaba de moi boa xera así que Xosé, que é un colega cojonudo, arrastroume a Latino, sempre acabamos alí para cura-la depresión e eso que poucas veces comemos unha rosca,

algún baile, eso si. No-los dous apalancados na barra, mirando como bailaba o resto e aquí entra a rapaciña dos meus ollos; viña con máis xente, xente que non lle pegaba, os outros parecían vivir máis dacordo ca súa idade, ela non, nin pola noite. Seguro que non depilara as pernas, estábame poñendo de peor humor, seguro que vai vivir na casa dos pais ata os corenta, ou ata que a herde, nin traballo terá, sempre a anda de paseo toda despreocupada. O que me jodía era que me gustaba igual. Puxéronse a bailar, ó primeiro todos xuntos e despois pouco a pouco fóronse emparellando, ela non tiña parella, boa cousa; bailou un par de pezas cun tipo que tiñan ó lado e que non perdeu nin un minuto en canto a viu soa. Non bailaba mal de todo, o tío era un profesional, parecía que se coñecían, víanse moi compenetrados. Xosé estaba de ligue có bombón que tiña ó lado e eu achegueime máis cara onde estaba ela, non sei sequera se tiña pensado bailar, moito non me apetecía; pero sentía certa "envexa" do tipo que bailaba con ela; home, está mal que o diga, pero eu tamén bailo moi pero que moi ben. Nunha das voltas perdeu o equilibrio e tropezou conmigo; por enriba borracha, eso non llo aguanto eu a unha tía. Virouse e cun sorriso de "son tan cándida e inocente" pediume perdón, faltoume pouco para ir vomitar, menos mal que os baños están como están e aguantei. Ela seguiu coma se nada, eu non parei de rosmar, hai que beber menos, xa tes idade para ter sentido, e todo o que se me pasou pola cabeza. Sentín a man de Xosé no lombo.

- ¿Seica ligaches ca muller invisible? - Xosé
- ¿Que? - eu
- ¡Que estás falando só! contásme o que che pasa, vaia noite que levas - Xosé
- Non me pasa nada, estou de malas; por min non te preocupes, se queres marchar - eu
- Quero - Xosé
- Pois veña, e pásao ben, cubre a miña parte tamén - eu
- ¡Non ho!, que se marchamos, no-los dous, que a tipa tiña mozo - Xosé
- ¡Joder! - eu
- Xa che digo, aquel de dous metros que me mira fixamente - Xosé
- Oes, para min que te mira un pouco mal - eu
- ¿Ti cres? - Xosé
- Pero home, non lle entrarías - eu
- Noooon, nin que me coñeceras - miroume con cara de cachondeo - xa tiña as chaves do coche na barra cando me ven este por detrás a poñerme as pilas
- ¿E ela non che dixera nada? - eu
- Igual si; pero non se escoitaba moi ben ca música tan alta - Xosé
- E có escote tan baixo... - eu
- Como estaba a ... - Xosé

Sáimos e andivemos de ronda; bueno, máis ben andábamos de caza, Xosé estaba un pouco salido, atopámonos có resto e fixemos festa nos sós. É raro que beba, en ocasións, nas bodas, funerais e todo eso, xa case o teño asociado á misa; pero ese día agarrei unha merenda de carallo, entre Xosé e Alex leváronme toma-lo aire do mar, a ver se me despexaba un pouco, polo menos para que dese lembrado onde aparcara o coche e ir durmilla a el. Veña a falarme e intentar que reaccionara, eu escoitábaos con total claridade; pero non daba feito bo das miñas cordas vocais, hai días así. Cando se cansaron de pasearme, que foi bastante pronto, non os culpo, só debo pesar uns vinte quilos máis ca eles, que cada un deles quero decir; aparcáronme nunha farola, eu agarreime ó seu pé como se me fose a vida nel, e eles mentres íanme soltando pouco a pouco por ver se me tiña en pé. Non tiveron

sub

sorte. Debiu ser algo que me sentou mal, tampouco bebera tanto. O que sempre che din, a falta de costume, que non ceaches ben. Fose o que fose estaba feito unha merda, menos mal que era Xosé, non me quero nin ver na mesma situación con Santi; eu agarrado á farola e el no chan partíndose á miña conta.

- ¡Rapaces! - Xosé - disimulade, aí ven unha tía, soa

Con toda a discrección, da que se pode dispor en tales circunstancias, miramos cara onde sinalaba. Era ela, porque a cara non lla vía moi ben; pero o estilo era inconfundible. Naquel momento alegreime de que non vestise coma as demais nos venres pola noite. Si era ela, da segunda volta fixeime mellor, dei apoiado nariz no escudo da farola e conseguín de estabilidade na observación. Despexieme de súpeto

- ¡Nin tocala!, é miña - saiu da miña gorxa obedecendo máis ó corazón que ó cerebro

- ¡Resucitaches, cabrón! - Alex

- O fillo de puta este, e despois chámame obseso a min, se chego a saber que con sarche a unha tía polos fuciños xa chegaba... - Xosé

Estaba chegando á nosa altura, eu xa case preparado para decirlle algo que fose un pouco máis agradable ca antes e aquel niño desgraciado pásalle a man polo ombreiro coma se fose súa. Pois non o era, cabrón arreda de aí. Pero se podía ser seu fillo, e por enriba os amiguiños felicitando á parella feliz, vouvos empapelar a todos. Esta tía era unha asaltacunas. ¿De onde sacara ó bebé?, se non había nin unha hora que a vira máis soa que a unha, para vestir santos, sen comer unha rosca. Esta vaíse con calquera, pensei. E un putón... e eu porque non me decidiría antes ó mellor agora estaría na camiña moi ben acompañado e non con estes , que son moi boa xente si; pero de momento aínda non me gustan para certas cousas. As tías son a hostia, vaia sorpresa me dou; eu pensando que era o estandarte do puritanismo e mira ti. E non sei que dixo o rapaz de que ían para casa... mulleres. Mira que se lle gustan novos, claro por eso nin se fixou en min; pois como a todas lles dea por aí, ¿que imos facer nós?. Teño que poñerme en forma, hei deixar de fumar, e nunca máis na vida vou volver beber. Estiven desbarrando algún tempo máis, ata que Alex me dou arrancado da farola e arrastrado a un taxi, deixáronme na casa; alí espertei o sábado.

Cando espertei, a parte da resaca de campionato, tiña unha tristura que non dei arrancado en todo o día, pola tarde chamoume Xosé, para ver se estaba, se volveira en min.

- ¿Como che vai? - Xosé

- Mal - eu

- Alégrome, eu teño as costas desfeitas de cargar contigo, e eso que tes ascensor - Xosé

- Non me rífes - eu

- Sigues de mal xenio, polo que vexo - Xosé

- Si - eu

- Veña, baixa e tomamos algo - Xosé

- ¿Tomamos que??? - dixeran eu mentres se me revolvío o estómago

- Un café, home, tranquilo; ou unha manzanilla se o prefires - Xosé

- Vale - eu

- ¿Baixas agora? - Xosé

sub

- Dame unha hora, hoxe as cousas vai moi a modo - eu
- Xa, aficionados... - Xosé

Despois de conseguir meterme na ducha e abri-la villa case controlaba todo-los meus movementos. Baixei e fun o café de sempre, Xosé estábame agardando, sabe Deus cantas horas chegaba tarde.

- Libraste de que non saímos xuntos, porque se non agora estaríache montando un número - Xosé
- Síntoo - dixen eu deixándome caer na silla
- A ver, home - di Xosé, con mirada de pai, desármame cando me mira así, decindo sóltao que te hei entender - vasmе contar dunha vez o que che pasa
- Non me pasa nada, só estou cabreado - eu
- ¿E por que? ¿voucho ter que sacar á forza?, o dos interrogatorios es ti - Xosé
- Por nada, é que as cousas non sempre saen como un espera - eu
- En realidade, case nunca saen como esperas e ó mellor eso é o máis interesante de todo - Xosé
- Corta o rolo - eu sen ganas
- Vale, ¿de que vai? - Xosé
- A tía aquela do paseo - eu
- ¡Coño! debeuche gustar ben, ¿lémbreste dela? estrañame que a vises, ías cego, tío - Xosé
- Xa a coñecía - eu
- Aínda así, ¿que pasa?¿gústache? - Xosé
- Máis ou menos - eu
- Non che fai caso - Xosé
- Só a coñezo de vista, nunca falei con ela, nin nada - eu
- Ai daquela - di él con sorna - non che fai caso porque aínda non te coñece
- Bo - eu
- Disque bo, comprende que non che dea consellos de como ligar, suponse que o experto es ti - Xosé
- Xa; pero o eternamente namorado es ti -eu
- ¿Estás namorado? non me vaciles - Xosé
- Eu que sei, non a dou sacado da cabeza e por enriba onte non - eu
- Non pensabas atopala e non preparaches un plan de ataque - Xosé
- Non, pensei que caería algunha compañeira - eu
- ¿E se che gustaba a outra como era que pensabas? - Xosé
- Porque por culpa da tipa esa todos me vacilan no traballo, e as tías pónense moi sensibles con esto do amor - eu
- Claro, pensaches que algunha se ofrecería a consolarte - Xosé
- Que queres que che diga - eu
- Tío que erro de cálculo; a todo esto, ¿a tía esa non era unha que estaba en Latino? - Xosé
- Si, ¿que pasa, a ti tamén che gusta? - dixen alterado
- Ei, tranquilo, tío - dixo rindo - tropezoou contigo e pouco máis e pégaslle
- ¿Vichelo? - eu
- Todoíño, se hai xuízo estás perdido - Xosé
- Joder, se podía aproveitar; pero é que me pon dos nervios. ¿E víchela con aquel crío? - eu
- A ese si que o coñezo - Xosé
- ¿Si? - dixen todo emocionado
- Xoga nun dos equipos de Xesús - Xosé

sub

- ¿Que me dis? - eu
- Vaia, vas recuperando o alento - Xosé
- ¿Ti cres que se enrollarian? - eu
- Se é un neno, seguramente son veciños ou aínda poida que sexa o irmán - Xosé
- É un pouco pequeno para ser seu irmán - eu
- ¿Cantos anos terá? - Xosé
- Dezasete ou dazaoito - eu
- Referíame a ela - Xosé
- Non sei, calcúlolle sobre os vintacinco - eu
- ¿Tantos? - Xosé
- Si, seguro, tenme cara de solteirona - eu
- Perdoa, ¿antes dixérasme que che gustaba ou que a odiabas a morte? - Xosé
- É certo - eu
- Home non sei, miña tía Mercedes é solteira, ten case setenta anos e non me atrevería a chamarlle solteirona; ademáis, se ma pos entre outras cinco non sabería distinguila polo seu estado civil; claro que non son un experto coma ti - Xosé
- A min parécemo, que lle vou facer - eu
- Pois ela foi moi ben acompañada para casa e ti - Xosé
- Eu tamén - eu
- Bueno, igual debín decir cama en lugar de casa - Xosé
- Eso si - eu
- ¿Es un pouco machista, non? Se che gusta fala con ela; pero trátaa coma unha persoa, tío; porque - Xosé
- Non o podo evitar, cando penso nela todo é moi idílico, tipo comedia romántica, ¿non sabes?, e en canto a teño preto altéraseme a neurona - eu
- Vaia, para unha que tes, saiu che rebelde - Xosé
- Ha ha, que simpático. Mira imos deixa-lo tema porque xa me está quentando - eu

Déralle tantas voltas á cabeza que quedei durmido sen problema; pero ó día seguinte erguinme mal, cun certo desacougo, andábame na cabeza o de que tivese mozo, ou o que era peor, que se enrollase con calquera, que non fose eu claro. Có tempo fun aceptando que era unha persoa coma outra, que non tiña porque ser como eu pensaba e que sería interesante coñecela algún día para ver como era realmente. Por un lado Santi que non paraba de comerme o tarro có "mira, mira alí vai", e por outro a Xosé que alucinaba có meu namoramento, non me deixaron esquncela. Pode parecer que son un insensible, e non, só que sempre procurei pasar un pouco do rolo sentimental e dá a impresión de que vexo ás mulleres coma un obxecto de pracer, Xosé diría que non só é unha impresión, ó mellor ten razón. O caso é que a vin algunha vez máis pola rúa; pero eu estaba ó meu e non lle puíden presta-la atención que o asunto requería; o traballo é o primeiro. Ós compañeiros fóselles esquncendo o tema e deixaron de tomarme o pelo, Santi seguía na súa liña; pero máis ou menos todo volviu á normalidade. Foi un momento de paz antes da treboada.

## Capítulo 8

Os rumores facíanse cada vez máis fortes e tivemos que mobilizarnos, xa houbera problemas uns anos antes. A verdade é que o perigo sempre está aí, non teño precisamente unha profesión das que deixan a un durmir tranquilo; sen embargo esto era distinto, a tensión callaba o aire; andábamos todos cós nervios de punta traballando sen descanso; ás veces tiña-la sensación de que todo era unha coña e de que era imposible que algo así ocorrese na cidade máis tranquila do universo. Máis tranquila, xa nos entendemos, que en todas partes se cocen fabas. Aquelo era distinto. Ó final obtivemo-la recompensa e volta á normalidade. Ou case. Despois comezouse a falar da manipulación dos medios, de non sei que lle pasaba ás retransmisións dos partidos de fútbol, caralladas eu non perdía unha e non notara nada raro. Santi decía que si, que sentía non sei que que lle facía quedar relaxado despois dos partidos, o comentario dou a volta ó mundo, non era para menos, a saber que facía este cara a televisión. Esa foi a do o desquite, queimeino a máis non poder, e o moi cabrón seguíame as coñas; é o bo que ten, nunca se enfada. Non deixaba de ser un tema de conversa coma o resto, ó final xa houbera un desmentido público, para min que era un bulo para joderlle o negocio das retransmisións a algunha cadea. Pero a teoría da manipulación deixou de ser pura teoría e convertiuse nunha realidade o día da final da liga, joder, vaia coña; aquilo non era normal, ata eu me sentía feliz porque ganaran eses tocapelotas, non o podía crer, eu.... ¿estaría cambiando de chaqueta?. Acojoneime, pensar que alguén estaba xogando có meu cerebro fíxome sentir espido, conteillo a Santi e tranquilizoume "ti non te preocupes que a ti nunca te van manipular", cando cres que che está chamando incorruptible, estache decindo que non tes cerebro.

sub

Na central xa debían levar tempo traballando no tema, aquel era un delito moi grave; non o podo crer, eu celebrei...hai que colgar ó culpable. Xa non se puido conte-la situación, non houbo escusa posible o día da firma do famoso convenio; aí non valía o da deportividade. Saltou a lebre e a nós comezáronnos a apreta-las caravillas; o sinal das supostas emisións procedía de aquí, cando nolo dixeron sentín unha punzada no corazón, lémbroo ben, unha sensación estraña. Puxemos baixo vixilancia calquera posible centro emisor, volvemos facer un rastreo, outro, aínda non había tanto do anterior, porta por porta a ver se atopábase algo. En realidade ninguén tiña unha idea moi clara do que buscábase, hoxe en día calquera un pouco listo pode intervir un sinal de televisión, listo e que entenda. Foi nunha desas vixancias, controlábase un dos cibers máis "activos" da cidade, alí cocíase de todo, non ata eses extremos; pero habíache un certo tráfico de información que nos podía resultar moi útil; foi onde a volví ver, xa había días que nin pensaba nela, estaba có da final de liga.

- Mira a princesiña - di Santi
- Hostia, e con modeloiño de vran – eu - non ten mal tipo ¿e non?
- Pode pasar - Santi

Non ía empacitada ata as orellas; pero aínda seguía tendo ese aspecto de spice deportista que decía moi pouco a favor da súa madurez. Entrou no ciber, era un deses que fan fotocopias, teñen cabinas de teléfono e conexión a internet, máis ben un locutorio. Saudárona coma se fose habitual, non faláron moito, o dependente sinaloulle os ordenadores e ela fixo un aceno ca cabeza e foise sentar. "O de sempre, Sam", esa parecía a conversa. Tardou bastante en saír, a min pareceume moito tempo, comenzou a apoderarse de min unha certa angustia, e aquel pinchazo no corazón outra vez. Pechei os ollos e recei, recei para que ese día non houbese emisións, para que aquilo fose unha casualidade, igual vivía preto, ou lle quedaba de paso, todo mundo se conecta a internet, eu teño pasado horas figoneando pola rede. Relaxeime, Santi estaba ó seu, nin se decatou da miña angustia, mellor.

- Aí che sae - Santi
- ¿Que? - eu
- A princesa, xa sae, acábase de erguer - Santi
- Ah, ¿fixo algo? ¿dixo algo? - preguntei desesperado
- ¿Quen? – Santi, sorprendido - ¿a rapaza? para min que debe ser muda, tes sorte
- Igual si - eu
- Non, mira acáballe de dá-las gracias ó dependente – para - mira ti que sorriso lle botou... vas ter que vixiala
- ¡Santi! - eu dos nervios, non sei para que lle contara que a vira con aquel tío, non paraba có dos cornos
- Tranquilo, vese que é unha rapaza agradable - e dío con ese ton pícaro que ten, ti esperame á saída que te vou poñer a andar
- Pero non eras ti o que decía que era sosa - eu
- Ninguén acerta sempre, rapaz - Santi

Pasamos alí todo o día e non atopamos nada fora do normal, ós compañeiros pasáralles máis ou menos o mesmo; os que andaban de "infiltrados" tiveron algo máis de sorte, esta xente non é capaz de falcela e calala, sempre lles acaba podendo a fachenda. Andrea ten un estilazo de primeira, é a mellor, ela coma se nada e deixa que as cousas vaian caendo sen darlles demasiada importancia, di

sub

que preguntar é limita-las respostas. Parecelle interesante un comentario que oiu nun café e quedamos en seguir có que estábamos a ver que pasaba. A pista de Andrea tería prioridade, porque era a única que tiña algo, así que fun con ela. Santi quedou só vixiando o ciber, total non había moito que facer. Eu estaba conectado, no da esquina estaba Manuel, e Andrea estaba nunha mesa tomando un café con Sonia, outra compañeira. Andrea dixera que un rapaz lle contara algo de que alí había madeira. Están ben estes sitios, hai ambiente de camaradería, todos se intercambian trucos, cousas que atopan, é coma unha feira, e ademais podo fumar con total liberdade sen a presión de que alguén que non fume me mire mal, quen máis quen menos dáballe ó tabaco, e a outras cousas; pero aquel non era o momento. Chegou o individuo en cuestión, acendéuselle a cara cando viu a Andrea, a verdade é que é un bollicao, ó rapaz caíalle a baba, ela lanzoulle unha desas miradiñas sensuais, que ata me fixo sentir celos. Sentouse con elas, Sonia ergueuse e veu sentarse ó meu carón, o tío con total confianza ponse a falar con Louzado coma se a coñecese de toda a vida; esta xuventude... Vin algunhas caras coñecidas, andan dun ciber noutro; había un grupo que debían ser amigos do colega de Andrea, miraban cara alí e facían bromas, recoñecin a actitude de seguido, facíamolo nós sempre cando algún ligaba; non maduramos nada.

A un sinal de Andrea erguémonos todos, o rapaz largara canto poido e máis, supoño que se quixo face-lo listo con Louzado, eso tamén se me fai coñecido. Marchamos moi discretamente, eu esquencera o tabaco e dei volta, entre as caras de desconcerto había unha de pavor, mireino fixamente e esquivoume, mal sinal, fun cara el e comezou a poñerse nervioso, notábaselle

- ¡Campos! - era Andrea - vamos

Fixenlle un aceno de "xa vou" e púxenme ó pé do elemento, case me fixo sentir culpable, ó pobre estáballe dando unha taquicardia, cando dou pisado có pé algo que tirara ó chan tranquilizouse. Achegueime máis, el contiña o alento

- ¿Que pasa? - Manuel

E aproveitando que miraba para Manuel o rapaz soltou o alento e xusto nese momento volvín a cara. Deus, case collo un colocón, tío controla. A Manuel doulle a risa, a min doume pena, esa non era a nosa guerra naquel momento, porque me pillou de boas; extendínlle a man e indiqueille que me dera o que tiña, sacou un paquete de papel con provisionís para un mes, ó meu xeito de ver, aínda que a este non sei se lle daría para tanto, metina nunha bolsa de plástico e pecheina. Supuxen que de momento era dabondo, ata que conseguise máis, unha especie de aviso, "ténote controlado rapaz". E marchamos coma os de Corrupción en Miami, ás veces pasámonos de guais.

O rapaz foi todo o camiño tonteando con Louzado, miraba para nós cun sorriso prepotente que pedía dúas labazadas. Por suposto que non o fixemos, era un niño. Andrea levouno para interrogalo, Manuel entrou con ela. Nós agardamos fóra por se había que saír, os demais seguían nos seus postos. Andrea saiu varias veces dos nervios. Manuel saiu tomar un café

- É un crío, o único que fai é tontear con Andrea, non solta prenda - Manuel

- Faise o duro, ¿eh? - eu

sub

- Xa veremos dentro dunhas horas, Andrea está perdendo a paciencia e sinceramente eu tamén - Manuel

- Apertádelle as chavellas dunha vez - dixeran mentres Manuel volvía a entrar

Sonia estaba mirando arquivos, era o seu, gustáballe máis o traballo de oficina; resultáballe moi interesante remexer en casos vellos, tiña mentalidade forense, xa o decía sempre. Eu daba voltas por ali. Xa eran as sete da tarde cando por fin se comezaron a move-las cousas

- Que di que el non foi - sae Andrea toda cabreada da sala de interrogatorios - que o dixoo por fardar

- Igual si - eu

- Eso mesmo creo eu, todo o día perdido por culpa deste retrasado - toma alento - de todo-los xeitos algo ten que saber, poida que saiba quen o fixo

- Estase poñendo moi nervioso - Manuel

- Imos deixar que chame á familia e logo seguimos - Andrea - poida que os pais nos axuden en algo, que coñezan algún amigo...

- ¿Os pais? - Sonia - eses son os últimos en enterarse de todo

- Tamén tes razón; pero igual lle meten respecto e o convencen para que solte prenda - Andrea

Os pais chegaron moi alterados, á nai parecía que envellecera de súpeto, o pai estaba moi serio, decepcionado. Non se rebotaron nin nada, xa podían ser meus pais así de comprensivos, se lles chego a facer algo así déixanme quedar preso. Entraron xuntos falar có rapaz, Andrea e Manuel saíron. Minutos despois chamaron por eles. Estiveron alí dentro case unha hora; despois saíu a nai e fixo unha chamada. Ó pouco apareceu alí un rapaz preguntando polo outro, sinaleille á nai e ela abrazouse a el coma se fose a súa salvación, falaron; el fixo unhas chamadas desde o móvil, estivo mandando mensaxes durante un bo tempo e de súpeto comeza a aparecer xente, rapaces e rapazas. Entraron ós poucos e todos viñan có rolo de que fora un erro, que era moi bo rapaz, se é meu mozo e coñezoo como se o parira, aquilo xa parecía unha manifestación estudiantil e cando non os dei aturado máis dixerlle a Vázquez que os largara. Vázquez ten moi boa man ca xente, díxolles que non se preocupasen, que nós valorabamo-la súa colaboración e tiñamos moi en conta todo o que nos dixeran, ¡que iamos ter en conta!, que a rubia de rizos dixera que era moi guapo, ou que a roxa dixera que era a persoa máis doce do mundo, ou que o seu amigo da alma dixera que nunca romperá un prato. A min xa me estaba caendo gordo o xenio do carallo, tanta popularidade ponme dos nervios. O que acabou por desquiciarme foi o comentario de "foi unha broma, él é así", el é así, un día perdido, e Louzado e Oso aguantándo, e o desgusto que lle dou ós pais; dúas hostias, o que eu decía. Chegaron de volta os compañeiros do turno de día.

- Seica actúan os Backstritbois - Santi mirando á multitude

- Eso parece - eu

- ¿Que me contaron de que xa o temos? - Santi

- Mala sorte, parece que non, un que se foi de listo e parece que nin sabe acender un ordenador - eu

- ¿E estes? - Santi

- Veñen dar apoio moral, e certifica-la boa conducta do - eu

- Pois que se vaian para a rúa - dixo non sei quen - que estou farto de aguantar adolescentes

sub

- Xa os está largando Vázquez - eu
- ¿Pero había máis? - Santi
- Tiñades que vir hai un pouco – Sonia - esto parecía Bambina
- Falando de Bambina – Santi - cando viña para aquí ¿adiviña quen entrou no locutorio?
- Non estou para coñas, levo todo o día sen facer nada de proveito - eu
- Igual o de que non foi é só para disimular - Santi
- Andrea cre que di a verdade, así que me parece que non - eu
- Se Andrea o di - Santi

Por fin Vázquez conseguiu que fosen marchando tranquilamente, para que despois digan da xuventude, mira como cuidan uns dos outros. O último en marchar foi aquel amigo da familia, era o que parecía toma-la cousa máis en serio; a nai xa estaba máis tranquila, non parecía tan desfeita, xa sorría. O marido saiu da sala e abrazouna, bicouna e sentáronse xuntos alí no banco. Despois saiu Manuel, animounos a que se marchasen para a casa; Andrea tamén saiu, sinalou a Oso e díxolles que os levaría se o desexaban; eles non quixeron, daquela Andrea díxolles que non facía falta que quedasen, que o ían reter un par de horas máis por se lles decía algo e despois xa o soltaban, porque era obvio que el non fixera nada. Foi nese momento cando comezaron a respirar, Oso doulle unha palmada nas costas a Andrea decíndolle "ben feito"; pero aínda así preferiron agardar. Non pararon de darllas gracias, o pai decía que o sentía, que sentía toda-las molestias, que vaia inconsciente tiñan de fillo; a nai decía que esperaba que lle servise de escarmento e que tiña ben merecido o susto, que mil perdóns e que non sei que. O de sempre, se polo menos fose verdade que ía valer para algo. Xa o estaba vendo ó día seguinte fachendeando do que nos tomara o pelo, facendo chistes có noso cociente intelectual; e eso non era o peor, o peor era que nos púxeramos ó descuberto e que non podíamos seguir no caso, polo menos non na rúa. Os pais parecían boa xente, afrontaron a cousa abertamente, para min que xa os tiña afeitos. Oso e Andrea volveron entrar. Oso ven de Osorio, fainos moita coña porque é o máis baixo e ademais está moi delgado, o de Oso non lle pega nada, pero Manuel era boa xente, era moi tranquilo e non facía caso das nosas coñas, serio e tranquilo coma un oso.

Estábamos repasando todo o que fixéramos naqueles días por se podíamos sacar algo en limpo. Era desesperante, podía ser calquera ou ningún, só eran rapaces inqedos, tiña que haber unha cabeza pensante detrás de todo aquilo, unha mente "perversa", un psicópata de película. Sonia, Andrés, Ramón e non sei quen máis baixaron tomar algo. E os que quedamos deixamos de falar do tema de puro aburrimiento. Oín que Vázquez decía non sei que de Andrea, non tiña nin ganas de mirar, eu que estou a todas. Era un sentimento xeral, Santi estaba apático de todo, nin un simple chiste. escoitamos un "Por favor, podeades atender á señorita" detrás de nós e démo-la volta sen moito ánimo. Vela foi unha inxección de vitaminas como di a canción, sairon as estrelas e comenzaron a soar violíns. Gustaríame saber que se me pasou pola cabeza naquel momento ¿a que supoñía eu que viña? ¿a decirme que era o home da súa vida e que non podía vivir sen min?. Pareceume guapa, e máis alta, traía unha mirada de vítima inocente que me pareceu máis que suxerente, que me puxo a cen, vamos. Non cabía en min, botounos unha ollada a todos, analizando, estudiando e despois cravoume aqueles ollos, mantivo a mirada fixa en todo momento. Eu súaiba coma un porco, ás veces dou noxo. Estábame derretendo, e un "dígame" saíume involuntariamente. Non o podía crer, vaía voz , vin a Santi de esguello e quixen morrer, sentía que os

adolescentes que nos invadiran deixaran un virus de inseguridade no aire; o moi cabrón non daba aguantado ca risa. ¿E que non se decataba que podía se-la miña futura muller?. Vaia voz "dígame" parecía a benvida dun teléfono erótico, por decir algo, non é que eu saiba que voz teñen. "Dígame", "dígame", a súa cara díxoo todo "este tío é tonto". Antes de que ela poidese decir nada "Ven polo do rapaz ese que ten Andrea" díxo o moi cabrón. Non o puiden evitar, tireime a ela coma un depredador sobre a súa presa. Filla de puta, este tamén; pero ti non tes vergoña nin tes nada, este aínda parecía máis novo co outro, polo menos o outro era alto, este é que nin se ve. Fulmineinos ca mirada, xa os vin vir, podían saír rirse a outro lado. Daba igual, era o que me faltaba. Como me puxen, nin me lembro do que dixer, só vía a súa cara, que mudara da cándida inocencia a un estado de, de, me parece que a cabreei. ¡Joder! agora si que estaba sexy, volviuse muller ante min. Seguía ca mirada fixa, directamente ós ollos, case nin pestanexaba. Eu tamén a miraba fixamente, que a min non me ganas a chulería, guapa. De súpeto un disquete interponse entre nós, vouno coller e ela arrédamo. Xoguiños a min. Santi non perdía detalle, os demais tamén estaban ó loro; pero o de Santi era un estudio científico, e porque non estaba a Sonia para tomar notas. Volveume saír aquela voz, ¡joder! ¡joder! ¡joder!, non me quero nin ver como a teña que cachear. Pregunteille a que viña e ela desquitouse, a súa voz soaba a insulto, seguía mirándome fixamente, só desviou a vista segundo, os colegas facían comentarios, fichounos a todos, parecía o escáner dun robot, mira que se era a muller biónica. A Santi mátoo, "depende" mirando cara min, ¡coño dillo!, ¡dille que me gusta!, seguro que nin se decatou ó verme babear. Menos mal que ela non estaba na mesma onda ca nós e non pareceu percibi-las segundas intencións dos comentarios.

¿Foi ela? un vacío, un silencio, nin aire había, todo a cámara lenta. Escoitábaos rir, e pareceume demasiado cruel. Esta quería matarme; aquel pinchazo volviu insistente. Sabíao, sabía que algo andaba mal. Cando miramo-lo disquete, eu aínda tiña esperanzas de que fose outra tomadura de pelo, unha guerrilleira destas que andan dando a vara por que si, sen máis; moito non entendía, pero aquilo tiña moi mala pinta. Confirmoumo cun xesto de cabeza, os outros xa case cantaban victoria e eu afundido na merda. Mireina, escapáranme toda-las forzas, non quería vaciles. Chamamos ó xefe e leveina a unha sala de interrogatorios. Santi veu connigo, non sei se para evitar que fixese unha tolería como soltala ou que a mallase a paus. Aínda así el traía o seu sorriso, estaría argallando a historia para contarlla ó resto con todo detalle. Non tiña ganas de arguanto e mandeino buscar a Andrea, igual se lle subían moito os fumes; pero naquel momento ela era a máis competente. Achegeime a ela, sentei ó seu carón. Ulía ben, non a colonias nin perfumes pero ulía ben; e decateime de que me erguera ás cinco da mañán, de que xa era moi tarde, de queapestaba a tabaco, a suor e sabe Deus a que máis. Analiceina, estaba absorta nos seus pensamentos, díxenlle que o meditara e mirou para min coma se lle falase de meterse no opus. Non dubidaba ca mirada, nin lle tremaba a voz, nin as mans, estaba tranquila, sabendo que facía o que tiña que facer. Comecei a respectala, jodiame pero era unha tía legal.

Cando entrou Andrea pareceu sentirse máis cómoda, aínda que seguía tendo a mirada de análise, seguía cravando os ollos en todo, estudiando cada detalle, baldosa a baldosa, a mesa, as sillas, as cámaras, e sen embargo non parecía nerviosa. Soltounos aquilo de que non ía ir ó cárcere con tal seguridade que me dou a impresión de que se estaba cachondeando, saín porque os nervios non me daban máis. Fixome falta algún tempo para tranquilizarme, cando volvin xa

sub

mandaran para casa ó rapaz e Andrea estábame agardando para seguir có interrogatorio. Non me deberon ver moi boa cara porque non fixeron chistes, nin sequera Santi. Entramo-los tres de novo. Ela estaba no seu mundo, esta vez miroume desculpándose, aló foron as miñas defensas, un "sintoo de veras" saíalle dos ollos, ¿que podía facer eu?. Vaia desastre, namorado dunha delincente e nin sequera levaba un vestido branco axustado; ela, quero decir. Sentámonos á mesa, cada un nun lado, eu frente a ela e Santi e Andrea ós lados. Sentíame observado, tiña un xeito horroso de radiografiarme, faciame sentir mal por non cambiar de camisa ó medio día. Ou era a miña impresión ou fixábase máis en min ca no resto, non, si que me estaba mirando. Ó final aínda ía ligar e todo, son un campión, que veña Xosé a vacilarme. Tamén como chegase a fixarse máis en Andrea mágame do disgusto, claro que xa me ten afeito.

- Berta - Andrea - ¿pensaches no que falamos?

- Si - ela

- Moi ben - di Andrea mirando cara min - daquela tomámosche os datos, fas unha chamadiña cortesía da casa, tomámosche declaración e despois xa se verá. ¿Paréceche?

- Vale - di cun sorriso

Eu era o que tomaba nota, a letra de Santi non hai cristo que a entenda.

- Disme o nome completo - Andrea

- Berta Cea Lema

- Enderezo, idade, número de DNI...

- Estado civil - di Santi coma quen non quere a cousa mirando para min, vouno capar

Ela doume os datos, un a un, facendo as pausas pertinentes para que me dese tempo a escribir. Eu miraba para o papel, supoñía que así non se me notarían os nervios, Santi facía todo o posible para que me sentise violento. Non sei se facía tanta calor como tiña eu, dábame a impresión de que non paraba de suar, precisaba unha ducha urxentemente, creo que ela tamén o pensaba, porque non paraba de mirarme.

- Moi ben - dixo Andrea cando rematamos - agora o meu compañeiro - sinalándome - acompañarate á cabina para que fagas esa chamada - e chiscame o ollo

Non quixen nin ve-lo que estaba facendo Santi, se de algo lles teño que estar agradecidos é dos vinte quilos que debín adelgazar aquel día. Como a ía acompañar á cabina se non me tiña de pé; erguinme, suplicando que ningunha das miñas extremidades me delatara, intentando dala imaxe de macho castigador que se espera dun tipo coma min. Era difícil con estes cabróns partíndose á miña conta, porque eles si sabían que me tremaban as pernas. Aínda non podía crer que Andrea me fixese eso, supoñíase que tiña que ir ela, ó ser muller dalle máis confianza á rapaza. Ela tamén se ergueu, abrinlle a porta e indíqueille que saise, eu quedei detrás, porque son un tío educado e tamén para pedir explicacións, mirei a Andrea

- ¿Pescáchela ti, non? - dixo ela baixando a voz

- Ajárraa ben - Santi - que non se che escorreje

Deixeiños por imposible, polo menos aquilo axudaba a quitarlle gravidade ó asunto. Esperoume no corredor, cheguei ó seu carón e comezamos a andar xuntos cara a cabina, había un cento delas; pero supuxen que unha das de abaixo sería máis axeitada, sempre hai menos barullo, e sobre todo non están os meus compañeiros asexando.

- ¿Tes moedas? ¿Déixoches algunha? - menos mal, non me saíu a voz de gilipollas
- Non, non fai falta, teño - di ela sorrindo, joder, con que filosofía o toma
- Voume sentar alí mentres falas - sinalando a un banco - ¿dacordo?
- Vale - ela, para min que lle soei un pouco paternalista - non vou tardar moito
- Non hai présa - eu
- Só vou avisar que non vou ir durmir - ela
- Non me tes que contar nada desto, podes chamar a quen queiras; e fai máis dunha chamada se o precisas, quizáis tardes en poder - eu
- Non creo - dixo ela interrompéndome
- Moi segura te vexo - eu
- Non, non me refería a que non tardase, se non a que creo que me vai chegar con unha chamada - ela
- Ti verás, pénsao mentres poidas rectificar - eu
- Xa o pensei moi ben antes de vir - ela
- Pois si que estás segura - eu
- É que non hai nada que dubidar, fixeno e xa está - ela
- ¿Pódoche preguntar algo, extraoficialmente? - eu, aproveitando o bo rollo
- Tamén creo que podes, oficialmente - ela
- Non; pero isto é algo que me interesa persoalmente, curiosidade nada máis - eu
- Dalle, logo - ela
- ¿Virías igualmente se non tivésedes algún sospeitoso? - eu
- Non, creo que non - ela
- Hummm - eu
- Quero dicir, que se non fose polo sospeitoso ese nin me enteraría de que estávades investigando - ela con sorna - como oficialmente non pasou nada...
- ¿E, cómo te enteraches se se pode saber? - eu
- Escoiteino - di encolléndose de ombros
- ¿Onde? - eu
- Por aí - di sorrindo
- Xa - eu

Ben, por fin me tranquilizara, viñérame ben aquela conversa, moi ben. Era unha tía agradable. Observeina mentres chamaba. Agora si que estaba nerviosa, suxeitaba o auricular ca man dereita e ca esquerda fedellaba no teléfono. Cando rematou parecía que se sacara un peso de enriba. Pensándoo ben, ata tiña bo tipo, ganaba con menos roupa a verdade.

- ¡Joder, tío!- Santi - ¿non había unha cabina máis lonxe?
- ¿Que pasa? - eu
- O xefe quere falar con nós, lévaaa á sala de novo, xa fixo a chamada, ¿non? - Santi
- ¿Remataches? - pregunteille, sabía de sobra que si
- Si, xa rematei- dixo sorrindo
- ¿Chamou a un avogado? - Santi
- ¿E eu que sei?- dixen algo mosqueado - non estaba escoitando

sub

Ela mirábanos; claro que non escoitara a conversa, pero non parecía que falase cun avogado, máis ben falaba ca familia, xa mo dixera.

- Mira tío, volve e que chame a un - di Santi, esta vez moi en serio, tanto que metía medo - vaille facer falta

Eu quedei frío, ver a Santi falar en serio corta o sangue, mireino agardando algunha explicación

- Veña, volve, eu vou subindo - Santi

Dei a volta para colle-la e que fixese esa chamada; pero ela nin me mirou e adiantóusenos escaleiras arriba

- Non, non vou chamar a ningún avogado - ela

Dixo esquivando a miña mirada. Ela ía diante e Santi e máis eu detrás.

- ¿Non te propasarías, e non? - Santi

- ¿Que? - dixeron sorprendido

- ¿Non lle meterías man, nin nada deso? - Santi

- ¡Tío! - dixeron todo cortado, non tiña nin a máis mínima intención de contarlle a conversa que mantivera ca outra; pero tranquilizoume tanto que volvera ó seu estado de cachondeo constante que me delatei

- Si, si, escandalízate o que queiras - Santi - ¿que lle fixeches á rapaza?

- Non lle fixen nada; ¿pero de que vas? - non llo puiden decir serio, estaba morrendo por lle contar que tonteara un pouco e que a tía me seguira o rollo- son un profesional, e ela unha sospeitosa, ¿non?

- Xa, vaia elementa, ¿non che metería man ela a ti?- Santi para e mírame fixamente - non, estás contento; pero non tanto

- Non te pases, que tampouco é a única do mundo. Non vou morrer porque non me faga caso, ademáis - eu

- ¿Ademáis???? - Santi

- Nada - dixeron facéndome o interesante

Agarroume do brazo e miroume mois serio

- Está metida nun bo lío, ata as orellas; procura mante-las cousas do traballo afastadas das persoais. Faille as beiras o que che dea a gana; pero cando remate esto - Santi

- Creo que nos coñecemos ben para que agora me veñas con esas - eu

- Claro que nos coñecemos, e nunca te vira así, por eso me preocupo - Santi

- Pois non tes de que - eu

- ¿Non? ¿daquela a que veu traela aquí abaixo? - Santi

- Estaba máis tranquilo, non estábades vós partíndovos o cú á nosa conta. Isto tamén o podes decir, vacilade o que queirades; pero fora do caso. A tipa non é tonta, e eu tampouco - sentenciei

- Non te preocupes por nós, hai un anaco que deixámo-las coñas - Santi

- ¿Que puido pasar que sexa tan grave? - eu

- Xa cho contará o xefe - Santi

sub

Ó pé da escaleira estaba Andrea con Oso, miraron para nós e ela sorriu; Santi tiña razón, xa non había sorrisos picaros, nin vaciles, todo eran miradas de compaixón, miraban a unha condenada a morte. Quixen partirlle-la cara a todos, podían disimular un pouco. Detrás de Oso estaba o xefe, e toda a plantilla de superiores. Carallo, vaia poder de convocatoria tiña a tía, a estes poucas veces os víamos. Andrea dixolle a Berta que a acompañase, foron para a sala, Oso tamén foi. Mosqueime porque me dou a impresión de que me querían deixar fóra, Santi e máis eu fóra do caso, que putada, e por culpa miña; en certo xeito tiña razón cando me dixó que non fora moi profesional; pero repasando mentalmente a miña actuación creo que non vulnerei ningunha lei. O xefe chamounos ó seu despacho, e aló fomos seguidos dos corvos. Mandounos sentar, os outros fóronse arrimando por onde puideron.

- Rodríguez - ese era Santi - Campos - presentes meu xeneral, parecía que estaba pasando lista - antes de nada felicita-los pola súa agudeza - ¿está de coña? mirei para Santi para comprobar se estaba falando en serio ou se aproximaba treboada-xa me comentou Rodríguez que levaban tempo vixiando á sospeitosa - ¿que??? serás cabrón, non a habíamos vixiar nin aínda que levase un cartel de culpable pegado no cù, que era para onde mirábamos normalmente - o caso que traemos entre máns, o seu caso, é bastante delicado; por un lado está a presión da cadea de televisión que quere un culpable e por outro está ese caso que atopou a súa compañeira

- Sonia - aclarou Santi

- Si, a señorita Álvarez - o xefe - que lembra bastante a este e que no seu momento non se poido pechar por falta de probas. Probablemente agora teñamo-la oportunidade de resarcirnos dese pequeno "erro" do pasado.

- ¿Pero, de que me está falando? - eu

- Hai uns cinco anos douse un caso de manipulación, similar - di un dos traxeados - nunca se poido chegar a comprobar realmente, se ben as probas conducían a unha axencia de publicidade desta vila, cando estábamos a punto de resolve-lo caso, un xiro inesperado obrigounos a desistir.

- O de sempre - dixen eu asqueado

- Campos, por favor - o xefe - este non é o momento, agora entren aí, investiguen, averigüen se realmente existe relación entre os dous casos e actúen en consecuencia

- Sinceramente, xefe - eu - non creo que exista relación algunha, lémbrolle que a sospeitosa se veu entregar voluntariamente, ademáis hai cinco anos aínda non nacera

Quedaron todos mirándome, Santi metiume un pinchazo na perna có seu bolígrafo que mal raio o parta.

- Sinceramente Campos - o xefe - a min paréceme que si nacera, e o de entregarse voluntariamente pode ser, simplemente, unha maniobra de despiste coma calquera outra

- ¿Unha maniobra? - eu - claro, por aquilo de que o culpable é sempre o menos sospeitoso...

- Campos - di o xefe, esta vez moi serio - se non se cre competente para levar este caso adecuadamente, ou se carece de interese para vostede - Santi baixa a cabeza para que non se lle vexa a risiña cínica - mellor será que o diga agora e asignarémollo a outros axentes

sub

- Non, realmente, o meu interese por este caso roza casi o personal - digo con retranca, a Santi case lle dá - e prometo que o hei levar ata o final, e que se hai algunha relación por pequena que sexa heina atopar, e ademais prométole que vou pecha-lo caso a pesar de calquera "xiro" que se produza, porque non está ben que o departamento faga o ridículo - dixen mirando para os corvos - dúas veces có mesmo asunto, ¿non lle parece?

- Menos cachondeo - o xefe, que tampouco simpatizaba moito cós colegas - e póñanse a traballar de inmediato; segundo Louzado tampouco é que teñan moito traballo adiantado, nin moitos datos sobre a sospeitosa

- Home - eu - desculpe, señor, é que aínda acaba de chegar, tomámoslle os datos e fixo unha chamada telefónica

- Si; pero se levaban tempo seguíndoa - un corvo - como ben dixo o seu compañeiro, algo máis terán que saber, ¿non?

Mirei a Santi asasinándoo, e estiven por decir que sabíamos que paseaba moito e que era unha asaltacunas; pero pensei que xa me pasara dabondo có discursiño de antes, calei, erguinme tirando de Santi, ó que tiña pensado partirlle as pernas. Saín coxeando, mirei para a perna e vin un burato no pantalón, non o puxera nin dúas veces e xa o rompera, era de marca, fun ó cuarto de baño comprobar que non precisaba puntos, tiña un sinal vermello dun medio centímetro de diámetro, que ameazaba con sangrar. Doía coma se fora un socabón; pero non tiña maior importancia, polo menos ata que se infectase. De camiño á sala doume por pensar que tería gracia que me tivesen que amputa-la perna por un incidente cun bolígrafo.

- ¿Doe? - Santi

- ¿Queres comprobalo ti mesmo? cabrón - eu - mira o burato que fixeches - sinalándolle o pantalón

- É unha rabuñada de nada - Santi - para de queixarte, parece un neno

- O pantalón págasmo - eu

- ¡Si, oh!, se non lle pasa nada, veña menos conto - Santi

Antes de entrar na sala apurei o pitillo

- ¿Cres que será certo? - Santi

- Non - eu

- Eu tampouco - di Santi reconfortándose

Entramos. Estaban Andrea máis Oso falando, ela estaba sentada cara a mesa. Era moi tarde e todos estábamos cansos, Sonia andaba a voltas cós arquivos do caso aquel e ata que os tivéssemos todos para analízalos non podíamos facer moito. Así que pensara en que durmire nunha das celas, que nós fosemos durmir tamén, ás nosas casas quero decir e que ó día seguinte Deus diría; porque ó final se era culpable, no cárcere pouco mal podía facer.

- Están os seus pais aí forra - di Oso

- Moi ben - eu - que pasen, ímolos deixar media hora, despois levámola abaixo e mañán poñémonos mans á obra, se ninguén ten inconvinte

Sentíame ben controlando a situación, era o xefe. Andrea miroume con indiferencia coma se non tivese nin idea do que estaba facendo. Oso doume a súa bendición e Santi suxeríame ó oído que quedase na cela contígua por se escapaba.

sub

- Veña, eu vou marchando - Oso  
- Vou contigo - Andrea - vaia día máis perdido - di mentres saen pola porta  
- Andrea - eu - agarda un pouco, quero falar contigo un momento - e mirándoa - agora veñen os teus pais, mañán falamos, medita ben as cousas esta noite porque che vai facer falta te-las ideas claras - a miña intención era animala; pero saíume unha voz seca, ofensiva.

Santi quedou dentro mentres ela falaba cós pais, e despois levaríaa abaixo. Ó sair cruceíme cós pais, estes non eran tan sumisos coma os do rapaz, a nai miroume coma quen mira ó demo e o pai non me partiu a cara porque lle levaba unha cabeza. Nin que fose culpa miña que tivesen unha piratiña na familia. Xa o estaba vendo, a rapaza perfecta, nunca un desgusto, nin bebe, nin fuma, nin mozos, tan virxinal e encantadora, atosigada por sabuxos carniceros, obrigada a confesar un delito que non cometera. Só esperaba non ter que encarar con eles outra vez porque igual os poñía ó corrente do anxiño que tiñan por filla. Estábame agardando Andrea

- ¿Que querías? - Andrea  
- Decirche que non creo que sexa certo que perdesse-lo tempo - eu  
- ¿Non? eu aguantando adolescentes salidos e a ti venche petar á porta a culpable - Andrea  
- Bueno, ó mellor deberías saber que veu porque soubo que detiveramos a alguén - eu  
- Xa, dílo para que me sinta mellor - Andrea  
- Non, díxome ela - eu  
- ¿Si?, e que máis che dixo, non che diría como o soubo, porque - Andrea  
- Non, eso non; pero as novas corren xa o sabes, oíríao por aí - eu  
- Xa - di sen moito convencemento - de todo-los xeitos gracias por decirmo, até mañán  
- ¡Boas noites! - Oso  
- Ide con Deus - eu, profundo

Dei a volta para falar con Sonia e vin de esguello a alguén sentado no banco

- Veu cós pais dela - Sonia  
- ¿Quen é? - eu  
- Non sei, non dixo nada, os pais entraron e el quedou aí, como o ves - Sonia  
Quixen guindalo pola fiestra, era o mamonciño que ía con ela o outro día de noite; non, se aínda había resultar que eran mozos formais. Viñera cós pais, viñera cós pais. Estaba tan afectado, pobriño. Gilipollas, a túa moza é moita muller para ti, espabila tontiño.

- ¿Tes eses informes? - dixerlle a Sonia de moi mala uva  
- Aínda non; pero fáltame pouco para sacalos todos - dixo ela moi cumpridora, pensou que o cabreo era con ela  
- Non pasa nada, ¿estarán mañán a primeira hora? - eu  
- Si claro, en cinco minutos xa está todo - Sonia  
- Moi ben, daquela déixamos enriba da mesa e mañán miramolos todos xuntos - eu  
- Vale - Sonia  
- Veña ata mañán, e moitas gracias - dixer cun sorriso reparador

sub

- Ata mañán Campos - dixo perdoándome a vida

## Capítulo 9

En realidade perdera a noción de todo, desde que entrara alí todo tiña atmósfera de soño, actuaba por instinto máis que por consciencia. Resultábame unha situación confusa, a cousa era máis grave do que eu supoñía, ou polo menos eso suxería o nerviosismo da última hora. Aínda non dou quitado da cabeza o xeito de mirarme daqueles tipos, sentenciándome. Non sei quen serían; pero tiñan un aire con Domínguez que non mos facía moi simpáticos. Despois papá e mamá, foi duro, menos mal que o tomaron ben. Creo que foi o que máis me custou de todo, aínda pensando ir ó cárcere o que me preocupaba era facerlles dano. Dano en realidade non, porque tampouco se pode decir que fixese algo terriblemente espantoso, nin matei, nin roubei, nin o que para meu pai sería peor, saír espida no.... estou desvariando. Tiña o corazón na gorxa e case se me escapa cando entrou mamá, cas bágoas nos ollos.

- Berta, ¿que pasa? ¿que fas aquí? - como agardando a que dixese que matara a alguén  
- ¿Non farías nada malo? - meu pai, na súa liña - ¿que pasou?  
- Fixen algo - eu  
- ¡O desfalco! - di papá interrompéndome, ó Santi escapáronse as mans ó móvil - tanto decías que non fixeras nada para que te botaran  
- ¡Papá! ¿que dis? ¿como ía facer un desfalco, toleas ou que? - dixeran eu sorprendida do fácil que lle resultaba a meu pai cargarme un morto enriba  
- Non lle fagas caso, ven desde a casa botando contas de onde meteches-los cartos e se os podemos empregar para facer unha casaña - mamá  
- ¡Mamá! ¿ti tamén? - eu  
- Non muller, xa sabemos que non foi eso; pero algo tiveches que facer - mamá  
- Pinchácheslle as rodas ó mercedes de Domínguez e el cabreouse, claro - papá  
- Home, eso non se me ocorrera; pero se se lle ocorreu a alguén non teñas medo que aquí o axente xa toma nota de que puiden ser eu - dixeran a ver se se decataban de que había xente escoitando e se cortaban un pouco  
- Cóntanos logo, ¿que foi? - di miña nai, cas bágoas asomando de novo  
- Non te poñas así mamá, non é nada - eu  
- Nada, o que se di nada non debe ser, disque tes que quedar aquí - papá  
- Xa, porque confesei - eu  
- ¿Pero pódese saber dunha vez que confesaches??? - mamá  
- Lembrades o que se decía hai un tempo de que alguén manipulaba á xente ca tele e toda aquela historia - eu  
- Si o dos partidos de fútbol do canal, ben que o lembro, vaia chorradas din - papá  
- Pois fun eu - eu  
- ¿Queee? - a meu pai mateino - claro non podía ser outra, non te aguantabas, como a ti non che gusta o fútbol andas jodendo ós demais  
- ¡Para xa! - mamá - ¿así que foi eso? ¿e nada máis?  
- ¿E que máis querías que fixese? ¿que lle metese á xente na cabeza que en lugar de homes tiñan que xoga-las as mulleres? - papá  
- ¡Hostia! eso non se me ocorrera - eu  
- Ti dalle ideas, xa está trastornada a pobre. Non me estraña, a culpa é túa, se non quixeses ver sempre o partido - mamá

sub

- ¡Hai que joderse! - di mirando para Santi - ti ves como son as mulleres, se a rapaza fíxese algo bo había ser cousa dela  
- ¡Pois si! - dixémo-las dúas á vez, e Santi riu  
- ¿E vaise ó cárcere por eso? - mamá  
- ¡Mamá! - eu  
- Pois non vexo que teña de malo - mamá  
- ¡Mamá!!! - eu  
- ¿Que? ti foches quen o fixo, supoño que a ti tampouco che parecería tan malo se non, non o farías digo eu - papá  
- Claro que sabía que era algo malo - eu  
- ¿E fixéchelo igual? - papá  
- Tamén sabes ti que está mal non axudar a mamá cas cousas da casa máis non lle axudas - eu  
- A cousa éche bastante distinta - papá  
- Será para ti, porque o que é para min, a nena - nin quixen mirar para Santi, a nena, case trinta anos, a nena; bueno non me queixo que cando lle chama "o pequeno" a meu irmán que mide case dous metros, aínda é peor - ten moita razón no que fixo, tanto fútbol, tantos partidos. Eu nunca te vira tan contento des que pasou aquilo. Daba gusto ver á xente tan contenta, ¿non me diga que non?- mirando a Santi, que xa era da familia

Non sabía se estaban tan histéricos que non asumían o que pasaba ou se o estaban tomando ben, en calquera caso a visita acabou converténdose nunha loita de sexos e miña nai na miña mellor aliada. Meu pai non pareceu darlle máis importancia que a unha trasnada da "nena". Como era serio tratei de deixarlle-las cousas ben claras

- Mirade, aínda non sei que vai pasar; pero entre as moitas opcións está a de ir á cadea - dixen moi seria - se hai xuízo vou precisar un avogado, así que a ver se podedes ir buscando algún que serva para algo. Se non, como estou no paro igual podo coller un de oficio  
- ¡Muller! - meu pai espléndido - xa buscaremos un  
- De momento non fai falta - eu  
- ¿Como que non?- miña nai - ¿e eso de non falo sen a presenza do meu avogado?  
- a miña nai pasáballe algo, debía estar vendo unha película antes de vir  
- ¡Bo!. De momento o que teño que decir xa o sei, a verdade e nada máis. E o que quero tamén o teño bastante claro - eu  
- ¿E que é? se nolo queres decir, claro - meu pai todo ofendido  
- Non ir á cadea - eu  
- E non, querer tamén eu quero un barco - meu pai- ¿e cres que por pedilo cho van dar? terás que darlles algo- outro que estaba vendo unha película  
- Bueno, xa veremos. Vós non vos preocupedes ¿vale? - eu  
- Cando se entere o teu tío Antonio do que fixeches daslle un desgusto - miña nai  
- ¡Que dis, muller!, o seu tío é coma ela, hai de vir cunha pancarta para que a liberen, e David con outra. Non se ca familia que temos aínda non sei como non levamos máis desgustos - papá  
- Tranquilo, verás como todo se soluciona - mamá - ti tamén... mira como está teu pai  
- Xa o vexo, mamá, e tamén te vexo a ti, por eso vos digo que non vos preocupedes - eu  
- E en lugar de decirnos eso, por que non tiveche-las mans quietiñas así estábamos todos máis tranquilos - papá

sub

- Pois, porque non me dou a gana - eu
- Esta miña filla, era pouco matala - papá
- Teu irmán está fora – mamá - non o deixaron pasar
- Dalle un bico da miña parte - eu
- Si, outro elemento, a ver se lle dá por aprender desta e fai obrigatorio o baloncesto - papá
- ¡Papá, xa vale! Era un pequeno experimento pero fôiseme a man. Nin vai volver pasar, nin Marcos vai facer tal. Tranquilízate - eu
- Habías estar moi tranquila ti se fose eu o que estivese na cadea - papá
- Home, non adiante-la cousa que a rapaza aínda ten posibilidades - polo menos non dixo "a nena" - mamá
- Papá, se ti estiveses aquí por face-lo mesmo ca min estaría moi orgullosa de ti - eu
- Menos coñas, menos coñas, que non é o momento - di meu pai ríndo e dándome unha aperta

Miña nai tamén se uniu. Pasou a media hora e eles marcharon, a min levoume para abaixo, quedei alí soa.

- Tes sorte – Santi - non hai moita movida hoxe
- Si, había ser interesante - dixeron toda animada, a visita da familia en contra do que pensaba levantárame a moral, no fondo creo que pensaba que non virían
- Se ti o dis - dixo facendo un aceno de despedida - ¿queres algo de comer? - dixo mentres pechaba
- Non, non, gracias - eu

Aquel sitio era noxento, ulía a humidade; pero cando me vin soa pareceume un palacio, tanta paz e tranquilidade. Non podía máis que sentirme orgullosa por que fixera o que debía, o que ou cría que debía. Suñoño que fixen ben en non falar antes con ninguén, habería quen me intentase persuadir; ademáis canta menos xente se enterase mellor. Podía imaxina-la cara de Fran decíndome "así que no disquete non había nada, espabilada". Non tiña moi claro que postura adoptar para esixi-la miña liberdade, unha ameaza cunha nova emisión desprestixiando ó goberno ou incitando á poboación a teñirse de rubio platino, daba igual, algo se me ocorrería pola mañán. Repasando o que fora aquel día sentín moita felicidade, orgullo e non sei que, parecía que estaba viva e que a xente me vía, que sabía que existía. Doume por pensar que o fixera por chama-la atención, consoloume que, de non ser polo capullazo aquel que falou de máis, eu non estaría alí. E tirada no banco comecei a pensar nel. No tremendamente sexi que estaba cando se puxo ó meu lado na cabina e falamos "extraoficialmente" debía recoñecer que non estaba mal, nada mal. Deixara de lado a voz de "hei nena" e pareceume encantador, jodiuna un pouco ó final, cando volvemos á sala; un alivio en certa maneira, porque non me gustaría remata-los interrogatorios enriba da mesa, acusada tamén de tocamientos diversos á autoridade. A meu pai dáballe. No choque inicial pareceume un imbécil. Ía por aí cos seus aires de, non sei, de chulo decindo "¡dame un bico, guapa!", resultábame increíble que houbese mulleres alí que o aturasen, seguro andaba detrás de todas, tiñame pinta deso. Aínda que connigo nin o intentara, máis ó meu favor, gústabanlle mulleres mulleres e non coma min. ¿Ou si? a verdade é que me desconcertaba, ás veces tan riquiño e de súpeto convertíase nun ogro. Tardou en pasarme o cabreo da faltada aquela de "a ti gústanche novos", non sei a que viña eso; pero a el que lle importará o que me guste, non quero nin pensar que viñese a denunciar unha violación, a ver se

sub

agora só se vai poder salir con el, se aínda mo pedira. E o que me mosqueou foi o que me preguntou o outro do estado civil, cotillas, porque supoño que ese non sería un dato crucial, de cómo argallei a historia esta nin falamos, eso si faltoulles pouco para preguntarme con quen me deitara o día antes. Cheguei a pensar que non me tomaban en serio, case me ofendiú que non me esposasen e me mandasen para a cadea directamente. E que nin unha simple mención a "¿que te induciu a facelo?", "¿que pretendías conseguir?", nada de nada. Nome, enderezo e estado civil, nin que viñera renova-lo dni.

Comezou a gustarme cando o vin repasa-lo meu nome. Un xesto demasiado tenro para un duro e cruel policía, e supuxen que igual o xulgara á lixeira. El traía unha libretina pequena e un bolígrafo, comecei a deci-los meus datos e el escribía, podía ver perfectamente desde onde estaba. Tiña unha letra pequena e redonda, seguro que fixera moita caligrafía de pequeno, pensei que non pegaba nada ca súa aparencia externa, unha idea un pouco prexuciosa teño que decir, coma se os tipos grandes non fosen intelixentes ou cultos. Igual era humano e todo. O boli que traía era verde, eso xa me pareceu un pouco excesivo; non debía ser seu porque en canto viu a cor rematou de escribi-lo nome e peidulle outro ó compañeiro, o novo era azul, unha cor un pouco máis axeitada. O feito é que mentres seguía falando, o pouco que falamos, el repasou en azul o meu nome, Berta, ía letra a letra, a modo. Repasouno varias veces. A verdade, é un detalle sen importancia, fixenme a ilusión de que estaba pensando en min mentres o facía, como cando escribías dentro dun corazón o nome do rapaz que che gustaba. Pareciume tan romántico. Despois dixen a frase máxica e o príncipe desapareceu. Outra das miñas virtudes, facer que a xente desapareza. ¿Estaría enrollado con Andrea? ó principio pareceume que non; pero aquel "espérame" do final mosqueoume, mátanme os celos; ela é guapa e comparada conmigo non che digo nada; ademais era moi boa xente, notábaselle, se polo menos fora unha pendanga, poderíaa odiar sen remorsos. Para min que coxeaba. Pronto deixei de pensar naquelas tonterías, a miña vida colgando dun fío, a tranquilidade de meus pais en perigo e eu pensando no tipo ese; que, por se non tivese dabondo, ía ser un dos encargados de enchironarme. Antes de quedar durmida volvin ó momento da cabina, para durmir a gusto máis que nada. E así foi.

Espertei feliz, coma se durmira no mellor hotel do mundo. Pronto me viñeron buscar Andrea e máis outra axente, dixéronme que podía ir ós aseos se quería. Claro que si, practicamente paso a metade do día no baño, a que non paso durmindo ou paseando. Fun, laveime un pouco, non tiña roupa para cambiarme, nin me decatara dese detalle ata aquel mesmo momento. Intentaría que alguén chamase á miña casa para que me trouxeran roupa limpa. A idea dun estraño revolvendo nas miñas cousas non me atraía demasiado; pero unha urxencia era unha urxencia. Xa estaba vendo a meu irmán escollendo a miña roupa interior, seguro que tiña que facer el a maleta, habíame traer todo-los suxeitadores e unha braga, coma se o vise. El ten as súas prioridades.

- ¿Que tal durmiches? - di Andrea mentres lavo a cara  
- Ben, moi ben. Por certo - dixen - ¿habería algún xeito de que alguén me poidera traer outra roupa?  
- Si que o hai - Andrea - pero eso vas ter que falalo arriba. Tranquila igual tes razón e non botas aquí moito tempo - dixo con sorna.

sub

Subimos e leváronme á sala do día anterior, dentro xa estaban Campos e Santi. Cando entramos érgueronse, pareceume algo un pouco ridículo, como doutro tempo, terían que facelo. Andrea díxome que sentara.

- ¿Que queres para almorzar? - Andrea
- Calquera cousa, chocolate... - eu
- Moi ben - Andrea - agora cho traen, ¿vale? - que encantadora
- ¿Vos queredes algo, Santi, Cris? - Andrea

¿Cris? non o podía crer, xa decía eu que se me parecía a alguén, era cravadiño a Chris Noth. Igual non se lle parecía tanto; pero non se lle podía negar que tiña o mesmo estilo, e como o outro tamén facía de poli, era fácil asociar.

- Eu non - Campos
- Non, eu tampouco - Santi
- Pois marchamos, axiña ven o almorzo - di Andrea mirándome

E saen.

Naquel momento sentínme abandonada, eu soa con eses dous. O que andaba sempre de coña estaba máis serio, máis distante. Campos levaba unha camiseta, de marca, quen pode, pode. Estaban mirando un montón de papeis, e seguiron ó seu sen prestarme atención. Eu quedei alí sentada esperando polo almorzo que tardou en chegar, máis ben sería que tiña moita fame, non ceara. Miraban aqueles papeis unha e outra vez, falaban entre eles cousas inconexas:

- ¿No catro?
- Non, no tres, cuarta páxina
- Xa o teño, e dis
- Home, a min paréceme

Non erguían a vista, debían levar alí xa algún tempo, o cinceiro estaba cheo de colillas. Mentres eu estiven non fumaron, era algo que agradecía; pero nin sequera mo preguntaran, supoño que os fumadores se están sensibilizando cós pasivos. O que fumaba era Campos, podía ve-lo paquete de cigarrillos no bolsillo da camiseta. Chamaron á porta, entrou un señor vestido de camareiro, que debía ser da casa porque o trataron con familiaridade

- Chocolate e medias lúas, ¿está correcto? - di sen moito entusiasmo, como se non lle agradase moito servirme
- Si - eu
- Bos días - o camareiro

E marchou por onde entrou. Boteime ó almorzo con toda enerxía que a vergoña me permitía. Ó rematar case me apetecía volver durmir; pero non houbo sorte, Santi miroume e viu que rematara. Fixolle un sinal a "Cris", a verdade é que o nome soaba un pouco ridículo, igual era Cristobal, que tamén é bonito. Como fose Crisóstomo...

- Espero que durmises ben - "Cris" - porque che vai facer falta te-los cinco sentidos a punto - soaba a ameaza
- Si, a verdade é que durmín bastante ben - eu ó meu aire

sub

Trataba de concentrarme, có da fame non tivera tempo para pensar nada, veña a improvisar.

- Nótaseche – Santi - nótaseche, como ves hainos que o pasaron un pouco peor - sinalando a Campos
- Bueno, a ver se atendemos ó que estamos - Campos - onte antes de marchar apareceron novos datos sobre este caso
- ¿Novos datos? - eu acojonada, pero que novos datos, joder non viria o rapaz do locutorio...
- Si, son datos un tanto preocupantes – Campos serio - ou cando menos, van ser preocupantes para ti
- ¿Para min?- digo sorprendida - non o creo. Se non lembro mal, onte cheguei aquí confesando se-la culpable dun delito, non creo que poida haber nada máis preocupante ca eso
- Non cuspas cara o vento – Santi - sempre pode ir a peor
- Pois daquela para que quede claro, se ó presidente lle dou por teñirse de platino non é cousa miñá - dixen, non sei como puiden, Santi riu pero Campos asesinoume ca mirada
- Terémolo en conta - Santi, mirando para Campos

Campos ergueuse e comezou a pasear pola habitación; pois non, non coxeaba, deberon ser imaxinacións miñas. Dun lado ó outro, mirábao coma ó péndulo dun hipnotizador, se chegan a tocarme na fronte e decirme "durme", alí quedo. Non conseguía tomalo en serio, tan convencida estaba de que todo saíria ben, no único momento en que tomei algo de conciencia foi na visita de meus pais, aínda que non moita porque a verdade é que foi un tanto surrealista.

- Bueno, se consegues atopar algo de sentido nesa túa cabeciña, comezamos - Campos
- E conseguirei - dixen toda ancha
- Ben. Agora vascos contar con todo detalle, ata o máis insignificante detalle, que fixeches e como, e de onde sacache-la idea e os medios para facelo – Campos - ¿quedou claro?
- Clarísimo - eu
- Pois veña - Cris desafiante
- Estaba ata as narices de ver fútbol a todas horas, de que a xente só disfrutase ganando e de que certos individuos cobren moitísimo máis ca min e que nin sequera saiban falar. Decidín tomar medidas introducindo uns novos conceptos de ver fútbol, fixeno empregando o disquete que vos entreguei e cun ordenador. Creo que con esto respondo a toda-las cuestións - dixen máis que tranquila, con chulería
- Menos mal que cho pedimos con todo detalle – Santi - que se non a ver que nos decías
- Como comprenderás eso non é dabondo - Campos
- ¿Non?, pois non teño máis que decir - eu
- Xa o creo que vas ter que decir moito máis – Campos - e se non o dis por propia vontade terémoscho que sacar nos
- Fixen unha revisión médica o mes pasado - eu, trataba de controlarme, pero non podía - creo que vos convén sabelo

A Santi doulle a risa.

sub

- Mira ti o que son as cousas, cando acabe con esto eu vou ter que facer outra – Campos - ¿sabes que me estás poñendo dos nervios?
- ¿Eu?- có inocente que son
- Si, ti e mai-la túa actitude de superioridade - ¿quen eu? - ou do que sexa. ¿Cres que esto é un xogo?
- Non, aínda que non o creas tómoo totalmente en serio; pero tampouco hai que dramatizar - eu
- Claro, como non vas ir ó cárcere - Campos
- Si – Santi - e cómo é eso de que non pensas ir ó cárcere
- Teño preparada unha emisión de emerxencia, que cause un desorde social - saíume de improviso, son xenial

Non tanto, Campos mirábame fixamente, non me crera nin palabra, é que ás veces son imaxinativa de máis...

- Xa – Campos - como di aquí o meu compañeiro, terémolo en conta - riuse, vaites
- A ver, Berta – Santi - ó mellor non comprendes a magnitude dos feitos, non se trata só de que trataras de influir na xente por métodos non autorizados, senón que ademáis boicoteache-las emisións dun canal de televisión privado, o que non é moi boa publicidade para eles. Como decircho – para - cabreácelos moito
- Humm - dixen encolléndome de hombros - home non supoñía que me fosen dá-las grazas; pero tampouco me parece para tanto
- Pois si que o é, baixoulle o número de abonados de xeito radical – Santi - e sinceramente, non me estraña, quen vai ver un canal no que che van andar có cerebro
- Haber, hai de todo - eu
- ¿Non me digas que vas face-lo chiste de quen non ten cerebro? - di Campos interrompéndome
- Non - eu
- ¿Non? - Campos
- Non, ía face-lo chiste de quen non ten ideas propias - eu
- Xa me parecía raro que o tomases en serio - Campos, xa máis relaxado
- De verdade, que o tomo en serio, de verdade - dixen autoconvencéndome máis ben
- Dime – Campos - ¿de onde sacache-lo programa ese dos anuncios subliminais?
- Atopeino - eu
- ¿Atopácelo? - Campos serio - ¿Onde?
- Entre outros moitos arquivos, foi por casualidade, nin sequera sabía de que ía, estiven a punto de tiralo e todo - eu
- Santi – Campos - ¿ti enténdesme cando falo?, porque parece que a señorita non me entende moi ben - bota a man ó bolsillo da camiseta e arrepentíndose - ¿Onde? ¿en que sitio? quero o enderezo, localización exacta, ¿pillalo?
- Si, xa o pillara antes; pero eso non cho vou decir - eu

Nese momento agradecín que el en concreto non levase pistola, aínda me había demandar por causarlle unha alteración nerviosa

- ¿E supoño que tampouco me vas decir como conseguiches interrompe-la emisión do canal e colalo anuncio? - di Campos un pouco alterado

Non dixen nada, mireino poñendo cara de "se eu poidese" a ver se colaba.

- Ben, daquela igual che temos que falar dese asunto tan serio que chegou ós nosos oídos onte a noite – Campos - algo xa che dixen antes; pensábamos que nolo contarias ti, polo menos eso axudaría na túa defensa, aínda estás a tempo. E non penses que traguei o da emisión esa que dis
- Fas mal - eu faroleando
- Non creo - con voz repelente - tes dous segundos para cambiar de actitude
- Non vou cambiar, o que quería decir xa o dixen - eu
- Moi ben, pois pon atención porque che vai encantar - Campos macabro, ás veces metía medo; pero estaba tan sexi - temos unha compañeira moi curiosa ¿sabes? en canto oiu falar do tema este da publicidade subliminal doulle por rebuscar nos casos vellos; faino con todos, non te creas nada especial – vaia - e, mira ti que cousas, atoupou algo que che vai facer morrer de gusto
- De gusto non sei – Santi - pero para morrer non che vai faltar moito
- ¿Que pode ser tan grave?, casos de publicidade subliminal supoño que se darían moitos; pero o que eu fixen non é exactamente eso - eu
- Non sei se é exactamente ou non; pero paréceselle bastante, moito, moitísimo, diría eu - Campos - a cousa é que hai uns cinco anos, aproximadamente, produciuse un caso moi grave de manipulación indebida dos medios, e curiosamente - con esa voz de sarcasmo- tamén tiña a súa orixe aquí
- ¿Aquí? - eu con sorna
- Na cidade – Campos, mosca - quero decir
- ¡Ah! - eu
- Houbo unha investigación e uns problemiñas de última hora fixeron que non se poidese deter a ninguén. ¡Que cousas! como podes imaxinar, naquel caso o departamento non se luciu precisamente; e como podes imaxinar, tamén, estamos desexando te-la revancha, e mira por onde ti estás no medio de todo
- ¡Vamos! - eu algo acojonada - ¿non será moito supor que hai algunha relación?
- ¿Supor? ¿quen está supoñendo nada? – Campos - estoucho decindo, o dos "supostos" é para os xuízos e os noticieros... igual era hora de que foses buscando un avogado
- Non, non te cortes, sigue có que estabas, que dis que fixen - eu, no fondo a curiosidade podíame
- Pois decía que naquel momento investigouse moi a fondo a unha axencia de publicidade - ¡joder! vaia metedura de pata, estaba morta, Campos mirame descubríndome - parece que che soa o tema
- ¿A min? non, de nada, sigue, sigue – comecei a suar
- Xa ves, este mundo éche un pano, que cousas, era a mesma axencia de publicidade na que traballabas ti ata hai uns días – Campos o triunfador

Non respiraba, a temperatura do cuarto subira de súpeto e perdera mobilidade nos brazos, nas pernas xa nin che digo. ¿En que estaría pensando?¿ como puiden ser tan inxenua...?

- ¿Estás ben? – Campos con recochineo
- Si, moi ben – eu - ¿e porque non o ía estar?
- Por nada, supoño – Campos, cacho cínico
- Onte – Santi - teus pais falaron do despido, de que tiñas problemas e non sei que dun desfalco
- Vamos, era unha conversa privada, eso non o podedes empregar
- ¿Seguro?- Campos- ti sabías que el era policía, de feito esto é da policía, ninguén te obrigou a decir nada, nin a teus pais... e el non ía tapa-los oídos

sub

- ¡El, non tiña que estar alí!
- Igual non; pero estaba - Campos
- Da igual, o que oiches - dixen mirando a Santi - é o mesmo que nada. O do desfalco é un chiste entre meu pai e máis eu, eso si é facilmente demostrable, a Deus gracias, o que me faltaba - dixen eu para min
- ¿Sóbranches os cartos logo? - Campos
- Non; pero teño dabondo - eu ofendida - non me fai falta roubar, polo de agora
- Non te ofendas - di Campos baixando a cara ata a miña - só era unha coña, xa sabes para facelo máis levadeiro

Sentín que me lía o pensamento, aínda que seguro que non, ós homes nos lles dá para tanto. Sentín a súa respiración na miña cara, o seu aire de triunfador, sen compaixón. Querían a revancha, xa o dixeran ben clariño. Viñaseme o mundo enriba e non tiña nin idea de que facer. Como puidera ser tan parva para non supor que ían asocia-las dúas cousas; e eu que sabía que a poli se encargaba desas trapalladas. Aficionada, para outra xa o sabía. ¿Para outra? ¡ti non aprendes nunca!!! Non ía haber outra.

- Tranquila - di Santi, lanzándome un cable - nin este - mirando a Campos - nin eu cremos que haxa relación
- Nós non cremos nada - di Campos acalando ó compañeiro - vas ser ti quen nos convenza, ¿a que agora che está resultando máis interesante todo esto?
- Si - cando falaba tiña unha tranquilidade que ata a min me poñía dos nervios - e vexo que a vós tamén - miráronme sorprendidos - porque onte
- Onte non é hoxe - Campos - e mellor nos resultaría a todos se as cousas quedasen como estaban cando chegaches
- Digo eu - vendo luz ó final do túnel - e se eu non viñese, ¿que carallo fariades vós?
- ¿Como? - Campos que se altera de novo
- Que se eu non viñese por aquí, nin habiades ter culpable para este caso nin para o outro, o da revancha, xa sabes - realmente conseguira desconcertalos
- Si, pode ser - Campos - pero viñeches, xa che enviaremos flores polo teu cumpleaños - di con recochineo
- Ou bombóns, se o prefires - Santi rindo
- Eso, eso - Campos seguindo ca coña - sen reparar en gastos
- Algo é algo - dixen - por certo, prefiro bombóns

Campos adicoume un sorriso encantador e quedouseme mirando como se me vise por primeira vez.

- Decímosche o que temos - Santi - o que nos dixeran e o que sacamos destes informes, que tampouco é moito a verdade
- Eso non é asunto dela - Campos cortante

Parecía o famoso xogo do poli bo poli malo, ogallá non estivesen xogando. Agradábame a idea que intentasen axudarme.

- Daquela sigue ti - Santi - non vaia ser que lle facilite demasiados datos e acabe por corrompernos a todos; ás veces éche así de cabrón - di mirando para min - no fondo non é malo. Pero este caso trástornao e non sei por que, ¿non o saberás ti?

Campos contrólao ca mirada.

sub

- Porque non me soporta - digo eu  
- Non, non creo que sexa "exactamente" eso - Santi mirando de esguello a Campos  
- O que me faltaba, que se aliasen os tolos do Universo contra min - Campos resignado - se me facedes algún caso poderemos chegar a algún sitio  
- Que si home, que si - Santi - reláxate  
- Como che decíamos hai cinco anos descubriuse que a axencia na que traballabas manipulaba os anuncios. Actuouse a partir dunha denuncia da organización de consumidores, na que se afirmaba que determinados anuncios provocaban reaccións anómalas nos consumidores: consumo compulsivo, desorientación, e non sei que caralladas máis. As pesquisas comezaron na sede principal da axencia que firmaba os anuncios e pouco a pouco foron derivando na sucursal local. Hai declaracións de moitos dos empregados da axencia daquela época, ó parecer ninguén sabía nada do asunto. Non había forma de demostrar que fora unha persoa en concreto, salvo que alguén se fose da lingua; pero o que si se podía facer era cargar contra a empresa. Supoño que non lle interesaba moito ve-lo seu nome involucrado en semellante asunto, por razóns facilmente comprensibles - eu non lle quitaba ollo, parecía unha desas esceas cruciais dunha peli de xuízos - así que comezaron a soar nomes  
- Casualidade, casualidade - Santi - ¡Dominguez!, ¿non me dirás que non che soa?  
- Deso tamén falou meu pai - eu - se ó final... veu uns minutos, chega a pasar aquí unha hora e cáeme a perpétua

Rin

- Foi o principal sospeitoso durante meses. Para cando se dou conseguido unha orde para rexistra-la oficina xa desaparecera calquera información que o puidese comprometer. Existen moitas irregularidades e contradicións en todo este embrollo, a orde de rexistro pode tardar uns días, e hai declaracións contradictorias de empregados e despedidos misteriosos. E tamén supoñemos que houbo presións desde outras esferas porque se paralizou a investigación, e sinceramente, non era algo imposible de descubrir  
- Home - Santi - tampouco te tires da moto, sen probas fiscais  
- Ti di o que queiras - Campos - agora tiramos ó lixo o disquete que nos trouxo a señorita - ¿que pasa? ¿non me sabe o nome? moi fina lle debo parecer "señorita" "señorita" - ¿e soltámola porque non hai probas, sabendo o que sabemos? ¡Non me jodas!  
- Bueno sería un cante; pero en realidade... - Santi  
- En realidade - mirando para min - fixéchnos un favor de tres pares de collóns  
- Teño as miñas razóns para face-lo que fixen - eu - e facervos un "gran" favor non está entre elas...  
- Algo xa nos imaxinábamos - Santi  
- Así que viñeches para que non encadearan a un inocente - Campos, có seu ton sarcástico de novo - ¡que nobre! pero non trago, sabes - Santi míraoo estrañado - o pijo ese non tiña nin idea de nada, así que o soltaríamos e listo  
- Humm - eu baixando a mirada  
- ¿Sabes, Santi? - Campos - igual o rapaz sabía máis do que pensábamos  
- Non jodas - Santi con curiosidade  
- Non mo digas a min - Campos - dillo a ela  
- Home - Santi escandalizado, mentres Campos sorri  
- Para que eu me entere - Campos, colle a silla e séntase ó meu carón mirándome de fronte, nesta situación "Cris"- o tipoño ese fanfarroneou con Andrea, para irse de

sub

guai, eso é fácil de entender ¿non?- gústalle, que merda - pero de algún sitio tivo que saca-la idea...

- Xa - Santi - puido oír campanas polos cibers, a estes piratiñas tamén se lle escapan detalles

- Pero ti non llo dixeches a ninguén - Campos atravesándome - ¿non si?

- Non - joder, joder, jodeeeer

- Cóntame - Campos, con voz de confidente radifónico - ¿cantos cómplices tes?

- Ningún - eu

- ¿Ningún? - Campos

- Mira agora mesmo penso que son a imbécil máis grande do planeta; pero podes estar seguro de que non ía cargar có morto de ninguén. Son moi nobre, si; pero nada xenerosa - eu

- Ben, daquela obtiveche-lo programa ese, non sabemos como - dille a Santi - e emitichelo, ¿como?

- ¿Cunha emisora pirata? - eu

- Claro home - Santi - tes cada cousa ¿e con que se non? - Campos sorri

- ¿E onde está esa emisora? - Campos - porque na túa casa nin rastro

- ¿Foches á miña casa? - eu

- Eu non tiven o gusto, síntoo - Campos - pero os nosos compañeiros si

- Joder, e para o outro tardan semanas en conseguí-la orde - eu

- Xa che dixen que había cousas moi raras en todo esto - Campos

- E bueno, ¿que atopáchedes? - por curiosidade, que morbo se chega a ser el o que rexistra a miña habitación, ¿non?

- Non moito, non creas - Campos

- Que eso non lle interesa - Santi repetindo o ton que lle puxera Campos no seu momento

- Home - di desculpándose - ó fin e ó cabo é a súa casa. Pois nada, din que tes unha habitación monísima - falando coma un decorador amanerado - que a toga dourada non che senta nada ben

- ¡Gracias! - eu

- Muller, eso foi o que me dixeron - Campos de vacile - o programa orixinal, porque non sei se o sabes; pero o que nos trouxeches é unha copia

- A min case que me dá que o sabía - Santi

- E nada máis, nin rastro dun interrompedor de sinal, nin emisora nin nada que faga as funcións. Ademáis ata apostei con Santi - di sinalándoo - a que non tiñas nin idea da pinta que teñen esas cousas

- ¿Non me farás quedar mal? - Santi - dalle na cabeza

Baixei a mirada, non sabía moi ben que decir

- Polo contido do disco duro do teu ordenador, os teus coñecementos de informática, e non te ofendas, son bastante básicos - Campos, moi sutil el

- Tranquilo, tranquilo, non ofende quen quere - eu - xa o deberías saber, senón quen pode

Santi ri, este tío pásao bomba

- ¿E, eu non podoo? - Deus, estaba tonteando connigo, non imaxinacións

- Non - eu

- ¡Que se lle vai facer!; pero razón teño, ¿ou non? - Campos

- Unha pouca si - eu

sub

- Claro que podías estar disimulando – Santi - e ser unha pirata informática da hostia
- Igual si - eu
- Esta dinos a todo que si - Campos falando con Santi - coma ós tolos
- É certo - dixer- non teño moita idea de informática, como ti dixeches, a básica; pero con eso chega para face-lo que fixen
- Chega para organiza-las imaxes - Campos serio - pero non para emitilas
- Digamos que utilicei algo que me permitiu facelo - eu
- ¿O que? - Campos, serio
- ¿Máis ben a quen? - eu
- Bueno, ¿pois a quen? - Campos
- Sobre esa persoa non vou falar - eu
- Era raro - Campos
- Non sabia de que ía o rolo, púxenlle o doce en bandexa e como a curiosidade move mundos, pois emitíuno. En realidade estaba segura de que o faría. Esta xente tenche moita inqueda por descubrir cousas novas - eu
- ¿Ves? - Campos a Santi - esto é o que se chama falar de xeito politicamente correcto, eliminando por completo a referencia ó sexo das persoas
- Vexo, vexo - Santi
- E esa persoa – Campos - ¿é a que ten a emisora?
- Non o sei, eu ver non a vin - eu
- Si - dille Campos a Santi
- ¿E como soubeches que podías contar con "esa persoa"? - Santi
- Escoitei unha conversa que me pareceu irrelevante no seu momento; pero que me foi moi útil chegado o punto de poñer en práctica a miña pequena conspiración - eu
- Vamos, que te aproveitaches dun deses xenios inquedos - Campos
- Basicamente - eu
- ¿Coñécete? - Campos
- Non - eu
- ¿Que foi a través dun chat? - Campos
- Non - eu
- ¿Non me vas decir cómo? - Campos
- Será "nos" - corríxe Santi - que eu aínda estou aquí
- Compreendede que xa lle fixen dano dabondo, como para involucralo agora neste - eu
- Eso paréceme estupendo - Campos - pero a nós quen nos garantiza que "quen sexa" non vai seguir cas emisións, ou que non copia o modelo e o adica a outros fins
- Non houbo máis emisións despois daquela dos sindicatos, ou polo menos eso creo. E non ten o programa só a imaxe xa configurada, hai unhas claves para descodificala e só as sei eu
- E agora nós - Santi
- Si, así que vós tamén deberíades ser sospeitosos - eu
- Hai que joderse ca tipa esta - Campos a Santi - a nós non nos dá por tolear á xente
- Que non o fagades do mesmo xeito non quere - eu
- Non me veñas con retóricas, que non cola - Campos
- Pois viríavos moi ben unha mensaxe de "culpable entrégate" - eu
- Non creas – Santi - quedaríamos no paro
- Tamén é certo - eu
- Pero tío, non lle siga-la corrente – Campos - ¿ti es meiga?

sub

- Creo que non – eu - pero nunca se sabe

Petan á porta e entra un axente

- Eso xa está - di

- Vale – Santi - xa imos

Campos érguese e acompaña ó outro axente. Santi queda

- Non lle fagas moito caso – Santi - está nunha idade moi difícil - di sorrindo

- Xa, xa me decatara - eu

- En serio – Santi - é un bo tío

- Si - eu - cada vez que un home di doutro que é un "bo tío" resulta ser un cabronazo

- ¡Muller! - Santi

- ¿Ves? – eu - ¡nunca falla!

- Polo menos tes sentido do humor – Santi - outra persoa na túa situación non o levaría tan ben

- En realidade creo que non asumo o que me está pasando - eu

- Pois se queres un bo consello - Santi - vaino asumindo, porque esto ponse cada vez peor

- E chegará un momento en que vaia tan mal que só poida ir mellor – eu - e daquela estarei salvada

- Non - Santi - ti de depresión non vas morrer, podes estar segura

- Estou, estou - eu

Ábrese a porta e entra Campos cun sorriso victorioso

- Berta, Berta - di sentándose onda min, e sen parar de rir - así que da emisora non nos vas decir nada, ¿non?

- Non - eu

- Non - repite el - pois daquela igual cho teremos que decir nós a ti, ¿que che parece?

- A min paréceme estupendo, gústame que me conten historias - eu

- Esta vaiche encantar - Campos, mirando cara Santi - ¿dislle que pasen?, están aí fóra agardando

- Como non – Santi - ánimo muller - di mentres me pon a man no ombreiro, e sae

- ¿Sabes? – Campos - dixéronme os meus compañeiros - mirándome fixamente - os que rexistraron a túa habitación, que atoparan a foto dun tío bastante parecido a min - hai que joderse, vaia panda de cotillas - ¿non serás do meu club de fans? - di case tocándome có seu nariz

¿Pero este de que vai???? que se poña a facer abdominais que parece que está de quintillizos

- Non - eu arredando a cabeza - é que estou facendo un cursiño de budú e precisaba algo para practicar, xa sabes

- Si - el, sabedor de que me gustaba, debía estar máis que colorada, sentía a calor na cara - xa sei

- Bueno - di Santi ó entrar, seguindo a conversa ca xente que viña con el - aquí está a elementa. ¿Coñecémonos todos, non?

sub

Deus, era o rapaz do locutorio, ¿que coño estaría facendo alí?, ¿e eu que ía decir, que o coñecía ou que non?, ¿quen sería o outro? o avogado, seguramente.

- Por se non fora o caso - Santi - Berta aquí che presento a Carlos, Carlos esta é Berta. Este señor de aquí é o avogado de Carlos; pero eso é irrelevante neste momento - Santi tan contento

- ¿Coñecíavos? - Campos mirándonos

Eu non dixen nada. A cara do rapaz era un poema, danlle dúas ostias e non queda peor.

- Esta encantadora criatura - di Campos sinalándome, ti si que es encantador machote - é a que che enviou a mensaxiña esa que ti dis que non sabes de onde a quitaches

- ¿Ela? - di o rapaz sorprendido

- Si, ela - Campos - ¿coñecía-la?

- Non - Carlos

- ¿Seguro? - xa estaba este cós "seguros" - e claro - mirándome - ¿ti a el tampouco o coñecías?

- Non - eu - xa volo dixen antes

- Pero nos non che cremos nin palabra - Campos - ¿ves que malos somos? porque nos resulta un pouco estraño que - mirando a Santi - onte o meu compañeiro vos vise ós dous ó mesmo tempo, mirade que cousas, no mesmo locutorio.

Xusto o locutoiro onde ti dixeches que realizaras unha das emisións - mirando para o rapaz

- Vale, tío - Carlos - cego non estou, vina cantidade de veces; pero nin sei como se chama, nin onde vive e na miña vida falei con ela

- O mesmo digo - eu

- Pero ti sabías que el tiña unha emisora - Campos- díxéchelo antes

- Eu del non dixen nada - eu

- Ben; ¿pero ti sabías que a persoa á que lle mandache-las imaxes, que casualmente é el, tiña unha emisora? - Campos - dalgún lado tiveches que sacar esa información

- ¿Sabíalo? - di Carlos mirándome - tía é que me parece alucinante - todo entusiasmado - ¿ti?

- Síntoo de veras - eu - non medín moi ben a magnitude das consecuencias cando o fixen; non quería, nin moito menos, meterte en problemas

- ¡Que va, tía! - Carlos - é alucinante, cando llo conte ós colegas, nos que te tiñamos por medio autista. ¡Que flipe! ¿como soubeche-lo da emisora?, ¿e o rollo ese que me mandaches? ¿de onde o sacaches? a min que me facía gracia a cara de susto que poñías cada vez que se che colgaba o ordenador...

O tipiño estábame mosqueando, parecía que o trouxeran para tirarme da lingua; pero daba igual, o que quería ocultar a toda costa era a súa identidade e el xa estaba alí.

- O da emisora - dixen eu, mentres Campos abría ollos e orellas para non perder detalle - escoteino nunha conversa

sub

- ¡Que jodida! - Carlos - un día fixemos unha proba para saber se estabas tan concentrada como parecía e tiramos unha botella ó chan, e ti nin caso, e agora vesme con que tiña-la antena posta
- Pois si, non o tomes como algo persoal - eu - non o podo evitar
- Non, para nada - Carlos - en realidade tesme impresionado e cando llo conte ós demais verás
- Sigo sen ter nin puta idea de informática - eu - e de onde saquei o que che envié non vou falar - Campos fixo un xesto de "vaia por Deus"
- É impresionante - sigue Carlos - intenteino descodificar e non puíden, ensineillo a un colega que é unha máquina e tampouco puido
- O programa ten un sistema de seguridade - eu - non sei que claves e non sei que historias, que non che sabería explicar
- Si, eso vímolo, de feito - Carlos - a última vez que o miramos, andívemos fochicando e cargámonos unha parte
- ¿E emitiste-lo igual? - Campos
- Si, intentamos gravalo en vídeo de toda-las veces que o emitimos; pero non atopamos nada, claro que non se nos ocorreu - Carlos
- Vese que é un sistema moi seguro - eu - supoño que por eso que dis de que só emitistes un anaco o efecto foi tan radical
- O da famosa negociación - Santi
- Si, cando comezou a falarse do da manipulación dos medios - Carlos - decátamonos de que igual tiñamos nos algo de culpa, e non volvemos toca-lo tema
- Non sei como pedirche perdón, sintome como a maior embaucadora do universo - eu
- En realidade - Carlos - ti só falabas dun partido, e nós abusamos un pouco, como non sabíamos moi ben de que se trataba. Se só o fixésemos unha vez creo que nin se decatárian
- Si, eso tamén o creo eu - eu
- Claro - Campos - como somos todos tontos
- Non quería dicir eso - descúlpase Carlos

Campos mírame agardando a que eu tamén me desculpe, non me apetecía e non o fixen, polo da foto, ¡que se joda!.

- De verdade que me deixas dunha peza - Carlos, de novo - cando cheguei pola mañán contando o rolo e me dixeron que tiñan a alguén máis retido...
- ¿Os teus amigos non che dixeron que soltaran ó outro? - eu
- Si - Carlos - pero a el non lle dixeron porque o soltaran, eso era o que decía, e supuxen que se fora da lingua, así que vin entregarme antes de que viñesen por min; ademáis non me sentía moi ben, precisaba soltalo dunha vez. ¿Tamén escoitaches esa conversa?
- Esta muller éche unha caixa de sorpresas - Santi - ¿non si Campos?
- Si, tamén a escoitei - facendo caso omiso dos comentarios - por eso vin, antes de que viñeras ti. ¿E agora que che van facer?
- Non lle imos facer nada - Campos - o que vos pasa é culpa vosa, nós non vos facemos nada
- Nada - Carlos, pasando deles tamén - requísanme a emisora, unha multa e traballos sociais
- E que non se queixe - Campos - que o canal quería a súa cabeza
- Xa ten a miña, para que quere máis - eu
- Muller, tampouco a tes tan grande - Campos vacilando
- Gracias - eu

sub

- De nada - Campos
- ¿E a tí? - Carlos
- O dela é un pouco máis complicado – Santi - como cho diría, moito máis jodido
- Se non fixésemos tantas emisións... - Carlos
- Non lle deas máis voltas, se a min non se me fose o tarro ás veces... - eu
- Foi xenial, tía - Carlos - tivo moita gracia, en serio. A nos dounos moito que facer... ¿e o teu avogado?
- Non teño - eu
- Se queres déixoche o meu - Carlos - connigo xa rematou...
- Paso do tema, xa mo dixeron estes - mirando ós polis - pero de momento non me apetece que me toleen

O avogado de Carlos miroume mal, a min que máis me tiña

- Sinto ter que separarvos - Santi - agora que vos coñecedes, vos admirades e vos levades tan ben. Este é un mundo cruel, vamos - dille ó rapaz, que se ergue, tamén o seu avogado e saen os tres xuntos de novo
- Véxote máis tranquila – Campos - polo menos agora só te tes que preocupar por ti mesma - eu asinto - elexiches ben ós cómplices, chega a ser outro e nin se presenta - sigo asentindo - ¿así que viñeches porque lle escoitaras decir que ía vir el?
- Si - eu
- ¿Daquela, pensaches que íamos dar contigo, eh? - Campos
- Non, pensei que non íades dar connigo e que apandaría el con todo - eu
- Vaia, sempre confiando na miña capacidade - Campos
- Non me refería a ti en concreto; pero xa que o dis - eu
- Eso do final sobra - Campos
- Pode - eu
- Eso tamén - Campos, fai unha pausa - supoño que unha vez resolta a túa maior preocupación, prestarás máis colaboración
- ¿Seica vos presionan os xefes? - eu
- Mira, a min os xefes súanma; pero xa me tarda rematar esto - Campos
- ¿Non che resulta un caso interesante? - eu
- Que queres que che diga, encanto - xa saiu o chulo - hai cousas máis entretidas
- Vaia - eu - agora xa sei porque non ligo
- Referíame ó caso - Campos, docemente mentres me derrito
- Xa - eu
- O de traballar con casos vellos é un coñazo, sempre atopas un montón de cousas que non levan a ningures - el sincerándose - e o que de verdade che podía salva-lo cú non está
- Por esto están pendentes - eu
- Gracias por mo aclarar - un pouco picado
- Igual tedes esa información diante dos fuciños e non a vedes - eu
- Podías cortarte un pouco - Campos - eu tamén teño sentimentos
- Tamén te picas por todo - eu
- Si, claro - Campos
- Referíame a que poden parecer datos irrelevantes e que non o sexan - eu
- Aínda estades vivos – Santi, entrando pola porta - menos mal, xa me estaba arrependido de deixarvos sós
- escoita – Campos - que nos vai decir como resolve-lo caso
- Eu non dixen eso - eu
- Mágoa - Santi - o xefe anda que bota fume

sub

- Pois que deixe de fumar - Campos - sigue
- Decía que ó mellor hai información aparentemente irrelevante e que ben estruturada - eu
- ¿O programa sacáchelo da oficina? - Campos ó gran
- Si - quedaron sorprendidos da miña sinceridade
- Un delito máis - Santi - cando esto remate aínda che hai ter medo o padriño
- ¿Que foi? ¿unha especie de vinganza por te botaren? - Campos
- Home, non exactamente - eu
- Pero vas por bo camiño rapaz - Santi
- Non, realmente non o fixen para vengarme nin nada, eu nin sequera sabía que contiña ata días despois - mentireira
- Veña - Santi - sóltao que me estou interesando no tema
- Un día cheguei á oficina e chámanme ó despacho - eu - o xefe di que me largan e que antes tiña que facer un balance da situación da empresa e outros informes máis
- E buscando información atopaches - Santi
- Non, que va; a información xa a tiña, ¿que clase de profesional cres que son? - Campos ri - o caso é que unha compañeira me encargou que atopase unha carpeta dun anuncio que se fixera había anos. Eses arquivos eran un cristo, estaban todos revoltos, e decidírame a ordenalos de paso que buscaba o que me pediran; claro que eso foi un pouco antes de que me despedisen
- Claro - Santi
- Se non xa llo mandabas buscar á outra - Campos, e con retransca - ¿levabas ti os arquivos tamén?
- ¿Sigo? - eu
- Sigue - Campos cedendo o paso

Conteilles todo o de Fran, o de Sofia e Simón e de como atopara o disquete verde

- ¿E porque non lle preguntaches á tipa esa de que ía o rolo? - Santi
- Home, supoñíase que non sabía nada - eu
- ¿E ela cómo se enterou? - Campos - porque a que tiña a información máis a maneras ti
- Xa; pero é que eu non me tiro a Domínguez e ela si - eu
- Vaia, vaia - Santi - esto ponse máis interesante por momentos
- Sorpréndenos - Campos - ¿como sabes eso?
- Obviamente... - eu
- Si, ti e a túa parabólica - Campos - ou tes un oído de primeira ou a facultade de estar sempre no sitio máis axeitado. ¿E dis que non coñecías ós do bar?
- Non, pasados dos trinta e cinco - eu - non presto moita atención
- Xa; pero por debaixo non lle pos límite - Campos - ¿non si?
- ¿Desculpa?? - eu xa mosqueda, este sempre chamándome asaltacunas ¿pero de que vai?
- E a Sofia esa - Santi, intentando suaviza-la situación - ¿que tal está?
- Seguro que vos gusta - eu - é un zorrón, o tipo ideal de calquera home
- De calquera, non - Santi - hainos - sinalando a Campos - que as prefiren máis...
- Creo que nos estamos desviando do asunto - Campos interrompéndoo - fálanos de Domínguez

Conteilles o pouco que sabía del, algunha das súas meteduras de gamba máis soadas e algún outro detalle. En realidade sabía pouco del, como persoa, á marxe

sub

da súa vida oficial no traballo, non sabía nada de nada. Preguntáronme despois por cada un dos meus compañeiros e por don Tomás

- Bueno - Santi - esto non nos axuda moito
- Algo si - Campos - dos que poden saber algo temos a Domínguez e a Tomás - mirándome- ¿cres que xa marcharía?
- Supoño - eu - xa hai polo menos un mes deso, ou máis, a verdade é que deixei de levar conta dos días
- ¿Volveches ver ós teus compañeiros? - Campos
- A un deles, si - eu
- ¿E que che contou do traballo? - Campos
- Home - eu - deso non falamos moito, que eu lembre nin tocamos-lo tema
- ¿E daquela de que falachedes? - Campos curioso
- Igual eran cousas privadas - Santi censurándoo - hai xente que ten vida privada ¿sabes?
- Contoume dunha moza ca que sae - eu
- Tranquila - Santi - non tes porque darnos máis explicacións
- ¿Como que non? - Campos - igual hai algun detalle - mirándome- ¿como decías ti? “aparentemente irrelevante”

Santi riu

- Non - Santi - non creo que ese sexa o camiño. Desde logo, se alguén colleu os disquetes da contabilidade e houbo eses cambios é que algo raro pasou
- Ti levaba-las contas - Campos - ¿non notaches nada?
- Non - eu - polo menos que se fixese oficialmente non
- ¿Hai algún xeito de desviar cartos da empresa, sen que ti o notases? - Santi
- Quen di cartos, di movementos do que sexa - Campos
- Non, dos cartos da empresa, non - eu
- Daquela non terá nada que ver con eso - Santi
- Pero - eu
- ¿Pero? - Campos a Santi - atende que imos te-la versión surrealista do mundo empresarial
- Pero - eu - se os clientes pagaban partes non oficiais a persoal da empresa eu non o sabería
- ¿Fariades facturas, digo eu? - Campos
- Claro; pero se Domínguez facía algún apaño... - eu - eso de "apaño a caixa, ptas" Facenda non o ve con moi bos ollos - Campos volve poñer cara de ofendido
- ¿E que sentido tería? - Santi - ¿para que lle ían pagar máis do presupostado ou do facturado?, axencias de publicidade hai moitas, non fai falta andar untando a ninguén para facer un anuncio
- Si - eu pensando en que era un pouco tonta
- ¿Sería esa a única posibilidade de movementos irregulares? - Campos
- Practicamente si, porque a outra sería que os creativos puxesen máis custo do que realmente levaba o anuncio; pero eso controlábao eu e ían axustados ó máximo
- Vamos que de roubar nada - Campos
- Non, o meu xefe - eu - sempre lles andaba enriba cós custos
- Daquela - Campos - ¿por que cres ti que lle pagarían en negro parte dos servizos?
- Por decir algo - eu
- ¿E ademais? - Campos doce, moi doce

sub

- E ademáis, porque igual prestaba servicios que non se podían facturar - eu
- ¿Eso pensas? - Campos, a min tanto interese derretíame
- Ata o de agora si - eu - sempre me tivo pinta de andar có cazo. O que pasa é que, pensándoo ben, se fose así non terían porque desfacerse de don Tomás, o pobre non se enteraba de nada
- Eso - Campos - tamén o pensa moita xente de ti
- Tamén é certo - eu rindo
- De ti, si que se tería que desfacer - Sant i- tarde ou cedo descubriríalo
- ¿Ti cres?- Campos imitándome
- ¿Cantos anos levabas alí?- Santi
- Case dous- eu
- ¿E nunca notaches nada raro?- Campos chamándome pardilla
- Non - toda natural - quitando que non poidese mira-la contabilidade antiga, e tampouco era raro, ó cambiar de programa
- ¿E logo - Campos- que fixeron có outro?
- Eu que sei - eu - renovarían os equipos informáticos. Xa vos dixen que o disquete verde era unha copia de seguridade, sería deses días
- Xa - Campos - ¿e daquela porque non desapareceu tamén ese disquete?, ademáis díxeches que había outros
- Si; pero eran de campañas - eu - igual non sabían que eran, porque non tiñan nome, igual pensaron que eran cousas miñas
- Así que o principal sospeitoso é o Domínguez ese - Santi
- A min sígueme parecendo un inútil - eu
- Igual está disimulando, muller - Campos con retranca
- É que me resulta bastante difícil pensar que el poido argallar algo así; pero se se enrollou ca tía máis laretas da oficina - eu - a quen se lle ocorre
- En certos temas - Santi - a razón non manda
- Tampouco é tan guapa - eu - tiña compañeiras bastante máis guapas, eso si, non terían tanto estómago
- Ti á mínima que alguén se descoide sácaslle a pel - Campos
- E non son a única - mirándoo fixamente
- De momento - di Santi erguéndose - nós imos comer, e a ver que se nos ocorre, xa che mandamos ó camareiro para que che traia algo a ti tamén
- Digo eu - eu - ¿non me podería traer alguén roupa e as miñas cousas de aseo?
- ¿Para que? - Campos estrañado, este tío é un porco
- Pero muller - Santi - se estás moi guapa, non te preocupes; eso si, un pouco branca tes que ir á praia
- ¿Eso que é? ¿un chiste? - eu cabreada
- Xa falaremos - Campos - ata logo
- Chao - Santi chiscándome un ollo

Non é que sexa unha maniática da hixiene, ben pode pasar un día sen ducharme; pero é que me sentía mal, el estaba tan preto e eu apestando. Subíronseme as cores de novo ó pensar na foto de Chris, vaia corte que che rexistren a habitación sen avisar, menos mal que lle devolvera a David os playgirl. Xa o estou oíndo, ademáis de que me gustan menores, que non sei de onde o sacaría, habíame chamar saída.

Pouco despois entrou o camareiro e recitoume o menú. Pedín a comida e ó pouco xa a tiña diante. Agora era outro, este parecía máis agradable. Comín soa naquel cuarto, pensando que o resto da miña vida, ou polo menos uns cuantos anos, que non habían ser poucos, sería así. Mirándoo polo lado bo, había espabilar; polo

menos saíría con paro, e co paro que tiña sen desfrutar, tería tempo para buscar algo, ou marchar fóra chegado o caso. Comecei a pensar en como cambiaría o mundo sen min, nas cousas que aprendería na cadea, todas seguramente moi útiles, facíame especial ilusión o das pontes dos coches, porque nun caso de emerxencia... mira que se me collían manía as que controlaban o cotarro. Comecei a agobiarme; pero de súpeto lembrei que no instituto non pasara, que me levaba moi ben cós macarrillas todos, claro que era porque non me importaba explicarlle-los exercicios, daba igual xa atoparía algo có que negociar. Si animeime, como decía o outro, xa tiña xantar, por min que chova. Tardaron bastante en volver, mentres estaba alí soa, estiven a punto de saír dar un garbeo; pero corteime non fosen correr detrás de min, tirarme ó chan e esposarme, aínda que debo confesar que a idea non me resultaba de todo desagradable, Cris, Cris, non me deixaba concentrarme; sempre fora unha persoa imaxinativa, non me deixaba acurrallar facilmente; pero cando un tío me gustaba... Fastidiábame porque me parecía o típico que anda detrás de todas, e non me enganaba. De calquera xeito, aquela situación non podía derivar en nada persoal, claramente el non se ía enrollar conmigo, tamén era mala sorte que o fose coñecer naquelas circunstancias. Ó mellor cando saíse do caldeiro estariame agardando... ¿seguro?. Non. Nin sequera lle gustaba, ¿por que non?, tampouco estaba tan mal. ¡Odiábame!, ás veces notábaselle tanto que me daban ganas de decirlle que se cortase un pouco, algo de obxectividade era o menos que se podía pedir.

sub

## Capítulo 10

Pasaba xa da media tarde cando entraron, viñan bastante contentos, igual xa conseguiran o que andaban buscando, ou quen sabe, ca epidemia de "entregas voluntarias" que había igual viñera Domínguez confesar.

- Berta - dixo Campos achegándose - imos a túa casa
- ¿Agora? - eu
- Si - Santi - ¿non querías coller roupa?
- Si; pero supoñía que non podería ir eu mesma por ela - eu
- En realidade non imos para facerche un favor - Campos, tan agradable el - explicó polo camiño
- Chámame en canto o teñas - Santi mirando para Campos
- De inmediato - Campos - xa vimos o dereito
- ¿Podereime fiar de ti? - Santi mirándose - ¿non terás unha bomba de man agachada no desodorizante?
- Non, podes comprobalo ti mesmo - eu
- Síntoo de corazón - Santi - pero non eu vou; fagas o que fagas non o ataques cun bolígrafo - dime - faime caso

Home non era precisamente o que tiña pensado

- Séntalle moi mal - Santi que sigue na súa onda

Sáimos, facía sol. Subimos a un coche e fomos cara a miña casa, xa sabía o enderezo, e non o ía saber

- Bonito día, ¿verdade? - Campos
- Si, precioso - sorprendida polo comentario
- Gústache a praia - Campos todo amable, non te fies
- Si, bastante - eu
- Pois - xa o vía vir - a min tamén - ¡coño!
- ¿Non me digas? - dixeron sorprendida
- Si, ¿por que te estrañas? - Campos
- Non, por nada. O que me estraña e que non dixeses un "pois telo jodido" - eu
- Para unha vez que trato de ser agradable - Campos
- A verdade é que estás mellor de agradable - eu soltándoas con sutileza, máis ou menos - sigue nesa liña

sub

- Ti tamén estás mellor de agradable - Cris - así que mellor sigamo-los dous nesa liña, ¿paréceche?
- Si - eu
- ¿Non irás a Riazor? - Campos
- Ó Orzán - eu
- Xa decía que non te me facías coñecida - Campos
- Ti a min tampouco, ¿es de aquí? - eu
- Si; pero andiven por fóra moito tempo - Campos
- ¿Prefires estar aquí? - eu, sorprendida
- Coma na casa en ningures - Campos
- Dependerá da casa - eu
- ¿Non che gusta? - Campos
- Ás veces non - eu
- Pois o que hai por aí non é mellor - Campos
- Eso dilo ti porque o xa viches, a min gustárame comproba-lo por min mesma. Cando sexa rica hei andar de viaxe seguido - eu
- E cando vai ser eso - Campos
- Cando escriba as miñas memorias, e saia do cárcere, supoño - eu
- É bo ter sentido do humor - Cris - din que vives máis
- Éche todo un consolo - eu
- ¿Que tal se vai no tranvía? - Campos
- ¿Por que mo preguntas coma se o tivese que saber? Nunca me dou por montar nel - eu
- Tesme pinta de que che gustan estas cousas - Campos
- ¿Que cousas? - eu
- Xa sabes, viaxes en tranvía, o solpor, ceas románticas á luz das velas - Campos
- ¿Si? ¿e eso dedúcelo por? - eu
- Por nada cousas miñas ¿a que acertei? - Campos
- A min gústame case todo - eu tratando de manterme baixo control e non decirlle contigo si - o solpor, o amencer, o mediodía, cear, comer, o tranvía, pasear
- Que non se diga que non das facilidades - Campos
- Eso - eu
- ¿Haberá alguén na túa casa? - Campos
- A estas horas non creo, igual meu irmán - eu
- Ben, se atopamos a algún veciño e che pregunta son un amigo, ¿entendido? - Campos
- Home, non creo que me vaian preguntar - eu estrañada, "un amigo", quen me dera
- Por se se dá o caso - el - teus pais non lle contarían a moita xente a túa situación
- Supoño, igual á familia, a meu tío Antonio para pedirlle consello, ou non sei - eu
- ¿E teu irmán? - Campos
- Eu que sei, a min se lle pasara a un amigo seu diríamo, aféctanlle moito as situacións críticas, igual á moza ou a algún amigo si llo dixo; pero tampouco creo que o fose pregoando, sobre todo porque sabe perfectamente que me cabrearía, e que son capaz de non ir ó carcere só por fastidialo - eu
- A ti, no fondo esto paréceche un xogo - Cris
- Non; pero podo falar, ¿non? - eu - de momento podo falar
- Si, muller, o que queiras; pero xa sabes que eu escoito, despois non protestes se o - Campos
- ¡Vai a merda! - xa me estaba enchendo, có ben que íamos

sub

Non volviu decir nada

- Lembra - Cris - un amigo - mentres aparcaba

Sáímos do coche entramos no edificio, todo moi natural, había pouca xente pola rúa

- ¡Ola Berta! - o neno da veciña

- ¡Ola bandido! - eu

- Vou á praia, ca miña tía Fina - o neno

- Moi ben, ¿e vaste bañar? - eu

- Siii - o neno

- A auga vai estar moi fría - eu

- ¡Non!, porque lle dou o sol todo o día e agora está máis quente - mira que resabido

- ¡Que lercho es! ¡pásao ben! - eu

- ¡Vou estar máis moreno ca ti! - o neno

- Ha, ha - eu

- ¡Xa verás! - o neno

- ¡Pablo! - a tía Fina - ¡apura!

- Veña, que se non non te leva - eu

- Adeus - o neno

- Ola, Berta - Fina - este rapaz para con todo o mundo, non imos chegar nunca, apura

A tía Fina si que se fixou en Cris, e tanto, doulle un repaso

- É o mozo de Berta - a criatura

- Pasa - Fina - anda, que xa case era hora de volver

Si pero ben que controlaba a colega

- Bueno, xa non fai falta que diga que es "un amigo", é obvio que é-lo meu mozo - eu

- Débeseme notar que estou namorado - que serio o di o moi cabrón - sintoo non puiden disimular

- ¿Tes moza? - eu

- Non - el

- Menos mal - beeeen - porque mira que se che pon as pilas pola miña culpa - rindo

- Xa vexo o moito que o ías sentir - Campos rindo, tamén

- En serio - dixen tratando de conte-la alegría - non hai porque fastidiar a ninguén

- A non ser que lle guste o fútbol - Campos

- ¡Exactamente! - eu

- ¡Ola! - eu por ver se tiña campo libre

- ¿Que fas aquí? - meu irmán

- Schiiiiiiiis - eu - escapei

- Pois, disimula porque creo que te ven seguindo un poli - Marcos, mentres me dá un bico e me abraza

- ¡Non, jodas! - eu - ¿xa vos coñecedes?

- Vino cando esperaba por papá e mamá - Marcos

- Pasa, pasa - a anfitriona perfecta - Marcos, meu irmán, este é Cris Campos

- ¿Criscampos? - meu irmán - soa a nome de cervexa

sub

- Cristian Campos, así igual ten menos coña. Vexo que é de familia - Campos
- ¿O que? - eu
- O do cachondeo - Cris
- Pegueillo eu, de pequeno pasou moito tempo connigo - eu
- A teus pais había que denuncialos por malos tratos - Campos
- ¿Que? ¿a ti tamén se che está pegando? - eu
- Non, é que teño que fala-la mesma linguaxe cas persoas que trato, está no manual - Campos
- Xa, podes quedar non salón mentres me ducho e recollo as cousas - eu
- Non, vou contigo - Campos
- ¿Como?- meu irmán escandalizado
- ¡Que vou con ela! - Cris - tranquilo nin ver nin tocar
- Non vou fuxir polo canalón da auga, asegúrocho, teño vertixe - eu
- Quero ve-la túa habitación, para eso viñemos, ademáis vouche conta-lo plan, e teu irmán non ten porque enterarse - mirando a Marcos - ¿ti vas quedar aquí?
- Na miña habitación, se non vai contra a lei, claro - Marcos
- Ben, ¿onde está? - Campos
- É aquela - meu irmán
- Pois, andando - Cris
- ¿Sabes? - meu irmán a Cris - fas ben aproveitar mentres podes, porque en canto non teñas ningún poder sobre ela, pártete as pernas por falar así
- Non me digas - Campos
- Que non te engane a súa pinta, ten moi mal xenio - Marcos
- Tereino en conta - Campos
- Andando - dime

Entramos na habitación, supoñía que estaría todo patas arriba; pero estaba como a deixara, igual a ordenara miña nai

- ¿Está todo ben? - Campos
- Si - eu
- Somos moi curiosos - Campos
- A verdade é que non o esperaba - eu
- Senta - sinalado á cama - explícoche - sentándose no escritorio - cambiaste e imos á túa oficina, cun micrófono, que ti vas colocar no despacho de Domínguez
- ¿Eso é legal? - eu
- Témo-la orde xudicial - sigue - mira - sacando unha caixiña do bolsillo do pantalón - é moi sinxelo, só o tes que presionar un pouco e xa queda pegado e conectado. Telo que poñer un sitio onde creas que pode capta-la maioría das cousas que pasen no despacho
- Se queres, poño outro na mesa de Sofía - eu de coña
- Non, só temos un - moi serio - ven, faino ti

Non tiña moita complicación, a tecnoloxía é unha maravilla

- Moi ben - Campos
- ¿Non se acoplará cós móbiles? - eu
- Estes non - Campos
- Mira que se lle fai interferencias - eu
- Non - Campos taxante
- Daquela pégo a mesa ¿e que escusa poño para entrar alí? - eu
- Mentres te duchas, vaino pensando; ti e-la artista - el con sorna

sub

Collín a roupa e fun para a ducha, ó baño non me seguiu; pero analizou cada movemento que facía na habitación, doume corte colle-la roupa interior. ¡Joder!, non andarían ca roupa interior ¡que noxo!. Fun mirar se había algunha no tendal, tiven sorte, botei aquela para lavar e collín a outra, pareceume moito máis prudente. A ver se me lembraba de decirlle a miña nai que a lavase toda, medio mundo metendo as mans nas miñas intimidades. Rematei moi pronto, non quería quedar mal, así que me empreguei a fondo. Volvín á habitación a modo esperando pillalo cas mans na masa.

- ¡Xa remateil - eu toda chea
- O de "xa" será un decir - seguía sentado no mesmo sitio; pero prendera o ordenador - vinas máis rápidas
- Non te deixarían tan contento coma min - eu
- Seguro - el rindo - ¿Pensaches algo?
- En algo si - eu - pero non nunha escusa, tranquilo xa se me ocorrerá algo polo camiño
- Máis che vale - Campos
- ¿Vas vir connmigo? - eu
- Só ata a porta - Campos
- ¿E se me chivo e lle digo que o escoitades? - eu
- Berta - di erguéndose e achegándose a min - esto pódeche salva-lo pescozo ¡aplicate!
- Así de fácil - eu - poño o chirimbolo e salvada
- Así de fácil, non - el - pero vaiche axudar moito
- E a vós - eu
- A nos se cadra si e se cadra non - Campos
- E dese non depende a miña vida - eu
- Máis ou menos - Campos
- Supoñedes que vai - eu
- Non supoñemos nada, imos intentalo, ¿vale? - el - sentouche ben a ducha, quitaches cincuenta anos de enriba
- ¿Só cincuenta? - eu - vou ter que ducharme outra vez, normalmente - quito cen

Pero este... se el os trinta nin os lembra, ademáis tenme pinta de aparentar máis dos que ten, a mala vida...

- En serio, que che sentou ben - Campos sincero
- Pois igual te tes que duchar ti tamén - eu - a ver se obra o milagre, ¿cantos anos tes?
- Esa é unha pregunta moi impertinente, eu a ti non cho preguntei - Campos
- Porque mo preguntou Andrea, simpático - eu
- Pero eu non, que é do que estamos falando, que estivese diante - Campos
- Non remates esa frase - eu ameazando
- ¿Es cinturón negro ou algo así? - Campos
- ¿Cinturón? non; non uso, ¿por que? - eu
- Porque mido bastante máis ca ti, e nin que decir que son máis forte - Campos
- Nunca oiches o de máis vale maña ca forza - eu
- Si; pero eu tamén teño moita maña - Campos
- Vaia, que completo - eu
- Muller, claro - el - ¿imos?
- Hai que apaga-lo ordenador - eu - ¿atopaches algo interesante?

sub

- A verdade é que non, quitando certos detalles es bastante aburrida - Campos
- ¡Gracias!- eu ofendida - ¿e que detalles son eses se se pode saber?
- Pois - di, achegándose máis - a túa mente perversa, o teu sentido do humor e
- ¿E? - eu contra o roupeiro, babeando
- E que teñas a foto dun tío que se parece a min - di el mentres pon a man no roupeiro e a súa cara á altura da miña - ¿non cres que é bastante interesante que che guste alguén coma min?
- Non se che parece tanto - eu cabreada, este é un creído
- Vin a foto e si que se me parece - Campos
- Creo - eu saíndo de alí e collendo a foto do escritorio - que lle pos demasiada imaxinación - ¡joder! se eran cravados...
- Si - el quitándome a foto - eu son máis guapo; pero polo demáis somos coma irmáns
- Xa che gustaría - eu
- ¿Así que che gusta o tipo este? - el - ¿e como é que non o tes aí - sinalando á parede - a tamaño natural?
- Intenteino; pero non se deixou - eu
- ¡Ha! - el - referíame a un póster ou algo así, ¡ai! perdoa, ti xa non estás na idade
- ¡Que gracioso!, non o teño porque é moi difícil conseguir fotos deste - eu
- Daquela non tes de que preocuparte - Campos
- ¿Non?, ¿e por que non? - eu
- Saco eu unha e xa tes en que recrearte - pero será así de verdade ou só me putea
- ¿Ó natural? - eu
- Como faga falta, polas miñas fans o que sexa - Campos
- Case non - dixen eu dándolle unha palmadiña na panza
- Él tamén ten barriga - picouse - pero como é rico dache igual
- E eu que sei se é rico ou non, non o coñezo de nada - eu
- Razón de máis, a min si - ¿falaría en serio?
- Moito tampoco - eu - ademáis ti tamén prefirás a unha modelo antes que min

Díxome un "non esteas tan segura" que aínda me dá voltas a cabeza; parecía decilo en serio. Os tíos non así, despois irá contándolle todo ós compañeiros e xuntos rirán de min. Homes. Despedínme de meu irmán, noteino moi triste e tratei de animalo decíndolle que non se preocupase que non sería nada, e que esperaba que chegado o caso me trouxese o pan ca lima dentro. Non lle fixo ningunha gracia. Nin se ergueu para virnos pecha-la porta. Destrozoume o corazón. Baixamo-las escaleiras calados, debíase notar que non tiña ganas de contos. Collémo-lo coche e aló fomos. Só abriu a boca para confirma-lo enderezo da axencia, eu non podía esquence-la cara do meu irmán, pensei que o tomaría a coña, tal como o tomaran meus pais, era de supoñer que el lle poñería o toque de gracia e resultou que foi o único da familia que o tomou en serio. Sentía remosos porque sempre lle estaba decindo que tiña que madurar e ser máis serio. Vaía momento elixiu para darme a razón.

- Berta - Campos devolvéndome á realidade - xa chegamos - moi doce
- Si - eu
- ¿Estás ben? - Campos
- Si, xa vou - mentres quitaba o cinto de seguridade
- Vai saír ben - agarrándome do brazo - todo vai saír ben

Non dixen nada e abrín a porta

sub

- ¡Joder! - sen soltarme o brazo - que delgada estás, xa pareces unha modelo

Sorrín e saín do coche. Era boa xente. Collín o ascensor e cheguei á oficina, aínda non tiña nada pensado; pero non había problema, en canto o vise xa me inspiraría, é o bo de Domínguez. Estaban todos traballando; Fran que está a todas viume entrar.

- Tía, ¿que tal? ¿e ti por aquí? - Fran

- Vin facervos unha visita - eu

- ¿Non me digas? - Fran desconfiando - non me estraña que nos botes de menos; pero non hai tanto que nos vimos

- A ti non; pero aquí hai máis xente - eu

- Pero o único importante - Fran - terás que recoñecer que son eu

- ¿Que tal?- Ánxela dándome un abrazo

Pronto se achegaron os demais e fixemos un pouco de barullo, a supersecretaria chamounos a atención e daquela díxenlles que viña falar con Domínguez, díxéronme que tivera sorte de pillalo porque ultimamente non pasaba moito tempo alí. O fillo disque non se enteraba de nada e que lles retrasaba moito o traballo, tratei de desculpalo decindo que era normal porque levaba pouco tempo; pero, no fondo, alegreime de que fose un inútil. Crearan un novo departamento creativo, do que era xefa, como non, Sofía, e que en realidade non sabían moi ben a que se adicaba; pero traballaban moito. Simón fora con ela, decía Ánxela, vaia, pola cara que puxo as cousas non resultarían entre eles. Subíranlle o soldo, e aínda que en principio, se Fran non o sabía é que non sería, non estaban enrollados, non había tardar en caer, porque a outra non prescindía del nin un momento. Ánxela pasaba de todo xa, decía que mellor así, polo menos aínda non estaba colgada de todo, e perde-lo tempo cun trepa non era a súa idea de relación. Eles nin se achegaron, saudaron desde o seu despacho. Como engana a xente. Fran díxome que xa lle tiña un pretendente buscado a Ánxela e ela doulle un toque cariñoso. Disque era un executivo do piso de arriba, un bollazo, e que el almorzaba todo-los días con el para irlo poñendo en bandexa. Este Fran é moito. A pesar de todo noteina aliviada, igual Simón non era tan encantador como parecía, bueno xa demostrou que non. Tino díxome que se sabía doutra axencia que os avisase porque naquela tiñan os días contados. El sempre está á última nos cotilleos da dirección, disque estaban contratando xente nova e calquera día dábanlles vía. Fran fixo un comentario de igual que hai cinco anos que os demais non entenderon. Cando a petarda da secretaria nos chamou a atención por non sei canta vez despedímonos e eu fun cara o despacho do monstro. A dona perfecta non quería deixarme entrar; pero púxenme sería e pasei.

- Boas tardes, Berta - Domínguez - ¿e ti por aquí?, ¿precisas algunha carta de recomendación? que, ¿xa atopaches traballo? ¿está difícil a cousa non?

Non me resultou nada difícil falar, como decía, este home é certamente inspirador

- Boas tardes - eu toda chea - só viña porque neste tempo pensei moito na tremenda putada que me fixo vostede, no cabrón que é - achegueime á mesa - pensei tamén que estaría ben decírllo, porque, ó fin, vostede igual non o sabía - micro colocado - e dábame pena que vivise pensando que é boa persoa sendo o fillo de puta que é

sub

- Sae do meu despacho de inmediato - Domínguez - ¿quen te cres que es?, niñata; xa procurarei dá-las referencias precisas de ti. Vas por mal camiño, nunca te tiven por unha profesional seria, e agora vexo que non me enganaba. Tes que madurar moito, aprender moito, e baixar eses fumes. ¡Fóra!
- Vexo que non lle resulta grata a miña presenza - eu - ¿moléstalle a verdade?
- ¡Fóra!

Entrou a secretaria toda asustada, eu collín e marchei moi a gusto, debo decir; que ben senta facerlle a puñeta a un merda coma Domínguez. Espero que á señora da limpeza non lle dea por limpala por debaixo ou imos mal. Marchei correndo. Campos estaba fóra agardando, falando polo móvil. Vexo que me mira raro.

- ¿Que pasou? - sinto unha voz detrás - ¿a que viñeches?
- Non pasou nada, vin desafogarme, xa me cansei de non deci-lo que penso, solteille o primeiro que se me pasou pola cabeza - eu
- A ti o non ter que facer aféctache - Fran - aínda che vou ter que encarga-la declaración cómo terapia

Campos achégase

- Aínda que igual, xa tes abondo que facer - Fran mirando a Campos con curiosidade
- Cristian - di Campos extendéndolle a man
- Fran - mirándome de esguello
- É un amigo - eu
- Encantado Cristian - Fran sorrindo - esta rapaza é sorprendente, ¿non cres?
- ¿Por?- Campos
- De súpeto saca un amigo da manga - Fran
- ¿Da manga? - eu - ¿ti cres que me cabería?
- Xa me contarás - Fran con picardía
- É un amigo, xa cho dixen - eu
- Así que ti é-lo famoso Fran - Campos, ¿que pretendía?
- Debo ser si - Fran
- Encantado - Cris - xa nos veremos, agora temos un pouco de présa
- ¿Si?, ¿que estades facendo unha ruta de vinganza ou algo así? - Fran - este tío ¿é de fiar?, nótese rara, ¿non será por el?
- Fran, xa falaremos, ¿vale? - eu
- ¿Non te terá secuestrada? - Fran en voz baixa - ¿non será dunha secta, estás ben?
- ¡Fran!! - xa che contarei
- ¡Mételle man, que ten ben onde agarrar! - Fran
- ¡Fran! vaite esoitar - eu

E tanto, como que lle escoitou; pero non dixo nada, metiuse no coche, eu despedínme de Fran e marchamos. Que estraña manía tiña Fran de correr detrás de min, faime sentir mal porque parece que sempre o deixo colgado e el ten que vir suplicando. Nada máis lonxe da realidade, o que pasa é que é un cotilla e quere enterarse de todo. Xa o vexo chamándome coma un poseso para saber quen é o tipo este.

- ¿Non lle contarías nada? - Campos
- Non, claro que non - eu

sub

Parecía enfadado.

- O micro funciona – Campos - confirmouno Santi, ben feito
- Gracias - eu
- ¿Resultouche difícil? - Campos
- Non, cheguei e comecei a chamarlle fillo de non sei quen, puxen o micro e marchei. Bueno máis ben botoume - eu
- Vamos, que mataches dous paxaros dun tiro - di sorrindo
- Non vexas o a gusto que queda unha - eu
- Imaxino. Algo me dixo Santi de que había bronca, debeches rebotalo de mala maneira - Campos
- O máis que puiden, xúrocho; ¿que imos para - eu
- ¿Ti que cres? - Campos, serio
- Por intentalo - eu
- ¿Por que non queres un avogado? - esa pregunta escama
- Non quero que me digan o que teño que facer, non agora - eu cabreada - estou chea de que a xente pense que sabe vivi-la miña vida mellor ca min
- Pódenche axudar, igual che conseguen un trato mellor - Campos
- ¿Mellor? ¿mellor ca cal? - eu
- Ca ningún, un trato bo quería decir - Campos rectificando

Quedei mirando para el, sen arreda-la mirada, estudiándoo. De súpeto para o coche e vólvese, pensei, de veras que o pensei, que me ía decir que parase de miralo.

- Non che vou pedir que confíes en min, porque eu non son quen, nin mando nada, non che podo garantir nada; pero - di moi moi serio - igual se poñemos un pouco cada un podemos facer algo. Estámolo facendo... estámolo facendo ben - decía para si

Seguíu conducindo, eu calada coma unha tumba, nin me atrevía a miralo, de súpeto comecei a sentir frío e ganas de chorar. Puxo un cd sen saca-la vista da estrada, automáticamente, con movementos precisos, sabendo de memoria onde gardaba cada cousa. Soaron os Rolling Stones, "Sympathy for the Devil". Fixome gracia, non o puiden evitar. O camiño estábase facendo longo, moi longo. E pensei, que se alguén me decía algunha vez que me quería tiña que ter aquela mirada que tiña el. Tiña que falar con aquela voz ca que me falou el. E tiña que facer para-lo mundo como fixo el.

Nin palabra, saímo-los dous do coche e entramos, eu ía diante. Fun directa á sala, non vía a ninguén, nin era capaz de escoitar nada. Dábame a impresión de que me miraba todo o mundo. Entrei e senteime no meu sitio, xa case o botaba de menos. Esperei.

- Debiu ser duro volver xunta o malvado xefe - Santi
- Non, non creas - eu
- Pois traes unha cara que é un poema - Santi
- Estou cansa - eu
- ¿Un día aquí sen facer nada e xa non estás afeitada a andar? - Santi
- Debe ser - eu
- Oes - di achegándose - ¿non abusaría de ti?

sub

- ¿ Quen? - eu sen entender
- El - falaba de Campos
- ¿Estás de coña? - eu, seria
- ¿Non? - Santi
- Non ¿de que vas? - eu, seria
- Vaia, xa o temos controlado - Santi
- ¿Por que? - eu - vaille atacando a toda-las que pasan por aquí

Íame responder cando entrou Campos pola porta e o pillou. Mirouno adiviñando o que estaba decindo.

- Nin lle toquei - Campos
- Non foi o que me dixo ela - Santi, eu case o mato
- ¿Que lle dixeches? - Campos, serio
- ¡Nada! - eu
- ¿Por que te alteras? ¿hai algo que decir? - Santi
- Non, nada - Campos
- ¿Seguro? - Santi, rindo
- Pregúntalle a ela - Campos
- Non sei, creo que me enganades. ¿Que lle pasou?, nin ri, nin fala - Santi
- Viu o mundo que vai perder - Campos
- Bueno - Santi animándome - a miña delincuente favorita non se vai vir abaixo agora

¡Joder! case me poño a chorar alí, sentín asomar bágoas.

- ¿Que tal vai o micro? - Campos
- Ben, están Andrea e máis Oso con el - falaban como se eu non estivese
- Berta - Campos - o tipo aquel da oficina, o tal Fran, ¿que tal é?
- Boa xente, creo - eu
- ¿Cres? - Campos - hai unhas horas era pouco menos que o home perfecto
- Si - eu - tamén o era Simón e resulta que anda ca Sofía
- ¿Sofía? - Santi - ¿a lurpia?
- Os santiños sonche os peores - Campos
- Daquela ti debes ser un anxo - Santi
- Home, deixei as ás no maletreiro - Campos
- Si, e a aureola - eu
- Resucitou - Santi
- ¿Así que te traumatizou o de Simón? - Campos - ¡os homes somos uns porcos! - dí rindo
- Nin que o digas; pero non é eso o que me preocupa - eu

Campos desviou a mirada

- Non están enrollados, que se saiba; pero deixou a Ánxela e é a estrela do departamento que dirixe a outra. Por certo é de nova creación e ninguén sabe moi ben para que serve - eu
- Para ter entretida á querida - Santi
- Entretida xa a tería antes - Campos - a tía xa traballaba alí
- Pero non era xefa - eu - e agora si
- Precisamos alguén dentro que nos informe - Campos

sub

- Non creo que haxa ninguén que sexa capaz de non irse da lingua, erámos ... compartiamos toda a información - eu
- Que sutil - Campos - un monte de marujas
- Así que temos que desbotar esa idea polo momento - Santi
- ¿Non te fías de Fran? - Campos insistía
- Ánxela é máis seria - eu - de ter que ser alguén sería ela
- Para que te fies das mulleres - dille a Santi - en cuestión de horas cambiaches totalmente de opinión sobre el, ¿pasou algo que debamos saber?
- Non, simplemente teño a sensación de descubrir algo que levaba moito tempo diante de min e non vía - eu
- ¿O que? - Cris, doce, moi doce
- Nin idea, dame moi mala espiña - eu
- ¿Fran? - Campos
- Non sei - eu
- Repíteme aquilo de que pensabas que se prestaban servicios que non se podían facturar - Campos

Solteille todo o rolo outra vez, supoño que cada vez que se repite unha historia engádense máis detalles. Pouco a pouco funme animando e a conservación volveuse fluida. Conteilles todo o que se me pasaba pola cabeza dos meus anos na axencia, persoa a persoa. En momentos así decátome do pechada en min que estou, só lle presto atención ós detalles superfluos da xente; pero nunca chego a coñecer ben a ninguén. Mira que me saíu ran Simón, un trepa. Supoño que foi eso o que me fixo desconfiar de Fran, simplemente un efecto residual, a imaxinación.

- Rapaces - Santi - eu marchou, xa me vai sendo hora de ir para a casa; ¿ti que fas?
- Eu vou esperar un pouco máis a ver que se saca da axencia - Campos - temos que darlle forma a esto canto antes
- Non lle deas moitas voltas que o vas liar máis - Santi - toma un respiro
- Veña - Campos
- Ata mañán, moza - Santi despedíndose - durme algo - a Campos
- Ata mañán - eu
- Adeus - Campos - e dille a Oso ou a Andrea que traian o que teñan cando rematen
- Feito - Santi
- É igual - Campos - deixa, xa vou eu, vou traer algo de comer
- ¿Cea romántica? - Santi
- Vas levar - Campos saíndo pola porta detrás de Santi
- ¿Ti que vas querer? - Campos entrando de novo - xa se me esquencia
- Calquera cousa - eu
- ¿De beber? - Campos
- Auga - eu
- ¿E non terás auga dabondo ca que chove? - Campos - ¿daquela tamén quererás unha ensalada?
- ¿Hai? - eu
- Sabíao, a ver que fago agora - Campos
- Era broma, calquera cousa, patacas fritas ou croquetas, dá igual - eu
- Xa, despois venme rosmando que non che gusta - di con aires de muller excravizada na cociña

E sae. Ó pouco entra Andrea, e deixa un montón de papeis enriba da mesa

sub

- ¿Que tal che vai?- Andrea - que non se diga que non das traballo
- Son pequena pero... - eu
- Si, non sería precisamente esta a túa intención, ¿verdade? - di comprensiva
- Non, en realidade, nunca pensara nesta opción - eu
- Soe pasar - ela - ninguén o fai
- É certo, a min non me quedan ganas - eu
- Pois véxote moi animada - Andrea
- Teño os meus momentos - eu
- Coma todos - Andrea - oes, entre nós, ¿o tal Domínguez está liado cunha tía da oficina?
- ¿Sae na cinta? - eu
- Non; pero escoitei unha conversa telefónica que me fixo pensar que - Andrea
- O certo é que si - eu
- Sabíao, son todos iguais - Andrea
- A este se o ves cáeseche a alma ós pes - eu
- ¿É feo? - Andrea
- É noxento - eu
- Un vello verde; ten unha voz de cabrón... - Andrea

Eu rin, deixou todo o que traía e marchou. Estiven a piques de erguerme para ver que poñían todos aqueles papeis e de non ser polas cámaras xa o tería feito. Era unha sorte poder decir que aínda me quedaba algo de vergoña.

Trouxo el a comida, ceamos mentres falábamos do que se nos ocorría. Fixo un montón de preguntas sobre a miña vida, sobre meus pais, meu irmán, os estudos. Gústariame poder decir que a súa curiosidade ía máis aló do profesional; pero non. Sempre mantiña unha certa distancia, e seriedade. Sentínme coma se me estivesen entrevistando na tele. Falei, falei todo o que me deixou tanto que pola noite doíame a gorxa, falta de costume supoño.

## Capítulo 11

Ó día seguinte non subín á sala, viñeron Sonia e máis outra para acompañarme ó baño e devolvéronme á xaula. Máis tarde baixou Campos có montón de papeis cós que andaban sempre, doumos sen abri-la porta e dixome que os estudiase con moita atención. Sen máis marchou. Quedei desconcertada a verdade, non lle debía gustar aquel sitio, era a primeira vez que baixaba, eu seguía sen ter compañía. Entre os papeis estaban as transcripcions do disquete verde e algunha das nosas conversas resumidas, anotacións de Campos. Despois había tamén un montón de información sobre o caso antigo. Estudieina con moito coidado, a curiosidade fixo

sub

que non quitase ollo dos papeis ata que rematei. Tiñan un mundo de información, nomes de directivos da central. Algún deles aínda traballaba, ou mellor dito con algún deles falara eu nalgún momento, os económicos. Tiñan unha foto de Domínguez, da época, non somos nada, envelleceu en pouco tempo, novo era igual de feo. A don Tomás mencionábanos de pasada; pero tamén tiñan unha fichiña súa. Había unha lista de todo o persoal da empresa a nivel nacional, que pasada, era un montón de xente. Xa daquela as investigacións se centraran en Domínguez, e seguía sen entendela. Precisaba algo có que escribir e onde facelo, por alí non pasaba ninguén e eu facendo as contas de memoria. Pensei en que sería boa idea agrupar ó persoal por departamentos, os directivos estaban todos marcados, os económicos coñecíaos, polo menos a unha parte deles e o resto ía supoñer que eran creativos. Pensaba que así podía orientarme mellor; pero tratar de facelo de memoria era imposible así que me limitei a ler unha e outra vez os nomes. A cada nome ía revisando se tiñan algo de información. Deso si que non había moito. Centráronse nos directivos e poco máis. Debéronse pasa-la pelota uns a outros ata que chegaron a Domínguez, o último mono, o eslavón perdido, que non podía descargar en ninguén e apandou có que lle botaron, sen embargo debía ter máis recursos dos que eu lle calculo e ó final librouse. Pareceume ver a alguén no pasillo e púxenme a berrar.

- ¡EEEEEEiiiiiiiiiii!- eu - ¡sexas quen sexas ven aquí, preciso axuda! - dramatizando
- ¿Que pasa? - Campos, rindo - ¿precisas maquillaxe? ¿ou é hai algo máis importante para unha muller?
- Home - eu - non exactamente; pero o que si preciso é algo para pintar
- ¿Seica sentiche-la chamada da arte? - Campos
- Quero un boli e unha libreta para - eu
- Para as memorias - Campos, que simpático estaba
- Quería tomar unhas notas -eu
- Non podes escribir neses papeis - el
- Xa, por eso che pido que me traías unha libreta, para non ter que escribir “neses papeis” - eu
- ¿Tanto o precisas? - Campos
- Morrer, non vou morrer; pero axudariame bastante - eu
- Ben, traiocho agora; pero nin se che ocorra, ¿escoitas?, nin se che ocorra escribir neses informes, matereite cas miñas propias mans, ¿estamos? - Campos
- Xúrocho por snoopi - eu
- Sendo así.... - Campos, serio

En poucos minutos tróuxome un boli, verde, e uns folios. Supoño que sería para asegurarse de que non escribía nada ou que o notarían se o facía. Nos papeis había anotacións en azul e vermello, o verde destacaría bastante. Tampouco se me pasara pola cabeza fedellar naquela información, xa case tiña superado o vicio da manipulación. Quedou alí un pouco, observando, e despois marchou sen dicir nada. Fixen aquilo da organización por departamentos, era un aburrimiento e non saquei moito en limpo. En realidade nin sequera sabía se os agrupaba ben, tamén habería secretarias ou secretarios, xente no económico que non coñecía e non estaba segura de que todo-los directivos estivesen marcados, de feito don Tomás non o estaba. Vaía merda, ó final ía ter razón Campos. Ou non, escribindo os nomes de novo, cousas que pasan, dei con nomes coñecidos, mellor dito con apelidos coñecidos. Coincidían os de Sofía, Ánxela e Tino. Tampouco era un descubrimento, se te apelidas Rodríguez López ou Martínez González, coma quen

sub

di, tes un cento de irmáns. Sofía era a máis probable porque tiña apelidos de categoría, deses que levan un "de" polo medio; ademais eso explicaría o ben informada que estaba. Repasando decidín que habería que descartar a Tino, o seu querido irmán era de Teruel e se era difícil que coincidisen aquí, alí ca de xente que debe haber non che digo nada. Daquela, supoñendo que Sofía, dispoñendo de información de primeira man do que realmente pasara naquel tempo, chega a axencia e consegue o emprego, utiliza a Domínguez para completa-la información ou para acceder a onde ela non chega, busca un cómplice e retoman algún vello proxecto. Non se podía decir que fora unha dedución brillante, máis ben era bastante simple, de máis para o meu gusto.

- ¡Berta! - Santi
- ¡Que susto! - eu
- Bos días, perdoa non pensei que viñera tan a modo - Santi
- Estaba na berza, ¿xa é hora de comer? - eu
- Non, aínda non - Santi, mentres abría - tes visita
- ¿Visita? non sabía que podía ter, ¿meus pais? ¿meu irmán? - eu
- Non sei, non vin quen era; pero disque insistiu moito e como nos tes de boas... - Santi
- Pois gracias - eu
- Espera a ver quen é, igual non che gusta - Santi
- ¿Por? - eu
- Por decir algo - el - de verdade que non sei quen é

Subía as escaleiras toda emocionada, igual era David que me viña toma-lo pelo, estaría ben. Santi abriume a porta da sala e deixoume entrar primeiro, dentro estaba Campos.

- Ola Berta - ¿Simón?
- Ola - dixen estrañada mirando a Campos
- ¿Que tal estás princesa? - di Simón achegándose e dándome unha aperta - ¿estás ben? ¿que fixeches tunanta?

Non o podía crer.

- Estou ben, moi ben, ¿e ti que fas aquí? - eu
- Tiña que falar contigo - Simón, Campos non nos quitaba ollo
- Bueno déixooos sós uns minutos - Campos - despois terá que marchar - a Simón
- ¿Pero?- dixen sen entender

Campos pechou a porta e nós sentamos.

- Berta, conta ¿que pasou? en canto mo dixo Fran vin correndo ¿se te podo axudar en algo? - Simón
- Non en nada - ¿Fran? - estou moi ben, de veras
- Pero muller, ¿que fixeches para rematar aquí? - Simón
- Nada, rasqueille o coche a un tío con pouco sentido do humor - eu
- ¡Como es!, ¿sabes? alegroume verte onte na oficina - disimulaches de carallo, tío - o de Ánxela non foi como esperaba, non resultou tan idílico como vós pensábades. Ela non ... non había maxia - ¿con Sofía si? - non é coma contigo - ¿como? - ti si que es especial - ¿que???? - sempre o souben; pero doume medo decircho e que me rexeitases - menos mal que estaba sentada - agora, non sei,

sub

unha situación extrema sempre che fai ser máis sincero contigo mesmo. Estiven toda a noite dando voltas na cama e hoxe xa non puider máis

- Déixasme de pedra - rosa porriño, xúrocho - non sei que decir, sempre pensara... non sei

- Eu tamén me sinto raro - colléndome a man - non tes que decir nada, eu tiña que desafogar, se non morría

- Xa - a min matoume

- ¿Pódoche axudar en algo? - Simón

- Non, volvóche decir que estou ben - eu

- Tesme moi preocupado - Simón - ¿pódese saber que fixeches? - matei a un imbécil entrometido

¿Por que de súpeto me parecía o ser máis odioso da Terra?, ca súa cariña de anxo, os seus rizos dourados e eses ollos maravillosos. ¿Que eu que?, janda! Hai que fastidiarse aquí sen ve-la luz do día e aguantar estas mamonadas. Imos ver, se Campos me corta o alento cando me di que non lle escriba nos informes, como lle vou crer que este está namorado de min se me mira coma se tivese a tiña, cando me colleu a man faltoulle pouco para ir correndo lavalas súa. Home, non só hai que deci-las cousas, para que chas crean hai que sentilas. Eu seguinlle o rolo, este non marchaba sen que me enterase do que viñera buscar, ¿Fran?, aposto a cabeza que non sabía nada, se non xa o tiña alí meténdose comigo por non lle decir nada do disco. O mal presentimento que tivera sobre el de súpeto esvaeceu, ser cotilla tampouco é tan grave.

- Xa cho dixen, aquel tío pasou o semáforo có peatón en verde e cabreeime, o que pasa é que o coche é moi caro, e non me da a gana de pagarlle o taller, ¡que se joda! - eu

- ¿E por eso te teñen aquí? - Simón sobándome a man e achegándose máis - non me mintas - paternalista

- Non minto - eu

- Vamos, que se che nota á legua - Simón - ademáis Fran - e volta con Fran - contoume o que pasa

- Bueno, ¿pois daquela que máis queres que che diga eu? - eu

- Coñezo un avogado - Simón

- Avogados tamén os coñezo eu - eu

- Pero el poderíate axudar moito - Simón

- ¿Perry Mason? - eu

- Falo en serio, ti só tes que contarme todo o que fixeches e xa está - Simón

- Non hai máis que o que che contou Fran - eu

- Pois non é moito, que roubaches uns disquetes da contabilidade e outro de non sei que - Simón

- ¿Que? - paralizada - eu non roubei nada, ¿oiches?, débcheslle entender mal

- Non, eso foi o que me dixo - Simón, tranquilo

- Pois daquela tomouche o pelo, porque eso non é certo - eu

- Berta - Simón paternalista - veña - apertándome a man - só me tes que decir onde os gardaches e

- ¿Onde gardei o que? - que mosqueo - vólvoche decir que non teño nada

- ¿Entregáchesllos? - Simón

- Simón, ¿para que van querer estes uns disquetes de contabilidade? ¿e para que ían querer que llos dese?, só raiei un coche ¿pillalo? - púxenme seria

- O que ti digas - Simón, comprensivo - pero lembra que estou da túa parte

sub

Non me gustaba como me falaba, nin como me miraba; paracía un deses seductores de mulleres maduras. Eu era máis nova ca el, que quede claro. Entrou Campos, vaia cara traía, o que me faltaba, que este tamén se me revolucionase.

- Rematou o tempo - Campos

- Ben - di erguéndose sen soltarme a man - téñome que ir cariño - esto hai uns meses fariame dar saltos

Tira de min, eu érgome e abrázame moi apaixonadamente, Campos dou un golpe na porta; sentíame como se lle estivese poñendo os cornos, e eso que non me tragaba. E para remata-la xogada dame un bico moi preto da boca, fixo como se mo fose dar na meixela e desviouse, pilloume desprevida. Cando saía mátoo. Sentíame mal. El seguía alí de pé mirando como marchaba Simón, coma se fose o seu peor enemigo e eu a súa cómplice. Comezou a faltarme o aire, a ansiedade supoño, non podía respirar e quixen saír de alí. Campos puxo o brazo na porta para cortarme o paso, pasei por debaixo e comecei a correr cara onde puiden, baixei as escaleiras e metinme nos baños. Alí había desas ventanas pequeniñas, apoieime na parede debaixo delas e comecei a vivir de novo.

- Por moi delgada que sexas non vas poder fuxir por aí - Campos

- Desculpa ¿este non é o de mulleres? - eu

- É que estou explorando o meu lado feminino - con voz afeminada

- Pois escollech moi mal momento - eu

- Imos reparar algunhas cousas, porque creo que se che esquenceron - Campos outra vez serio - estás detida, non podes ir e vir a onde queiras, nin cando queiras, nin con quen queiras

- ¿Que facía ese aquí? - eu

- Ti saberás, é amigo teu, cariño - Campos de mala uva

- Eu non lle dixen que estaba aquí - eu

- Pois eu tampouco, e entrou preguntando por ti, sabe de que vai esto e ademáis acompañábao un avogado moi, moi influínte - Campos

- ¿Para sacarme? - eu - non creo, eso nin o mencionou

- Para verte, debe estar namorado de verdade o colega - eu

- É Simón - Campos

- ¿O da axencia? - Campos reviviú

- O mesmo - eu

- ¿Seguro que non lle contaches nada a ninguén? - Campos

- A ninguén - eu

- Puido chamar á túa casa e que llo contasen - Campos

- Si, e tamén nos puido seguir despois de estar na oficina; pero non creo - eu

- Fas ben, porque non nos seguiu ninguén - Campos para - ¿que quería?

- Nin que non escoitaras a conversa - eu

- Asegúroche que non, tiñanme vixiado - Campos - o avogado é un elemento de coidado

- Quería saber que fixera - eu

Conteille a conversa alí mesmo, nos servicios

- ¿Fran? ¿saberao? - Campos

- Non, aposto algo, estaría aquí sacando fotos para a posteridade ... eu que sei, igual te coñece de algo; pero estráñame que non dixese nada, que non se metese connigo có dos cacheos - eu

sub

- Eu non te cacheei - Campos
- É igual, non me refería a eso - eu
- ¿Vaia temos reunión de amiguiñas? - Sonia - ¿non hai outro sitio para falar?
- Desculpa - Campos - xa marchamos, ela metiuse aquí e seguina, sintoo
- Nin un sitio no que non se metan - Sonia falando conmigo - é que non se pode estar tranquila miña filla, meten o nariz en todo
- Verdade que si - eu solidaria, facéndonos as ofendidas

Campos colleume do brazo e subimos para a sala.

- Puido ser que o tal Fran te coñecese - Santi - que soubese que es poli
- ¿Dixoche algo ó respecto? - Campos
- A min, non - eu
- Pero ti dixéchesme que se che quedou mirando - Santi a Campos
- Si - Campos
- Tiñate diante, claro que te miraba - eu - ¡joder! eso non é un pecado. ¿Tamén te miro eu e que?
- Pero que o mires ti non lle molesta, muller - Santi
- Dígoche - Campos serio - que me revisou de arriba a baixo
- Curiosidade, falara con el había uns días e non lle comentara nada de ningún amigo novo, somos, coñecemos desde hai tempo e coñece ós meus amigos, pensaría que eras un ligue de fin de semana e chamaríalle a atención - eu
- Ti tamén desconfiaches del - Campos - ¿por que o defendes agora?
- Porque o mal rolo viña de Simón - eu
- ¿E descubriache-lo hoxe? - Campos
- Mira, que alguén veña a un sitio onde se supón que non estou, que me veña contando que son o amor da súa vida cunha voz máis falsa ca un billete de tres mil, e insistindo en que lle diga onde teño uns disquetes que desapareceron da oficina e - eu
- E que só Fran e máis ti sabíades que desapareceran - Campos
- E a persoa que o roubou - Santi
- Recapitulemos, temos un xefe liado cunha empregada, un empregado que lle tira os trastos a empregada e que dispón de información que só debería ter outro empregado, que obviamente se foi da lingua e te deixou ó descuberto - Campos
- En realidade é ela a que lle tira os trastos a Simón; pero creo que lle sigue o xogo por que lle interesa por algunha razón que descoñezo, dubido moito que Fran lle contase nada, teríalle que decir que só collín o disquete verde non os outros, sabía que desapareceran antes, supoñíamos que fora Sofía e non llo vai decir ó seu amigo da alma. Ademais está o de cómo soubo que eu estaba aquí - eu
- Todo eso está moi ben; pero o do disquete verde é certo e só o sabíades Fran e máis ti - Campos, sentenciando
- Eu - sen saber que decir porque tiña razón; pero non o quería crer - eu que sei, igual nos escoitou, igual andaba asexando detrás da porta
- Vamos que lle colleches unha pia... - Santi
- É que o tiñas que ver, "querote"; pero que pensaba, que estaba aquí esperando a que chegase el para rescatar-me
- ¿Gustábache? - Campos
- ¿Cando? - eu
- ¿Se che gustou algunha vez, se tiveches algo con el, xa sabes? - Campos
- Non, era un compañeiro máis - eu
- Xa - Santi
- Vale, está como un tren; pero muñecos hai moitos polo mundo adiante - eu

sub

- ¿Si? - Campos
- Ademais está o dos outros empregados - eu
- ¡Ah! - Campos - ti saberás de que fala - a Santi - ¿ou tampouco che cadra?
- Nin zorra - Santi
- Nas notas - eu - vin cousas que coinciden, nos listados que tedes daqueles tempos aparecen apelidos que aínda hai hoxe
- O de Domínguez, non me digas máis - Campos

Mireino mal, moi mal.

- Coinciden os de Sofía e os de Ánxela - eu
- Pode ser eso, unha coincidencia - Santi
- Ou non - Campos - ¿son apelidos comúns?
- Normales, pero tampouco hai tanta xente coma para que sexan outros - eu
- ¿Nunca che falaron de que tiveran familiares alí, nunca oiches nada? - Campos
- En realidade non, ninguén fixo comentarios nunca sobre esa época, coma quen di éramos todos novos - eu - Fran decía que os que había antes marcharan ou largáranos e que eles comezaran cando a empresa estaba practicamente a cero
- ¿Que pasa - Campos rindo - ti só podes oídar a unha persoa á vez?
- ¿Eh??? - este toleou
- Agora volves falar de Fran con cariño - Campos
- ¿Moléstache? - eu
- ¡Nooon - Campos - desorientámete!
- Parece mentira que vaía decir esto - Santi - querédesvos concentrar no que estamos e deixarvos de caralladiñas; deixa os numeríños de celos para cando a pilles nos baños outra vez - di rematándoa porque non era capaz
- Xa falerei contigo moi seriamente despois - Campos a Santi
- Moi ben forasteiro - Santi - a ver muller, sigue có que estabas
- Non xa non se me ocorre nada máis - eu - perdín o fio
- Póñote eu ó corrente - Campos, servicial - oídabas a Fran; pero como agora odías a Simón, volvéslle tomar cariño a Fran, a Domínguez sigues sen respectalo e cres que Sofía, a Iurpia, e Ánxela, a muller perfecta, tiñan contactos ca axencia nos tempos turbulentos
- Mándame o xefe, para ver se comiu - o que estaba sempre con Andrea sinalándome
- Non, non comiu - Campos - ¿só querías eso?
- Creo que mentres ela come quere falar con vós - o compañeiro de Andrea
- E non había querer - Santi - có entretidos que somos ¿verdade Berta?
- Ímoste deixar comer tranquila - Campos - despois xa che daremos máis guerra
- Esto non é unha ameaza, muñeca - Santi - é unha promesa - cada tolo

Efectivamente comín tranquila, naquela sala non se escoitaba nin un ruído

- Espero sinceramente que vise-la luz neste tempo - di Campos entrando de súpeto
- estou ata os mesmísimos de aguantar a esa banda de soplapollas

Eu calada, facendo a dixestión.

- Tío, tranquilízate - Santi entrando detrás del - xa sabes como son, sempre fan o mesmo

sub

- Eso, sempre fan o mesmo - Campos - ¿e que queren que fagamos nos?, ¿pegámoslle un tiro?, decimos que toda a culpa é dela e tan a gusto coma os cabróns que a joderon da outra vez
- O de pegarche un tiro é un falar - Santi mirándome
- Menos mal - eu
- ¿Que? ¿lembraches algo máis? - Campos, borde
- Tendo en conta que todo o que podía consultar está aló en baixo, incluída-las miñas notas... - eu
- Nada - Campos a punto de soltar unha impertinencia
- Pensei que xa era moita coincidencia que Simón andivese rondando xusto ás dúas persoas que tiñan apelidos coincidentes có persoal antigo, e máis aínda tendo en conta que a seguinte na lista fun eu, a posuidora dos famosos disquetes - por ver se o amañaba
- Pero, a ver se me aclaro - Campos - ¿os apelidos de Simón coinciden?
- Non - eu
- ¿E el entrou ou non entrou, mes arriba mes abaixo, ó mesmo tempo que o resto?
- Campos
- Si - eu
- ¿Daquela de onde sacou a información privilexiada? - Campos cravándome a mirada - ¿quéresmo explicar?
- Eu que sei - eu
- Ti que sabes, non - Campos cabreado non sei porque - ¡ti que sabes non! ¡eso si que non!
- Veña - Santi - suponse que somos nos os que o temos que averiguar
- Xa - Campos - e o pescozo dela o que periga
- Home - Santi - o noso non é que ande en moi boa posición
- Pero non imos ir ó cárcere ¿non si?- Campos - así que ¡espabila!
- Perdoa - eu - e que se me esqueceu a bola de cristal, non sabía que a ía precisar
- ¡Joder! - Campos - esta sigue de cachondeo - pegándo a cara na miña - pois se che esqueceu vai por ela, porque acabamos de chupar unha bronca de carallo pola túa culpa así que - fixo unha pausa, mirou a Santi - así que - dixo cunha voz moi, pero que moi malvada - vas ir falar con Simón, vaslle face-las beiras, e unha mamada se fai falta; pero valo averiguar, ¿está claro?
- O da mamada - eu que canto máis serio estaba el máis gracia me facía - ¿é obrigatorio?- e miroume un pouco obsceno - dígoo porque igual o mato de gusto
- Como non avisas, tía - Santi rindo - podías esperar a que o agarrase, que valor lle botas téndoo tan preto
- Non a vou matar - Campos - non ves que a precisamos viva - de novo mirándome - tes algo abaixo
- Os papeis - eu
- Eso non é teu - Campos, interrompéndome
- Pois daquela nada - eu, sería
- Ben - Campos - daquela vas para casa
- ¿Toleas? - Santi - ¿estás mal ou que? ¿como que marcha?
- Si, marcha - Campos - é o único xeito de averiguar algo, a nós non nos van contar nada, que necesidade teñen de facer nada se ela vai pringar por eles
- Home - eu - non é que non me guste o papel de mártir; pero creo que o busquei eu soíña
- Berta - Campos - do conto só sabes a metade, así que cala e fai o che decimos
- Vaia - Santi - seica falei sen decatarme, ti queres que me dea algo; e se lle dá por marchar e deixarnos colgados

sub

- Veña - eu sen saber que decir

Campos e Santi foron para unha esquina e discutían, despois saíron. Ó pouco entrou Campos e díxome que me erguera, que marchaba.

- ¿E que digo na casa? - eu

- O que queiras – Campos, evasivo

- Algo terei que decir, e a Simón nin che conto, seguro que se entera antes de que eu chegue á casa

- Pois dilles que me fixeches unha mamada desas que fas ti e que quedei tan contento que te deixei marchar – Campos, sen mirarme, falando automáticamente

- Xa che vale - eu

Colleume polo brazo, púxome contra a parede e agarroume a cara cas dúas mans facendo que o mirase; el mirábame, ¡joder! como aquela vez, achegouse

- Esto - Campos - por se te fugas ás Bahamas

E bicoume, bicoume, e así foi como me robou o corazón, latía, latía e debéuseme escapar, tiña el, puíden sentir como me deixaba sen el. As súas mans agarándome docemente, os seus labios nos meus e eu sen alento. Quen sabe o tempo que pasou, eu quixera que nunca rematara. Aquelo non se parecía á felicidade, era a felicidade.

## Capítulo 12

Ó ver que non me rexeitaba foise a tensión. Antes de que separase a cara collíume o pescozo ca súa man.

- Non me vou fugar - ela

Puíden senti-la súa man no meu cabelo e poñéndose de puntiñas bicoume, respondín, vaia se lle respondín; un morreo dos que fan historia; abraceina, apertándoa cós brazos contra o meu corpo; a miña man deslizabase pola súa cintura por debaixo da camiseta, incontrolada. Deus, aquilo si que era calor. A súa man seguía xogando có meu pelo e era algo que sinceramente me poñía a cen, cando sentín a outra polas costas biqueina con tal paixón e boteime a ela de tal xeito que parecía máis un can de presa que un namorado. Certamente non era tan fráxil como aparentaba, menos mal, vista desde fóra a escena debía meter medo, ela tan miudiña e eu tan, tan, grande... Descontroleime, seino, perdín o sentido por completo, nin sequera estou moi seguro do que fixen, só esa sensación de que ela estaba alí conmigo, de que me facía caso, ¡joder!, que lle gustaba. Quero decir que tampouco era a primeira vez que me enrollaba cunha tía, nin que lle gustaba, tampouco vou decir que as tiña a moreas; pero fame non pasaba, sen embargo fixome volver a sensacións que xa tiña esquecidas. Menos mal que Santi chegou antes de que a miña man baixase do nivel cadeiras porque creo que ningún dos dous tiñamos intención de rematar. Debía levar tempo alí de pé espantado pola escena, e o do berro fixonos reaccionar. Ver a Santi fóra de si tamén era algo que

sub

me remitía á infancia cando meu pai me poñía as pilas; con Santi era distinto, era máis terrorífico, sempre estaba de coña e velo desquiciado acojonaba, incluso a min que paso bastante deses numerións. A súa mirada baixoume a temperatura de súpeto, Santi o antídoto contra a luxuria; pero non quería separarme dela, non me refiro ó aspecto sexual, non quería que marchase e o mellor de todo foi que ela tampouco me soltou. Santi daba voltas dun lado a outro sen parar, estaba histérico, creo que lle faltou moi pouco para darme unha malleira.

- ¡Ti non estás ben! - Santi a berros - hoxe esqueceche-lo cerebro na casa. Ti quedas aquí e esta que se vaia  
- Haberá que leva-la á casa - eu, pensando en que igual non había ninguén e  
- Polo que vexo está moi ben de saúde - Santi - que vaia soa, que xa sabe o camiño. Andando - dixo o xeneral mirándonos

Aproveitando que Santi daba a volta bicámonos de novo, de pouco valera o enfriamento, xa me volvía derreter

- ¡Xa está ben! - Santi - Berta pensei que tiñas máis sentido común - ¿ai si? - ¡por favor!

Ela bicoume na meixela e marchou, sen decir nada sen mirar atrás. Non estaba nada mal; pero que nada mal, parecía máis alta. Eu quedei alí mirándoa mentres ía polo corredor, pensei en ir tras dela, Santi debiu lerme o pensamento

- Berta - Santi - non marches, agárdame na entrada, que che teño que decir algo - seguía cabreado

Volviuse cara min e soltoume un golpe no ombreiro que me deixou marca.

- ¿Pero ti de que vas? - Santi  
- Joder, como te pos por un bico de nada - eu  
- ¡Mira, cachondeos non!, có traballo non se xoga, ti e-lo primeiro en decilo - Santi  
- Non pasou nada - eu  
- ¿Ti cres?, pois eu non, si que pasou, pasou aquí, pasou con ela e pasou contigo ¿e se eu non chego? ¿e se vos ve alguén? - Santi  
- ¡Pérdete! - dixen porque non me apetecía pensar  
- Si eso vou facer, e ti - non ser porque me miraba o paquete - a ti máis che vale que quedes aquí e te relaxes un pouco, e o tío di que non pasou nada, este está máis salido ca esquina dunha mesa e dí que non pasou nada - rosmaba mentres marchaba

A medio camiño dou volta, parecía máis tranquilo.

- Imos ver - ca súa infinita paciencia - ¿non te decatas? - xa estaba de boas, ata parecía emocionado - e se se entera alguén de que estades liados  
- Home, liados - eu  
- Liados non aínda, dirás, porque outro camiño non levaba ¿non te decatas do dano que lle vas facer? - estaba realmente emocionado - ti fixeches un trato para salvarlle o pescozo, se te retiran do caso, ¿cres que alguén se vai molestar en confiar nela, en crer, en darlle unha oportunidade? ti e-la súa garantía, e-lo único que ten - enfadado- ¡pero joder!, ¿é que non o ves?

sub

- Si, si que o vexo, síntoo - dixen sentándome no chan - non o puiden controlar, síntoo, non sei que me pasou pola cabeza  
- Se queres douche ideas; pero supoño que será un xeito de falar - xa volvía se-lo mesmo - en serio, tes que centrarte, temos que rematar esto canto antes; pensa - dixo sorrindo - que cando o caso remate terás liberdade de movemento

Este Santi é un fenómeno. El marchou, supoño que largarlle un sermón a Berta, e eu quedei alí sentado intentando sobrepoñerme, xa case o conseguira, tiñame que centrar, aparcar aquilo na memoria ata un momento mellor, como dixerá Santi; pero só de imaxinar que a volvería a ver... O que de verdade me facía falta era unha boa ducha fría; pero non era o momento. Baixei recolle-los papeis que lle deixara a Berta e de paso revisar que non se lle ocoerria escribir nada neles. Xa lle deixara o boli verde a modo de indirecta, decatouse, máis que nada pola cara que me puxo. Pois a min ben que che me gusta, e era o meu boli favorito, sacoume de moitos apuros ¿non o mordería?, revéntame a xente que morde os bolígrafos. Tiña todo escangallado por alí, non me estraña que lle sobrasen papeis daqueles arquivos, non se pode decir que fose precisamene dona ordenada. ¿Ou si?, ben mirado si que o era, tiña todo estrado no chan; pero agrupado sabe Deus según que criterio, ó seu aire coma con todo. Unha chea de montonciños e no banco as notas, que as entendería ela porque vaia letra que se gasta a colega. Boteille unha mirada rápida a toda-las follas que escribira por se había algún Campos por algures, non facía falta que estivese nun corazón nin nada, só por alí bailando, mala sorte non vin ningun; pero tampouco tiña moito de que queixarme, estaba no bote; eu tamén, si; pero ela tamén.

O día que a levei á casa, vaia discursiño nos soltara o xefe, que non tiñamos nin idea, que non fixéramos nada, que tal; hai que aguantalo porque é bo tío, e porque non nos queda outra; pero cando lle dá por ir de superior non hai que lle facer. Nos, bueno máis ben eu, porque Santi sabe calar moi ben e falar de máis cando quere, decíndolle que ela non tiña que ver con aquilo, que pasara había anos, e el veña a decirme que si, que algo tiña que haber, e que me puxese a traballar en serio para sacar algo en limpo canto antes. O do micro non era mala idea, como ó xefe lle corría présa falou cós seus contactos e de seguido tivémo-lo permiso. Despois viña o tema de quen lle poñía o cascabel ó gato, pensamos en mandar a alguén facelo; pero Santi que ten unha mente retorcida e cruel dixo, coma quen non quere a cousa, que o ideal sería mandarllo facer a Bertiña, porque non só evitábamos que alguén sospeitase, senón porque así sabíamos dunha vez por todas se ela estaba involucrada ou non. El falaba de coña, por vacilarme, sabía que me poñía a cen falar dela e el non desperdiciaba oportunidade. O jodido foi que o xefe llo tomou en serio, e porriba pareulle unha idea estupenda. Eu non daba precisamente saltos de alegría, unha porque este a parte de andar tocándome as narices levaba os parabéns do xefe e outra porque non me parecía estar preparado para asumir que me enganara con ela. Realmente só mentiu naquelo da emisión de repostos, notábaselle á legua, podía ser moi boa actriz; pero unha das poucas cousas boas que lle vin desde o primeiro día era aquela transparencia no mirar. Por eso me poñía tan nervioso enfrontarme á verdade, que unha tía me enganase tampouco me ía destroza-la vida; pero precisamente ela, xa todos me andaban con que estaba encoñado, recei, eses días estaba facendo as recuperacións dos anos de abandono.

- ¿Non te queixarás? - decía Santi mentres a íamos buscar - púxencha a tiro - el partiase, eu acojonado e el partiase

sub

- ¿A tiro de que? - eu mosqueado - ti andas a joder e nada máis ¿porque a tes que meter nesto?
- ¿Por que estás tan nervioso? - Santi - ¿non quedáramos en que ela estaba á marxe?
- Si quedáramos; pero ti debéche-lo esquecer - eu
- Mira, xa che dixen que non pensaba que tivese nada que ver; pero temos que face-lo noso traballo - Santi, o profesional - que é investigar toda-las pistas que teñamos. Ela anda polo medio e cando antes a situemos nun lado ou noutro, con feitos, mellor
- E poñer un micro vains dar moitas pistas - eu - ela xa non traballa alí ¿que van decir dela?
- Se non ten nada que ver - Santi - tarde ou cedo alguén dirá algo que nos axude a saír do buraco; se ten algo que ver, nunca escoitaremos nada porque ela vains avisar de que hai un micro
- E se non os avisa e nunca escoitamos nada? - eu
- Alguén anda ca mosca tras da orella, a Sofía esa dá moito xogo - Santi - e non me refiro a...
- Xa te entendín - eu, este tío é moito - non me digas máis; ti o que queres é escoita-las escenas de sexo postxornada laboral, es un obseso
- ¡Ei! - Santi, ofendido - se as hai que escoitar escoitaaas, polo ben da investigación o que sexa; pero ti non é-lo máis indicado para chamarme obseso, porque un pouco aínda te coñezo e estache costando un collón controlarte; andas un pouco quente
- ¿Quente? - eu - quente posme ti, e non vexas como
- Ai cariño - Santi, a miña querida - que cousas tes
- Ademáis non me costa "tanto" controlarme - eu - non está tan boa, hai aquí mulleres ben máis guapas ca ela e traballo decote con elas sen problemas
- Porque non che fan nin puto caso - Santi
- ¿E ela faimo? - eu
- Que máis quixeras, cabrón - Santi
- Podías ser un amigo e decir que si - eu
- O amigos non minten - Santi
- Pois a min alegrábasme o día - eu
- Pero se non é para tanto, coma ela un cento - Santi
- ¡Ai que carallo! non me jodas - eu
- Bueno alégrome moito de que saibas controlarte e de que sexas ante todo un profesional, porque haberá que levala á oficina para que poña o micro e eu vou ter que quedar compobando se funciona - di Santi o pillabán mirándome cun sorriso de orella a orella
- ¿Si? e daquela tereina que levar eu, hai que vixiala de preto e como no-los dous somo-los que mellor a coñecemos - eu - e xa que ti non podes...
- Home, eso pensaba eu, a rapaza é un perigo e igual lle dá por fuxir, haberá que vixiala moi ben - Santi, ha, ha
- E terá que cambiarse de roupa, ducharse e tal - eu
- Siiii, xa o dixo ela, que así non podía estar - Santi - vai ter que pasar pola casa
- Igual si - eu, que case choro ca emoción
- ¿Fíome de ti, non? - di Santi, debíuseme poñer cara de salido ou algo, porque o dixo en serio - que non nos veñan jodendo có acoso sexual
- ¡Pero bueno! non o fago nunha discoteca e vouno vir facer ó traballo - pensarei en Margaret Thatcher como decía non sei quen nunha peli, que disque dá resultado...

sub

Ela non daba nin pío, e a min nin se me ocorría ningún tema de conversación; pero como nin ca thacher me controlaba saquei o tema da praia, non andaba moi fino porque imaxinala en biquini tampouco me ía axudar moito. Menos mal que me chamara Xosé pola noite.

- Non hai quen te pille - Xosé - aínda vas precisar secretaria, ¿onde te metes?
- No traballo, non damos feito - eu
- ¿Seica có bo tempo dalle á xente por delinquir, ou? - Xosé
- Non, non é eso - eu
- Xa, non podes falar; deixeiche unha mensaxe no buzón - Xosé
- Xa, xa; íate chamar mañán, pensei que estabas durmindo - eu
- Bo, quería quedar para contarche - Xosé
- ¿Quedar? estes días non vai poder ser - eu
- Home, tampouco ten tanto apuro, é sobre aquela rapaza - Xosé
- ¿A do venres? - a ver que me conta
- Bueno máis ben sobre o mozo - Xosé
- ¿Que carallo pasa có mozo? - eu, este tocándome as narices có día que levo
- Xa falaremos, debes estar canso, ata - Xosé
- ¡Ei! ¡nin se che ocorra colgar! - eu
- Tranquilo tío, tranquilo, débenche estar dando ben caña - Xosé
- Non o sabes ti ben, cóntame, e que sexa algo bo- eu
- E tan bo, como te vin tan sorprendentemente interesado na rapaza - rapaza, rapaza, xa está para xubilarse - pregunteille a Xesús polo rapaz, non sabes que che dixera
- Si, si, ó gran - eu
- ¡Joder! ¡pois si que che interesa! díxome que era moi bo rapaz e que a única "moza" ou amiga que lle coñecía era unha rubia do seu instituto - Xosé
- ¡Será fillo puta! - eu
- Cóntocho porque che vai dar algo, eu quería facerte sofrer, para que vexas o que jode que te vacilen por ir en serio cunha tía - Xosé
- Prométoche que nunca máis na vida, conta - eu
- Seguro que si - Xosé, descreído - o caso é que lle dixen que o víramos moi cariñoso cunha tía que non era rubia, e describinlla; el díxome que polo que lle contaba debía se-la irmá, porque sempre o vai ver ós partidos e encaixaba na descripción, que estaban moi unidos e que non sei que máis. Dela non me dixo moito, disque nunca con el falou, que ía ós partidos e cando remataban marchaba, nin sequera baixaba xunta do irmán
- ¿Pero non estaban moi unidos? - eu
- Si pero debe ser en plan falar e tal, non en ir de copas xuntos, ela debe ser bastante maior ca el - Xosé
- Xa che digo - eu, que case se me escapa toda a historia
- Pois non o aparenta, o que pasa é que ti pensas que o tempo só pasa para os demáis. ¿Estás máis a gusto agora? - Xosé
- E non vou estar - devolvéchesme a vida - ti si que es un amigo, faciame falta escoitar algo así
- Alégrome - Xosé - a ver se a próxima vez estás de mellor humor, vémonos
- Chámote en canto teña libre - eu - gracias, tío. Non imaxina-la alegría que me deches

E tanto, cando o vin alí sentado, faltoume pouco para morder unha columna. E non che digo nada como o pillase na casa sen saber esto. Ás veces tiña a impresión de que lle gustaba; pero sería porque trataba de ser agradable, có neno aínda se riu. Estaba desexando meterme na súa habitación, creo que me expresei mal,

sub

estaba desexando ve-la súa habitación, e ve-la famosa foto. Andrea moito me queimara, ata Oso dixera algo, xa se pode crer

- Si era moi parecido a ti - Oso - porque parecía máis vello, que se non, digo que es ti

Ser, era unha familia ben rara, tomábano todo cunha naturalidade pasmosa. O rapaz aínda se vía algo nervioso; pero ela, coma se vivise con alguén seguíndoa toda a vida. Cando quedamos sós na habitación ela seguía ca súa naturalidade pero observándoa decateime de que non era tal, en realidade debía estar aterrada, andaba pola habitación con desenvoltura e nin lle tremaba o pulso nin a voz, simplemente para coller varias cousas dun mesmo sitio tiña que ir de unha en unha. Primeiro o neceser, despois foi ó roupeiro e colleu un pantalón, despois volviu á mesa a colle-la roupa interior, despois ó roupeiro de novo para coller unha camiseta, despois a toalla. Andivo dando voltas e voltas aínda bo foi non marearse, a min xa me tiña fôra xogo. Despois metiuse no cuarto de baño, despois saiu e abriu unha fiestra de non sei onde, pechouna e volviu ó cuarto de baño. Igual era costume da casa, sería polos malos espíritos ou para eliminar electricidade estática, eu que sei; pero aquilo moi normal non me pareceu. Pechou a porta do cuarto de baño, que non sei se a atrancaría cun roupeiro. Tranquila muller. Eu tiña moito en que entreterme. En canto vin o caixón da roupa interior o da foto pasou a un segundo plano, non por nada, só curiosidade, por coñecela por dentro. Nada emocionante, todo tipo deportivo, e usaba calcetíns moi bonitos con debuxos e tal, nin encaixes nin nada... talla 90 ¿está ben, non?. Mirei un par de caixóns máis non fose que aquel tivese o de diario e a das ocasións especiais estivese noutro; pero non houbo sorte, dei ca despensa das compresas e a depiladora, deixeiño, porque xa me resultaba excesivamente feminino. Víase que non era xente de moitos cartos, nin roupa de marca, nin luxos, eso si non faltaba de nada. Deille ó ordenador, e mentres busquei a famosa foto, estaba onde me dixeran os outros, que impresión pois si que nos parecíamos, ata levaba unha camisa branca, ¡coño!, hai posibilidades, pensei.

Cando baixou da oficina non traía moi boa cara, igual non conseguira coloca-lo micro, aínda que Santi dixera que si, eu que sei. De súpeto aquel tipo detrás dela, sain do coche, non me cheiraba ben. O tío pegoume un repaso completo, era o tal Fran, vaítes; o típico que vai de coleguilla agardando a oportunidade de ouro, a estes tiñaos ben controlados, sempre buscándoches as cosquillas para facerche mete-lo zoco. Cando se despediu non sei que lle dixo, el ría, que rise, téñote ven calado tío, esta é miña, que che quede claro, díxenlle ca mirada, entendeume, vaia se me entendeu. Ela estaba incómoda, notábaselle, non sabía que pasara; pero non era a mesma. Todo fora ben, en teoría. Tiña a expresión aquela de derrota, a de cando viu ó rapaz da emisora. Daba a sensación de que ía abri-la porta e tirarse ó vacío. A min púidome, por moito que me cabrease có moscón aquel, e por moito que tiña ganas de puteala por calquera cousa que se me ocorrese, encantábame aquela cara de "odióte" que se lle poñía cando lle tocabas un pouco as narices...e o único que dei feito fui largarlle aquel rolo, faltoume un farei todo o que sexa para axudarche por que te quero, non foi polo que me dixo Santi, non foi polo caso, nin o xefe, foi porque me faltaron as palabras e porque non poiden ca súa mirada. Calei, ela tamén. Puxen música, naquel momento gustárame ter algo máis romántico; pero era o que tiña . Vin o seu sorriso de esguello e sentínme ben, acouguei, polo menos deixei de pensar que metera a pata, ela seguía triste; pero deixara de te-la mirada desauiciada. Déronme ganas de abrazala, de acariñarlle a

cara e de bicala; pero ela estaba no seu mundo, perdida. Preocupábame que estivese tan calada, a Deus gracias Santi comezou cas súas caralladas, aínda que me putease mereceu a pena, polo menos rompiu o xeo. Santi marchou e de paso fomos ve-lo que sacáramos en limpo naqueles poucos minutos de escoita. Nada, que íamos sacar, que a Andrea lle pareceu sospeitosa unha chamada, sospeitosa no sentido sentimental, xa o do lío do Domínguez ca Sofía comezaba a circular.

- ¿Que tal che foi na casa? - Andrea - ¿atopaches algo interesante?
- Apóstoche a que o primeiro que fixo foi busca-la foto - Santi
- O primeiro non - eu
- ¿Non estariades sós? - Andrea
- Estaba o irmán - eu
- ¡Que mágoa! - Santi con retranca
- Por se o esquencedes, este é un asunto oficial - eu
- Nós témo-lo clarísimo, non andamos paseando a sospeitosas, nin indo á súa casa, nin levándolle a cea - Santi
- ¡Joder!- eu - sacadeslle punta a todo
- ¡A ver ho! - Santi - ¡conta!
- Fisguei un pouco e nada máis - eu - tampouco había moito que ver
- Home, se che deixara meterte na ducha con ela igual vías máis - Andrea - ¿e que, gustouche a foto ou non?
- Ter ten un aire - eu - pero eu son máis guapo ¿non mo negarás?
- Si, calquera cousa - Andrea - por eso a foto que ten é a del
- E que eu aínda non saio nas revistas, que se non - eu
- Pero pódelle dar unha - Santi - para que compare
- Xa ten o orixinal - eu - para que quere unha foto
- Porque se che notan menos os defectos cando estás quietiño e calado - Andrea
- Si, e cando non está, aínda é mellor - Sonia
- Cando non me dades por un lado dádesme por outro, o caso é meterse connigo - eu - ¿que tal vai eso do micro?
- O micro é unha maravilla - Oso - pero non hai gran cousa que contar
- Tampouco ía ser chegar e encher - Andrea
- Andrea anda toda emocionada porque cre que o xefe está liado con non sei quen - Oso
- Xa lle dixen - Santi mirando para min - que nos non estábamos para esa clase de historias; pero a ela parece que lle vai a vida nos asuntos de cama da xente
- Si ,home, si; agora ven ti de puritano - Andrea - ti tamén poñías a orella; para min que sabedes máis do que contades, estades demasiado indiferentes có tema, e aquí quen máis quen menos...
- Bueno - eu - ¿e do demáis nada?
- Nada - di Santi en serio
- Deixóche as transcripcions na mesa e xa o ves ti mesmo - Andrea
- Lévamas á sala, fai o favor - eu - mentres vou por algo de comer, se aínda queda algo
- ¿Que me dis?- Andrea - ¿cea romántica?
- Xa volo dixen - Santi - o rapaz vai a por todas
- Deixádeo dunha vez - Oso - pensade un pouco na rapaza que está aí dentro a punto de arruina-la súa vida, e en que nós estamos aquí para traballar e non para andar de carallada - falou papá
- Non, se Campos xa pensa, xa - Santi
- ¿E á rapaza vaille este?- Oso, non o podo crer
- De vez en cando igual lle ía á cabeza - Santi

sub

- Non creas, eu creo que si que lle vou - eu - o da foto é moi revelador  
- ¡Ha! - Andrea - vaille o tipo ese, que a foto foi antes que Campos, ¡espabilado!  
- O que ti digas - eu - vou pola comida, ata mañán  
- ¿Bótasnos? - Santi  
- Ide descansar un pouco - eu - e mañán non volvades ata que pensedes que eu son máis guapo co da foto  
- ¿E eso? - Sonia  
- Porque mentres non o pensedes é que non tede-la mente o suficientemente despexada  
- Oi, el - Andrea - será para que lle deamos tempo a face-la ciruxía  
Deixeiños alí rindo de min, cariñosamente espero, e fun busca-la cea. Cando volvin á sala Berta estaba alí sentadiña, coma unha nena boa, anxelical, outra vez aquel aspecto infantil, que noxo, faciame sentir un pervertido. Consolábame que non era moito máis nova ca min. No outro lado da mesa un montón de papeis, as transcripcions de Andrea.

- Espero que che guste - eu - non había moita cousa  
- Seguro que si - ela - ca fame que teño como un elefante se mo poñen diante  
- Daquela igual é mellor que marche - eu  
- Eu puxen un "se", non te estaba chamando elefante - ela  
- Dígoo por se non che chega a comida e che dá polo canibalismo - eu  
- Non, non creo, ademáis fumas - ela  
- ¿E? - eu  
- As partes máis nutritivas están danadas - ela  
- Para que despois digan que fumar é malo, ou sexa que para un canibal un fumador non sería o mellor plato - eu  
- Non, ademáis seguro que bebes, así xa a rematas - ela  
- Pois non, non bebo - ¿non me vería o día da farola? - case  
- Ese case hai de querer decir, amiudo - ela  
- ¡Que lercha me saiches! en serio, non algunha vez cando saímos en plan de troula, o que non é precisamente "amiudo" - eu  
- ¡Vas vello! - ela  
- ¡Son moi serio e formal! - eu  
- Xa - dixo mentres comezaba a comer  
- ¿Que pasa? ¿teño pinta de andar sempre de esmorga? - eu  
- Si - ela  
- E eu que pensaba que estaba sendo moi serio - eu  
- Si eso tamén; pero a pinta de chulo de discoteca non hai quen cha quite - ela  
- Perdoa, ¿que me acabas de chamar? ¿chulo de discoteca? ¡hai que joderse!, mira imos cambiar de tema porque se non igual te deixo sen cear - eu  
- Non era por ofender... é que... - desculpándose, dixéran sen intención  
- Pois a min eso de chulo de discoteca non me soa precisamente a piropro - dixen cravándolle a mirada  
- Quen se pica allos come - dixo sentenciando e concentrándose na comida

Tampouco quería que se volvese demasiado persoal, xa me chegaba cos vaciles dos colegas para darlles máis motivos; de ser outras as circunstancias atacaría sen piedade, vin un resquicio de esperanza naquel sorriso do coche, e ó baixa-la mirada delatouse, a cousa tiña moi boa pinta. Aquelo podía ser un bo restaurante, haber unhas velas e un violín de fondo; sen embargo, non o era e decidín que sería mellor manter unha certa distancia, é decir tratar de averigua-lo mesmo pero fíndolo indiferencia

- Así que foi unha experiencia agradable - eu
- ¿O que? - coñecerme, muller
- A Universidade - eu
- ¿Sabes? hai quen di que non sirve para nada, que o pouco que che ensinan non ten aplicación práctica, e que saes sabendo menos que cando entraches; pero eu creo que realmente te prepara para a vida - ela
- Coma a mili - eu
- Máis ou menos, tes que aguantar tantas putadas que xa nada te espanta - ela
- ¿Así que o peloteo funciona? - eu
- Non vexas como; e ademáis hai moito cacique prepotente, normalmete son os que menos idea teñen - ela
- Eso pasa en todas partes; pero creo que jode un pouco máis, e non te ofendas, cando pasa na vida real - eu
- Xa o imaxino, eu xa dixen que era unha preparación, o triste é que sexa así - ela
- Se che serve de consolo, ás veces os bos tamén ganamos - eu
- ¿Así que ti és dos bos? - ela
- ¿Salta á vista, non? - dixen con intención
- Por grande polo menos si - dixo pasando de todo
- ¿Na casa levaralo ben? Santi di que os teus pais son xeniais - eu
- ¡Véndochos! - ela
- Non gracias, xa teño dabondo cós meus - eu
- ¿Vives cos teus pais? - di cunha sorpresa certamente ofensiva - ela
- ¿Algo que obxectar? - eu
- Non, pensei que estarías casado ou algo - ¡aha! pensou...
- Non, eu adicome a ligues de fin de semana nas discotecas, xa sabes - dixen con voz de chulo - e mamá que me coide, que para eso me pariu
- Eso dilo aquí porque non está aquí - ela
- ¿Cres que estou tolo? mátame se me escoita falar así - eu
- É unha vida cómoda, ¿non? - ela
- Lémbroche que ti tamén vives cós teus pais - eu
- Pero eu son máis nova - ela
- Ai si, ¿como era? a "nena" - vaia miradiña me lanzou - non es moito máis nova, non creas
- Pois daquela terás que coidarte un pouco máis, parecez meu pai - a esta vaille dar un corte de dixestión
- Agora xa sei porque non hai espellos na túa habitación; total para o que os miras - eu
- Non, é xusto polo contrario, estaría todo o tempo mirándome - ela
- Si, muller, si; o que ti digas - dixen baixándolle os fumes á Claudia esta
- ¡É broma! - ela
- Esa aclaración é innecesaria, é obvio que bromeabas - eu
- Vaia, aló vai a miña autoestima - ela
- Eu tamén bromeaba - tampouco había que pasarse
- Agora arrégla - ela
- Así que teus pais tomarono ben - cambiando de tema
- Si, eso parece, a verdade é que actuaron como se o esperasen, a min escamoume un pouco, menos mal que meu irmán si se afectou algo, se non - ela
- Levádesmos moi ben - eu
- Si, é un sol; ademáis faime caso en todo - ela
- ¿En todo? que o fas en plan vinganza da humanidade, dous iguais - eu
- ¡Na casa, home! ¿ou que cres que lle ando gobernando a vida? - ela

sub

- ¿Falo? - eu
- ¡Que val!, en realidade da súa vida persoal non sei moito, case nin coñezo ós seus amigos. O papel de irmá maior guai non vai moito comigo - ela
- ¿Gústache estar soa? - eu
- Supoño, non teño os suficientes amigos como para saber como se está acompañada - triste
- Xa volves có dramatismo - eu
- Si, é certo - ela, recuperando o sorriso

Non o debín decir, púxose triste, moi triste; tiña que volvella ó seu estado anterior, non podía deixar que fose durmir así

- Porque ligar, non ligarás moito con esa pinta - esta se a picas resucita
- ¡Tranquilo mister elegancia! - eu
- Vacila o que queiras pero ca miña pinta de "chulo de discoteca" seguro que ligo máis ca ti - eu
- Seguro; pero a min duranme máis - ela
- Máis ó meu favor, porriba ter que aguantalas - eu
- Dades noxo, é que non se salva un - falando soa
- ¿Ti buscas mozo formal, logo? - eu
- Non, tampouco me gusta perde-lo tempo en imposibles - ela
- Algún haberá ¿non? - eu
- Pois se o hai debe estar ben agochado - ela
- Ou igual o tes demasiado á vista - non me puiden aguantar sen soltalo
- Igual si - dixo incrédula
- ¿Tal mal te tratamos? - eu
- ¿Quen? - sorprendida
- Os homes - eu
- Os que non saen conmigo, non - ela
- Deixoute por outra - eu
- Creo que non, máis ben deixei eu - ela
- ¿E logo non? saínos rompecorazóns a "nena" - eu de vacile
- Tampouco foi así a cousa - sacándolle importancia ó meu comentario
- ¿Daquela como foi? ¿por que o deixaches? - eu
- Porque non me vía cando me miraba - ela
- ¡Coño! esta é nova, igual era miope, muller - que non a vía, as tías teñen cada cousa
- Veña, seguro que ti tamén tiveches esa sensación algunha vez - ela
- ¿Teño que decir que si? - eu
- É igual, non me quería, só precisaba alguén que lle fixese compañía e como era alérxico ós cans - ela
- ¡Pero mira que es bruta! ¿canto levabades saíndo? - eu
- Case tres anos - ela
- Daquela algo debiate querer, ¿non cres? - eu
- Non - ela
- Agora xa sei porque me pitan os oídos ás veces, ¿e dis que non te enganaba?, miña nai, a min calquera día danme de hostias pola rúa - eu
- Mellor deixamo-lo tema, prefiro a felicidade da ignorancia - ela
- ¿Ti? tes unha pinta de curiosa - eu
- A verdade é que dou gracias por non ser un gato - ela
- ¿Sabes? eche unha mágoa que a túa curiosidade non dera froitos na axencia - eu

sub

- Pois non foi porque non o intentase, mira que tratei de entrar nos condenados disquetes e non había maneira - ela
- Igual deberías poñerte ó día na informática - eu
- Non me sermonees, que xa o sei; pero se chego a saber que eran tan importantes habíao facer - ela
- ¿Que querías ser de pequena? - eu

E comezou a falar das súas moitas vocacións, é estraño ver como quería ser e no que acabou, eu sempre o tiveren moi claro, son o que quería ser. O de contable estaba bastante lonxe de piloto, actriz, veterinaria e xa perdín a conta. Daba a impresión de ser unha persoa que se deixara guiar polos demais toda a súa vida, aínda que parecía gustarlle o que facía había detalles que amosaban certa nostalxia, certa sensación de fracaso ó verse tan lonxe de onde quixera estar. Agora xa ía tendo máis sentido esa rebeldía perversa que lle saía de vez en cando. Debía se-lo comezo da liberación. Colleu confianza e comezou a falar sen parar, a conversa foi moi animada, por momentos ata esquencín onde estaba e con quen.

- Déranlle un can a miña avoa, era destes pequenos, do país; era moi feitoño; pero collera moitas pulgas e non paraba de rascarse; daquela meu primo e máis eu buscamos algo que poidera matarlle os parásitos, e non atopamos máis nada que un pouco de insecticida, botámosllo - ela
- E matáchelo - eu
- Que va, foille moi ben, de feito pareceunos que se rascaba menos. O caso é que á semana seguinte o pobre volviu ás mesmas, e como non nos lembráramos de mercar nada, e miña avoa pasa bastante do tema, xa non había nin o insecticida. E tiñalo que ver, ca pel toda irritada, e que non se paraba de rascar. Decidimos bañalo a ver se así lle matábamos algunha polo menos. Preparamos un balde con auga e despois tivémolo que cazar, porque ó canciño non lle parecía tan boa idea eso do baño, como estaba preto da lareira pensaría que o íamos comer ou algo. David cóllerao e traíao no brazo. E vou eu de lista e dame por pensar que o alcohol tamén podía mata-las pulgas, e botámosllo - para, pon cara de trasno - un pouco porque comezou a retorcerse no chan e a laiar, e case se metiu el só na auga.

- ¿E ti serás desas que din que lle gustan os animais? - eu
- Eu que sabía - ela
- Claro, como a ti non nunca che botaron alcohol nunha ferida non sabes o que é - eu
- Si que o sei - partíndose de risa - pero non me decatei naquel momento de que o can tiña a pel irritada, se o viras, pobre
- Pobre si; pero estaste partindo de risa á súa conta - eu
- Moito nos rimos, a verdade; pero que conste que nunca volvín facer cousa semellante - ela
- O can escaparache cando te ve, digo eu - eu
- ¡Para nada! son eu a encargada de botarlle o insecticida, o dos cans, que xa mercamos un, e está todo tranquiliño - ela
- Pola conta que lle trae, ademáis como non lle doerá tanto como a primeira vez aínda che estará agradecido e todo - eu
- É máis boiño - ela
- Se o teu primo é a metade de elemento ca ti, compadezo ó can - eu
- Non, el ten máis sentido; ademáis somos máis de familia - ela
- ¿Máis que lle tocan as narices, queres decir? - eu

sub

- Trátámolo ben, de veras, despois daquel incidente non lle volvemos facer ningún experimento máis - ela
- Non te xustificas, que a min os cans non me gustan - eu
- ¿Non? - ela
- Pero non son alérxico - que quede claro, que ese non sexa un impedimento para a nosa felicidade - é que xa me parece que se está levando ó extremo o de ter un can, case parece obrigatorio
- ¿Coma ve-lo fútbol? - di ela triunfante, esta como avogado non tiña prezo, sempre espera a pillarte nun renuncio
- Bueno xa é moi tarde e estarás cansa, non sei se falarías máis hoxe que en toda a túa vida xunta - eu
- ¿Por? - ela
- Porque dá a impresión de que tiñas traballo atrasado - eu
- Non hai quen vos entenda se falo porque falo, se non porque estou calada - ela
- Ti fala mentres poidas - eu
- Ou mentres me escoiten - ela
- Sempre hai quen escoite, non teñas medo, cando menos che conveña hai de haber alguén escoitando - eu
- Ca sorte que teño - ela

Evitou a despedida, menos mal, metiuse dentro e dixo un simple "atá mañán" igual lle parecera mal que lle dixera que falara moito. Tamén puideron estar calados. Eu quedei un momento mirándoa. Fun para a casa con sentimento de culpa, non sei, tampouco me parecía que os meus comentarios fosen tan ofensivos, nin que a queimase moito. Ela tamén era fina de carallo, mira que dicir que tiña pinta de chulo de discoteca, porque era moi tarde que se non xa estaba chamando a Xosé para ver se era certo, home ás veces voume un pouco de guai; ¿pero chulo de discoteca?. Igual lle falei moi serio, trataba de que a situación non se me fose das mans. Xa falara de máis no coche, e mandei á distancia ó carallo na súa habitación así que era hora de volve-las cousas ó seu sitio. Creo que o conseguín, falamos de todo un pouco sen perde-la compostura. Cando marchou conseguín un momento de concentración para revisa-las transcripcións que me deixara Andrea, nada interesante, polo menos para min. Como decía Andrea tampouco ía ser chegar e encher. De camiño para casa puxen ós Rolling e ela volvía estar alí. Esa noite non durmin nada, non facía máis que volver á súa habitación, ela contra o armario e eu a piques de bicala, movíame entre unha grande excitación e a rabia por non facelo. No fondo sabía que fixera o que debía... mágoa que non fose, tamén, o que quería.

sub

Cando me erguín estaba aínda máis cansado que ó deitarme, cheguei cedo Santi aínda non estaba, así que aproveitei para revisar de novo todo-los papeis a ver se desa vez sacaba algo en limpo. Para min non tiña moito sentido, faltábanme datos, ou non daba atopado a conexión das cousas.

- Vaia cara - Santi - ¿seica non durmiches ben? ¿remorsos?
- Non me marees - eu
- Estamos de malas ¿non foi ben a cea? - Santi
- Foi de maravilla - eu
- Pero a ver ho, ¿que che pasa? - Santi
- Esto non hai quen o entenda, non dou sacado nada en limpo ¿tes algunha idea de por onde temos que ir? - eu
- Se che digo que si, míntoche - Santi, serio - non che dixó nada novo onte
- ¿Berta? non, polo menos que o pillase non, porque como ás veces fala en clave - eu
- As tías son así - Santi
- Xa; pero esta é máis así có resto, ¿sabes por que deixou ó mozo? - eu
- ¿Por que deixou ó mozo? ¿e que relación ten eso có caso? - Santi
- Ningunha supoño, ¿por que? - eu
- Porque se supón que do que tiñas que falar con ela era dos detalles do seu traballo na oficina, deso se trataba, crear un clima agradable para que falase tranquilamente a ver se nos decía algo novo, non para que ti calculase-la mellor maneira de entrarlle - carallo que estaba ben serio
- Joder tío, non podes pretender crear un clima de confianza limitándolle os temas de conversa, eu máis ou menos fun preguntando; pero ela falou do que lle pareceu, e ademais nin que lle deran corda, vaia que se falou - eu
- Pero do traballo nada - Santi
- Do traballo tamén; pero como queres que nos conte algo que nos sirva, se soubese no seu momento que tiña que prestarlle atención a certos detalles faríao; pero agora non vai lembrar nada novo a non ser que sexa algo moi chocante - eu
- Xa - descreído - ¿e por que deixou ó mozo, daquela? - ese era o meu Santi
- Porque disque non a vía cando a miraba - eu
- ¿Que dis que? - Santi escarallándose - ¿e non sería cego?
- ¡Que cabrón!, eso foi o que lle dixen eu - eu
- Bos días - Oso - que cedo chegaches hoxe
- Bo para unha vez que veño a tempo dadesme todos a vara, é a última vez que me vedes antes da hora - eu
- Tranquilo, home - Oso - era por decir algo ¿chegou Andrea?
- Está fóra - Santi - a ver se entra, precisamos urxentemente unha mente feminina para que nos aclare unha dúbida transcendental que temos
- ¿E vós tedes deso? - Andrea - bos días
- A ver Andrea - eu - a ti, o teu home cando te mira, ¿vete?
- Se non quedou cego de súpeto, si - Andrea
- ¿Ves? - eu - outra, todos decimo-lo mesmo
- E que a cousa tampouco é así - Santi
- ¿Como que non? - eu
- Non llo podes preguntar fóra de contexto, se non sabe de que vai claro que di eso - Santi
- O que ti digas - eu
- ¿E ídesme decir de que vai esto?- Andrea

sub

- Tonterías das súas - Oso - o de madrugar aínda lles perxudica máis
- E que lle dixo - Santi facendo acenos para explicar que fóra Berta - que deixou ó seu mozo porque non a vía cando a miraba
- Normal, eu tamén o faría - Oso
- E eu - Andrea
- ¡Estades de coña! - eu - ¡vaciládesme!
- Debe ser unha clave ou algo así - Santi - un chiste para xente lista
- Si, eso debe ser - eu - ou que nos queren facer tontos
- ¿Así que vós non o entendedes? - Andrea - que non o entenda Cris paréceme ata certo punto normal; pero ti Santi, que se supón que estás namorado da túa muller
- ¿Que terá que ve-lo touciño ca velocidade? - Santi
- A ver listos explicádenos ós tontiños de que vai esto - eu - porque creo que vós tampouco tedes nin idea
- Páreceme increíble que nunca o notásedes - Andrea
- Eso tamén mo dixo ela - eu - pero é que eu debo ser moi lento
- Será máis ben que non miras moito para os ollos - Santi
- Ti tamén podes falar - eu
- O que quere decir é que o seu mozo tiña unha idea dela distinta a como ela era realmente, que non a aceptaba como era, ou que non se molestara en coñecela ou que a miraba coma quen mira unha árbore - Andrea - tampouco é tan difícil de entender, normalmente os tíos facédelo sempre
- E as mulleres tamén - Oso
- Hai de todo - Andrea
- Así que era eso - Santi caendo da burra

Eu non entendía moi ben de que me falaban, cando miras a alguén miralo e punto, non sei a que viña tanta historia.

- Mira que cara se lle quedou - Santi - ¿seica a ti tamén te deixaron por eso?
- ¿A mín? - eu - esquences con quen falas Santi, esquences con quen falas, a min nunca me deixan
- Escapan directamente - Andrea - ¿non?
- Bueno haberá que ir traballar - eu - ti e máis Oso volvede ás escoitas e Santi máis eu imos facer unhas chamadas
- Ás súas ordes - Andrea
- Vémonos - Oso

Santi e máis eu púxemonos a chamar ós axentes que levaran o caso para ver se sacábamos máis información, foi unha medida desesperada porque tiñamos instrucións moi claras de non facelo. De pouco nos serviu, ningún lembraba nada, a maioría cambiaran de departamento e algúns de destino, os de aquí estaban todos fóra. A min cheirábame cada vez peor, que podía ser tan grave para que lles afectase así. Mete-lo zoco é algo que pode pasar, somos humanos. Os de fóra tampouco nos ían axudar moito de todo-los xeitos, o grosso do asunto cocérase aquí; así que seguimo-la traxectoria profesional dos axentes en cuestión. Ningún deles fora trasladado ó sitio de orixe, porque se te trasladan á túa casa é algo normal, ó fin eu estou aquí, tardei pero funme achegando. Tamén podía ser que ás respectivas parellas lles aparecese un choio mellor nesos sitios ou que fosen de alí. Pensámolo moito antes de remexer, xa estamos ca auga ó pescozo; íanse desquitar con nós polo que fixeran estes. Polo menos sabíamos que non actuaran mal, quero decir que non había ningunha falta nos seus expedientes, ó mellor a

sub

eles tampouco lles puxeran as cousas fáciles e porriba non fora Berta facerlles unha visita.

- ¿Que che parece se lle deixamos eses papeis - eu, sinalando á información sobre as actividades da empresa - a Berta a ver se ela saca algo?

- Non sei se deberíamos - Santi - pero se ninguén se entera igual non é de axuda, báixallos e dalle os bos días, que o estás desexando - chiscándome un ollo - ó que se chega cós anos ¡das pena tío!

Santi é un esaxerado, tampouco me ía a vida en vela; pero había que vixia-la esta có delgada que estaba igual se coaba entre os barrotes.... calquera cousa.

- Bos días - di ela toda eufórica, non sei se fumaría algo, tanta alegría por verme mosqueábame

- Ola - eu serio, como debe ser - aquí che traio esto para que te entreteñas un anaco

- Ben, podía se-lo Vogue; pero seguro que é igual de interesante - o Vogue, aínda non sei se saberás de que cor é, non a imaxino mirando trapos nin de coña... ¿non? ¿e como a coñeceches?

- Míraos con atención, con moita atención, e ten coidado con eles que son informes oficiais - eu todo profesional - ¿escoitaches?

- Si, á primeira - dixo cravándome a mirada, calquera día mátameme, para min que o de que tiña poderes era en serio, párame o corazón - gracias, tratareinos coma se fosen fotos de Chris Noth, non te preocupes

- Non, mellor procura non sobalos coma se fosen fotos do tipo ese - é que sempre me ten que saca-lo nervio

Có ben que me recibira, vaia sorriso tiña a tía, por un momento sentínme o home máis importante da Terra e vou eu e sáltolle ca miña mala hostia. Pero é que non se decata de que eu son de verdade e o outro só é unha foto. Increíble, estaba celoso dun actor que nin pinchaba ni cortaba na nosa vida, era eso só unha foto e a min sacábame de quicio. Sigo dando gracias a Deus pola chamada de Xosé sobre o irmán, se non aínda me había reventa-lo nervio, que cho digo eu.

- ¿Que? - Santi - ¿que tal durmiu a princesiña? ¿durmiu ben?

- Se non durmiu ben que se joda - eu

- Mira - Santi con sorna - mellor non volvas madrugar

- É que non durmin ben - eu

- Xa; pero eu non che teño culpa, e ela tampouco - Santi defendéndoa, estanos alienando a todos - bueno ela igual si - xa me parecía raro - ¿que? ¿non che dou un biquiño de bos días, meu rei?

- ¡Non! pero díxome bos días cun sorriso de película - eu seguíndolle o conto

- Si, por eso ves tan contento - Santi, con retranca - por certo, mentres baixaches conseguín falar con Márquez

- ¿O de Granada? - eu

- Dixo que por teléfono nada - Santi

- ¡Ai que coño! - eu

- Non, tranquilo, que para chegar a eso tiven que rogar moito, así que polo menos aínda temos algunha esperanza - Santi

- Si, porque os outros non dan nin chío - eu

- Eso tamén fai desconfiar, ¿non cres que se este fala e os outros non, será por algo? - Santi

sub

- Santi, creo que estamos toleando, estámoslle dando voltas de máis a algo que seguramente será moi sinxelo - eu
- ¿A Granada non poderemos ir, non? - Santi
- Hoxe polo menos non; pero sempre convén ter algo ó que recurrir - eu
- ¡Que merda! - Santi
- Seguro que tes razón, se ese está disposto a falar hai de ser porque non ten moito que contar, que se non había calar coma os demais, que nos queda por mirar - eu
- Os partes de traballo - Santi
- ¡Que coñazo! dame a metade, anda - eu

Mirar papeis parecíame inútil, estiven por chamar a Sonia para que se recrease; pero non me pareceu moi axeitado, ela estaba ó seu e ademais que ela os revisase a min non me ía aclarar-las ideas. Un día na vida de fulanito ¡que interesante!. Vexamos, como diría Berta "non é o Vogue pero seguro que é igual de interesante" a min persoalmente o Vogue non me motiva; pero decir que aquilo podía ser igual de interesante que o Playboy era esaxerar un pouco bastante, aínda que habíame quentar dabondo tamén. Un aburrimiento, sempre se pon a metade do que se fai, non é precisamente o que máis nos entusiasme despois de traballar un día enteiro poñernos con estas caralladas, que ata hoxe non sabía para que servían. Á metade da miña metade saín fumar e toma-lo aire, un pouco contradictorio xa o sei. Antes de volver entrar fun ver a Berta, por se aínda había posibilidades de nos levar ben. Estaba toda entretida, lendo; pois si que debía ser interesante, igual estaba en clave e a min escapábaseme, quedei observándoa uns minutos, razoaba ela soa, ía para diante, volvía a mira-las follas, desesperábase. Estábame erguendo para marchar moi sixilosamente, cando a escoito berrar. Estaba toda colorada, sinal de que lle estivera dando bastante ó coco. Fixome gracia, tiña pinta de xenio tolo, quería algo para escribir, non me gustou nada a petición, como lle dese por facer anotacións nos informes caíame o pelo; pero claro precisaría facer esquemas e cadros sinópticos deses que fan os estudiados para resolve-los problemas. Baixeillos, non fose estraga-la deducción do século por un anaco de papel e un bolígrafo. Pero deixei ben claro que non escribise nada nos informes.

Cando subín, Santi estábame agardando, con bastante mala cara, pensaba que era por verme tan colgado; pero había novidades.

- Imos ó despacho do xefe - Santi - temos visita
- ¿Outro que se entrega? - eu
- Moi gracioso, igual debín decir que temos problemas - Santi
- Vaia novidade ¿que pasa? - eu
- ¿Non che vai gustar? - Santi
- ¿O que? - eu
- Hai alguén que a quere ver, e non é da familia - Santi
- ¿Será algunha amiga? - eu
- Disque é un tío, e ven con reforzos - Santi
- ¿O tal Domínguez? - eu
- Eu que sei - Santi, perdendo a paciencia - veña, imos ver

Cando chegamos ó despacho só estaba o xefe, debía ter a don importante agardando nalgures.

- Bueno - o xefe, triunfal - esto ponse cada vez máis interesante, e o que temos no sótano según vós é unha inocente criatura

sub

- ¿Que pasa? – eu, que xa tiña un bo día
- Que me jode que me veñan ameazando, que vós non me decides nada e que xa me estou fartando - o xefe
- Non che decimos nada porque non hai nada que decir - eu
- Mira, o tío que está aí fora púxose moi rufo, e ven - o xefe
- Si, moi ben respaldado - eu
- Exacto - o xefe - e quere ver á rapaza
- Pero non pode - eu
- Pois vaina ver - o xefe - non quero que me quenten máis, veu soltando un rolo de non sei que dereitos e o máis importante, parece que sabe algo
- Se sabe algo que nolo conte, non llo ten que contar a Berta, ten que contarno-lo a nós - Santi
- Quero decir que sabe algo de vós e das vosas actividades - o xefe
- Non pode ser - eu
- Pois parece que a rapaza non era tan de fiar como ti pensabas - o xefe
- ¿Quen é? – eu, reventando
- ¿Queres saber quen é? pois moi ben, vas sabelo, e de paso vas ir pensando nalgunha boa que me contente antes de que remate o día porque non me quero deitar cabreado - o xefe - Santi vai buscala rapaza e lévaa á sala

O xefe chamou polo interfono ó home misterioso, eu esperaba a un vello salido e atópome cun guaperas de California. Mátoa. El non falaba, o que falaba era o avogado que traía, igual non sabía, con ser guapo xa lle chegaba. Moito apertón de mans, moita educación e moito mamoneo. O avogado repetiu o rolo que lle soltara ó xefe, vamos que a tiñan que ver por que si, e xa estaba. Non decían nin por que, nin para que, nin como souberan que ela estaba ali. Estábame desfacendo por dentro, en realidade estes burócratas tráenma floxa; pero se ela non fora legal conmigo afundiame de todo. Non podía ser. Tiña que haber unha explicación

- Campos acompañe ós señores á sala - o xefe que se poñía en plan fino cando había visita
- Si, como non - eu tamén - veñan por aquí

Ó pecha-la porta do despacho do xefe puiden ve-la ameaza de morte na súa cara, nin me inmutei; se me traizoara todo remataba, que me importaban os berros do meu xefe. De camiño á sala o avogado seguía falando, dalle que dalle, sería tan bo porque ganaría por pesado. O outro era o príncipe encantador, sorrinte, amable; seguro que non saltaba á primeira coma min. Odiéino a morte desde o primeiro momento. O avogado falando do dereito á intimidade e eu matando ó imbécil aquel. Estaba desexando ve-la cara de Berta, saberia nun momento se me mentira ou non, ¿quen sería aquel tipo?. Ela viña toda contenta, Santi estaba moi serio, pensaría o mesmo ca min.

Non, non me enganara, quedou paralizada en canto o viu, miroume, mirou a Santi. Noteille algo raro, non só incompreensión senón que me miraba con odio, coma se lle tendese unha trampa. Estaba nerviosa. Notábaselle que, estaba desorientada por completo. Aquelo tranquilizoume, ela non parecía estalo pasando moi ben, que se joda, un rubio dos cojones preguntando por ela, tanta insistencia en vela, esta tortúrame sen piedade. "Princesa", revolvéuseme o estómago. Non lle quítei ollo ó reloxo, o avogado tampouco, parecía que me estaba controlando para que nos lle sisase nin un segundo, nun momento en que me apoiei na parede el debiu pensar que estaba escoitando porque me agarrou do brazo e tirou por min. De verdade

sub

que non pretendía escoitar. Por fin rematara o tempo. Cando entrei aínda foi peor, estaban collidos da man, que noxo, el todo encantador. E claro un bico de despedida. Bueno, teño que decir na miña defensa que non serei tan guapo, nin rubio e terei pinta de chulo de discoteca e todo; pero polo menos cando as bico déixoa máis contentas. Non pareceu gustarlle a manobra do mexericas aquel, non lle gustaba. ¡Si!, Cris es un campión. El marchou todo cheo levando o avogadiño do demo con el e eu quedei alí pensando que non había máis home ca min. Ela saíu correndo, pasou por diante a toda velocidade, tratei de parala pero escorrejouseme, que diría Santi; ela polos corredores e eu detrás, ¿a onde ía? ¿pero esta de que vai?. Metiuse nos baños, eu detrás. Estaba debaixo da fiestra, parecía que lle faltaba o aire ¿mira que se lle tiña que face-la respiración artificial?. Decidín que xa que me deran outra oportunidade sería bo, así que saquei todo o meu encanto e decidín non deixar que se me escapase pasara o que pasara. Parecía máis tranquila, sería unha desas ataques de ansiedade ou que sei eu. Miroume coma se fose un auténtico cabrón. ¿A min? ¿Ela?. Debe ser certo eso de que cando afrontas unha situación cun sorriso todo vai mellor. Ó escoitalle que non tiña nin idea de que facía o tipo alí, que non estaban liados, esto é realmente importante, pouco menos que me derreto de gusto. Despois entrou Sonia, a señorita oportuna, e rompeu a maxia. Subimos de novo para a sala e alí estaba Santi.

- Pero muller, o do efecto sorpresa está ben; pero as fugas hai que prepara-las un pouco - Santi  
- Só precisaba aire - Berta  
- Boa escusa - Santi - ¿onde a pillaches? - mirándome  
- Nos servicios - dixen, mágoa de cámara, vaia cara que se lle puxo, eu todo natural "nos servicios"

Puxémo-lo ó corrente da conversa con Simón, Santi non me quitaba ollo, debíase notar que estaba coma unhas pascuas. O super guapo un merda, e eu o príncipe valente, igual tampouco era así. Agora estaba o tal Fran, reventábame ese tío, non sei, por aquilo de que pensaba que andaba detrás dela, do xeito en que me mirou coma despreciándome; e ela veña a subilo ás nubes, eso aínda me poñía peor. E despois o do xefe, o cabrón do avogado do Simón andivera metendo o nariz, presionando, presionando.

- Ese tío non é o avogado de Berta - eu - así que non ten nada que ver neste caso, quería vela e viuna, punto ¿por que lle dás tantas voltas?  
- Non me gusta que me veñan joder - o xefe  
- ¿Pero que che dixu, que tan mal che pareceu? - eu  
- Non me dixu nada, non é só por ese par, esto estase complicando cada vez máis; algo tan simple coma unha confesión e vós andádeslle dando voltas, estades alongando esto e gustaríame saber por que - o xefe, medrando - non quixera pensar que este intento teu - mirándome - por atopar outro que cargue có morto ten que ver con certos comentarios que circulan sobre os teus novos gustos en mulleres. Non vou pensar nin sequera nesa posibilidade porque se comprobo que é certo estás acabado ¿escóitame? - e para Santi - e a ti tamén, porque para eso ides de dous en dous, para que algún controle a situación cando se desmanda, e máis ben da a impresión de que te sentas a contempla-lo espectáculo

Seguíu así durante un bo anaco. Que se o chamaran de arriba, debía ter conversas con Deus porque máis pisos alí non había, que non nos daba máis tempo. Que se

non era home nin nada, que perdera a cabeza, que non tiña cerebro. Fíxome sentir coma se fose merda, coma se Berta me estivese manexando ó seu antollo, sabía que non. Mellor dito esperaba que non. O de Simón non facía máis que dar-me voltas na cabeza, ou nos enfrontábase cun espia de alto nivel ou Fran lle contara algo, de todo-los xeitos ¿como sabería que estaba na cadea?. Pero aínda que me custe admitilo había algo no que o xefe tiña razón, estáballe dando largas a todo ca esperanza de que obrase o milagre, e igual Berta só era parte dunha manobra de despiste. Na oficina estíbese argallando algo, o que fose e había que descubri-lo dunha vez. Tiña que averiguar dunha vez por todas se me enganaba ou non. O desgusto sería grande; pero vivir enganado tampouco era solución.

Cando o xefe rematou volvemos á sala sen falar; eu tiña o nervio cambiado, agora Berta parecíame unha bruxa maquinadora e a súa mirada inocente volveu á súa perversión orixinal. Actuei impulsivamente, sen consultar nin pensar, saíume, escoitei nalgues que se as cousas estaban estancadas o mellor era provocar unha crise, e eso foi o que fixen. Mandala para casa, era o mellor, coma nun documental, seguila e estudia-lo seu comportamento en liberdade. Por moi lista que fose nalgún momento habíase delatar, alguén comería un erro, e alí habíamos estar nós para rematar con todo. No fondo esperaba non enganarme. Santi, Santi é un santo. Ela tan natural, ó seu, despois, cando a estábamos sacando, cando comprobou que falaba en serio, desorientouse, a inseguridade viásele nos ollos, diría que incluso parecía preocupada ¿por min?, tampouco había que ser tan optimista. Xa me volviu conquistar, o cabrón do xefe tiña razón, gustábame, facía o que facía porque me gustaba. Non quería crer que ela estivese involucrada e aquel "xa che vale", suplicando que non lle cravase máis puñais, fixo que deixase de pensar e mandou o corazón. Cando me decatei a miña man estaba no seu brazo, que fráxil me pareceu, os seus ollos tristes perdidos no infinito. Agarrielle a cara cas mans, disposto a enfrentarme ca verdade, cando erguiu a vista souben que non mentía, era a mirada máis sincera que vira na miña vida, doce e verdadeira. Os meus beizos rozaron os seus, sentín un pinchazo, seguía latexando con forza e biqueina. Ó borde do colapso, pareceu calmarse ó sentila súa man, acariñandome o pescozo, a súa voz nun eco, e o seu corpo tan preto do meu. O resto foi puro vicio, hai que decilo.

- Es patético - Santi adiviñando o que buscaba - da gusto ver que é certo eso de que a todo porco lle chega o seu San Martiño
- Si, fáltache decir que nunca mellor dito o de porco - eu
- É certo, esquencíase - Santi - ¿que buscas? - con malicia
- Son as notas de Berta - eu
- ¡Non jodas! eso xa o supoñía, ¿hai algo interesante? - Santi, con segundas
- Se entendera o que din saberíao, míraas ti mentres recollo esto - eu
- ¿Seica quería redecorar esto? - Santi
- Suponse que están ordenadas - eu
- ¡Ah!, pois como o criterio sexa o mesmo que o das notas de pouco nos vai servir ¿isto de aquí é un c o un t? - Santi
- ¡Que máis dal imos seguir con eso dos apelidos a ver a onde chegamos, poñemos a alguén detrás de Domínguez, de Sofia de Andrea, de Fran - eu
- Acabas antes se dis de cada un dos empregados - Santi
- Pode ser que algún sexa insignificante, e para que imos perde-lo tempo - eu
- Non creo que ninguén sexa insignificante, así que mellor imos a por todas - Santi
- por certo, o xefe está arriba, agardando a que lle expliquemo-la estratexia esta de

sub

solta-los culpables sen consultar con ninguén - mirando ós papeis - aquí pon Campos

- Non me vaciles - eu, serio - non me vaciles
- Que si, tío - Santi, non parecía de coña, xa me estaba emocionando - mira
- Vai rascala - eu, mentres remataba de recoller todo
- ¿Pois xa me dirás que pon daquela? - Santi, serio

Tanto insistiu que pensei que era certo e fun mirar.

- Non, non é Campos, debinme enganar - Santi - pon parvo
- Pérdete - eu, decepcionado
- É a segunda vez que mo dis hoxe, e non fai falta, porque perdido xa estou, gracias a ti - Santi - así que aínda que me desquite un pouco non pasa nada
- Vai sair ben - eu, pensando en alto
- ¿O que vai sair ben? se polo menos me dixera-las cousas non andaría por aí a velas vir. Có xefe falas ti, e asumes ti a responsabilidade, se non falo para unha cousa tampouco para outra - Santi
- Síntoo, sinto non cho consultar, ocorréuseme no momento e pareceume ben - eu
- Pois creme se che digo que a min non se me ocorrería na vida semellante cousa, e tamén me podes crer se che digo que non hai ninguén no mundo ó que se lle ocorra algo parecido - Santi
- Home, é que son único - sorrindo
- Si, un tonto único - Santi - ou o único tonto, como prefiras
- Quéroa - escapóuseme
- O que me faltaba, non me deas eses disgustos - Santi, finxindo sorpresa - ¿ti?¿namorado?veña, anda, veña; imos ve-lo xefe que a ese si que o queres, e el a ti non digamos - rindo - el si que che vai poñe-las mans no pescozo con moito cariño
- pasándome o brazo polo ombreiro

O xefe metiuse no despacho cando nos viu asomar, púxose en posición de ataque agardando a que as presas entrasen na xaula.

- Supéraste - o xefe - sube-lo listón do ridículo a niveis imposibles
- Non sei a que ven esto - eu
- Xefe - di - Santi cortándonos - o que fixemos foi seguir ca mesma estratexia do micro, daquela funcionou
- ¿Sacáchedes algo das escoitas? - o xefe esperanzado
- Aínda non - eu - é moi cedo
- Daquela a que ven decir que saíu ben - o xefe
- A que - Santi - temos un xogador máis no campo, move-la rapaza por aí fixo que algún se destapase, ponos nerviosos, ¿non si Campos? - a min si, que che vou decir
- ¿E? - o xefe
- E digo eu que algo pasará se xa non está aquí, fóra a xente fala con máis liberdade, sen precaucións - Santi
- Que eu saiba non hai ninguén vixiándoa - o xefe
- Pinchámoslle o teléfono - eu
- ¿Que? - Santi, que non puido disimular
- ¿Non lembras? cando a orde do micro pedín outra para o teléfono dela, por eso fun á súa casa
- Ai, si, xa me lembro - Santi, delatándose por completo
- ¿É certo? - o xefe, que non tragaba

sub

- Si - eu
- ¿E quen está con eso? - o xefe
- Ninguén, non me pareceu necesario empregalo ata hoxe, non vin a necesidade de involucra-la familia - eu
- Pois igual así saberíamos se a chamou Simón ou non – Santi, seguíndome a corrente
- Xa ¿cres que non o sei? – eu, afectado - por eso pensei en deixa-la ir, e ver que pasa
- Se é así - o xefe, que xa entraba polo aro - poñédeo a andar canto antes, e tédea ben vixiada. Se tedes que ir pola súa casa mellor que vaias ti - mirándome - xa foches antes e non convén que haxa demasiado movemento - estou namorado do meu xefe

Ben, aquilo ía collendo mellor cor. O obstáculo número un, salvado.

- ¿Quéresme explicar como imos facer para pincharlle o teléfono? mellor dito, ¿como imos pedir agora a orde, se se supón que xa a pediches onte?, o xefe non mira moito o que firma pero vaise escamar - Santi
- Non fai falta - eu
- ¿Que? ¿que é o que non fai falta? - Santi
- Non mentía - eu
- ¿Pinchácheslle o teléfono? ¿e por que?, non me digas que o tiñas todo previsto, porque non cho creo - Santi
- Pensei que igual nos era útil - eu
- ¿E por que non o puxeches en marcha? - Santi
- Porque - eu
- ¿E por que non nos dixeches nada? ¿que pretendías? ¿para que carallo o querías? - Santi
- Cousas miñas - eu
- Estás mal; pero que moi mal - Santi
- Pensei que era unha zorra e que igual nola xogaba; pero despois sentín remorsos, esquencino e non o activei - eu
- Menos mal que tes eses lapsus de confianza - Santi
- Si, menos mal - eu

Sáin ó corredor mentres ela estaba no baño, algo poderíamos sacar da casa, non lles dixen nada ós demais porque non me apetecía que me vacilasen, ía ser algo privado, tiña pensado controlalo eu, só eu. A idea excitábame; pero cando a vin tan derrotada pensei que espiala non era tan boa idea, sentínme mal, coma se a traizoase e esquencinme do tema. Veume á mente de súpeto, mentres me berraba o xefe, e non fun quen de calar, máis me valera. Non había que facer, despois de todo ese era o meu traballo e escoita-la súa voz tampouco ía estar mal.

Non escoitei nada, a factura de teléfono non debía ser moi grande; se o fixera na miña casa, precisaríamos a todo o departamento para dar feito, entre o que fala miña nai e o que falan as súas amigas... pediron unha pizza, o irmán quedou ca moza e nada máis. Eu deixei alí a Ramón, que seguise el un pouco, a ansia por escoita-la súa voz estábame matando; así que decidín saír antes da hora e toma-lo fresco. Santi deixoume ir sen moita historia, díxome que se había algo xa me chamaba. Agora era eu o que tiña a derrota escrita na cara. Debía ser máis fácil, ó fin tiñamos campo libre, ela estaba por aí solta e eu tamén. Santi non me contara en que quedara con Berta, para contarnos como lle ía e se averiguara algo,

sub

tampouco me importaba. Collín o coche e fun para casa. A medio camiño soa o teléfono, collino sen mirar pensando que sería Santi

- ¿Que pasa tío? - Xosé
- ¡Home! - eu
- Pareces sorprendido ¿agardabas a outra persoa? - Xosé
- Si, estou esperando que me chamen do traballo - eu
- Pensei que hoxe librabas, debín confundi-lo turno - Xosé
- Non, non, é que hai moito traballo - eu
- Tómao con calma, parecez agobiado - Xosé - só te chamaba para que baixaras tomar algo, veña home, animate
- ¿Onde estás? - eu
- Na Cervexería - Xosé
- Espera que xa vou - eu - virame ben distraerme - eu

Cando cheguei Xosé estaba falando cunha tía, quedei na barra mentres non vía en que plan estaban. Non me gustaba moito aquel sitio, sempre estaba a tope de xente, xente coñecida; en realidade, eso nunca me molestara ata daquela, veume saudar Isa, a que me faltaba. A tía esta andaba xogando a facerse a interesante, pensei que lle gustaba e un día entreille, e vai ela e fixo que non sabía de que ía o rolo; tomeino coma unha desas malas interpretacións que fago eu de certos comportamentos feminos e non lle dei máis importancia, non sendo que andiven con ollo. Despois comprobei que só viña falar connigo cando a andaba rondando algún peixe interesante, non me molestara nunca, ás veces teño que admitir que me aproveitaba bastante da situación; os dous sacábamos algo. Pero torce-la cara e dar con ela non me fixo ningunha gracia. Cō seu sorriso estudiado, toda-las súas poses de modelo e esa simpatía desbordante revolviame o estómago. Non escoitei nin palabra do que me dixo, estaba perdido na frase aquela de Berta e de súpeto souben o que quería decir, Andrea tiña razón, a todos nos pasara algunha vez. Eu nunca me decatara; pero había moita diferenza entre as miradas. Berta si que me vía cando me miraba, era eu. Na mirada de Isa non había nada, só insunacións valeiras, poses vanas, fachada. Mirei a Xosé e seguía ó seu, despedinme del cun aceno e marchei deixando a Isa cá palabra na boca. Decidín volver ó traballo.

- ¿Pero non marchabas? - Santi
- ¿Haberalle que poñer vixiancia, non? - eu
- Se queremos que ninguén se decate non, pensaba que ese era o plan. ¿Que pasa, a desconfianza medrou? - Santi
- Non - eu
- Daquela - Santi con intención - ¿xa a botas de menos?
- Vai á merda - eu
- Podes ir pola súa casa a ver que tal lle vai - Santi
- Xa ¿e eso non sería sospeitoso? - eu
- Os veciños pensan que é-lo mozo, aproveita - Santi
- Non xogues non xogues - eu
- Dígoo en serio - Santi
- Rapaces - Ramón - chamou Simón
- ¿Simón? - eu
- Si ¿non era o tipo ese do avogado? - Ramón
- Si - eu - ¿que dixo?
- Dixo que quería falar con ela - eu
- ¿E ela? - Santi

sub

- Díxolle que falase o que quixera; el díxolle que mellor quedaban para xantar mañán, que ían ir a non sei que restaurante que lles gustara moito - eu  
- ¿E nada máis? - Santi - ¿non dixeron hora nin sitio?  
- Si, quedaron; pero non vou lembrar todo de memoria, téño anotado, ademáis témo-la gravación por se o queredes escoitar - Ramón  
- Si eu vou escoita-lo todo con máis detalle - Santi - e ti - mirándome - mellor será que pases pola súa casa  
- Si, xa vou - eu  
- Campos - Vázquez - tes unha chamada, case lle digo que non estás, menos mal que me dou por mirar ¿ti non marcharas?  
- ¿Quén é? - eu  
- Non lle preguntei, non son a túa secretaria - Vázquez - está alí - sinalando ó teléfono  
- ¿Si? - eu con pouco ánimo  
- Ola - ¡Berta!! - Simón acaba de chamar  
- ¿Que quería?- eu, disimulando, cabrón  
- Falar - ela  
- ¿Falar de que? - eu, serio  
- Non sei, non mo quixo decir por teléfono - ela - terá medo de que estea pinchado  
- ¿non o saberá?  
- Ves moitas películas, Berta - eu, disimulando o que podía, debíase notar ó lonxe que mentía - ¿e daquela que?  
- O do pinchazo era broma - ela - quedamos mañán para comer no restaurante onde fixémo-la cea da miña despedida  
- Ben, moi ben - eu  
- Bueno, só era eso - tremáballe a voz e a min o corazón - chao

¡Joder! se non cerrellara no teléfono agora sabería o mesmo, porque a tipa é legal, eso que quede claro, e podería falar, decirlle, dá igual vou ir á súa casa.  
- Veña - eu, seguía có disimule; pero por distintos motivos - vémonos  
- ¿Non sería? - Santi - si que era, e tanto que era, cando queiras podes deixar de babear e poñe-los pés no chan  
- Vou á súa casa - eu, acelerado  
- ¿Para que?- Santi, fastidiando - xa chamou ela para informar, non vexo a necesidade - será cabronazo  
- Pero eu si que a vexo - eu - así que vou ir  
- ¡Era broma, home! xa escoitarei a chamada a ver que voz lle puxeches... a de guapo, a de chulo, a de amoroso... morro de ganas, vaite que contigo diante non nos fai tanto xeito rir - Santai  
- Pois disfrutádeo, que eu farei outro tanto - eu  
- O micro débéche-lo poñer no seu cuarto - Santi  
- ¡Non te pases! - eu  
- Mellor non te pases ti - Santi - e xa sabes a que me refiro  
- Que si home, que si - eu - pesado, xa me chegou o sermón de antes  
- Eso espero - Santi desconfiando - bo sinal  
- Si - eu  
- É legal, bo sinal - Santi ó lonxe

## Capítulo 14

- ¡Berta!, é unha amiga túa dixerlle que subise - miña nai
- ¿Que amiga? - eu pensando quen sería, non sei, igual era Sofia decindo que era a miña mellor amiga, tal como se estaba poñendo todo
- Cristina - miña nai
- ¿Cristina? ¿a de Cee? pero se está en Madrid - eu
- Eu non che sei, a min dixome que era Cris e non lle pedín máis explicacións, a rapaza non se vai poñer a conta-la súa vida no medio da rúa, deixa que suba polo menos - miña nai
- ¿Cris aquí? que raro - eu

Soou o timbre e abrín, quedei de pedra era "Cris", cáse me desmaio, vaia sorpresa. Era el, Deus non podía nin falar, tiña unhas ganas de...

- Ola - el, e eu sen anestesia, que voz tan doce, que mirada tan doce...
- Ola - eu - pasa
- ¿Sorpresa? - Campos
- Si, a verdade é que si - eu - miña nai dixome que era Cristina
- De momento aínda non, ou polo menos que eu saiba sigo sendo Cris, o de sempre - el

sub

Passou e pechou a porta, quedamos na entrada un mirando para o outro sen saber que facer.

- A ver Cristina seica non vas pasar a saudar - miña nai saíndo da sala
- ¿Mamá e ti non lle notache-la voz un pouco ronca? - eu
- Perdón - miña nai, cortada ó ver a Cris - ¿non terá que volver?
- Non - Cris - só pasaba a saudar
- Bueno, bueno - miña nai desconfiada, volviu para a sala
- ¿Baixamos e tomamos algo por aí? - el
- ¿Cres que será boa idea? - eu
- Si - el sen concesións
- Pois daquela imos - eu, abrindo a porta

El foi saíndo e eu dixenlles a meus pais que saía un momento. Pechei a porta e baixamos.

- Xa podíades poñer un ascensor - el
- Ningunha das casas de por aquí o ten, ademáis o exercicio é moi san - eu
- Claro, así se explica ese tipiño que tes - Campos, parecía que o decía en serio
- ¿A túa casa ten ascensor? - eu
- Si - Campos
- Claro, así se explica o tipazo que tes - eu

Parou e dou a volta cara min.

- ¿Que pasa có meu tipo? - Campos, picado
- O mesmo que có meu, que está moi ben - modesta eu

Agarroume pola cintura como tomándome as medidas, miroume de arriba a baixo.

- Pois si - el - si que está ben

E mirándome fixamente sentín que as súas mans ían costas a arriba, a modo, suavemente. Unha delas chegou ó pescozo e metiuse entre o cabelo. Apertoume contra el e bicámonos. Eu abraceino con toda-las miñas forzas. Apartouse para mirarme de novo, doume unha aperta e bicoume no pescozo, pareceume escoitar un "quérote"; pero supoño que foi o meu propio pensamento, de calquera xeito sentino cando me tiña entre os seus brazos. Baixamos sen decir máis nada.

- ¿A onde imos? - eu
- Mellor damos un paseo - el - así podemos falar máis tranquilos - esa era unha típica frase miña
- Daquela imos cara a Torre que hai menos barullo de xente - eu
- ¿Dache vergoña que te vexan conmigo? - el pasándome o brazo por enriba do ombro
- Non, ¿por que o dis? - eu, que non sabía a que viña eso
- Porque parece que si, que te sintes un pouco incómoda, ¿a que se che planto un morreo aquí mesmo, morres ca vergoña? - el, vacilando
- Proba - eu, desafiando
- ¿Estás segura? - el
- ¿Por que sempre que digo algo me preguntas se estou segura? - eu, mosqueada - claro que o estou

sub

- ¿Si?- el ríndo - vaia debe ser un acto reflexo, porque cho ía volver preguntar

E bícame.

- ¿Que? ¿que tal cómoda me ves? - dixen cando recuperei o alento  
- Moi cómoda, a verdade, de feito á miña lingua non lle importaría pasa-lo resto da vida na túa boca - el desvergoñado - moi comfortable si  
- Suponse que non deberíamos - eu  
- ¿Que non deberíamos que? - Campos, interrompéndome  
- Santi dixo que ti podías ter problemas - eu  
- Eso era antes - el, serio - agora témoste que ter vixiada sen esperta-las sospeitas de Simón nin de ninguén máis que poida estar implicado e enrollarnos é unha boa escusa ¿non cres?  
- Si, moi boa - decepcionada, era unha escusa, xa me parecía  
- Pero enténdeme ben - fixando a mirada - gústame o meu traballo e procuro facelo o mellor que podoo, esfórzome moito, e aínda que non cho pareza, traballo moi duro; pero non creas que faría calquera cousa para obter resultados - cada vez máis serio - que esta situación me sexa útil non quere decir que a provocase precisamente para eso ¿entendes?  
- Si - eu, por decir algo  
- Gústasme - colléndome polos brazos - ¿mellor así?  
- Si, moito mellor - cun sorriso  
- As cousas claras, ¿non? - el, sorrindo tamén  
- Si - eu  
- Pois ti tamén podías falar claro para variar - el  
- Ti tamén me gustas - eu toda natural, mirándoo ós ollos  
- Ben - e bicoume - moi ben - sorrindo

E seguimos andando, sen falar, disfrutando da felicidade que invadía o meu corazón, xa case o esquencera, é coma se de súpeto tivera todo o que se pode ter, todo o que quería ter.

- Mira aquí ven o teu can favorito - el, ¿como o sabía????  
- ¿Por que dis que é o meu can favorito? - eu  
- Non, por nada - coma se acabase de mete-lo zoco  
- Xa - eu  
- Vinte un día facéndolle gracias - el medio avergoñado  
- ¿Coñecíame de antes? - ¿que me dis rapaz? hoxe é o meu día, non hai dúbida  
- Andamos moito por aí, e - Campos, facendo unha pausa - ti tamén  
- Agora es ti o que se sente incómodo - eu, vacilando  
- Non, ¿por que o ía estar? - Campos, disimulando - o meu traballo é observar  
- A todo o mundo - eu  
- Claro, nunca se sabe - Campos  
- Xa - eu  
- Que non se che suba á cabeza, que tamén recoñecín ó can - di Campos esquivando  
- Eu non dixen nada - eu, mi madriña como estaba disfrutando  
- Pero pénsalo, que é peor - el  
- Pois daquela dime a verdade e así non imaxino cousas que non son - eu  
- ¡Joder! - parecía enfadado - está ben, un día tiveches unha reacción estraña ó cruzarte con nós e escamámonos; controlámoste a ver se eran imaxinacións nosas; e, en certo sentido - dixo con sorna - non o foron; pero nada que ver có que

sub

pensábamos. Outro día que estaba correndo por aquí vinte e case chocas có can ese, adicácheslle un sorriso que, a verdade, aínda non tiveron ocasión de volver ver - sentenciando

- É que ti non es un can - eu  
- Xa; pero sorrícheslle como se che salvara a vida - Campos  
- Igual si - eu  
- E claro como contei que te vira, os compañeiros e as compañeiras, que tamén son boas pezas, comezaron a putearme con que me gustabas e tal, e mira ti o que son as cousas... - Campos

Tiña a impresión de que a cousa non era exactamente así; pero non estaba mal a explicación.

- ¿Ese día... levabas unha camiseta de Silvestre? - unha imaxe que se me veu á mente  
- Si, ¿que pasa? ¿ti tamén te fixaches en min? - el, que subía á parra  
- Non sei, acábome de lembrar, pasaches correndo ó meu lado en plan - eu  
- Como volvas deci-lo de chulo de discoteca imos acabar mal - Campos  
- Ía decir en plan campión; pero non te recoñecín, nin me lembraba - eu  
- Muller tampouco me tes que facer tanto de menos - el  
- É que só me fixei en que tiñas moi boas pernas - era certo, que lle vou facer  
- E na camiseta - dí el, un pouco cortado  
- Si; pero de refilón - eu  
- ¿Estás falando en serio? - asustado  
- Si, se é-lo mesmo tes unhas pernas ben feitas de verdade - eu  
- Gracias - desconcertado  
- ¿Sabes? polo menos agora encaixan certas reaccións dos teus compañeiros, pensei que se rían de min - eu  
- Non - el - era de min máis ben  
- Síntoo - sentiame culpable, mira que rirse del pola miña culpa, tal como son os tíos  
- Non tes por que - colléndome da man - se non fose por eso habíanse rir por outra cousa, ademais - parou - ríanse porque sabían que me gustabas non polo comentario aquel do can - rompíume o corazón

Solteille a man e abraceino.

- ¿Mercache-lo vestido? - el  
- ¿Que vestido? - eu  
- O do escaparate que mirabas, alí xa non está - el  
- Non, era moi caro - eu  
- Si, eso me pareceu; pero gustábache, ¿non? - el  
- Era unha obra de arte - eu  
- Xa será menos, unha obra de arte son as miñas pernas, por certo a ver cando me ensina-las túas - el  
- Non creo que estean á altura - eu  
- Á altura seguro que non; pero o tamaño non importa ..... A todo esto - cambiando de tema sen máis - ¿Simón dixoche algo máis do que me contaches?  
- Creo que non - aínda seguíamos abrazados e custábame mirarlle a cara, estaba demasiado arriba

sub

- Bueno, mañán a ver que che conta, supoño que te terá vixiada, así que igual está un pouco mosca. Non deixes que se meta contigo - ¿en que sentido? - se non nos dá comba polas boas xa veremos-lo que facemos
- ¿Que dis? - eu - só quedamos para falar
- Non...bueno - indeciso, umm - aquilo da mamada, non cho decía en serio, nin se che ocorra...
- ¡Homes! - eu, ¿estaba celoso???, disimula - non se me ocorrería nin aínda que o dixeses en serio ¿pero de que vas?
- Nada, nada, só quería que quedase claro que non o decía en serio - el
- Aclarado, tranquilo - enfadada
- Estou algo celoso ¿sabes? - serio - e que ti non tes nin idea do que é que che guste alguén tan distinto ó que che gusta habitualmente
- Si, si que a teño - interrompendo
- ¿Tes?- el - si, supoño que eu non son precisamente un ideal - agobiado
- Si, si que o es - eu - para min si
- Pois ti metes medo, sempre tan segura, parece que se te tiveses que tirar dun edificio o farías sen dudar, e non quería que pensases que tiñas que tontear con Simón por obrigación, e se pode ser non o fagas por ningún motivo - el
- Anda, que - eu
- ¿Que? - el
- Que me tes pinta de se-lo típico que tontea con todas - eu
- Moito te queimas conmigo - el
- ¿Engánome? - eu
- Non; pero dun tempo a esta parte non son o mesmo, en ningún sentido - el
- Eu tampouco, e ademáis, os meus nervios son así, o da seguridade é unha fachada - eu
- O meu de chulo de discoteca tamén - meu rei...

Seguimos abrazados un anaco alí plantados, eu escoitaba o seu corazón de música de fondo, e a súa cara apoiada na miña cabeza e o seu respirar acompasado; soaba unha gaita desafinada, se chega a tocar ben aquilo sería de infarto.

Era moi tarde e o gaiteiro xa parara cos ensaios, había moi pouca xente e supoño que foi o resio o que nos fixo reaccionar. Comezamos a andar cara a casa, co seu brazo polo meu ombro e a miña man na súa cintura, sen falar, coma se o fixéramos toda a vida. Despedímonos no portal cun bico, e outro, bueno cuns cuantos. Repetíume que estivese tranquila e que non fixese nada que non quixese e que non me preocupase... e a cada cousa que decía sentía eses picadiñas no corazón, e dabánme ganas de achuchalo coma se fora un osiño de peluche, e de novo pareceume escoita-lo "quérote" aquel, ¿serían realmente imaxinacións miñas? eu tiña medo de decilo, era moi cedo para decilo, igual só era un capricho, non, non o era, imposible.

Aquela noite durmín de maravilla, nas nubes nada menos, era maravilloso aquela sensación de ter algo tan especial. O día amenzou nublado, xa non me lembraba de durmir na miña cama e eso que só pasara dúas noites fóra, ¡ai esa morriña!, pasei unha hora na bañeira e outra debaixo da ducha, non era que me estivese preparando para o xantar, non era unha cerimonia nin nada, era máis ben coma se pasara meses sen ducharme e apeteciame estar alí. Quedáramos ás dúas, tiña máis que tempo, na casa non había ninguén, claro que xa eran as once.

- Ola - Cris, ó teléfono - ¿estás preparada?

sub

- Si - eu, vaia saúde máis emotivo, deixoume un tanto fría - xa estou lista
- Ben - Campos, non o podía crer - xa falamos despois - os tíos son todos uns cabróns
- Moi ben - eu, nada, nada se hai que ser fríos somos e xa está, que cabreo - chao
- Ei, falamos despois, ¿vale? - el, cun ton un pouco máis persoal
- Si, xa falamos - eu seguía picada
- Veña - Cris, moi doce
- Chao - eu derretíndome pero facéndome a dura

Comportábase coma se o estivesen escoitando, igual estaban os compañeiros diante; ó fin el está traballando e tampouco se vai poñer có cariño que tal durmiches diante de todos; pero puido ir chamar a onde non houbese xente. Que raro, cando o chamei onte para decirlle o de Simón comportouse igual, non sei, ó mellor aquilo do micro non era tan de película como el me quería facer crer. Tiña tempo de sobra e a curiosidade puido conmigo, comecei a buscar algo que se parecese ó que levara ó despacho; pero non se vía nada fóra do seu sitio, o pó é o mellor anti-intrusos que hai, nótase todo, non había sinal de que moveran nada, si, todo tiña a súa marca de sempre. Un día destes teño que limpar, xa o farei mañán, se sigo aquí. Ben, pensemos, Cris dixérame que colocase o micro nun lugar próximo a onde supostamente se cocía o asunto, porque eran de moita precisión e na distancia só collían de todo, así que tiña que estar preto do teléfono. ¿Na habitación?, non alí nin se escoita o timbre, pois igual está dentro do teléfono. E abríno, coma se soubese o que estaba facendo, mira que se me daba por tirar dun cable e o escarallaba, mellor non tocar nada. Si alí estaba, era moi parecido ó que me deran; pero máis pequeno. ¡Que cabrón! el está facendo o seu traballo Berta, ¿puido confiar en min, non?. Decidín deixalo alí, porque se el non confiaba en min os seus motivos tería, eu si confiaba nel así que decidín facer coma se nada, igual eu que sei, estábame autoconvencendo de que era un tío legal, no fondo xa o sabía; pero aquilo sentoume coma un tiro, sobre todo porque o tivo que colocar cando veu conmigo, tanto conto e tanta historia e mira ti saíume matahari o tío. Claro que poideron se-los que viñeron rexistra-la casa; sen embargo estou segura de que o fixo el, polo menos púxoo no teléfono e non na habitación, como alí xa da por suposto que nunca pasa nada. Será cabrón. É o seu traballo Berta, non te enfades; xa non, se estou coladiña por el, aínda que sexa un cabronazo. Mira ti o Simón que listo me saíu.

Cando cheguei ó restaurante Simón xa estaba dentro, sentado e con todo o seu encanto preparado, resultábame repulsivo, ¿como se podía ser tan falso?. Moito me alegrei de que non seguise con Ánxela, ela merece un home de verdade, non este impresentable.

- Ola rainha - esa son eu - ¿que tal estás? - vindo cara min para darme dous bicos
- Ola - eu, superando a incomodidade con cinismo - moi ben

Sorprendeume que me dese dous bicos despois de saltarme ó morro na comisaría, homes, tampouco é que preferise esto último, nin moito menos.

- Que estás moi ben salta á vista - Simón e agora venme con estas - polo menos para algúns
- ¿Aí, si? - eu, toda chea - ¿non me digas que teño algún admirador, a parte de ti?
- Muller, admirar non sei se te admira; pero sobar, soboute un pouco, de máis para o meu gusto - este tío é un psicópata, eu acojonada

sub

- ¿Perdoa?- eu tranquila
- Onte vinvos, de casualidade - si, home, si - a ti e máis ó tipo aquel no paseo
- ¡Ah!!! - mira ti - refireste a Cris
- ¿Cris? – el, de coña - o nome non lle pega moito ¿ non?
- Pois a min gústame - que si
- Que che gusta xa se nota – el, con retranca - como sode-las mulleres, fasme crer que che importo - ¿que???? mátooo - e despois enróllaste có primeiro poli que se che pon diante
- Home, o primeiro primeiro, xa teño visto máis - eu

Pedimos.

- Non te fies del - mira quen vai falar - dame moi mala espiña, para min que anda buscando algo
- ¿O que? ¿sexo? - estou inspirada
- ¡Non! - Simón
- Home gracias ¿que pasa que só te podo excitar a ti? - anda que
- Joder, tía que non me refería a eso, lembra-los disquetes dos que che falei onte, pois creo que tamén os andan buscando eles - Simón
- E a min que, eu non teño nada que ver con eso - eu
- Xa, e eu teño que crelo - desconfiando - o que ese poli ande detrás túa confirma a miña teoría - para - que conste que só cho digo para que non te desilusiones cando pase de ti - Simón
- Vaia, que a min só me queredes polo interese - eu
- Eu non, xa o sabes - Simón, voulle espeta-lo coitelo, decidido
- Mira, ó mellor tes razón e el tamén anda ca paranoia esa que che dou a ti, será un andazo; pero conmigo non falou nada deso - eu
- Claro, o voso é a típica historia de muller ó borde dun ataque de nervios detida por unha saída de ton cun mercedes e o poli que se apiada da inocente vítima da sociedade, que romántico - Simón
- ¿A que si? – eu, seguíndolle o rolo - a verdade é que se parece bastante a eso; pero non se apiedou de min, ben que me tivo ali pechada
- ¿Pero, gústache de verdade? non me pegades nada - Simón
- Esquencéuseme o látigo, Simón - eu
- Sigues sendo a mesma, sempre alegre - Simón
- Pensaba que eso era o que che gustaba de min - eu
- Si, claro - que pouco convencemento, tiña certo parecido noxento có meu ex - pero como che pode gustar se é un gordo apestoso - mira ti anoréxico este
- E que a min gústame a carne, os flacos non me motivades - eu
- Nunca mo dixeras - Simón
- ¿Como que non? - eu
- Bueno igual si; pero sempre te imaxinei con alguén máis , como decilo, máis coma ti - Simón
- Mira Simón - xa me estaba mareando - non vou discuti-los meus gustos en homes contigo, gústame Cris e xa está; se me dá a gana de enrollarme con el enróllome e punto e ti non es quen de opinar; así que dime dunha vez o que queiras decirme e non me marees máis
- Tranquila, tranquila – Simón, de vítima - xa debes ir en serio, nunca te vira así
- Pois se non queres volverme ver así non te metas na miña vida - eu
- Vale, tía; perdoa, só estaba de coña ¿vale? – Simón, reconciliador - veña un sorriso - este tío é gilipollas

sub

- A ver - comprensiva - dime que che preocupa tanto que non mo querías decir por teléfono

- Esta si é a miña Berta - quen che dera - mira había dous disquetes na oficina que tiñan información moi valiosa e que desapareceron

-Volta con eso, xa che dixen - eu

- Non, xa sei que non os tes ti - interrompéndome - falei onte con Fran e dixome que o debера entender mal, que xa me dixera que non os tiñas; o caso é que desapareceron e para min é de vital importancia recuperalos, porque me daría un empuirón profesional

- Vaia morro lle botas - interrompendo - tío, traballa coma os demais

- Mira Berta - agarrándome do brazo - imos falar en serio, escóitame ben - acojonante - quero eses disquetes e se sabes onde están máis che vale que mo digas

- Eso soa a ameaza - eu

- Eu non estou xogando, teño un plan e non mo vas joder ti nin o fillo de puta ese que te tiras, e o conto ese do coche cóntaslo a outro, aínda non sei que carallo facías ti alí; pero xa estou traballando neso, non creas que tardarei moito - cunha mirada inquedante - os teus xoguiños vanse acabar

- Pero imos ver - ¡ai que paciencia hai que ter! - se xa sabes que eu non teño os disquetes ¿a que ven esto?

- ¿Se só lle rascache-lo coche a un gilipollas porque andas poñendo micros por aí ?

- Simón, quedei branca

- ¿Que ando facendo que? - eu, disimulando

- ¿A el tamén lle mintes? - Simón, apretando máis forte o brazo - seguro que si, sempre pensei que agachabas algo. Fran cre que non; pero el non te coñece

- ¿E ti si? - intentando que me soltase

- Si - Simón, acojonante de veras - es unha putiña moi lista

- ¡Xa está ben! - solteime e erguinme

- Non te metas conmigo - Simón, cortándome o paso - se che dá a gana ponlle cen micros a Domínguez; pero

- ¡Que te follen! - xa un pouco cargada - ¿pero que cres que tes de interesante para andar detrás de ti?, se non es máis ca un trepa de merda. ¿Sabes? o que me fastida é que pensaba que eras boa xente e que che gustaba Ánxela en serio

- Ánxela non ten nada que ver con esto - Simón

- Eso xa o supoño - eu

- Ti non tes nin idea de nada - Simón

- Xa, eso é o que trato de decirche - eu

- Non tes nin idea do alcance que ten esto, a ti paréceche un xogo - Simón

- Si, a min paréceme que só estás xogando - e marchei por fin

Sáin toda acelerada pensando en que o fixera moi ben; non sabía o que, porque non conseguira nada, se polo menos non o interrompese cando parecía que se ía sincerar, aínda que me contase mentiras algo máis sacaría. Fastidiáaraa, e porriba case non comera. ¡Que desastre! vaia espía de merda. Non quería nin pensar en ver a Campos, matariame. Agora xa non estaba tan segura de non querer fugarme. Sempre a tiña que joder. E o outro desgraciado seguíndome "por casualidade" cínico. Sería mellor chamalo canto antes.

- Boas tardes, ¿podería falar có axente Campos? - eu

- Un momento - unha voz coñecida

- Vale - eu

sub

- Mire - despois duns minutos - neste momento non está, ¿quere deixarlle algún recado?

- Non, xa volvo chamar despois - eu

- Como queira - a voz

- Adeus - eu

Puiden preguntar por Santi pero non sabía o seu apelido, e preguntar por "Santi" non me pareciu serio.

- Esta escena fáiseme familiar - Campos

- ¡Deus, que susto!!- eu

- Muller, tampouco son tan feo - Cris - ¿a quen chamabas?, se se pode saber, claro

- A ti - eu

- Pois case seguro que non estaba - Cris

- ¿Non me digas? - que guapo, e verás o sexi que se pon cando lle conte que a fastidiei, algo tiña que haber de bo en que se enfadase

- Si, si que che digo; ¿e que me querías? ¿contarme o habilidosa que es interrogando á xente? - estaba rindo, menos mal - ¿o monte de información que lle sacaches ó elemento ese?

- Vaites, tamén tiñas orellas no restaurante - eu

- ¿Tamén? - el

- Vin o do teléfono - eu

- ¿O que de que teléfono? - facéndose o tolo

- Humm - eu, rosmando

- ¿Seica che dou por facer limpeza? - el

- Pse - eu

- Igual fun cortante demáis esta mañán - el

- Pse - eu

- Doume vergoña, síntoo - dándome un bico

- Pero... ¡vannos ver! - eu

- Estamos disimulando, ¿lembras? - el

- ¿Esto non che dá vergoña, logo? - eu

- ¡Como es! - el

- É igual, ti mesmo, ó final trátase do teu traballo. Así que xa sabes que a fastidiei - eu

- E tanto, agora non só me vacilan porque me gustas, senón que tamén o fan porque che gusto, e por se non fose dabondo o micro do despacho de Domínguez non serve para nada, o do teu teléfono tampouco e seguramente que a cagaches nalgunha cousa máis que se me escapa, compréndeo son tantas - el

- ¡Bo! - eu

- Era broma; tampouco foi tan mal, polo menos para ti, digamos que te fas menos sospeitosa - el

- Eso parece alegrarche - eu

- ¿A ti que che parece? - Cris, serio, porque poñerá esa voz

- Que a min tamén - eu

- Vamos - el

- ¿A onde? - eu

- A seguir a Simón - el - ¿a onde senón?. Apura que aínda se nos vai escapar.

- Para que o imos seguir, ten que ir á oficina - eu

- Pois nos imos detrás del ata a oficina, que deso se trata o de seguir á xente - el

- A eso tamén chego ou soa; pero paréceme unha perda de tempo - eu

sub

- Eso tamén mo dixo alguén de confiar en ti, e sinceramente espero que se engane, e que ti tamén, así que andando - Cris serio, tranquilo sarxento

Fomos ó seu coche, bueno non sei se era o seu; pero era o mesmo da outra vez, non puiden evitar un certo excitamento o pensar na abatibilidade dos asentos, vaia cousas que se me ocorren nos peores momentos, centreime de seguido ó velo tan serio, en algo si tiña razón, ¡está tan sexi cando se pon serio!. Non te perdas, Berta. Simón aínda tardou en saír, nos estábamos sentados no coche sen falar, el puxo a radio.

- ¿Comeches algo? - Cris

- Si, algo si - eu

- ¿Seguro? - xa estamos

- Si - eu

- Pois moito tempo non che dou, puidiches pedir algo caro e que pagase el, que lle había joder máis ca que marchases - Cris

- De momento, eh, non teño que aguantar a ningún fillo de puta para poder comer, para comer aínda teño ¿sabes? - eu, cabreada, ca mirada perdida

Notaba que me estaba mirando fixamente, e esbozou un sorriso perverso que se convertiu nunha risiña odiosa, non sei de que se ría, nin que lle facía gracia, eso aínda me enfadou máis, nin que tivese tanta necesidade de comer marisco para ter que lle choscar un ollo a un imbécil

- Aí sae - Campos, devolveume á realidade - pon o cinto

Simón saíu, non levaba moi boa cara, e aínda que a levase a min pareceríame un monstro, o que son as cousas, agora resultábame máis interesante, xa deixara de se-lo muñequiño guapo da oficina mágoa que se pasase ó lado escuro. E meteuse no seu coche fantástico de prepotente, cada vez caíame peor. Agora que o penso o coche de Cris non é nada pretencioso, seguro que non é del. Este é dos que adoran ó seu coche.

- ¿Por que me miras así? - el

- Por nada - humm

- Pois estasme asesinando, por se non te decatás - Cris

- ¿Que? - eu

- Que tes unha mirada despiadada, pagaría por saber en que estás pensando - Cris

- ¿Este coche é teu? - eu, ó gran

- Si - Cris

- ¿Traballas có teu coche? ¿e se lle pasa algo? - eu

- Páganmo - Cris

- Ah - eu

- ¿Que pasa có coche? - el, divertido - ¿non che gusta?

- Si, está ben - eu

- Moi espacioso - di con segundas - ¿non cres?

- Si - eu

- ¿E daquela? - Cris

- Non era o coche - eu

- Ai si, o coche de chulo, verás - di rindo de min - aí había un calendario do play boy, aquí - sinalando ó espello - levaba un rosario, e as fundas de leopardo están na tinturería, é que esta semana tocoume limpeza, xa sabes como por aquí pasa

"moita xente", de vez en cando haino que limpar; pero non te preocupes, teño un montón de fotos de tias en bolas aí na guanteira

- ¿A ver? - eu, seguíndolle o rolo - pero se aquí non hai nada

- Vaia, quedáronme os do lavado con elas, non me estraña estaban cachondísimas, terei que pasar por alí a poñerllas cousas claras, roubarlle as fotos porno a un macho coma min - este tío é a hostia - ¿por que ris?, ¿non me cres? pois si que vou ir. Imos aparcas por aquí, ¿Simón aparca no subterráneo, non?

- Supoño - eu, vaia cousas que me pregunta - aquí hai ora

- ¿E? - Cris

- ¿Ti non pagas? - eu

- Non, eu bótolle moita cara - Cris

- Xa - moito me vacila este mamón - ¿e?

- ¿E que? - Cris

- E se Simón ten alguén seguíndonos e lle din que o seguimos, sería unha situación un pouco ridícula - eu

- Non hai ninguén seguíndonos - Cris

- ¿Seguro? - miroume como experimentando por primeira vez o que fastidiaba a preguntíña

- Si - Cris

- Pois onte seguíunos - eu

- Seguíu, e moi mal por certo, estaba aparcado na túa casa e veu andando detrás de nos un anaco, ¿non o viches? - Cris

- Non - eu, este xa o vira, e daquela

- Moito vexo hoxe esa miradíña túa de noxo, ¿pódese saber que che pasa? - Cris

- Nada - eu, será ...¿estaría montando o numerío ou todo o que me dixos sería en serio?... humm

- ¿Esa é da oficina? - Cris

- Si, é Sofia - eu

- Non me estraña nada - Cris

- ¿O que? - eu

- Que consiga todo o que queira, está moi ben; pero que moi ben - di cunha voz de salido que ata me dou pena non ter un tenedor a man, porque verías ti onde llo ía espetar, mira que gustarlle Sofia - ¿non cres?, non me dixeras que estaba tan boa - mátoo

- Perdoa, é que pensei que era máis importante para o caso as súas maniobras que o seu físico - eu

- ¿E esa? - interrompéndome - aínda está máis boa ca outra - este comiu algo en mal estado

- Esa é Ánxela - eu, polo menos esta era legal, soportaría que lle gustase

- Humm - dixos poñéndome a man na rodilla, e mirándome con aqueles ollos de salido - notáseche moito

- ¿Que?¿que se me nota tanto? - eu, mentres a súa man se andaba pola miña perna

- Quen che cae mal e quen che cae ben - Cris, anda que a ti non - tiñas que ve-la cara que me puxeches cando dixen que Sofia estaba boa, ata me pareceu ver como che medraban os colmillos - que simpático

- ¡Mira! - dixen, finxindo alegría cun sorriso cristalino - aí vai Fran

- ¡Joder! - cravándome os dedos na perna, agora era el o que me miraba mal

- A ti tamén se che nota moito - eu victoriosa, sofre, por fastidiar - e que saibas que non me fai falla una liposupción

- ¿Eh? - Cris

- ¡Que me estás cravando as unllas na perna! - dixen alterada

sub

- Perdoa - Cris, arrepenido, cun riso nervioso - ¿fíxenche dano?, síntoo, non me decatara. Es unha bruxa - cun sorriso de derrota encantador  
- Non me provoques e portareime ben - eu, el quedóuseme mirando coma cando nos vimos por primeira vez, subiame as cores - aí vai Simón - el que me seguía mirando - que aí vai Simón  
- ¿Eh? - resucitando - si Simón, ¿dixeches Simón?  
- Si, dixen Simón, se chego a saber que a visión de Sofía te altera tanto enséñoche algunha foto antes - eu  
- Xa a vira, e ás outras tamén - serio de novo - non son elas as que me alteran - ¿por que mira para min...?  
- Claro, xa o vexo - eu, saíndo pola tanxente - vinte moi moi no teu sitio  
- Non me gusta que non confíes en min - serio - non me gustou como me miraches antes, non confías en min e creo que non o merezo, estou poñendo o pescozo por ti  
- Estou facendo todo o que me decides, non me veñas con que non confío en ti - eu  
- Non me refería a eso - el, torcendo a cara

¿Tanto se me notará cando penso mal del?

- ¿Imos quedar aquí toda a tarde? - eu  
- ¿Tes moito que facer? - el, estaba enfadado  
- Resúltame difícil confiar na xente - falando soa - sempre pensei que era o suficientemente insignificante para que ninguén me quixera polo interese; pero supoño que nunca se é insignificante dabondo. O que me molesta é que me veñan facendo a rosca  
- ¿Canto mides? - el, ¿canto mido? ¿canto mido???? eu abríndolle o meu corazón e este desgraciado pregúntame canto mido  
- 1,58 - eu, el mírame de arriba a baixo indiferente  
- ¿E pesas? - el, aínda me vai pedir unha análise de sangue  
- De 50 a 52 quilos - xa me estaba enchendo - e calquera parecido có 90-60-90 é pura coincidencia - el ri  
- Eu mido 1,88 e do que peso xa hai que perdín a conta - el  
- E de 90-60-90 nada - eu  
- Non miña filla - di el - nin có wonder ese...  
- Que lle vas facer - eu  
- Vou facer que me mires moito - el  
- ¿Por que?, ¿a ver se te gasto e aforra-la dieta? - eu  
- Non, porque me miras coma se fose un tío tremendo - el, hai que joderse - si, non poñas esa cara que non estou decindo que babeas por min, senón que me fas sentir especial cando me miras - sempre acaba decindo algo así, mátame o corazón - e espero que eu a ti tamén, porque eso é o que penso de ti - ala xa está, morto, en anacos polo chan

Eu alí derretida, incapaz de falar, contendo as bágoas de emoción.

- ¿Si? - Campos ó móbil - vale, xa imos  
- ¿A onde imos? - eu  
- A un hotel - el, ¿eh??? - si, a darlle renda solta ós nosos sentimentos - ¿estareme vacilando? que serio o di - ¿a onde imos ir? traballar - vaia por Deus - temos un despacho alquilado naquel edificio, o do lado do tío que se enrollaba ca Sofía, ¿lembras?; tomámolo prestado uns días  
- ¡Ah!, non é mala idea - eu  
- ¿Decepcionada? - Cris

sub

- Non, ¿por que? - eu, disimulando  
- Por nada - Cris, e foi colle-lo recibo da ora  
- Pensei que ti non pagabas, estaría ben que cho levase a grúa - eu  
- Estaría de máis, es medio meiga como cando volva non estea vas ir ti por el - Cris  
- Ti conta con eso, ponlle o tempo que precisas e non protestes - eu  
Cruzamos e entramos no edificio, estaba de medo, era moito máis bonito que o da nosa oficina, de máis poderío. No ascensor, situación ben propicia para recupera-la falta do hotel, vai e sóanme as tripas, o de querer desaparecer quedábaseme curto.

- ¿Así que comeras? - el - xa vexo xa - rindo - mellor dito, xa escoito. Agora entendo a túa decepción por non ir a un hotel, e eu que pensaba  
- Non me vaciles - eu  
- Pois non creo que teñan nada de comer arriba; e se o teñen, mellor non o comas, non vaia ser que te intoxicquen, xa sabes como sono-los tíos, uns porcalláns - Cris  
- Tranquilo que ben aguanto - eu  
- Menos mal - el, partíndose - que non che puxemos un micro para falar con Simón...mira que se che sae un alien  
- Vas levar - sería  
- Pasa - Cris, entrando no despacho - procura toca-las menos cousas posibles, esquencéuseme traerche uns guantes, de todo-los xeitos despois van vir os da limpeza  
- ¿Non podemos estar aquí? - eu  
- ¡Non estamos aquí! - en voz baixa - creo que xa os coñeces a todos  
- Xusto a tempo - Santi - Simón estalle contando a Sofía a conversa que tivo contigo, estalle botando un pouco de imaxinación  
- ¿Que dí? - eu  
- Tranquila - Santi mirando para Cris - nada interesante. Séntate por aí e cóntanos todo o que non resulte normal, o que cambiou des que marchaches, actitudes, mobles, xente, o que se che ocorra

Fun xunta Andrea, a verdade é que as vistas que tiña eran alucinantes, víase todo menos o meu e os servicios, menos mal, xa me daba algo. Todo o mundo estaba con algo, era coma un minicentro de operacións.

- Toma - dixome Andrea, pasándome un paquete de Donuts - non comeches moito hoxe  
- Gracias - eu, sorprendida  
- Dallas aí a Oso - sinalándo ó compañeiro - que é un pai as vintacatro horas do día  
- Gracias - eu  
- De nada; pero que conste que eu falei dun bocadillo - Oso  
- ¿Ves algo? - Andrea  
- Non, de momento está ben, eses son Simón e Sofía. Domínguez non está no despacho; pero eso tampouco é raro. Fran e Ánxela có café, Tino na mesa ó seu, todo igual. Ese que entra é o fillo de Domínguez.  
- Si, agora está no despacho do pai - Andrea  
- Non o envidio nadaña - eu  
- Pon os cascos - dime Santi desde atrás

Collinos e ó escoita-las voces familiares dos meus antigos compañeiros esquencinme de todo e volvíñ os vellos tempos, coma se estivese alí con eles, non era morriña era un debiu saír ben. O son principal viña do despacho de Sofía,

sub

escoitábase de fondo a Fran de cotilleo con Ánxela, estaban poñendo a parir a Junior polo de sempre. Tino non falaba, estaba concentrado no seu; Xan entrou no despacho para falar con Junior sobre non sei que campaña e parecían levarse ben. Despois cada un foise sentando, chegou a supersecretaria e levoulle os recados a Junior, non o podía crer eran todos do tipo "chamou fulanita para quedar para cear", "menganita di que hoxe non pode ir ó cine". Ó saír do despacho de Junior, Xan foi falar con Ánxela, non se escoitaba moi ben, algo de que temos un pouco máis de non sei que. Sofia comezou a falar con Simón dun traxe, ensináballe fotos, e fixo un chiste sobre min, algo de que estaría morrendo de envexa e Simón riu.

- ¿De que imaxinación falabas? - mirando a Santi
- Nada importante - Santi, si, home, si
- Dimo - eu, ameazante
- Cóntallo - Cris - así tamén me entero eu
- Andrea - dille Santi - faime o favor e agárra para que non rompa nada, que as figuriñas estas valen unha pasta, ou mellor cóntallo ti que hai certas cousas que as contas ti mellor
- Non vales para nada - di Andrea rindo - tranquila, nada importante, xa sabes como son os tíos, díxolle á tipa que o chamaras ti, e que andas pouco menos que lambendo o chan que pisa
- ¿Queeee? - comezou a inchárase a vea - supoñíase que Sofia e máis el tiñan un plan para sacarme os famosos disquetes ¿por que tería que inventar esa estupidez?
- Porque ó mellor pasa demasiado tempo detrás de ti e a outra célase - Santi
- Non creo - eu - Sofia non se cela de min nin que faga a ciruxía e me volva guapa
- Pois algunha razón terá - Cris - non quererá repartir
- Oxalá - eu - siguelle o rolo para conseguir información; pero non van a medias, estaría ben
- ¿Disfrutas? - Cris
- Xa che digo - eu
- Vaia sorriso máis perverso - Andrea
- Así que eu acoso ó cretino ese - eu - pois mira si, para que negalo. Xa temo-la escusa perfecta
- ¿Perfecta para que? - Campos intrigado
- Para que nos conte todo o que sabe, vouno chamar e quedar con el e voulle decir que se non me di todo o que queira saber cóntolle a Sofia que lle mentiu, que a utilizou - eu
- Non soa moi ameazante - Cris
- Igual esquences que Sofia se deita con Domínguez, e que - eu
- ¿Pero non decías que non se celaba de ti? - Andrea
- De min non; pero se lle digo que a Simón aínda lle gusta Ánxela arríncale o corazón - eu
- ¿E se non é certo? - Oso
- Na comida - eu - terédelo gravado, ¿non si? díxome un "Ánxela non ten que ver con esto" moi sentido; aínda lle gusta, que volo digo eu
- ¿Ti que pensas? - Santi a Campos - merece a pena intentalo
- Ben - Cris - chámao desde a túa casa
- Si, si - Santi - para que vexa un número coñecido
- Déixao Santi, xa sabe o do micro - Campos
- ¿Dixéchesllo? - Santi
- Non, doume por mirar dentro do auricular - eu
- ¿Así sen máis? - Andrea
- Sospeitei - eu

sub

- Claro – Santi, cachondeándose de Cris - aquí o fenómeno tanto quixo disimular...
- ¿Non o escarallarias? - Cris
- Nin o toquei - eu - pero se tal, chamo desde outro sitio
- Facemos unha chamada de proba - Oso que nos facía caso para a miña sorpresa
- e xa está

O teléfono estaba perfecto

- ¿Non te picarás coma no restaurante? - Cris
- E que máis dá, agora quen vai ter que arar por onde lle mandamos vai ser el - eu maquinadora
- Metes medo con esa frialdade - Andrea
- ¡Escoitade esto! - Oso
- *Así que Bertña dixo que non sabía nada - Fran - os discos non os ten ela, xa cho dixen*
- *¿Daquela quen os ten? - Simón - porque ti dis que non os tes, e Sofía se os tivera xa non estaría aquí*
- *Igual tes razón e tenos ela – Fran - de calquera xeito non nolos vai dar por moito que lle insistamos, xa sabes como é, e agora que se enrollou có fulano ese non hai nada que facer*
- *Aínda o podes intentar ti - Simón - ó final a ti si que che gusta, non mentirías*
- *Paso - Fran - se mos quixese dar, xa o tería feito; ademais como me solte o tigre, tiñas que ver como me mirou, o tío marcaba o territorio*
- *Crese moita cousa o fillo puta ese - Simón - ¿pensas que están enrollados de verdade?*
- *Se é certo que os viches, si - Fran*
- *¿E que faría Berta na comisaría? - Simón*
- *Se non foses alí a fastidia-lo todo - Fran - habíamos contar todo, confiaba en min; pero agora andaré ca mosca detrás da orella e se lle saco o tema, armámola*
- *Vamos - Simón - de ti non desconfía nin de coña*
- *Non sei - Fran - ela igual non; pero o colega non me traga*
- *Pois bota man deso de hai tempo que non falamos, que tal che vai có teu mozo - Simón*
- *Ti non a coñeces coma min, se lle saco eu o tema veme vir, e ela non o vai sacar - Fran - jodéchela o ir alí, xa che dixen que non era boa idea*
- *¿E que querías que fixese? - Simón - preciso os disquetes*
- *E quen non - Fran*
- *¿E o micro de Domínguez? - Simón*
- *Que sospeiten del vennos de perlas - Fran*
- *Fran - Sofía entrando - vaite ó teu despacho que aquí temos moito que facer"*

Cando saquei os cascos non quixen mirar a Campos, non quería ver un "xa cho dixen" na súa cara.

- Veña – Cris, poñéndome a man no ombro - vai facer esa chamada
- Toma – Santi, lanzándolle algo a Cris - que o leve
- Váiselle notar – Cris, mirándome
- Pois que poña algo menos axustado - Santi - que xa está ben de andar por aí provocando - de coña
- É un micro - Cris, sen moito entusiasmo - tes que poñe-lo
- Si – Andrea, rindo - dille onde, ou mellor que llo coloques ti para asegurarnos de que está ben

sub

- Deixade tranquilo ó rapaz - Oso - tes que poñelo no empece das costelas - sinalándome ca man por debaixo do peito - para evita-los ruidos do corazón e os estomacais
- Xa sabes – Cris, vacilando - come algo antes
- Tío, eres un augafestas - Santi a Oso - eu quería ver como llo poñía
- E eu - Andrea
- Vas ter que poñer algo máis frouxo - Cris - se non váiseche notar
- Non hai problema - eu, coma se fose un delito levar camisetas axustadas - teño máis roupa ca esta camiseta
- Só lle tes que dar a este botón - Cris, ensinándome o trebello - probarémolo antes de que saias da casa e chamámoste para confirmalo. Pégao ben, non sea que che caia
- O espaladrupo é o mellor - Andrea - de todo-los xeitos tampouco pesa tanto
- ¿Que lle vas decir? - Cris - ¿ non se che ocorrerá decirlle que os estamos vixiando? ¿que o vas chamar á oficina?
- Si, é o único teléfono que teño del, ademáis se me collese Sofia sería xenial - eu
- Podemos agardar a que estea ela soa no despacho para chamar - Andrea
- Boa idea - Cris - ¿e?
- E direille que ó medio día estaba moi nerviosa, que o sinto e que estou moi tensa ultimamente - eu, escusa tipo futbolista - calquera cousa polo estilo, e quedarei para tomar algo e retoma-la conversa, porque é unha mágoa tirar ó lixo unha amizade...
- Vaia rollo que se marca a tía - Santi a Andrea
- ¿E? - Cris
- E unha vez quedemos direille que me conte o dos discos, e se non quere sacarei sutilmente o tema Ánxela versus Sofia - eu
- ¿Como de sutilmente? - Cris
- Un ¿que tal o leva Sofia?, por exemplo - eu
- ¿Que tal leva o que? dirá el – Andrea, seguíndome o xogo
- O de que aínda che guste Ánxela, direi eu - eu
- ¿E?
- E se teño razón, entenderá o que quero decir, e se non dará igual o que lle diga - eu - é decir cero, de novo
- Bueno – Cris, sen confianza - como non hai nada mellor, imos intentalo
- Veña, home - Santi - tranquilo, que se non funciona soltámoslle o tigre e todo resolto
- É certo - Oso, por primeira vez de coña - telos á túa mercede
- Vaite - dime Cris - antes de que te contaxien a ti tamén, ves o que fixeron con Oso, todo un señor serio e formal.

Chámanos en canto teña-lo micro listo e facemos unha proba, despois nos decímosche cando tes que chamar e que sexa o que Deus queira.

- Bueno - eu - chao a todos, a ver que sae desto
- Chao - todos - sorte
- Lembra, tes que poñelo aquí - poñendo a súa man nas miñas costelas - se ocorre algún imprevisto, o que sexa chámame ó móvil, toma o número, non o perdas - parecía que me daba consellos para a batalla - e sorte
- Gracias - eu - vai sair ben
- Seguro que si - el, agora con máis confianza - non te preocupes
- Ei, menos confianzas ca sospeitosa – Santi, a berros - xa te ías ¿non Berta?
- Si, xa marcho - eu

sub

Cris abriume a porta e saiu detrás de min, parou e díxome que non podía vir, que tiña que seguir a Simón e que Santi se encargaría de Fran así que tería que ir soa, como sentíndose culpable por deixarme soa ante o perigo.

- ¿Non te perderás, non? - Cris
- Creo que non, chao - digo marchando
- Como que chao, ven aquí - serio - ven
- ¡Que! - pensando en que por fin me diría algo de Fran
- Sorte - e dame un bico
- Gracias - eu - pensei que me ías falar de Fran
- Para que, habendo cousas mellores das que falar – el, sensible - se é tonto que se joda - quéroo, moito
- Gracias - sen poder decir moito máis pola emoción, tiña as bágoas a punto - eu...
- Tí ¿que? - serio, moi serio mirándome fixamente

Eu quérote tiña que decir; pero non me saiu, demasiado covarde supoño. Non podía máis que miralo, esperando que me abrazase ou que dixese algo.

- Vaia, e eu que traía os rombos - Santi, rindo - ¿que lle fixeches agora? ten a mesma cara có día que a levaches á casa
- Só me estaba despedindo - Cris
- ¡Coño, que tampouco vai á guerra! - Santi - alegre esa cara, que os imos poñer a andar a todos
- Si - eu - bueno mellor marchó
- Ben – Cris, serio - chama en canto o teñas

Entrei no ascensor, a Santi xa lle valía, andaba de carabina seguido; era igual, non me ía atrever a decírllo. Cústabame pensar nel tendo sentimentos, non era só por aquilo de chulo, senón porque era tan grande, a min dábame por pensar que non lle facía falta, eu que sei, coma se eu fose demasiado pouco para el, se non lle chegase a ración, nunca me daría por pensar que se poidese fixar en min. Pero si. E mirou con cara de malo a Fran "marcando territorio" eso encantoume; un pouco machista, moi machista; pero a idea de que tratase de manter a Fran a distancia afagábame moito.

Apurei o paso de volta, e nun cuarto de hora xa estaba na casa, non había ninguén así que collín algo de comer e fun para a habitación, puxen un chándal, ¿onde quedaría con Simón?, que máis daba, que elixise el. Comín dabondo, vaia corte cas miñas tripas. Puxen o micro, esperaba que ó quita-lo espaladrapo non se notase a marca da depilación, nin que os peliños medrasen máis da conta despois, ás veces dame por pensar en cada tontería; en realidade, con que non me caese o chisme en plena faena xa me contentaba, que pensamento tan masculino...desvariaba. Non caías por Deus. Deille ó botonciño e aló fun.

- Ola - eu - xa está
- Bueno imos ver que tal funciona - Cris - colga e fala, pon música, calquera cousa; pero a volume normal
- Vale - eu

E así foi, puxen un cd no ordenador e comecei a dar voltas pola casa. Acendín a tele, e fun a cociña poñe-la radio, andiven cas portas armarios e tal.

sub

- Berta – Cris, ó teléfono - tes que falar
- Pensei que chegaba có ruído ambiente - eu - ¿non se escoita ben?
- Escóitase perfectamente – Cris, vacilón - pero eu non son nada se non escoito a túa voz, así que fálame, por favor
- ¿E que digo? – eu, o ridículo subíaseme
- Cántalles aquí ós meus colegas o bonitas que son as miñas pernas - Cris que seguía
- Si, home, si - eu - ¿por certo non se me escoita agora?
- Si, moi ben ademáis - Cris
- ¿Pois, xa está non?- eu
- ¡Colga e fala! – Campos, o sarxento - que non che imos cobrar
- Vale – eu, con vergoña para parar un tren
- Estamos esperando - Campos
- O día que lle vin as pernas a Campos – eu, evocadora - ¡que día aquell!, lémbroo coma se fose hoxe, o máis emocionante da miña vida. Aquel día marcou un antes e un despois, nunca tal vira
- Vai parando – Cris, que me chama - xa chega. Está perfecto
- Agrora que lle collera o gusto - eu
- Xa - Cris
- ¿Picaste? - eu
- Non - el - ¿por que? Comprendo perfectamente que ese momento se che quedara grabado, pásalle a todas
- As que non morren de gusto, claro - eu
- Claro - el - espera - cambiando o ton - colga e chama agora á oficina, está Sofía soa
- Vale - eu

Colguei e marquei o número da oficina, automáticamente, se o pensaba non me lembraba. Collíume a secretaria perfecta, e cando me preguntou con quen desexaba falar quedei paralizada, se preguntaba por Simón e a cretina esta mo localizaba sen pasar por Sofía á merda có plan, e se preguntaba por Sofía e llo decían, Simón iase escamar. Pensándoo ben, a tipa esta non se molesta casi nin en colle-lo teléfono, así que supoñendo que pregunto por Simón hai manda-la chamada ó seu despacho, e alí que se busquen a vida, despois de todo non é o seu traballo. E así foi, preguntei por Simón, e nin sequera dixo o de parte de quen, nin un momento por favor nin nada, a espera e despois a voz de Sofía.

- ¿Si? - Sofía, có seu toniño de eu son perfecta
- ¿Está Simón? - eu seria
- ¿Berta? - Sofía - ¿que tal? - a encantadora - ¿como che vai a vida?
- Moi ben, gracias - se ti souberas - ¿e a ti?
- Non me podos queixar - ela sobrada - ¿así que queres falar con Simón?
- Pois si, ¿está por aí? - eu
- Agora mesmo non ¿pero se queres deixarlle un recado? - Sofía
- ¿Non está na oficina?- eu, en plan de vai vacilar a outra
- Na oficina si, pensei que te referías ó despacho ¿queres que o avise? - ela
- Si - eu sen concesións
- ¡Aí mira! aquí chega - ela - Simón é Berta, que quere falar contigo - con retranca
- Ola - entre serio e sorprendido - ¿que pasa?
- Nada, que creo que me alterei de máis ó mediodía - eu "arrepentida"- e quería que quedásemos para falar tranquilamente, é que me sinto mal

sub

- Non é para menos – Simón, perdoavidas - alégrome de escoitalo, pensei que che lavarán o cerebro
- É que últimamente estou alterada, xa sabes o paro e entre que me detiveron e todo o rolo ese dos disquetes
- Tranquila muller - Simón - enténdoo perfectamente, eu tamén son moi insistente e non tiven en conta
- ¿Podes quedar hoxe? - eu, interrompéndoo
- Si, ¿a que hora? - Simón
- A que queiras, eu non teño nada que facer - eu
- Pois quedamos ás nove, ¿paréceche? - Simón
- Si, perfecto - eu
- Podemos quedar no Contertulia, ¿sabes cal é? - Simón
- Si, si - eu - quedamos alí ás nove daquela
- E deixa a tensión na casa - Simón
- Vale - eu, sorrindo falsamente
- E a ese mozo teu tamén, se pode ser - Simón, despectivo
- Xa, eu pretendía falar contigo a soas ¿vai ir máis xente? - eu
- ¡Non ! - Simón esaxerando - só no-los dous prométocho
- Chao - eu
- Adeus - Simón

Esperaba que me chamase Cris, non sei para decirme calquera cousa; pero non. Nin unha soa chamada, pois boa falta que me facía. Tireime na cama, por durmir un anaco. Pero fastidiábame que non me chamase, non creo que Simón saíra da oficina e había alí catro persoas para controlar, e unha chamadiña de sorte tampouco levaba tanto tempo. Comezaba a pensar que me inventara un Cris á miña medida e que ó final non era máis que un cabronazo coma outro calquera, que moito ía presumir de que ligara cunha sospeitosa, de que me tiña no bote. O de sempre. Pasábame por fantasear, non conseguiría atopar a un home que me gustase porque nunca era capaz de velos como realmente eran, sempre imaxinando príncipes azuis que fan a mínima cousa por compracerme. E despois de todo eu tampouco era tanta cousa, unha petarda medio tola.

- Si, eso é o que son, unha tola descerebrada - dixen en voz alta sen decatarme - como te vai querer ninguén Berta

E doume por chorar, chorei coma se me estivesen arrancando un brazo. Dábame ás veces, cando me sentía soa ou sentía que fixera algo mal, ou... despois quedaba coma nova; pero tiña que pasar por aquel DRAMA.

- ¿Estás ben? - Cris ó teléfono, preocupado
- Si - intentando que non se me notase que estaba chorando e sorprendida pola pregunta
- ¿Que pasou? ¿por que choras? - el
- ¿Que? - ¡hostia! o micro, esquencéraseme, que desastre
- ¿Estás ben? - el, de novo
- Si, si perfectamente – eu, que espabilei e de que maneira, o micro Berta - non pasa nada
- ¿Seguro? - Cris, era raro tamén

Calei

sub

- Volvino facer - el rindo - se non queres non vaias, xa cho dixen, xa atoparemos outro xeito
- Non, estou ben, non ten nada que ver con Simón - eu cansa da insitencia
- ¿Daquela? - Cris
- ¿Daquela que? - eu
- ¿Con que ten que ver? - el - estás triste e quero saber porque, vasmó decir
- Non é nada, xa está, xa me pasou - eu
- Non me gusta que chores - Cris, hai que fastidiarse có mamón este
- ¡Pois se non che gusta jodeste! - e colgueille

Mira que me pareciu mal, coma se con decir que non lle gustaba eu fose a poñerme contenta, pois non, estaba triste e moito, e pola túa culpa, mamón. Tiña traballo claro, que distante estaba hoxe, non me gustou nada, nin alí fóra nas escaleiras.

Tratei de controlarme e pensar racionalmente, pensar no que me dixera Santi; pero sempre se me ía a mente cara a noite anterior no paseo, porque cando el quere dá igual o traballo e cando a min me fai falta hai que mante-las distancias. Tamén pensaba, por pensar mal, máis que nada, que aquilo non tiña que ver có distanciamento profesional. Igual lle gustaba Sofía, ¿e como non?, case se lle saen os ollos ó vela, ou Ánxela; a todos lles gustaban, el non ía ser menos. Estaba diante do espello tratando de pensar en cousas máis alegres, pensando do micro e en que me estaban escoitando. Tratando de non volver chorar. Pero resultábame bastante difícil, sentíame tonta, como diaño se ía fixar en min, por moito que me metese ca súa pinta seguro que ligaba o que quería. E eu... mirate Berta. Deixando de lado o físico, o do meu cerebro si que non tiña remedio, e por fin doume a risa.

## Capítulo 15

Cando chegou á cafetería levaba mellor cara, non era que soubese que cara tiña antes, simplemente parecía máis animada. Deille voltas á súa reacción. ¿Por que estaría chorando? ¿Por que se enfadou cando llo preguntei? fíxome sentir coma un porco e nin sequera sabía porque. Era por Fran, seguro, estaba así por el, non imposible ó despedirme miroume a min, non era Fran era eu. Tiña aquela mirada de novo, ata Santi se decatou, perdida, abandonada. ¿Por que estaría tan triste?

"Esta tía ten cada reacción que che paraliza o corazón" dixo Santi cando a escoitou. Andrea mirábame coma se eu lle fíxese algo malo, outra a tocarme as narices. ¿Que esperaba que fíxese? ¿que a chamase cun "bos días cariño"?; non, non o creó, tampouco me parece desas; aínda que recoñezo que un pouco frío si que estiven. Santi non deixaba de comerme o tarro có da profesionalidade e agora venme con estas. Na miña vida me miraran así, parecía querer decirme algo e atacoulle a timidez, raro nela. Xa me estaba enchedo tanta atención, para que despois se me vaia có niñato ese da publicidade, coma se o vise.

sub

- ¿Que? ¿atendes ó que estamos? - Santi
- Si - eu
- Pois que se note - Santi - mira con quen ven Simón
- Hostia - eu - ¿non se supoñía que era unha conversa íntima?
- Pois vai ser un trío - Santi vacilando - van acabar con ela
- ¿E esa sensibilidade túa? - eu, escamado
- Home - Santi, case serio - váiselle collendo cariño, que conste que dixen cariño, non me saque-las unllas, trigre - xa lle era moito aguantar
- Cala anda - eu - o que nos faltaba, a ver que quere o Fran este
- Nótase que che cae ben - Santi
- Cando caia dun octavo - eu - de maravilla
- Se non te pilla de baixo - Santi
- Eso - eu
- ¿Por que pensas que lle gusta a Berta? - Santi
- Porque combina ben os calcetins cas camisas, ¿a ti que che parece? - eu
- Que a ela non lle gusta - Santi, sentenciando
- Escoita, xa están - eu
- Ola, princesa - Fran o capullo - ¿como estás?
- Tívono que traer, Sofía díxolles que chamaras, e como quedáramos, se non o traio morre - Simón
- Ola - ela sorrindo - está ben, despois de todo o que che tiña que decir máis ou menos xa cho dixen por teléfono
- Non sei que vos traeredes entre mans volos dous, ultimamente non facedes máis que quedar - Fran
- Nada, ademais polo que di Simón ti estás ó tanto de todo - Berta
- Eu non digo nada - Simón
- Home a min díxechesme que o dos disquetes cho dixera - Berta, metendo cizaña candidamente
- Si, eso si - Simón
- ¿Pois daquela de que falabas ti? - Berta
- De nada - Simón, en boca pechada non entran moscas
- A ver contádeme, que teñen de importante, porque eu sempre pensei que eran de contabilidade - Berta - e vamos tampouco creo que nos descubran nada que ti e máis eu non falásemos xa - a Fran, eu levaba medio paquete fumando
- E que este e máis eu descubrimos que igual non eran exactamente eso - Fran, rindo
- Home pois se mo dixeras a tempo, agora teríamo-los - Berta, espero que estea finxindo - porque non entendo quen os puido coller. ¿Lembras? cando falamos deles aínda non viñera Junior e, respecto a Domínguez, non creo que de súpeto lles vise o interese
- ¿Domínguez? - Fran - está nas nubes coma sempre
- Pero non nos podemos fiar - Simón, mantendo o interese en Domínguez - sabe máis do que aparenta
- ¿Ti cres? - Berta - bueno, igual tes razón, porque se só soubera o que aparenta teríao ben fastidiado
- Esa foi boa - Fran ríndolle a gracia á "princesiña" - ¿decimosllo? - a Simón
- Ti verás - Simón, desconfiando
- É igual, se non queredes tampouco pasa nada - Berta, que sexa unha estratexia, porque a mato
- Non - Fran, o superman - igual así te animamos a axudarnos ¿por que naquel disquete verde... non había nada?

- Non, polo menos que eu vise, nada interesante - Berta
- ¿Daquela por que non o devolveches? - Simón, agresivo
- Devolvino - será cabrona - púxeno onde estaba, non estaba a situación para que Domínguez me viñese rexistrala casa
- Si, ti es moi lista - Fran, non me gustou nada como dixou ese lista
- Pois alí non está - Simón
- Joder, tío - Berta, sen inmutarse - tampouco será moito supoñer que os colleu a mesma persoa, o que me alivia porque se non chego a devolve-lo esa persoa andaría moi mosqueada detrás de min - eso tiña algunha intención - e é o que me falta, que me acose un espía industrial
- ¿Un espía industrial? - Fran - non será para tanto, ademáis tes un gardacostas de primeira, non che ia nin tocar; por certo ¿telo amaestrado?
- Cala Fran - Simón, rindo - que así comecei eu a mediodía e mira como rematou
- Non llo tomes a mal - Fran - é que nos deixou sorprendidos a todos, a min o primeiro
- ¿Por? - Berta
- Muller, porque non me dixeras nada e dun día para outro atópoo agardando por ti diante da oficina - Fran - ademáis, non che pega nada
- É certo ¿ves? xa llo dixera eu - Simón - eu sempre te imaxinei cun tipo coma Fran
- E eu - Fran
- Parade xa de tomarme o pelo - Berta - son che cousas que pasan, o destino, o amor
- Si, que romántico - Fran, con sorna - a delincuente consumada e o policía. Un flechazo na comisaría
- Non foi na comisaría - Berta
- ¿E logo onde?- Fran
- Xa o coñecía de antes - ¿¿¿¿???? Berta
- Pois sigo decindo que non me contaras nada - Fran
- Só o coñecía de vista - Berta
- ¿Que é veciño teu ou algo? - Fran
- Como vai ser, eu nunca o vira diante - Simón, ben el non me coñecía
- Corre polo paseo - Berta
- Ou sexa que cando quedábamos para falar no paseo era para ver ó tipo este - Fran, algo mosca - e eu que pensaba que era para ve-lo solpor...
- Eso tamén, porque cando corre ó solpor está de morte - Berta algo "alterada" e Santi que se emociona
- Aínda imos crer que o do coche o fixeches a propósito para tomar contacto - Simón
- ¿Estás de coña ? - Berta - se chego a saber que era poli nin respiro, non vexas que corte
- Menos mal que falamos antes con ela - Santi - se non haber quen lle cría algo
- E claro, viute, víchelo - Fran - e flechazo
- Si e fixo un pouco a vista gorda - Simón - e soltoute
- Seguro - ¿seguro Berta? - por eso me fixo pasar alí a noite
- É un tipo duro, ¿eh?- Fran, con recochineo - bo truco para impresionar
- Fran, meu rei - Berta, estraña - non lle fan falta trucos para impresionar
- Vostede perdoe - Fran, máis mosqueado - así que non lle fan falta trucos, ¿eh? ¿saberá ler e escribir polo menos?
- Sabe, de maravilla - Berta, presumindo
- E terá unha conversación interesante - Fran
- Non sei, non falamos moito a verdade - Santi mirándome de esguello

sub

- ¡Sscheee! quieto parado - Simón - ¿daquela que facedes?
- ¿A ti que che parece? - ¡Berta!! - có corpo que ten
- Eu creo que está un pouco entrado en carnes - Simón
- Máis ben, en graxa - Fran
- Xa vos gustaría a vós - Berta - sexa o que sexa, está moi ben
- Así que ben - Fran
- Un animal salvaxe - Berta, Santi que non me quita ollo
- Eso eche o ímpetu das primeiras veces - Fran - de seguido se lle apaga o lume
- As primeiras veces van boas - Berta
- Pero se non hai máis ca un par de días que... - Simón
- Xa - Berta
- É mentira - Fran, este tío esta ganando unha hostia - non che creo nada
- Cre o que queiras - Berta, indiferente - pero é certo
- Claro, o do salto do tigre seguro que o ten moi dominado - Fran
- Xa che digo - Berta
- Veña Berta - Fran, noxento - non é o teu tipo
- Bueno rapaces - Simón, erguéndose - eu marchó que me é tarde
- Chao - Berta, sorprendida
- Adeus - Fran

Sae, cruza e vai rúa a baixo.

- ¿Que lle pasa? - Berta - pensei que quedara con el, e agora vaise
- Para min que nos quere deixar sós - Fran, que mal me cheira esto
- Tenme acojonada - Berta - primeiro preséntase na comisaría decindo que me quere e non sei cantas trapalladas máis, e o que me escama é que non sei como puido saber que eu estaba alí
- Diríallo alguén - Fran, tanteando - na túa casa, non podemos evitar preocuparnos por ti, era-lo noso bebé
- Xa - Berta - se me animou moito que viñera; pero é que o noto rarísimo; anda seguido a voltas có rolo ese dos disquetes; por certo, a ti xa che vale decirlle que collera o disquete verde, pensei que podía confiar en ti
- Vamos - Fran - que é Simón
- Xa e o que eu fixen é coller prestado; pero se se entera Domínguez esfólame - Berta - ¿non llo dirías a ninguén máis?
- ¡Non te pases! - Fran - ademáis se o devolveches xa non é problema teu
- ¿Como que non?, se me acabades de decir que non está - Berta lista - vós largade e verás como pronto que cargan o morto dese e mái-lo dos outros dous
- Pero que che preocupará a ti - Fran - se tes enchufe ca autoridade
- Falo en serio - Berta - ademáis bo é el, como se entere sequera de que lle toquei a algo que non era meu mándame el mesmo para a Provincial
- Tranquila que non se vai enterar, polo menos non por min - Fran, de colega
- Gracias, en serio - Berta - mórame de veras, a ver se vou tendo algo de sorte
- Sigo sen crer que che guste - Fran
- Ai tío, non volvas con eso - Berta
- Vale, xa o deixo - Fran - ¿e de traballo que tal?
- Máis ou menos igual que cando falamos - Berta - quero decir igual, porque non me volveron chamar de ningures. ¿E na oficina? ben ¿non?
- Si - Fran - despois do rebumbio inicial todo está volvendo ó seu
- E, se se pode saber - Berta - se non, non mo digas ¿a vos que se vos perde nos discos da contabilidade?; porque Simón ó xantar parecía capaz de matar por eles

- Non esaxeres, que tampouco había ser para tanto; o que pasa é que disque conteñen información moi interesante sobre o comportamento humano e ademais disque teñen certo listado de persoas que todo o mundo debería coñecer, xa me entendes...
- Simón é un pouco trepa e podo entendelo; pero que me digas que a ti che interesa esa estupidez, era o que me faltaba por oír - Berta
- Con eses discos seríamo-los reis do mundo - Fran
- Home si - Berta
- Dígoo en serio - Fran
- É que che fai pensar que non os ten Simón, porque Domínguez non os ten, obviamente, se soubera deles xa os tería collido; Sofia tampouco porque se non non utilizaría a Domínguez, e se non notaches ningunha actitude estraña en ninguén máis da oficina é que non teñen nin idea. Tendo en conta que no meu despacho os máis habituais érades Simón, Ánxela e máis ti, non creo que o resto soubese moito por onde buscar - Berta
- Se queres atopar algo, búscalo con ansia, o teu despacho non é tan grande - Fran
- É certo - Berta - ¿non os terás ti, verdade? - ¡carallo!
- ¡Vamos! - Fran escandalizado
- Era por dicir algo - Berta - ademais como cada vez sabes máis cousas deses disquiños
- Se os tivera eu non había estar aquí - Fran - estaría vivindo de rendas
- ¿Que pasa? conteñen información para chantaxes - Berta de coña
- Máis ou menos - Fran, serio
- ¿E, a quen? - Berta
- Moi interesada te vexo - Fran, desconfiando
- Non vexas, morro por saber de que vai todo esto; e polo triángulo Sofia-Simón-Ánxela, non che digo - Berta
- Sigues tan maruja coma sempre - Fran
- Peor, con tanto tempo libre - Berta
- Pensei que o tigre te mantiña ocupada - Fran
- Si, pero tamén ten que traballar - Berta
- Es demáis - Fran
- A ver, ¿e como é que agora entrou en escena o outro disco? - Berta
- ¿O verde? - Fran
- Si - Berta
- Porque resulta que entre outras cousas contén a clave para descifra-los dous anteriores - Fran
- Pois estaban etiquetados de distinta maneira, eu nunca os relacionaría - Berta
- Lembras que decías que debían ser do programa antigo de contabilidade e que por eso non chos deixaba abrir e saían cousas raras - Fran
- Si, e tanto, cas voltas que lle dei - Berta
- Pois unha desas cousas raras é o comando para que inserta-lo outro disco, ou unha clave que está no outro disco - Fran
- Vaia, polo menos algo vai collendo sentido - Berta, seguindo unha inocente conversa - pois mira que son lentiña, síntome un pouco tonta
- ¿Por? - Fran
- Home, eu andiven un cento de veces neses discos e nunca lles vin nada intersante, é coma quen ten unha mina de ouro e vende a leira - Berta
- Xa; pero agora non lle hai que facer; os dous primeiros non serven de nada sen o verde e desapareceu do mapa - Fran
- Igual me engano - Berta - e andivo entrando alguén no meu despacho sen que eu me enterase. Sabe Deus, quen menos esperamos, aínda vai ser Rosa

sub

- Cómo te pasas - Fran
- Si, a pobre si que non debiu facer nada malo na súa vida - Berta
- Ten coidado que se a coñece don cumples as normas igual lle gusta máis ca ti - Fran
- Non me cabe a menor dúbida, para min que lle gusta calquera - Berta, Berta
- ¿E daquela? - Fran
- É que non o podo evitar, para min que tomei tan ben o do traballo porque estaba pensando nel - Berta, ¡non jodas!
- Pero se che anda con outras, non é moita cousa - Fran
- Non, oes, de momento que eu saiba non, tampouco tivo moito tempo, claro - Berta
- ¡Ves!, se ó final era o que eu decía - Fran
- ¿O que? - Berta
- Que non é o teu tipo - Fran
- ¿E cal é o meu tipo? - Berta
- Eu - Fran
- Pois non cambiei de desodorante - ¿¿¿???
- ¿Eh???? - Fran
- Que moito ligo desde que estou no paro, esto de estar medio desauiciada debe resultar moi atractivo - Berta
- Era broma - Fran
- Supoño - Berta
- Pero o tío ese non me gusta nada, non te fies del - Fran, mira quen vai falar
- Mira, a min gústame moito e o resto dá igual, se me sae ran mala sorte - Berta
- Digocho para que non te pille de sorpresa; porque sei como es que te encariñas con calquera - Fran
- Es un encanto - Berta, que noxo, "es un encanto"
- É tarde - Fran - ¿acompañote á casa?
- Non, non fai falta, xa... - Berta
- ¿Non estará aí fora agardando? - Fran
- ¿Quen? - Berta
- Pensei que ías decir que xa te viña buscar - Fran
- Que xa vou eu soa, que sei o camiño - Berta
- ¡Ah!, bueno, un bico - a este cando o pille - Fran
- Chao - Berta

Saiu primeiro Berta e Fran detrás, como parecía costume nel. Berta dou uns pasos e despois mirou atrás e despediuse. El fixolle un aceno e ela seguiu. El quedou alí de pé, agardando. Pensei que me andaba buscando. Estaba comezando a pensar que nos vira. Fai unha chamada e ó pouco aparece Simón. Quedan un pouco alí de pé. Fran fai movementos ca cabeza en sentido negativo, Simón leva as mans á cabeza con nerviosismo, e botan a andar por onde viñera Simón.

- Nos rematamos - Santi - xa siguen os outros, vai recolle-lo micro e dille a Berta que se vaia confesar, que lle fai boa falta
- Creo que non é moi devota - eu
- Pois como vaia acumulando así, o xuízo final vai durar unha eternidade - Santi - a ver se nos toca detrás
- A ver se a pillo antes de que chegue á casa - eu - se teño que subir agora esas escaleiras morro
- ¿Ti? pero se es unha besta salvaxe - Santi, de cachondeo
- Libraste de que estou morto, porque se non habías ver - eu

E púxenme a andar, ela foi cara atrás así que supuxen que se atallaba pola rúa do Sol a pillaría. A verdade, non sei para que dou ese rodeo, si que o sei para non cruzarse con nós. Seguía enfadada, seguro, notábaselle, ía ser unha situación ben embarazosa atoparnos así; pero eu estaba desexando falar con ela, discutir, porque o noso ánimo tiña toda a pinta de discusión. Esperei uns cinco minutos no paseo e como non a vin vir pensei que xa pasara e fun camiño cara a súa casa. Andiven tan axiña como puideron a ver se a pillaba e case chegando ó semáforo dei volta, foi estraño, notei os seus ollos na caluga. Dei a volta e alí estaba ela, de pé observándome, cun sorriso de orella a orella.

- ¿Que fixen ben? - eu
- Ti saberás, eu non levo a conta - ela, que seguía có sorriso
- Digoo por ese sorriso que traes - eu, sorrindo tamén
- ¡Ah!, é que levabas tanta présa que nin me viches - Berta
- Non fastidies ¿pasei por ti? - eu
- Máis ben pasaches de min, ampliamente - Berta
- Viña todo acelerado a ver se te pillaba antes de chegar á túa casa e nin sequera me fixei - eu, sentíndome ridículo
- Querías o micro, supoño - ela
- Si, a eso viña - eu inconsciente
- ¿E vouno ter que quitar aquí? ¿na rúa? - Berta
- O micro, non a roupa - eu que non entendía a que viña reticencia - ven, imos para o mirador que alí pasa menos xente - díxenlle colléndoa polo brazo
- Tamén pode ir á casa ¿non? - Berta
- Por favor - eu, suplicando - non me fagas subir escaleiras agora, por favor
- Podo subir, sacalo e baixarcho - ela
- ¿Pero que che pasa? só o hai que despegar tampouco é para tanto ¿púxechelo onde che dixemos? - eu
- Si - e erguendo a camiseta - pero tratei de aseguralo un pouco
- ¡Deus! - asustado porque tiña varias tiras de espaladrado ó redor do corpo formando unha tira ancha - o que che vai doer quitar eso, bueno ben che cadra que non tes pelos ¿pero que pensabas que ías facer? ¿alpinismo?
- O de que non teño pelos diralo ti - ela
- Bo, terás peliños deses que nin se notan, deixa de queixarte e apaga o micro para sacalo
- ¿Non terás unhas tixeiras? - Berta
- Pois non, non forman parte do meu equipo; pero se queres pegámoslle un tiro - eu
- Que gracioso - ela dalle ó interruptor e busca os cabos do espaladrado para despegalo - mellor quito o micro e o resto xa o quitarei na casa
- Ben - eu, coñón - como queiras

Con moito cuidado sacou unha a unha as tiras, e por fin deixou o micro solto.

- Toma, creo que está enteiriño- ela
- Está quente, non te queimaría - eu
- Non, debe ser "calor corporal" - ela, tímida
- ¿Seguro? - eu
- Xa me tardaba - ela, marchando, sen mirarme - atá mañán
- Tes présa, seica - eu, cazándoa ca miña zarpa salvaxe, e poñéndolla polo ombro - non che apetece estirar un pouco as pernas - sinalándolle ó paseo

sub

- Estás canso - ela, cortante - dixéchelo antes
- Decir dixer que non quería subir escaleiras - eu arreglándoo como podía - que é distinto
- ¿Ai si? - ela saíndo de debaixo do meu brazo
- Si - agarrándoa para que non escapase - ¿que che pasa?
- Que non me apetece estar contigo - ela - e non porque me dea vergoña, precisamente
- ¿Daquela por que? - eu
- Porque hai tempo decidín pasar da xente que só viña ás comencias - ela
- Berta, eu creo que che dixer que unha cousa non tiña nada que ver ca outra - que triste estaba
- Si, eso foi o que dixeches - ela
- Temos que ter coidado - eu, adiviñando ó que se refería - non nos convén
- Daquela - ela, interrompendo - igual é mellor deixalo ata que remate esto - mellor si que era
- Se o meu xefe se entera de que esto vai en serio lárgame do caso, e sendo moi optimista xa sabes onde vas acabar ti - eu
- Prefiro acabar na cadea que pensar que - ela
- Non será que como tes a Fran en bandexa non che interesa terme preto, sabía que che gustaba, merda - eu
- Fran ten os disquetes - ela
- ¿Que? - eu
- ¿Non estabas escoitando? estás moi pouco "centrado" hoxe - seria, case violenta
- Si; pero non lle escoitei decir que tivese nada - eu
- Daquela como sabía o que contiñan, eu nunca lle ensinei eses arquivos, nin a el nin a ninguén - odiaba a Fran, ben - debo parecer ben desesperada para que todos me veñan có rolo de gústasme - con desencanto
- Fran decíacho en serio - non podía cre-lo que acababa de decir; pero estaba tan triste - escoitáchelo tan ben coma min cando estaban na oficina
- E ti tamén ¿non? - ela
- ¡Mira! - colléndolle a cabeza cas dúas mans, firmemente - non volvas decir, nin de coña, que estou finxindo que me gustas, escoítasme ben, nin de coña. Gustaríame saber que che dou, para que sexas incapaz de crerme - comezaba a chorar e baixou a mirada; pero eu volvinlle erguela cara - nin de coña, esoitas ben - ela non decía nada - di ¿escoítasme ben?
- Si - e abraceina, forte, contra min e sumerxín a miña cara entre o seu pelo, suave
- quérote
- ¿Que? - eu, sorprendido
- Que te quero - ela
- Eu a ti tamén - dando saltos de alegría - tamén te quero, moito ademáis. O que dixer de Sofia e de... non era en serio - botando a andar
- Da igual, cega tampouco estou, ben o vexo - ela
- ¿Que ves? - eu
- Que son máis guapas ca min - ela
- ¿Eso é o que pensas? ademáis, eu tampouco son o indicado para falar de físico - eu
- Pero non é o mesmo - ela
- ¿Ai non? - eu
- Non as mulleres non lle damos tanta importancia ó físico - ela
- Pois debería ser ó revés - eu razoando - porque ó final as mulleres sodes máis sensibles, e sen que sirva de precedente, diría que máis intelixentes, sen embargo

sub

os tíos moito máis co físico non temos - saíume así, sería a loucura do momento, e cando a mirei tiña un sorriso increíble e maravilloso - ¿que?

- Falso - ela

- Dígoo en serio - eu

- Home, razón tes - ela

- Non te pases - en broma - tes un sorriso precioso

- Vai a paseo - avergoñada

- Si que o tes - e biqueína - sentamos

- Estabas cansado - ela

- Estou feito unha merda, non podoo ca alma - eu

- Vas vello - ela

- Sen faltar - picado - que ti non es moito máis nova, ademais eu son... unha besta - mirándoa de esguello, ela ri - non te queimaches nin nada, dí Santi que menos mal que te coñecemos primeiro que se non a ver quen che cre nada agora

- Estaba inspirada e todo foi saíndo - ela - ¿como foi que Simón marchou?

- Nin idea, falaríano de camiño porque na oficina non tocaron o tema, nin sequera lle dixoo que chamaras - eu

- ¿E Sofía? - ela

- Mellor nin che repito o que dixoo - eu

- Tan malo foi - ela

- Trapalladas - eu

- Xa, así que non che gustoo o que dixen de ti - ela

- Gustoome, mágoa que non sexa certo - era verdade, quen me dera

- Ti verás - ela

- ¿O que? - eu

- Se é certo ou non - ela

- Muller un tigre si que son - rindo de min - pero que ti e máis eu

- Eso ten remedio, non te preocupes - eu tratando de enfriarme e esta ó seu - ¿porque non llo diría a Simón?

- Igual o sabe - agora si que enfriei

- Non creo que viñese á comisaría, nin que andivese detrás de min se xa os tivese - ela

- Pero fáltalles o verde, será eso o que buscan realmente, como Fran sabía que ti andiveras con el - eu

- Eu creo que Simón non o sabe, e que Fran o utiliza para conseguilo que lle falta, xa sabes mentres Simón me acosa el ven de colega - ela

- Non che vou decir que non, de feito estou bastante dacordo; pero non lle vas pedir que chos dea polas boas - eu

- ¿Por que non? ¿viches como largaba? só lle hai que dar corda - ela

- A experta - eu

- É certo, como cres que me enteraba dos cotilleos, a el contáballos Tino que é o que controla a información e tan pronto sabía algo viña correndo ó despacho e con decirlle ¿que tal? xa soltaba todo. Podíamoslle tender unha trampa, non sei, darlle unha copia falsa do disquete verde e decirlle que fixera unha copia por se me valía para algo - ela

- Aínda que non o creas xa o pensáramos, están revisando todo o disquete por se realmente é o que dixoo Fran, non sexa el quen nos tenda a trampa a nós - eu

- ¿Para que o ía facer? - ela

- Para saber que facías na comisaría, o do coche aínda que a min me parece perfectamente posible a eles non lles pasa por vez - eu

- E que nunca me tiveron por moita cousa, xa sabes a nena boa - ela

- Non te coñecen - eu

sub

- Nadiña; pero aínda que quixera tenderme unha trampa que demostraría, ¿que copiei o disco verde? ¿e que?, todo o mundo sabe que son moi meticulosa, igual o quería estudar - ela
- Xa pero non é o mesmo copiar o disco verde, que copiar o disco verde e estar nunha comisaría - eu
- ¿Que pasa? ¿que o disco verde tiña un sinal de alarma que vos avisou? - ela
- Ou que vos estabamos vixiando e te pillamos e agora estamos a ver se os pillamos a eles - eu
- Paréce-me demasiado retorcido - ela
- Eles tamén puideron percibir certos axustes da programación televisiva, que non se podían facer sen ese disco, valo pillando - eu
- Visto así, si - ela
- Moita coincidencia ¿non?, que ti colleses o disco, que nos te collésemos a ti - eu
- ¡Ha! - ela
- Deixémolo así - eu serio - de calquera xeito ti non podes ter nin unha copia, nin o disco orixinal, nin nada que te relacione con esas emisións, nada que te relacione có disco despois de deixa-la oficina. ¿Dis que confías en Ánxela?
- Si, se me engano con ela córtome as veas - ela
- Malo será, porque non a chamas e lle dás o disco verde, que o coloque nalgún sitio, nun caixón. Ti dislle a Fran que non che dera tempo a poñelo cós demais e que o deixaches por alí - eu
- E se xa miraron por todo - ela
- Fala con el primeiro e dille se buscaron ben por todo, sácalle información, dis que é fácil, ¿non? - eu
- Falar si que é - ela
- E o demais tamén, vinte moi ben hoxe, non creo que se che escape - eu
- ¿E ímoslle dar o disco? - ela
- Unha copia amañada, si - eu
- ¡Ah!, e despois - ela
- Despois seguímolo, e miramos de detelo para falar tranquilamente con el - eu
- ¿E Simón?, ¿e Sofía? ¿e - ela
- Tranquila, controlarémolos - eu
- Bueno, non parece mala idea, chamo agora a Fran - ela
- ¿Te-lo seu número? - eu
- Si - ela
- ¿Érades íntimos, eh? - eu
- Home, eu non diría tanto; pero levábamonos moi ben, hai que fastidiarse ¿verdade? - ela
- A todos nos pasou algunha vez - eu
- Pois a min parece que se me pegan todos - ela
- Non sigas por ese camiño, que volves ó de antes e non merece que te poñas triste, non o merece - eu
- ¿E ti si? - ela
- Eu tampouco - eu

Ela sorri de novo, bícame na meixela

- Cáesme ben - ela
- Veña, anda - cortoume - acompañote á casa
- Da igual, podo ir soa - ela
- ¿Pero tamén poderás ir acompañada, digo eu?- serio
- Si, claro - acojonada

sub

- ¿O tío este da gaita, está sempre aí? - eu
- Case - ela
- Mira que toca mal - eu
- Ninguén naciú aprendido, mellor que veña practicar aí que darlle á vara ós veciños, e ó mellor é unha "tipa" - ela
- Si, ó mellor - eu, había cancións que aínda lle daba; pero mira que desafinaba
- ¿Non che gusta? - ela
- Podía tocar ben - eu
- Quen sabe calquera día convirtese nun gaiteiro famoso e nos diremos que o seguimos desde o comenzo - ela
- Ou que a seguimos - sorri, é fácil facerte sorrir Berta - ¿bailas?
- Si, encantada - sorprendida

Non sei porque o fago, despois non vou dar durmido, esta tía ponme malo. As miñas mans que non saben estar quietas e as dela que se deslizan suavemente polo meu lombo, torturándome. ¡Neniña! quita agora mesmo as mans dos meus bolsillos, en realidade o que me importaba era esa maneira descarada que tiña de sobarme o cú, un respecto. Está máis salida ca min, que xa é decir. Nada, que non para. E na miña cabeza unha voz que di contrólate, non baixes da cintura, non baixes da cintura. Ela que non quita as mans dos bolsillos. Eu disimulando escapo dentro da súa camiseta. ¿Que é esto? ¡Home! o espaladrado... vas ver agora. Non o puiden evitar, arredeina un pouco de min, e moi amodiño as miñas mans foron cara o centro das súas costelas, si, alí estaban os dous remates. Foi un acto impulsivo.

- ¡Aii! - ela apartándose, cas mans agarradas o lado dereito das súas costelas - ¡joder!
- Vaia, despois de todo si que che doía - eu
- ¡Animal! - ela, indo cara a barandilla - non te acheges, será cabrón o tío
- Vamos - eu, partíndome - estas cousas canto máis rápido mellor, déixame que cha saco do outro lado
- Anda e que che dean - ela - xa a sacarei eu
- A ti vaiche doer máis, se o fas ós poucos é peor - eu
- Mira espabilado, non sei se o sabes pero toda-las tiritas, espaladrapos e demáis caen na ducha, sen dor, é algo natural, pasa sempre, é lei de vida - ela
- Menos cando queres, claro - eu vacilando - veña , ven que cha saco toda
- ¿Toda a que? ¿a pel? - ela, ensinándome o anaco vermello que lle deixara - mira vaime quedar unha marca, e cando vaia á praia seguro que me queimo, por non falar de me saian máis pelos - baixando a voz, como botando contas - xa che valiu
- Veña que só é un tirón de nada - eu
- Non te achegues - ela, rindo - ¡non me toques!
- Vale, vale - eu pacificador - a ver, tanto dano che fixen, déixame ver
- Se cho fixera eu a tí habías estar tirado no chan, laiando coma un can ferido - ela
- ¿Non era un tigre? - eu
- Eso - ela
- Pero non hai comparación, mira - eu, erguendo a camiseta - eu teño máis pelos ca ti, e máis grandes; a ti nin se che ven, non che puido doer tanto, esaxeras
- Heiche face-la cera, verás ti o se doe ou non - ela
- ¿Ves? - eu, acariñando a zona catastrófica - xa non está irritada, xa pasou - e ca outra man polas súas costas collendo o resto da tira de espaladrado - a que xa non che doe
- Agora non creas un pouco menos - ela - pero non creas que cha perdoe

sub

E en dous movementos precisos arranquei a das costas e a de diante, liberando aquel bonito corpo do horrible cinto de castidade.

- ¡Mamón! - ela, debíulle doer de verdade porque lle saltaron as bágoas, e eu que pensei que me tomaba o pelo - polo teu ben procura que nunca te pille durmido, vaste enterar
- Síntoo - eu, a ver como o amañaba - pensei que o decías de coña
- ¿Como que de coña? - ela
- Pero se eu o fixen moitas veces e tampouco me doiu tanto, e a diferenza é grande
- eu
- Xa; pero este espaladrado é moi adhesivo, teno meu irmán para non sei que dos nocellos, para que non se lle despegue cas zapatillas - ela
- Non o sabía, perodoa - eu
- Estábache decindo que o deixaras - ela
- É que me estabas metendo man - eu
- Se che molestaba puidiches decirmo - ela - é o que se fai
- Muller, molestar non me molestaba; pero - eu
- ¿Pero que?- ela, cunha mirada lasciva
- Xa sabes - eu, cortado
- ¿Ai si? - ela
- ¿Perdóasme? - eu
- Non - ela
- Veña - eu

"...reñidos máis queridos" escóitase dunha parella de señores maiores que pasan preto mirándonos, Berta mírame có seu sorriso irresistible, alegrándome o espírito e marchamos para a súa casa un ó lado do outro, sen tocarnos; pero máis preto ca nunca. E no portal despedímonos cun bico, a min dábame a sensación de que ó chegar á casa estaría miña nai agárdanme para reñirme porque era moi tarde e ó día seguinte había clase.

- Oes - volvendo atrás - ponlle algo de crema - sinalando ás costelas
- Crema vancha ter que poñer a ti - ela
- ¿Onde? - eu, picardía
- No cerebro - ela - para que penses con máis
- ¿Con máis que? - achegándome perigosamente
- ¿Que pasa? este có soldo que ten non te pode levar a un hotel - ¡seu irmán! - en lugar de monta-lo numerío aquí... ¿dixen montar? foi sen querer
- Marcos - ela, entre sería e vacilona - sube a comer uns poucos cereais meu rei
- ¿Dos teus? - o irmán
- Si - ela
- Esto do chantaxe - mirándome - dá resultado
- É que lles botei un pouco de cianuro, a ver se así atendes ó teu - sería
- ¿Molesteivos? - seu irmán
- Non - eu - para nada
- Porque non era a miña intención; pero como estades no medio e medio do portal e eu quería pasar por aí...o do hotel era de coña - conmigo - non insinuaba nada
- Ti non te preocupes que cando suba xa falaremos dese tema - ela
- Anda con coidado - eu - a min tamén me ten ameazado
- ¡Ah!, así se explica - o irmán - xa decía eu, tan mal gusto non podías ter - a min
- Mellor vai durmir a casa dun amigo - eu, vendo a cara de mosqueo de Berta

sub

- Non tranquilo, des que ten antecedentes anda con moito coidado, antes, antes si que era brava teño unha de marcas - el
- Sube anda - Berta, seria e maternalista
- Moito sube, sube, e ti pensa en que clase de exemplo lle estás dando a teu irmán pequeno... se non me deixas quedar nunca vou dar aprendido - o irmán
- ¡Sube! - sería
- Que che vaía ben - a min - adeus irmanciña - ela que o mira mal
- Eu tamén vou subir - ela
- Case será mellor si - eu, previndo - ¿chamas agora a Fran?
- Si - pasando a man pola cara cun xesto nervioso - xa o chamo
- ¿Non te poñerás triste outra vez? - eu

Ela fai un aceno de non e entra, eu quedo alí vendo como sube e mordendo o puño ca ansia. Tardei en volver a unha temperatura normal. Cheguei á casa tranquilo, relaxado, ceei. Polo camiño falara con Sonia do disco verde e dixérame que xa se poñían a el para telo listo ó día seguinte. Ben, esperaba que Ánxela non nos fallase.

## Capítulo 16

Espertei de súpeto, saíndo dun pesadelo do que non me quedaba máis que a sensación de malestar. Doume mala espiña, só era un soño, tratei de tranquilizarme. Era moi cedo para chamar a Berta. Fun ó traballo e seguía có mal rolo do soño. Ó tira-la chaqueta no asento de atrás caíu ó chan o micro que levara Berta, paralizouseme o corazón ¿e se non estaba apagado?. Tiven que parar, doume un ataque de nervios, tiña que estar apagado. Vin como o apagaba, non me faría esa putada; non digo que non a merecese. E doume a risa ó vela de novo cando lle arranquei o espaladrapo, pobre, co delgada que está e porriba eu a sacarlle a pel a tiras; pero con todo non se lle notaban as costelas, non está delgada de máis, está moi ben que carallo. Xa máis tranquilo collín o micro, e mireino coma se foxen as notas da terceira avaliación, agora xa non hai avaliacións desas; estaba apagado, apagado, e ademáis sen batería.

- ¿Que? disque o amor é cego - Santi

- Mira que pasarlle por diante e non a ver - Andrea - faime eso meu home e durme fóra

- Eu tamén durmín fóra, se eso vos serve de consolo

- E non moi ben polo que parece - Sonia - toma aquí te-la copia, vou a ver se durmo algo, dounos máis traballo do que esperábamos, non estou moi segura de que funcione porque para eso precisaríamo-los outros dous

- Da igual, o caso é que o colla e despois xa veremos - eu - ¿chamou á Fran?

- Si - Santi serio, malo

- ¿E? - eu

- Ven escoitalo, será mellor - Santi

- Còntamo ti, que acabamos antes - eu, mosqueado

- Non, mellor será que o escoites ti mesmo - Andrea - non debeches se-lo único que durmiu mal

- ¿Que pasou? - eu

- Ven - Santi - e non te cabrees que xa bronqueei eu ó pasmón da noite, cando o escoitei case me dá

- Ou sexa que hai de que preocuparse - eu

- Escoita - Santi

*"- Ola Fran, son Berta*

*- Ola Berta - Fran - xa me tardaba que chamaras*

*- ¿E eso? - Berta*

*- ¿A que chamas polo disco verde? - Fran*

*Silencio*

*- Vexo que acertei - Fran - ¿sabes? Simón é un neno rico con moitos contactos. O seu avogado, aquel que te foi ver, é moi bo, moi influínte. ¿E a que non sabes que?*

sub

Silencio

- *Que despois de mover moitos fios chegou á razón da túa detención - Fran*

Silencio

- *Xa ves, o do coche estivo ben; pero débécheslle decir ó teu amiguíño que amañase algo - Fran - ¿sabes? en canto se falou da manipulación aquela dos partidos de fútbol sen saber porque pensei en ti, o subconsciente*

Silencio

- *¿Non che parece romántico? saqueille o tema a Simón, sen intención, foi el o que me dixu que había un disco verde na oficina que falaba deso. Mira ti, e volvíñ pensar en ti*

Silencio

- *Agora terao a poli - Fran - que mágoa*  
- *Si - Berta - é unha mágoa que non o teñas ti*  
- *¿Eu? - Fran - a min non me fai falta para nada*  
- *Tampouco che facían falta os outros dous e colléchelos ¿non si?*  
- *Se pensas - Fran - que vou responder a esa pregunta sabendo que tes intervido o teléfono*  
- *¿Que dis? - Berta*  
- *Chegaron a min certas informacións, es un pouco puta, ¿non Berta? - Fran*  
- *Faise o que se pode - Berta*  
- *¿Sabe que te deitas con el para que te saque do apuro? - Fran*  
- *Non me deito con el - Berta*  
- *Pero se dixeches... - Fran rindo*  
- *Tamén ti dixeches que che gustaba - Berta - e xa ves, e Simón...*  
- *Berta, e-la muller menos atractiva que coñezo, a túa falta de ambición é un tanto repulsiva, nunca vas chegar a ningures, non das madurado, por eso aínda que acabes na cadea non se perde nada - Fran*  
- *Eso mesmo penso eu - Berta*  
- *E o amiguíño vai quedar lixeiramente mal - Fran*  
- *Ninguén queda mal por tratar de facer ben o seu traballo - Berta*  
- *¿Sabes? agora si que creo que che gusta - Fran*  
- *Fas ben - Berta*  
- *É unha mágoa que a joderas - Fran - para unha vez que ligas*  
- *Teño que colgar - Berta*  
- *Antes de colgar escoita este razoamento - Fran - non é moito pensar que quen ten o disco verde teña os outros dous, ó final, a que máis fácil o tiña eras ti"*

E colgou. ¿Por que non me chamou?

- *O xefe aínda non o sabe - Santi - non é culpa túa, o que estaba aquí nin sequera tiña o volume posto, non se enterou*  
- *E ela porque non me chamou - eu - estamos acabados, jodémola*  
- *Veña home, algunha solución haberá - Santi*

sub

- Suponse que todo é confidencial, que ninguén pode vir mete-lo nariz e saca-la información que queira, e ven o abogadiño ese e cántanlle o padrenuestro completo; e porriba este empaquetalle os outros dous discos. Non a culparía se marchase - eu

- ¿Pero a onde había marchar? - Santi

- ¿Hai alguén vixiando a súa casa? - eu

- ¿Pero non quedamos en que non queríamos levantar sospeitas? - Santi

- Si, é certo...vouna chamar - eu

- Falemos antes có xefe - Santi - algunha solución haberá

- Que marche, préstolle eu os cartos - eu

- Toleaches - Santi

- Non pode ir ó cárcere, sabes que non fixo nada do que a acusan - eu

- Tanto como nada - Santi, asesineino - xa sei, refíreste ó de antes, veña ho

- Vinde - Oso - está Berta

- ¿Ves como non se fugou? - Santi, intentando animarme sen moito entusiasmo

Estaba alí sentada, sen falar con ninguén. Oso estaba con Andrea na máquina de café, vin as súas miradas de pêsame. Levaba a mesma roupa do día anterior. Tiña os ollos de chorar, e sinais de non durmir.

- Ola - dixo ó verme

- Ola - dixen sentándome ó seu lado, paseille a man polo pelo, estaba frío - bos días - dándolle un bico

- De perdidos ó río - dixo case sorrindo

- ¿Non durmiches? - eu

- Non, paseei, decidín respirar a fondo o último día que me quedaba - ela

- Dramatizas - eu - ¿por que non me chamaches?

- Quedei sen fala - ela

- Créocho, a min case me dá - eu

- ¿Non cho dixeron onte? - ela

- Acabo de enterarme - eu

- Bonita forma de comeza-lo día - ela - sintoo

- Tampouco son tan feo - e ela sorri, coma se lle salvase a vida - ¿coñece-lo meu xefe?

- Non ¿vai se-lo que me crucifique? - ela

- Non, vai quen nos explique esas informacións que ten Fran e o quen nos poña a alfombra vermella, verás - erguinme e ela seguiume

Pensei que ó final Berta non tiña culpa, nin ó principio tampouco, en realidade supoñíase que o noso traballo era confidencial, e resulta que todo fillo de veciño sabía o que facíamos; pero non me refiro a seguir á xente que ata certo punto só precisa un ollo observador; pero o das escoitas era diferente, xogaría o pescozo a que Berta non dixo nin palabra, máis que nada polo seu propio ben, tonta non é; ademáis de ser ela a soplona Fran largaría polo teléfono e rematábaa dunha sentada. Os meus compañeiros, que vou decir deles, o pescozo non o xogaría pero sei que non puideron ser, sei que non. Así que só me queda o meu xefe, non é que se vaia da lingua é que se despista moito.

- Ola Berta - Santi animando - seica ti tamén durmiches fóra

- ¿Tamén? - ela

- Aquí Campos - Santi - dixo que el tamén

- Dixéno por decir - eu - vente que imos falar có xefe

sub

- ¿O insomnio vouviute tolo ou que? - Santi - ¿que lle imos decir? ¿que llo conte Oso que ten máis man?

- Será máis ben que nos vai decir el a nós - eu - veña, seguro que o estás desexando

- Si ho, máis ca nada no mundo - Santi

Entramos no despacho do xefe, non parecía estar de bo humor; pero como nunca o estaba tampouco me preocupou excesivamente. Ergui a vista duns papeis que tiña na mesa e miroume directamente, como se xa soubese algo, cousa que sinceramente me sorprendería.

- Bos días - eu

- Bos días - o xefe - ¿que pasa? ¿que fai ela aquí?

- Veu de visita - eu - e decidín que unha visita sen ve-la peza máis importante da colección, non era visita nin nada

- Xa - o xefe

Santi coma nun partido de tenis, Berta tranquila.

-E a parte deso - o xefe - ¿porque vindes en comisión a marearme xa de mañán? e sigo decindo que ela non ten que estar aquí

- Bueno vimos buscando respostas - eu, confiado

- ¿Que tes unha crise de valores? - o xefe

- Gravamos onte unha conversa do teléfono de Berta, que nos fai sospeitar que hai certos detalles da investigación que non se gardaron ca debida cautela - eu

- ¿Que detalles?- o xefe

- O compañeiro de Berta, Fran, sabía o dos micros - eu

- Diríallo ela - o xefe

- Non - eu

- ¿Estás seguro? - Berta que me mira de esguello, que cabrona é - non debería estar aquí

- ¿Por que non? - eu - é a súa vida a que depende desto, e alguén está xogando con ela... e con nós. De que vale o traballo que fixemos, e en que posición a deixamos a ela. Sabes, digo eu que o sabes, que é imposible que fose ela a de hai cinco anos, e precisamente que fíxese o que fixo é a súa coartada. Se soubese o de hai cinco anos non o faría

- Eso non o sabemos - o xefe - que se vaia

- Berta - eu - ¿ti queres marchar?

- Non - dixo ela mirándome, dubidando

- ¿Ves? - eu - está desexando escoita-lo que tes que decir

- Non teño nin idea de onde puideron saca-la información sobre os micros, obviamente alguén llo tivo que contar. O que che podó asegurar é que eu non fun

- Pois nos tampouco fomos - Santi, picado

- Ese avogado - o xefe - o do tal Simón, ten moita influencia, seguro que cun par de chamadas o arranxou todo

- Pero eles non sabían porque estaba eu aquí - Berta

- Eso che decían - eu

- Pois moi ben disimulaban - Berta

- Eso apoia máis a miña tese - o xefe - se sacaron a información do xulgado, ti alí non figurabas, os cargos viñeron despois

- Claro - Berta, seguíndolle o razoamento - Simón xa andaba un pouco suspicaz por teléfono

sub

- Si, é certo - eu
- Daquela que facedes aquí plantados, ide traballar e rematade con esto dunha vez
- o xefe - ou é que o teño que facer todo eu
- Vale, vale - Santi abrindo a porta e case tirando de nós
- Campos, ti espera un momento - o xefe, bronca á vista
- Agardámoste fóra – Santi, que lle decía a Berta que saise
- Ben - eu, e pechou a porta
- ¿A que veu esto? - o xefe
- Quería que lle vises a cara - eu - ¿non che parece que merece un pouco de respecto?
- Que eu saiba non lle faltei - o xefe - ademáis creo que non deberíamos terlle tanta confianza, e moito menos discutir diante dela certos asuntos
- Pero é que non te decatás de que cada vez que lle mandamos facer algo a poñemos en evidencia - eu - aínda bo é que non son xente perigosa porque xa a tiñan despachado
- Se tanto che importa - o xefe, comprensivo - busca os verdadeiros culpables e para de queixarte
- Se saben antes ca min o que vou facer vaime ser un pouco difícil - eu
- Pois non lle digas a ninguén o que vas facer, así ninguén o saberá - o xefe - nin a min, nin a ela, nin a ninguén
- Gústame a solución - eu - ¿e con ela que fago?
- A estas alturas e téñoche que explicar esas cousas - o xefe, de cachondeo
- Referíame – eu, cortado - profesionalmente
- Ti verás - o xefe, serio de novo

Saín do despacho con vía libre, de novo volvía a te-lo control das cousas, se é que o tivera algunha vez. Berta estaba de novo no banco, víase moi cansada, tiña unhas olleiras que lle daban un aspecto vampírico acojonante. Santi estaba con Andrea falando de non sei que, que debía ser moi interesante porque nin facían caso de Berta, nin se decataron de que saíra do despacho.

- ¿A rapaza vai ter que quedar? - pregúntame Oso polas costas
- Non, vouna levar á casa, a ver se volve ó de antes - eu
- Ten moi mala cara ¿non estará enferma? - Oso
- Home, eu que sei, médico non son; pero supoño que con durmir xa lle chegará - eu
- Mira que se é coma a cincenta - di Santi, uníndose o diagnóstico - e queda así para sempre
- ¿E que? - eu, coma se nada - así ten un aspecto moi interesante
- Polo menos se chegas á casa e leva tres días morta - Santi - non vas levar ningún susto
- Que animal es - eu - morta aínda vai ter peor pinta e ademáis apestará
- Vaivos oír - Oso
- Bueno - eu - vós ides para a "oficina" e eu levo a criatura á súa casa
- ¿E non é unha perda de tempo - Andrea - se xa saben que temos micros?
- O da "oficina" non teñen porque sabelo, non precisamos orde xudicial, polo que se ningún de nós falou de máis aínda nos queda algo
- ¿De que vas? – Santi, picado - supoño que non o dirás polos presentes - mirando a Berta
- Non o digo por ninguén, é unha forma de falar - eu
- Nótote desencantado - Andrea - ¿desconfías dela?

sub

- Eso non é asunto teu - eu cortante, non entendía moi ben o comentario, ¿desencantado eu? con aquel cadáver andante... mi madriña se realmente chegábase a algo ialle obrigar a durmi-las súas horas, igual tiña razón Oso e estaba enferma

- Tranquilo, non dixer nada - Andrea, esaxerando - ¡joder! con este non se pode falar

- Cada un ó seu - eu, en plan xefe - despois xa paso

- Pero trae mellor humor - Andrea - que aínda che imos ter que poñe-la antirrábica

- Esa foi boa - Santi - como é un tigre

- Xa imos - Oso, que polo menos era formal

E sairon de camiño ó posto de obseración, vaia tres, a verdade é que estaba de malas, o durmir mal ten ese efecto. Berta miroume sen erguerse, sería.

- ¿Teño que quedar? - ela

- Non, lévote á casa - eu

- ¿En serio? - sorprendida - pensei que xa non había saída

- Pensaches mal, Berta - eu

Erguiuse e fomos cara o coche, daba a impresión de que se a tocabas se esvaecía, camiñaba lentamente, pensando cada movemento e tomaba as curvas con moito cuidado, o cansanzo dábase aspecto de borracha.

- Así que andiveches toda a noite de paseo - eu por decir algo

- Si - sen entusiasmo

- Debes estar moi cansa - eu

- Si - ela

- Nótaseche - eu - tes unha mala cara

Mírame de esguello sen decir nada.

- ¿Non estarás enferma? - eu que seguía

Ela que non di nada.

- Porque - eu

- ¿Que pasa? - ela, picada - parece que te decataches de súpeto de que son fea

- ¿Que? - quen me mandaría falar

- Que non é que me pase nada é que son así ¿vale? - ela cabreada

- Muller, é que hoxe en concreto tes unhas olleiras - eu amañando

- Pois tiñas que verme cando estudiaba, aquilo si que metía medo - ¿máis???

- ¿Ti non serías das que tomaban drogas? xa sabes para rendir máis e tal - ¡carallo! agora si que metía medo, parecía o nosferatu en posición de ataque

- ¿Eso será unha broma? - ela, con voz de ultratumba

- Si, claro que si - dixer con sorna ó ver que lle fastidiaba o tema - ti es moi formal, tes unha pinta de vampira que tira para atrás; pero es moi formal

- Ó mellor é que estou morta - ela, falando ca ventanilla

- Daquela haberá que facerche o boca a boca, a ver se resucitas - eu, provocando

- Non sei se se poderá, xa sabes, polos colmillos - ela, cabreada pero igual de cachonda

- Un profesional coma min - eu - sempre atopa a maneira

- Se ti o dis - sen facerme caso

sub

Eu facendo de memoria o plantexamento estratéxico para atacarlle tan pronto como pillase un semáforo en vermello, e dame por mirala, por ver como estaba o asunto e vexo que dorme, a cabeza apoiada no cinto de seguridade, tranquila. Non estaría mal despertar ó seu lado polas mañáns, tiña un aquel de dozura que conquistaba. Baixei o volume da radio, e seguí conducindo relaxado, a min tamén me viña ben aquel momento de paz.

- Berta - dixen baixo, sen querer espertala - Berta

Ela que non esperta. Toqueille a cara ca man, suave. Acariñeina.

- Berta - un pouco máis alto

Ela durmindo.

- ¡Berta! - alto

- ¡Que! - ela, espertando dun salto - ¿que hora é? - desorientada

- Tranquila - eu - non hai prèsa

Mira ó seu arredor, situándose, pecha os ollos e ó pouco volve abrilos. Agora parece preparada para espertar.

- Quedei durmida - ela

- Si, eso parece - eu

- ¿Levo moito tempo? - ela

- Uns vinte minutos - eu - ¿sempre espertas así? pensei que saías disparada polo parabrisas - eu

- Xa será menos - ela

- Vèxote mellor - eu

- É que soñei que lle chupaba o sangue a un reximento de machos - esta está mal

- Agora se explica esa cara de felicidade - eu rindo - ¿queres que te acompañe ata a porta?

- Creo que dou chegado - medindo a distancia

- ¿E subirá-las escaleiras? - eu

- Si, seguro - ela anticipándose

- Mellor vou contigo, porque non che creo nin palabra - eu

- En serio, podo soa - ela

- É igual - eu, sentíndome culpable - vou contigo

Sáimos do coche e fomos cara o portal, custoulle saca-las chaves do bolsillo do pantalón. Era un chandal frouxo, así que non tiña moita explicación

- ¿Non beberías? - eu

- ¿Ti cres que me fai falta? - ela - mira como estou sen axuda, para botarme merda enriba

- ¿Avisaches na casa? - eu

- Si - ela

- ¿Que lles dixeches? - eu

- Que non viña durmir - ela

- Sen máis - eu

- Teño vintacinco anos, algo xa se suporán - ela

sub

- E con quen van supoñer ese algo - eu
- Contigo, aínda por enriba vesme traer, e en que estado, non tes vergoña nin nada - ela
- Hai que fastidiarse - eu - e sen comelo nin bebelo
- ¿A que jode que che boten as culpas doutro? - ela
- ¿Estiveches con outro? - eu
- Non me refería a eso, e se non estivese tan cansada metíache unha patada nas pelotas; pero para que vou tirar pedras no meu propio tellado - ela
- ¿E a que te refires con eso? - estase insinuando
- A que - parando para mirarme - a que - poñéndose colorada - vai a paseo
- Para mandarme a paseo tanta historia - eu picando, achegándome
- Hummm - ela, mirándome divertida - non me provoques que estou un pouco salida e despois dis que abuso de ti - esta tía é moito
- Sigue, sigue - eu, entusiasmado - que non digo nada
- ¿Seguro? - ela, sorrindo
- Seguro - eu
- Bueno - ela, colléndome a cara cas dúas mans, sen forza, tratando de que baixase á súa altura - ti mesmo

E cedín, bicoume, foi ela. Mágoa que estivese tan cansa, porque paixón non lle faltaba, ás nove da mañán e nos pegándonos o lote no medio das escaleiras. Escoitouse bater unha porta e ruído de xente. Recapacitamos.

- Perdoa - dixo ela - cústame controlarme cando estou no estanbai
- Como che dixen que non ía - eu
- Bos días - un veciño - hoxe si que fai bo día
- ¿Que? aínda de chegada - unha veciña - facedes ben, aproveitade mentres poidades
- Si, bos días - Berta
- ¿Ese é o mozo de Berta? - falaban entre eles
- Debe ser
- Éche bo mozo
- Vaia piropos pola mañán - ela - non te queixes
- Non me queixo nadiña, e digo eu, agora vas durmir - eu
- Si, non dirás que non me fai falta - ela
- Faiche moita falta - eu, bicándoa de refilón - descansa, hoxe imos cambiar de estratexia e igual non veño ata a noite, ou se non chámote ¿vale?
- Si - ela
- Se pasa algo, o que sexa chámame, que sempre son o último en enterarme de todo - eu
- Vale - ela
- ¿Dasme a razón coma os tolos? - eu
- Non, estou aforrando enerxías para chegar á cama - ela
- Se precisas axuda - eu
- Schisssss - ela, poñendo unha cara simpática - non me provoques
- Sabes que estás moi ben no estanbai ese - eu
- E non vou estar - ela
- Estás moi ben sempre - eu, se non llo decía morría

Sentíame culpable por deixala así, pero a min víname moi ben que ela durmise todo o día, porque a desconfianza faciame desexar que ela non estivese connigo. Pensei en ir cós meus compañeiros; pero a medio camiño cambiei de idea e decidín

sub

chamar a Simón. Si, tiña ganas de falar con el, apeteciame. Unha chamadiña ó 1003 para pedi-lo número da axencia e listo.

- ¿Podería falar con Simón, por favor? - eu
- Un momento - unha voz neutra
- ¿Si? - despois de varios minutos, era el
- Ola - eu, en plan campeón - aquí o tigre
- Moi bo o chiste - Simón rindo - ¿quen es? Fran para de putearme
- Non son Fran, son o tigre, xa cho dixeran - eu - preguntábame se terías uns minutinhos para min, ou quizáis che apetece máis virme veer ó zoo
- ¿Que queres? - Simón serio
- Uns minutos, nada máis - eu
- Ben ¿cando? - Simón
- Agora, estou no portal - eu
- Está ben, xa baixo - Simón

A idea non era mala, os compañeiros estarían controlando a situación na oficina e despois contrastábase reaccións. Es un xenio. A ver que lle saco ó tipiño este.

- Bos días - eu, el viña acojonado
- Bos días - Simón - ¿que queres?
- Falar un pouco, nada máis - eu tranquilizador - ¿tomamos algo?
- Si - el, sinalando ó bar do lado - mellor imos aquí, non teño moito tempo
- Un case directivo coma ti, non terá que dar moitas explicacións - eu
- Non son directivo - Simón
- Home coma quen di, estás en camiño - eu
- ¿Que che contou Berta? - Simón
- Que tiñas un plan de ascenso e que algún desalmado cho jodiu - eu
- Foi ela - Simón
- Vamos - eu - eso non o cres nin ti, Berta tivo eses discos nas súas mans unha chea de tempo sen saber que eran, e de non ser por ti e máis polo teu colega nin o sabería hoxe
- Ela ten o disco verde - Simón - dixomo Fran
- Non, non o ten - eu - o disco verde téño eu

Simón pasmado.

- Foi ela a de - Simón
- Eso non che importa - eu - agora imonos concentrar nos outros dous discos
- Eu non sei nada deles, non os teño - Simón - a boas horas ia estar eu aquí
- Xa sei que non os tes - eu
- ¿Tamén os tes ti? - el
- Non, tenos Fran - ¡sorpresa!! - ¿non o sabías?
- Estás de coña - el - Fran non os pode ter
- Díxollo a Berta - eu
- Eso non quere decir nada, puidollo decir para ver se ela tiña o disco verde, puidollo decir por calquera outra cousa - el
- Bueno, non lle dixo exactamente que os tiña - eu
- ¿Ves? - el respirando
- Faloulle do que contiñan - eu - e según Berta, ela nunca llos ensinara, nin a el nin a ninguén. ¿Ti sabe-lo que teñen?
- Claro que o sei, ¿ou porque cres que ando detrás deles coma un tolo? - el

sub

- Refirome a se sabes que chirimboliños deses ten, como son as liñas dos programas, detalles - eu
- Non, nunca os vin - el, caendo da burra - non podo crer que os teña el ¿daquela para que me precisa? ¿por que me sigue dando corda?
- Para que lle entretañas ó persoal, a min, a Berta, a Sofía, a Domínguez, e mentres el, ás súas anchas - eu, sementando xoio - de feito nós sospeitábamos de ti, iamos a por ti
- Estasme enganando, ti buscas algo - Simón - Fran é boa xente
- Claro, por eso lle deixou caer a Berta por teléfono que ela tiña os disquetes, para que quedara constancia, claro - eu - O que quero é que me contes de onde sacache-la información
- ¿Só eso? - Simón estrañado
- ¿Que máis che podo pedir? - eu
- Nada, pensei que querías que lle quitase os disquetes a Fran - Simón
- Para que cho vou pedir, seguramente xa tes pensado facelo, de calquera xeito recupera-los discos non é o máis difícil, ó final é material roubado, con falar có teu xefe para que poña unha denuncia xa está - eu
- ¿Denunciou Domínguez a Berta? - el
- Eso non é asunto teu - eu - non vin para falar do caso de Berta
- Pensei que era o mesmo caso - el
- Non, non teñen nada que ver - eu - así que por moito que a queirades involucrar non vós vai valer de nada. ¿Vasme contar agora de onde sacaches esa información?
- Non podo quedar máis tempo - el - quedamos ó mediodía
- Voute estar vixiando - eu - procura non provoca-los meus instintos animais, son un pouco salvaxe e teño un olfato felino, non me fagas unha xogada, estou tendo moita paciencia contigo, non me falles
- Non o farei - Simón, sen confianza - ás dúas quedamos aquí, que non te vexa Fran
- Son invisible - eu

Que mansiño estaba, demasiado sospeitoso e aínda así non me caía mal o tipo. Era o que era e xa estaba. Subín á "oficina" a pola bronca dos compañeiros. Non lle deron importancia a que non os informase, contáronme que Simón collera a chamada no seu despacho, que se alterou e que baixou decindo que lle esquencera algo no coche. Con el estaba Sofía, que non lle prestou moita atención. Non falou con ninguén, nin cando baixou, nin de volta ó despacho. Entrou e púxose a traballar. Eu vialle a preocupación na cara, entrou Fran a media mañán có seu sorriso de cantante e Simón tratouno coma se nada, a tal Sofía éralle moi útil, sempre o botaba fóra, evitándolle o enfrontamento. Analiceino ó milímetro para controla-las súas reaccións. A pouco das dúas baixei, non entrei no bar, non fose que a Fran lle dese por ir toma-lo aperitivo e me pescase. Non me pareceu un bo sitio para quedar, podíanos ver calquera; pero daba igual, con decir que lle ía quenta-lo lombo por acosar á miña "moza", non sei se será moito chamarlle.

- Pensei que non viñas - Simón
- Andaba por aí - eu - ¿vas tardar moito? porque este non me parece un bo sitio
- Non tampouco é unha historia moi longa - Simón - eu estudiei en Madrid - comezou sen máis - porque ganeí un concurso para unha beca dun instituto de alí. Saquei moi boas notas e accedín ó programa de prácticas, que supoño saberás onde me tocaron

sub

- Non estabas na lista de empregados - eu

- É que non era empregado da axencia, o seguro e mai-lo soldo pagámos o Instituto; as prácticas era dun ano. Para min era unha porta aberta ó futuro, porque podían quedar contentos có meu traballo e contratarme, por outra parte ó ter unha sucursal aquí podía pedir un traslado. Ó pouco de estar traballando escomecei a ver uns movementos estraños, había un departamento moi exclusivo que funcionaba á marxe dos demáis, quedaban despois de horas e ó chegar pola mañán xa estaban. Non se relacionaban cós demáis. Preguntei que facían e dixerónme que levaban as contas máis importantes da empresa, era creativismo de primeiro nivel. Os demáis falaban deles coma se fosen deuses. A min doume por soñar con ser un deles, supoño que calquera admira ós xenios.

- ¿E eses movementos estraños? - eu

- Este grupo non facturaba coma o resto, nin pasaban os controis presupostarios; ó principio pouco menos que arquivaba cousas e facía fotocopias. Pero funme facendo o imprescindible, nun ano dache tempo a coñecer a todo o mundo se non vas de pretencioso. Cainlle ben a un que traballaba no grupo, e un día de borracheira cun vaso na man díxome que nunca fixese nada que me apetecese facer despois de ver un anuncio seu, porque estaría facendo o que a el se lle antollase. Tampouco fora moi sutil, manipulaban a publicidade, era obvio; no Instituto falaránnos deso coma dun estudio psicolóxico feito nos Estados Unidos; pero que non se poñía en práctica por estar penado e faltar á etica.

- Xa - eu, desexando que fose ó gran

- Decidín non mezclarme moito con aquela xente, tiña medo, se o compañeiro lembraba o que me dixera, non me ían deixar tranquilo; así que fixen coma se nada - disque se che dá moi ben - cando houbo aquela inspección eu xa non traballaba na axencia, andaba perdido por Madrid traballando no que podía, as axencias non se pelexaban por min precisamente, sobre todo cando descubrían onde fixera as prácticas. Un día atopeime con este tipo, o do grupo especial, a el botáranos e tiña tantas ganas de falar que me foi imposible desfacerme del, despois de todo non me veu mal. Contoume que non ían moi ben encamiñados, que aquí o que se facía era o traballo bruto, o deseño, capta-los clientes; pero que nin se remataban os proxectos, nin se firmaban os anuncios, nin se controlaba nada dese proxecto. Aquel grupo actuaba de cribo. O núcleo estaba nunha sucursal, era máis difícil que inspeccionasen unha axencia de provincias que a central. Ó final acaboume decindo que era a nosa sucursal, e que non ían facer nada porque ó levanta-la manta en Madrid puxeran en alerta ós da sucursal e xa se tomaran as medidas oportunas. Dixo que aquilo ía estar en punto morto uns anos ata que enfriase a cousa e despois volverían ás mesmas. Había varias persoas que actuaban de enlace cós clientes e as axencias. Todos quedaron no paro. A dirección da empresa non sabía desa actividade, por deci-lo dalgún xeito foi unha iniciativa extraoficial. Non era moi difícil sacarlle información, estaba bastante cabreado, e díxome que había unha persoa que se encargara de oculta-los programas básicos e un almacén de clientes e nomes de xente implicada, vamos que era unha mina. Así volvían aquí, en busca do tesouro. A axencia estaba morta, e ninguén quería traballar para eles, collían a quen fose, todos éramos novatos. Non puíden averiguar nada sobre aquel tema porque a inspección estaba moi fresca e era arriscado facer preguntas. Fixen como me dixera o outro, esperar a que se apagase o lume. Entrementres, fun buscando o enlace, parecérame que era Ánxela, porque me soaban os seus apelidos; pero ela nunca estivera en Madrid, traballando quero decir, sen embargo un día falou de que seu irmán si traballaba e

sub

ecomencei a investigar, ó final non resultou ter relación; sen embargo ó ve-lo meu interese por Ánxela resulteille atractivo a Sofia, o que son as cousas, e como ela ten moi bos "contactos" ó final conseguín a información que andaba buscando sen moito esforzo, Sofia estaba ansiosa por compartir todo o que sabía conmigo

- ¿Foi ela a que che dixo onde estaban os discos? - eu

- Non, ela só sabía o que lle contaba Domínguez - Simón - e polo visto eso non llo dixera; pero, contoume que Domínguez en pouco tempo se faría có control porque na central lle debían non sei que favor por cubrirlle-las costas nun asunto turbio. Faloume de que el gardaba certa información na oficina; pero que non lle dixera onde, para eso me quería a min; Berta non se levaba moi ben con Sofia, non a traga, e non sei porque - será cinico - porque non é mala rapaza; o caso é que se había algún documento para localizar na oficina o mellor era pedirlo a Berta, ela sabía onde estaba todo e, se non, sabía como buscalo. Sofia pensou que se llo pedía eu buscaría con máis interese ca se o facía ela. Lembro que ó principio non me parecía boa idea mezclar a Berta, parece estar na lúa pero le o pensamento - ¡coño! - xa sabes ó que me refiro - mirándome - non vexa-lo ridículo que me sentín alí na comisaría, largándolle o rolo aquel e ela insultándome ca mirada, non o pode evitar. Se entraba no seu despacho e lle pedía algo, ela... bueno total agora xa o sabe. Non sei

- ¿E que se supón que fixo Domínguez para zanza-la cousa? - eu

- Non o sei, supoño que agachar informes, destruír información, non debiu ser algo precisamente heroico porque Sofia non me contou nada, e se non mo contou foi porque non o sabía - Simón

- Claro - eu, convencido

- Non me entendas mal, tampouco é que a teña comendo na miña man, o que pasa é que non é capaz de aguantarse, se todo o mundo sabe que se deita con Domínguez é porque o foi pregonando por aí - Simón

- ¿E a ti non che importa? - eu

- ¿O que? - Simón

- Que se tire a outro - eu - non se debes ser unha parella moi liberal

- Xa vexo que Berta che contou a súa teoría sobre Ánxela e mái eu - Simón

- Si, e debe ser certo, porque le o pensamento, xa sabes - eu

- Polo visto ela non mentía respecto a ti - Simón - eu, pensei que era un conto

- ¿Que tal se seguimos có que estamos? - eu - preciso eses disquetes, así que xa te podes ir aplicando

- ¿Que andas buscando? - Simón - ¿de verdade cres que a van colgar?

- Non, claro que non - eu - ¿por que ía ninguén querer colgar a Berta?

- ¿E se non me dá por conseguir eses disquetes? - Simón

- Tranquilo xa se me ocorrerá algo para convencerte - eu - aínda que supoñía que devolverlle a xogada a Fran sería incentivo dabondo

- ¿E se non os ten el? - Simón - Berta tamén se engana, ás veces

- Aquí non se fan as cousas porque o diga Berta - eu, este sempre picándome con Berta - ti fai o que che acabo de decir e non me obrigues a buscar un motivo para convencerte

- Vou comer algo - Simón - non me tomes a mal que non te invite, non me agradaría que me visen contigo

- Agradézoches o comentario - eu, sen entusiasmo - pero sobrava, e por certo a min tampouco me gustas moito; que sexa esta tarde, ¿escoitas?

- Intentareino

sub

- Faino, imos quedar todos máis contentos - eu - ti pensa en joder un pouco ó cabrito ese e o demais virá rodado

Sáin do bar con cen ollos, non deixaba de pensar en que me seguían, non sei quen. Aproveitei a hora de comer para chamar a Berta; seguía durmindo, colleume o pai, non recoñeceu, sooulle estraño o meu nome. Chamei á miña casa para decirlles que non ía comer, non tiña fame. Dei unha volta para despexarme, fun razoando, Domínguez viu a situación desesperada e decidiu aproveita-la ocasión, xa debía estar no allo, argallábase en Madrid e aquí distribuíase; aquí recibían os cartos e entregaban a mercancia, en negro claro, o que non me explico é que farían cós cartos. Nótase que Facenda non anda tanto ó loro como din, eran outros tempos. Fun á oficina e só estaba Santi, Andrea e máis Oso saíran comer, non me recibiu moi ben.

- ¿Que? ¿como foi? - serio

- Creo que ben - eu

- ¿Vaino facer? - Santi

- Eso dixó - eu

- ¿Sabes? jódeme que non me teñas confianza - Santi

- Non se trata deso, actúei sobre a marcha - eu

- ¿Que pasa? ¿só somos compañeiros só para o que che interesa? aquí estamos todos dando a cara por ti, algo merecemos, confías máis en Berta ca en nós - Santi

- Berta tampouco sabe nada desto, sigue durmindo - eu

- Igual era boa idea que a espertases - Santi

- ¿Para que? - eu

- Se este consegue os discos as cousas van cambiar, ademáis ela pode saber se son os de verdade ou non - Simón

- Eso tamén o todemos saber nós - eu

- Vaia, vas moi por libre hoxe ¿hai problemas no paraíso? - volvendo ó de sempre

- Non, ningún problema, só que cantos menos sexamos, máis rápido actuaremos - eu

- ¿Por que andas tan acelerado? - Santi

- Porque se está poñendo fastidiado - eu

- Tranquilo home se Simón se porta, vai cambia-la cousa. ¿Que tal quedou a rapaza? - Santi

- A "rapaza" quedou ben, estaba anestesiada, non sei se asimilaría moi ben a súa situación - eu

- Dame que a ten moi ben asimilada - Santi

- Refirome a que estaba moi pesimista - eu - en realidade as cousas non van tan mal

- Pero se me acabas de decir - Santi

- Bo, é que non sei - recapacitando - vouna chamar

- ¡Ai, o amor! - Santi, vacilando - chámaa, estalo desexando, e dille que veña a ver se nos bota un cable

- ¿Por que todo o mundo fala dela coma se tivese toda-las respostas? ¿atopou a bola de cristal, seica? - eu

- Referíame a que nos botase unha man aguantándote - Santi, rindo

- Se é así, chámoa agora mesmo - eu

Volví a ter aquela sensación de quince anos e pensei cando estaba marcando en que me estaban escoitando, seguramente as miñas chamadas si que as

sub

escoitaban, e sorprendinme ó decatarme de que non me importaba; xa tiña superada a vergoña. Entraban Andrea e máis Oso.

- ¿Está Berta? - eu
- Si, son eu - ela, durmindo
- ¿Esperteite? - eu
- Non, o que pasa é que non me erguera aínda; pero xa estaba esperta - abrindo a boca - ou eso pensaba
- Podías vir ata aquí ¿que che parece? - eu
- Se non é moi urxente vou - ela
- Urxente non; pero non tardes moito - eu
- Bueno farase o que se poida - ela
- Un bico - coño, agora si que me dou vergoña, saiume sen pensar

Ela sorri e colga. Quérote.

- ¿Escoitas? - Santi, e Oso e Andrea mirándome coma se levasen tempo falando connigo
- Que acaba de entrar Fran - Santi rindo - ¡pillalo!
- Está un pouco desorientado - Andrea
- Igual o mordeu algunha vampira - Oso, estano pervertindo
- Que vos vou contar - eu, facendome o interesante - que non vos imaxinedes, e agora unha vez aclarado o meu estado será mellor que sigamos có que estábamos

Fran fora dos primeiros en chegar, estaba falando animadamente con outro que lle chaman Tino. Pouco a pouco foron chegando todos, exceptuando, claro está, ó xefe.

- ¿E Domínguez? - eu
- Hoxe non o vimos - Andrea - tampouco é que se deixe ver moito, vese que o ascenso lle deixou moito campo libre

Simón entrou arrastrando a Fran ó seu despacho. Eso comezou a preocuparnos.

- *"- Non traes ningunha marca - Fran -¿ seica o tigre tiña as unllas sen afiar? - cruce de miradas*
- *Estaba moi tranquilo - Simón, cando te pille - ¿estás seguro de que aquí non hai máis micros que o do despacho de Domínguez?*
- *¿Douche a entender outra cousa?- Fran*
- *Non, non, é que quería estar seguro - Simón*
- *Ti tamén escoítache-lo que nos dixo o avogado, legalmente non, polo menos - Fran*
- *Xa - Simón*
- *¿Que che dixo? ¿Berta xa se suicidou? - Fran*
- *Non te pases, que tampouco lle quererás tan mal - Simón - o que quería era que te convenceses de que me devolvese-los disquetes, para que eu llos dea a el*
- *¿Eu? - Fran, sorprendido - ¿e de onde sacaron que os tiña eu?*
- *Parece ser que te foches un pouco da lingua cando falaches con Berta - Simón*
- *Xúroche que non lle dixen nada do tema - Fran*
- *Pois a da idea é ela, é ela a que pensa que os tes ti, por algo será - Simón*
- *¿E nada máis? - Fran*
- *Díxome que lle contara cómo me enterara da historia esta - Simón*
- *¿E? - Fran*

sub

- *Conteille o das prácticas e que me enterara por un compañeiro e que o resto o saquei de Sofía, o que faláramos - Simón*
- *¿Que facemos agora? - Fran - non lle imos dar uns disquetes falsos, entre outras cousas porque non teño nin idea de como facelos - Fran*
- *Pois haberá que deci-la verdade - Simón*
- *¡¡ Sí, ho!! - Fran - para que o mamón este se volva a escaquear e nos joda a vida, ou peor aínda que nos colgue o morto enteiro a nós, ti ó final traballabas aquí daquela*
- *¿Falaches con el? - Simón*
- *O de sempre, que se lle está esgotando a paciencia e que se non sabemos torear a unha niñata, que non sei que - Fran - vaia xogadaña me fixo a princesa "non era nada" díme a moi cabrona, a ver como lle saco agora o disco antes de que Domínguez nos saque o corazón*
- *Non o ten ela - Simón - teno a poli*
- *¡Non jodas! - Fran - ¿e agora que facemos?*
- *Pódolle decir ó tigre que fixen un trato contigo - Simón - un intercambio de información*
- *Sí, que vai tragar - Fran*
- *En realidade, non nos pode obrigar a nada, mellor eso ca nada - Simón*
- *Non debes estar moi lúcido ¿de veras cres que nos van da-la peza que nos falta e deixarnos libres para utilizala téndonos á súa mercede? - Fran - ti estás mal. Creo que é mellor que lle mandemos a Sofía, Berta di que se vai con calquera, e xa sabes o convincente que resulta Sofía*
- *¿Ti deixarías a Berta por Sofía? - Simón*
- *Non me vin na situación - Fran - era unha idea, xa sabes "máis tiran dúas - Fran*
- *Xa está ben - Simón - por culpa dela estou metido neste, e ti tamén*
- *Por eso nos debería sacar ela - Fran*
- *Sí, como nos axudou antes, chantaxeándonos con decirlle - Simón*
- *Ola rapaces - Sofía - ¿que tal estades?*
- *Non tan ben coma ti - Fran, con sorna - ¿que tal está o xefe?*
- *Largo - Simón*
- *¿Tédelo? - Sofía*
- *Eso a ti non che interesa - Fran - é cousa nosa"*

¡Ai que carallo! non, se ó final o que resultaba menos sospeitoso por obvio vai se-lo culpable, agora é Domínguez

- *¿Do micro de Domínguez que temos? - eu*
- *Pouca cousa - Oso - citas, conversas ca muller e pouco máis, non para moito*
- *Nótase que estes lle avisaron - Santi - está visto que xogar con eles non nos vai levar a ningún lado*
- *Igual non era mala idea que che mandasen a Sofía, igual lle sacabas algo - Andrea*
- *Ti estás tola, sácame os ollos - eu*
- *Tampouco será para tanto - Andrea*
- *Non falaba de Sofía - eu*
- *É decir que realmente pensa que te vas con calquera - Andrea - que ben te coñece ¿pero teslle medo?*
- *Para serche sincero si, máis ca outra cousa no mundo - eu, esaxerando - en realidade non creo que eso nos levase a ningures, pódenos dar calquera cousa e poñer sobre aviso a Domínguez. Polo menos estes dous pringados aínda non lle dixeron moito*
- *¿Daquela que facemos? - Oso*

sub

- Localizar a Domínguez e detelo - digo eu tan pancho
- ¿E de que o acusamos? listo - Santi
- Decimoslle que é para interrogalo por alusións na declaración de Berta - eu - o malo é que vai aproveitar-la mínima para facer desaparece-los discos. Tería que darnos tempo a rexistrar todo, o seu despacho, a casa e todo o que teña, mentres el está na comisaría
- ¿Sen facer chamadas? - Santi - non vai ser moito tempo
- Podemos tentar á sorte - eu
- Podemos - Santi, os mosqueteiros que atacan
- Pois daquela, Oso ti podes ir conseguindo as ordes, Andrea ti vai organizando á tropa, que estean preparados para saír e ti e máis eu - a Santi - a localizar ó suxeito en cuestión
- ¿Decátaste de que se hai un mínimo fallo esto en lugar de quedar en nada vai cara atrás? - Andrea sería - ¿cres que o xefe vai axudar?
- Decir, díxome que si - eu, optimista - veña cruzade os dedos e a por eles - Oso e Andrea marchan
- ¿E Berta? ¿non lle dixeches que viñese? - Santi
- Si, debe estar de camiño; a ver se ela ten algunha idea de por onde se move o tipo este - eu
- Home, o club financiero,... - Santi - podemos ir comezando

E así foi, comezamos a facer chamadas á desesperada por ver se o pescábamos. Conseime de poñer voz de telefonista, Santi estaba máis propio, el interpretaba un papel en cada chamada, pasou de se-lo seu tío ó taxista, do cocineiro ó vendedor do xornal. Dando paus de cego fomos pechando o círculo, polo menos xa sabiamos onde non estaba.

- Ola - Berta, ó abri-la porta - ¿non tardaría moito?
- Nooon - eu, disimulando a alegría de vela - tendo en conta que neste tempo tiveches que resucitar ¿xa tes sangue nas veas?
- Non pretendas que as corte para demostrarcho - ela
- ¿E daquela como mo vas demostrar? - cortándolle o paso e arrinconándoa contra a parede
- Hemmm - ela, cun sorriso entre tímido e descarado - xa se me ocorrerá algo
- Mentres pensas - eu, dándolle un bico - vouche ir dando ideas - e outro - ¿paréceche? - algún máis
- ¡Bo! - Santi ó lonxe - xa me está cargando o meu papel de carabina, que teña que andar detrás de vós todo o tempo, non vexades o que se ri a miña muller cando llo conto
- Xa parecez meu pai - eu, sen soltar a Berta
- Máis ben parecerei o dela - Santi - xa está ben de contos que estamos traballando
- Ola papá - Berta - ¿que tal vai todo?
- Non moi ben, miña filla - Santi - a ver se ti nos trae-la luz
- Case vou seguir durmindo - Berta - estaba mellor
- Moitas gracias - eu, facéndome o ofendido - ¿ti ves? - a Santi - é mellor estar durmindo ca conmigo
- Eso non di moito ó teu favor - Santi - aínda che vou ter que dar leccións
- Non me refería a ti - ela
- Xa - eu
- Vai a paseo - perdendo o humor - ¿que máis pasou?
- Que te enganaches - eu, algo cruel

sub

- Eso tampouco é ningunha novidade - agresiva - ¿e en que me enganei agora?
- Parece que o tal Domínguez resultou máis listo do que parecía - eu
- Seguro que si - con retranca
- Berta - chamándoa a capítulo - falei con Simón

Non podo enfadarme con ela, puxo unha cara de interese encantadora. Conteille toda a historia, non perdía detalle; por suposto non lle contei as palabras de admiración que tivera Simón para ela, nin as de Fran e non puider resistir contarlle o de que pensaban enviarme á superaxente dobre Sofia. A súa cara era un poema, cravoume os ollos buscando indicios de que a min me gustaba a idea de deixarme seducir, de que me vou con calquera como di ela. Vin como se lle inchaba a vea e como desviaba a mirada despois, pensando que ela non tiña nada que facer contra a rainha do sexo. Eu non o entendía, cada día que pasaba, cada segundo que a miraba parecíame máis guapa, máis atractiva, cada vez estaba máis alucinado de que alguén coma ela me mirase como ela o facía. ¿Como podía dudar? Case me arrepentía de que non pasase e poder demostrarlle que non me importaba ningunha outra, a ver se así se lle borraba aquel aire de tristura que a atacaba ás veces.

## Capítulo 17

Ás veces dábame ganas de matalo, facíao adrede, como sabía que me reventaba o tema Sofia, veña a mete-lo dedo. Nótabaseme, e tanto que se me notaba, incluso me pareceu notar remorsos no seu ton, despois, cando nos puxemos a buscar a Domínguez. Non foi moi difícil, unha chamada ó seu móvil e listo. Deixei nos alucinados, bueno máis ben deixei nos cunha certa sensación de inutilidade que tomei coma unha pequena vinganza. Por suposto nin se ía mencionar quen era nin para que quería falar con el, se algo sei de Domínguez é que lle encanta eso de "un amigo dun amigo doutro amigo recomendoume a túa axencia", aínda me lembraba de moitos nomes, nomes de clientes ós que Domínguez non chamaría para confirma-las referencias por resultar un tanto insultivo desconfiar dun amigo dun amigo de fulanito.

- ¿Quen vai falar? – eu, controlando
- Santi - Campos con aquel sorriso da primeira vez - que é o actor da familia
- Modestamente - Santi - son un fenómeno
- Pásao bomba - Cris - tiñalo que ver hai uns momentos poñendo voz de amante segredo
- Hei, hei - Santi - sen pasarse que son un home casado, a ver ¿que lle digo?
- É fácil, canto máis prepotente sexas máis lle real vai parecer - eu
- Non te estarás pasando - Cris, reñíndome - estanos resultando máis listo do que pensábase ¿non che parece?
- Non – eu, rebelde
- ¿Non? - el, mordendo a lingua para non decir ese seguro e sorrindo ó verse descuberto
- Unha cousa é ser un aproveitado e outra ser intelixente - eu, razoando
- Pero para saber aproveitarse algo hai que ter - el

sub

- Moito morro - eu, Santi que ri
- Non lle ría-las gracias - Campos - o que digo é que subestimándoo o único que facemos é arriscarnos
- Xa, xa o sei - eu, tiña razón que se lle vai facer - pero é que me revolve ó estómago o tío ese, ademais é que é así, se o tratas de vostede xa pensa que es un don ninguén
- Humm - Campos, rosmando
- Mira, vin como lle facía descontos ata o nivel de custo a tipos que só fixeron unha campaña con nós por ser amigos de non sei quen e sen embargo ós clientes de de toda a vida exprimeos o que pode - eu
- Como xa os ten seguros - Campos, raro
- Si - desconcertada
- Hai xente que non sabe o que ten - Campos, estraño, cravándome a mirada
- Moi ben - Santi - eu moi prepotente ¿e? porque non me vou poñer "ti cacique dos medios faime un anuncio cojonudo ou avíote"
- Eu referíame a máis ben a ¿Dominguez? ¿que hai? son fulanito, díxome manganito que ti era-lo indicado para desenrola-la campaña que teño en mente, é un proxecto innovador, sen límites. Un proxecto arriscado e valente, algo que deixe pegada ¿entendes? - eu - e a estas alturas Domínguez estará babeando, decindo que si, que ten precisamente o que buscas
- Vouno pillando - Santi - e quedo con el
- Verás como non fai falta - eu - vaite amarrar á mínima oportunidade e se non o fai é que non tragou
- ¡Aha! - Campos - ¿daquela dubidamos?
- Que petardiño es - eu, el que me chisca un ollo
- Aló vou - Santi, facendo exercicios de quencemento coma se fose un ximnasta - ides ver

A verdade é que me deixou alucinada, tiña razón Cris, meteuse no papel á primeira, ata estiven a punto de darlle unha tarxeta e eso que sabía que era un conto. Domínguez, xa o estaba vendo, amarrouno, non lle deixou nin despedirse quedaron en quince minutos nun bar da zona, do que Santi non me dixo o nome, seguindo instrucións de Cris. Mosqueoume pero eles saberán o que fan, de todos os xeitos era información que non me incumbía; vamos, que me picaron de carallo. Segredíños, segredíños. E case se me escapa.

- ¡Santi! - nin me decatara
- ¿Que? - xa case saíndo pola porta
- Non podes ir así - eu
- ¿Por que non? - Cris - ¿que lle pasa?
- Que parece un poli - eu, saíume sen pensar
- Vamos, eso dilo ti porque o sabes - Santi - ¿en que se nota?
- Temos quince minutos, queredes deixarvos de mamonadas - Cris, dos nervios - ¿que ten que cambiar?
- Os zapatos - eu - e a chaqueta, e, se pode ser, o pantalón
- ¿E non terei que cambia-los calzoncillos tamén? - Santi, de coña
- Se non os cambiaches pola mañán deberías - Cris - aí que carallo ¿e agora que facemos? ¿que lle pasa ó pantalón?
- Demasiado cómodo - eu
- Se tiveses que - Santi
- ¿Ves? - eu

sub

- Igual ten razón ¿e se mercamos un traxe? hai moitas tendas por aquí - Cris - ¿canto nos pode custar?
- Como o elixa ela, unha pasta - Santi
- E como o elixas ti, non vai valer - eu
- Veña imos, e paramos na primeira que nos cadre de camiño - Campos - andando ¿ti tes unha idea clara sobre como debe ser?
- Máis ou menos - eu
- Mátaa - Santi - esta o que quere saber é onde quedei có seu amorciño
- Santi ¿a que che elixo unha camisa rosa? - eu
- A min non me ameaces - Santi
- ¡Aquí! - eu - Caramelo sempre é moi socorrido
- Como eu son tan doce - Santi - ¿esto pagaránno-lo, digo eu?
- Se non, xa tes traxe para a comunión da afillada - Cris - ti vai elixindo o traxe, nos imos merca-los zapatos
- Que sexan discretos, de vestir; pero que non se note - eu, indo de entendida
- Temos dez minutos - Santi
- Aquí abaixo hai unha zapatería que está moi ben - Campos - vimos de seguido

Eu entrei, e fun mirando. Os dependentes non me quitaban ollo, moi educadamente; pero controlando. Había cada un que quitaban o sentido, e eso que a min non me gustan nada os tíos de traxe. Vin de pasada un que me encantou, pagaría por ver a Cris dentro. Centráte nena, céntrate. Decidínme por un gris escuro, que serve para todo. Chegaron de seguido, cóos zapatos na man, moi ben de pel de revés, ideais. O primeiro que fixeron os dous foi mira-la etiqueta, algo que se me pasara por alto. Miraron un para o outro e non puxeron moi mala cara, menos mal. Probouno, e quedáballe bastante ben, en lugar de facelo máis serio aínda tiña máis pinta de guasón, dáballe aire de rico excéntrico. Mirámo-lo e remirámolo de arriba abaixo unhas cen veces para comprobar que non había nin etiquetas, nin sinais de que o traxe estaba ó deireitiño do paquete. Vovemos ó coche e engurrouno un pouco, rascou as solas dos zapatos, có cepillo das alfombríñas e xa case listo.

- Parezo outro - Santi - aínda me ides ter que tratar de vostede
- Tiñas que velo o día da boda - Cris, contándome - a súa muller case non o reconecía
- Nin que ti vestiras tan ben - Santi a Cris - e ti - mirándome - moito criticar, pero non hai quen te saque dos vaqueros - mirando de esguello a Cris
- É que eu con calquera cousa que poña - eu
- Si, muller, si - Santi - se ti es feliz así por min que non sexa. Deixádeme aquí. Tratarei de entrete-lo o máximo posible e cando non o poida conter máis lévoa á comisaría. Chámote
- Se atopamo-los disquetes antes, xa te avisamos - Cris
- Non caerá esa bévera - Santi - espero que teñas razón - mirándome
- Eu tamén - sinceramente - sorte
- Calquera cousa - Santi - os artistas non a precisamos - mentres marchaba
- Pasa para diante - Cris - que non me gusta ir de taxista, mirao vai feito un pincel
- ¿Non sería moi caro? - mentres me sentaba
- ¿Tes remorsos? - Cris
- Si - eu
- Que ía ser - Cris - é un agarrado, estaba pensando en leva-lo traxe da boda á comunión, a el dámoslle un desgusto; pero a muller aínda nos vai invitar a cear, que cho digo eu

sub

Volvemos á "oficina", baixamos do coche, estaba Andrea esperando con Oso. Cris deixoume saíndo do coche e foi falar con eles. Ela ensinoulle un montón de papeis, el colleu un, e veu cara min.

- ¿Apetéceche volver ó teu antigo traballo? - Campos  
- Non - eu  
- ¡Mala sorte! - Campos rindo - ¡tocouche! vós ides á súa casa - cara Andrea e máis Oso - ¿xa te-los outros en posición?  
- Si - Andrea - agardando ó sinal  
- Pois adiante - Cris - o primeiro que os atope que te avise e ti chamas a Santi, nos imos arriba, e se están aí xa te chamo. ¿Teñen todos as ordes?  
- ¡Joder, tío! - Andrea - ¿a ti que che parece?  
- Veña, dá o sinal - Cris

Parecíame estar vivindo unha película, sentínme Laura Holt. A un sinal de Andrea sairon de ningures media ducia de persoas, eles dous metéronse nun coche e marcharon. Estaba alucinada polo que pasaba ó redor. Subín arrastrada polos demáis. Ninguén falaba. Entramos na oficina. Cris levaba o papel na man, daba ordes en silencio. Dous na porta. Despacho a despacho traede a xente á entrada, mans á vista, silencio, miradas cruzadas. Ánxela mirábame sorprendida, divertida, con curiosidade. Ela foi a única que parecía apoiarme. Fran asesinándome, Simón baixando a cabeza; os demáis alterados, sen saber. Tino actuaba como se xa o tivese previsto, como se xa soubese o que íamos facer. Claro el sempre o sabía todo. Junior montou o número de non hai dereito.

- Esto é unha orde de rexistro - Cris, serio - léaa - espetándolla nos fuciños

Ordeou comeza-lo rexistro. Cada un parecía ter moi clara a súa misión, menos eu, a de sempre, na berza.

- Ven conmigo - Cris - ¿onde está o teu antigo despacho?  
- ¿Se te pode axudar en algo? - Sofia, a "servicial"  
-Si, claro que pode - Cris, serio - quede aquí cós demáis, quieta e calada - Ánxela tiña un sorriso de victoria, eu tamén  
- É aquela porta - eu  
- Tiñas razón - Cris, entrando - de despacho non ten moito ¿non tes claustrofobia? ¿como te apañabas?  
- Abría a fiestra - eu  
- É certo, xa me lembro - seguía serio - ¿por onde comezamos?  
- Non creo que estean aquí - eu  
- Por unha vez - cravándome os ollos - por unha vez ímoslle facer caso seguir á miña intuición ¿paréceche?  
- Ti mandas - sen intención, estaba moi serio - a caixa dos disquetes estaba aquí

E seguía alí. Mirámo-los un a un e non estaban, como ían estar. Fíxome repasar un a un todo-los meus movementos desde a última vez que os vira. A verdade é que xa non me lembraba moi ben. El estaba na esquina mirándome coma se mirase unha obra de teatro e volvía a ter aquel sorriso que me derretía. Non chegamos a ningures.

- Haberá que revisar todo - el

sub

- Ti comeza por ese armario de aí - eu - a ver se todo está coma antes
- Parece que si, a caixa dos disquetes aínda estaba onde a deixaras - Cris
- Si, é certo - pareceu sorprendido de que lle dese a razón, e eso que a tiña
- ¿Sabes que me dou por pensar? - Cris doce
- ¿Que? - disimulando
- Que ninguén colleu eses disquetes, que os extraviaches ti - Cris
- Vaia, gracias home ¿pódese saber que me estás chamando? - eu
- Despistada, eso é o que che estou chamando - sorrindo - tes demasiadas cousas na cabeza, é loxico que se che escapen algunhas - mirando as carpetas
- ¿Si? ¿que cousas? ve-la maneira de pasa-lo tempo sen facer nada - eu, que o de xenio despistada faciame moita gracia cando o decía eu; pero non escoitallo a ninguén
- Daquela estabas ordenando esto, e igual - Cris
- Tamén pode ser - eu
- Non es perfecta, Berta, ninguén o é, deberías asumilo, serías máis feliz - este de que vai, que eu son moi feliz, e ademáis perfecta - e por eso te quero, porque aínda teño algo que ofrecerche - sen mirarme - se foses tan autosuficiente como pretendes ¿que sería de min?
- Eu non pretendo ser autosuficiente - mentireira
- Eso merece un "¿seguro?" - rindo

Eu tamén rin, este sempre me ven con estas cousas nos peores momentos, é que me desfai, cada vez estou máis colgada. Puxen as mans na primeira carpeta e foi como volver meses atrás. Alí controlaba eu. El mirábame, supoño que sorprendido de comprobar que facía algo ben. Acendín o ordenador, por se os atopábamos. E veña carpetas, a respirar pó.

- ¡Na miña casa! - veume de súpeto
- Non, alí non estaban - Cris
- ¿Entre os papeis que levei, nos libros? - eu
- Non, por eso pensei en que podían estar aquí, se os estraviaches tivo que ser antes ¿lembras? - Cris
- É certo, cando os quixen ver xa non estaban - eu - gracias por ese se
- ¡Apura! - Cris

Que apurase, eu xa vira o dobre de carpetas ca el.

- Aquí hai un motín - un dos axentes
- Vou - Cris - ti sigue e, polo que máis queiras, atópaos, sei que están aquí, fahme caso

Asentín ca cabeza, volvía ter o ton do coche, que lle vou facer, fãiseme irresistible. Unha tras doutra. Unha tras doutra. Parei e mirei na mesa, por se estaba levantando pesos sen necesidade, non demasiado fácil, alí xa non quedaba nada. Collín outra, xa non me fixo falta abri-la, estaba mal pechada e caíu todo no chan. Quérote. Sairon disparados decindo aquí estamos. Crucei os dedos. ¡Si! ¡Si! ¡Si! gracias Deus por ser tan bo conmigo ¡quérote!. ¡Cris es un xenio!. Saín disparada coma se me fose a vida nelo. Todos se me quedaron mirando. Ánxela tiña cara de circunstancias; Fran o invencible e Junior, o duo dinámico. Simón xa erguía a cabeza. Puxen os discos no bolsillo de atrás sen que se notase. Sofía colgada de Simón. Mellor dese descerebrado que de Cris, Ánxela prométoche que para a próxima non me meterei onde non me chaman, sintoo, ti si que es unha rainha. Os

sub

compañeiros de Cris derrotados, sen ánimo. ¿E Cris? Vino sentado na mesa de Sofía mirando pola fiestra. Fun preparándome para que me dixese que veu un extraterrestre a decirlle que pola miña culpa se extinguira o seu planeta.

- ¿Que pasou? - eu

- Ven - el - este debería se-lo teu despacho, vese á xente pola rúa, dache a luz do día, así non terías esa cariña branca que tes - mirándome con dozura, eu ó seu lado

- Gracias - eu, acojonada, cando comezaba así sabe Deus o que tiña que me decir - pero...

- Pero - el - o cabronazo ese chamou ó papaiño sen que nos decatásemos

- ¿E? - pensando en que máis nos tiña

- E que Santi o levou para a comisaría, el chamou ó seu avogado e a estas horas xa eliminaría os discos, ou xa os cambiaría de sitio, ou eu que sei; todo para nada

- Bueno, Cris - eu - non sempre vas ter razón - sorprendido - porque se ademáis desa pinta de chulo castigador que tes, tiveses sempre a razón ¿quen te aguantaría? ¿que sería de min, onde cabería eu?; pero ¿sabes que?

- ¿Que? - el

- Que esta vez non pode ser - eu

- ¿Que non pode ser o que? - enfadado

- Que caiba eu - perdendo os nervios - porque non sei se terás sitio para os tres - sacando os discos do bolsillo - tiñas razón, estaban nunha das carpetas

Pasoume o brazo polas costas e cun sorriso encantador botouseme enriba . Comezou a bicarme cunha mezcla de paixón descontrolada e alegría infinita. Vinte quérote polo medio e non puideren conte-las bágoas cando me decatei de que o decía en serio. El que me abrazaba, e me acariñaba. Incorporámonos e limpoume as bágoas, eu paralizada. El tamén se emocionou, vino, vino case chorando, e volvíume a abrazar.

- ¿Imos? - el, seguro

- Si - eu

Todos mirándonos, os meus antigos compañeiros tiñan cara de sorprendidos; pero a cara dos compañeiros de Cris aínda era mellor. El levaba os disquetes na man, erguíunos con aire victorioso.

- Rapaces, bo traballo - os compañeiros aínda máis alucinados - atopamo-lo que viñemos buscar, e ademáis levamos propina. Imos deter a este cabaleiro por obstrucción á xustiza - sinalando a Junior - e o resto que se manteña localizable

Pasei a carón de Ánxela, e doume unha aperta; pero que boa xente é. Nos descansos das escaleiras había moito curioso, e á saída do edificio tamén. Ás veces sorprende ver como eso de que as noticias voan é certo. Baixaba falando con Andrea, díxolle que chamara a Santi e un "que lle poña as pilas a ese cabrón, témo-los disquetes", que metía medo. Recuperou o sorriso e miroume.

- ¡E-la hostia! - dime

- ¿Por? - eu - foches ti o descubriu onde estaban, o mérito é teu, eu non fixen máis que lia-la nobelo, e de que maneira, ata me sorprendo eu mesma das que armo

- Agora ven o peor - el - pero non creo que teñas moito problema, canto máis difícil o tes mellor che vai, así que sigue coma ata o de agora - rindo - e-la hostia

sub

- Bueno, eu sigo decindo que se ti non o dis nin se me ocorrería mirar no meu despacho; xa decía eu que Dominguez moi listo non era, claro que a min tampouco se me ocorrería, ¿e a ti como che veu a inspiración? - eu
- Esa pregunta ofende - el rindo, non paraba
- ¿Ese semáforo non estaba en vermello? - eu
- Si; pero é unha urxencia - Cris
- É certo - eu, concienciada - a ver que sae ó xunta-los tres discos, morro ca curiosidade
- Non - el seguía ó seu - o que é unha urxencia é chegar antes cos outros ¿non morres por ve-la cara de Santi cando lle digan que nos marcamos un revolcón diante de todos? - e despois digo que a min se me vai, este si que está mal - ¿imaxinalo, de punta en branco, tan digno, tirándose dos pelos? - el que ri
- Máis ben imaxinoo tirándonos a nós dos pelos - eu
- É de coña - el - o de meterse con nós é de coña
- Xa - eu
- O principio non; pero agora si - el - despois do golazo que acabamos de marcar ¿quen nos tose?
- ¿Non estás sendo triunfalista de máis? - eu
- ¿Por? - el
- Non sei ¿e se non teñen toda a información que precisamos? - eu
- Da igual, Berta - el - dá igual o que teñan, o que importa é que o podemos conseguir, que aínda que traten de atrancarno-lo camiño sempre imos atopar-la saída
- Estás moi ben cando estas contento - eu
- ¿E que teño que facer para ver como estás ti cando estás contenta? - Cris
- Xa estou contenta - eu
- ¿Agora? - finxindo sorpresa - parece inglesa, miña filla - Cris
- ¿Que o dis, polo acento? - eu
- Si por eso precisamente, polo acento - el - vouche dar eu a ti acento - e sigue conducindo coma un tolo, sería unha sorte que chegásemos ¿e para isto gastan tantos cartos en anuncios os de tráfico?

Chegamos por fin, era o noso día de sorte, sans, a salvo, e sen causar danos; algo certamente sorprendente. Había unha pila de xente agardando; o resto dos que interviron non estaban tan eufóricos coma Cris; pero ben se lles notaba que tiñan a alegría no corpo. Veu Andrea.

- ¿Haberá que felicitarte? - a Cris - tiñas razón. Xa aviso a Santi, ou mellor pasa ti
- Non, imos ver primeiro o que teñen os disquetes - Cris, serio - antes de facernos demasiadas ilusións - vaia sorpresa
- Si, home, si - Andrea - venme ti agora con disimulos, na oficina non estabas tan serio - de vacile
- ¿Santi sábeo? - Cris, o trasno
- Non - Andrea - non íamos entrar aí dentro a contarllo, tes cada cousa
- Pois que ninguén llo conte ata que ela máis eu esteamos diante - non hai seriedade ningunha - non nos estropeede-la festa - berrando

Eu sentinme un pouco non sei como, vaia situación embarazosa, todos miraban ó ligue de Campos.

- Berta - Cris - fasmé o honor - este toleou de todo

sub

- Mellor síguelle a corrente – Andrea, que me debiu notar fóra de sitio - mercedes un momento de gloria  
- Cruza os dedos desconfiada - Cris  
- ¿Por que desconfias? - Andrea  
- Por medo, supoño - eu - se non sirve de nada estou morta  
- E eu contigo - Cris - ¿ou pensas que e-la única que ten algo que perder?  
- Non - ¿por que me rifa?  
- Para min que non se refire preciasamente ó seu traballo - Andrea en voz baixa - alegra esa cara muller

Sacou os discos do bolsillo da chaqueta, doullos a Sonia, que tiña o disco verde, estábamos todos agardando o premio gordo.

- ¿Como sabía Fran o que tiña o disco? - eu, sen decatarme  
- ¿Ensinariasllo ti algunha vez? veríao, eu que sei - Cris  
- Nunca llo ensinei, e non o puido ver porque non sabía onde estaba ¿non? - eu  
- ¡Mira que es pesada! ¿queres saber cómo é que Fran coñecía o contido dos grandes éxitos? - el - pois nada, haberá que peguntarllo, alguén que me traia a Fran inmediatamente

Pensei que me vacilaba pero saen varios axentes pola porta.

- ¿Máis tranquila? - el - ti pide, pide por esa boquiña que aquí estamos para eso - nun ton que non sabería calificar  
- Berta - Sonia - ven

Senteime ó seu carón, explicoume non sei que cousas de bits, backups e moitas cousas máis que rimaban con estas. Dixome que estaba pasando os discos ó disco duro do ordenador a ver que pasaba. Non pasou nada. Tiñan o mesmo que tiña eu na oficina, un montón de xeroglíficos indescifrables. Seguro que resultaba que o dos discos e a información segreda e toda esa carallada era algo parecido o das meigas, habelas hainas; pero onde aínda ninguén o sabe. Sonia teclaba desesperadamente, buscando, non sei o que. Eu fría. Campos que me miraba. Silencio, silencio. Sabíao, merda. Erguinme e empurrei a silla contra a mesa, precisaba romper algo. Ninguén decía nada. Sonia desiste.

- ¿Como o fixeches? - eu seria, violenta diría  
- Como che expliquei - Sonia  
- ¿Cal meteches primeiro? - coma se eso me dixese algo; pero tiña que falar, non aturaba aquel silencio tenso  
- Este - Sonia, dándome o disco que ten a data máis antiga  
- Deixamos todos ¿podes borra-los do disco duro? - eu, falando coma se soubese de que  
- Si, claro - Sonia - ¿queres que o faga?  
- Si, imos comezar de novo - eu  
- Miraos - Cris, preocupado - ¿son os mesmos?  
- Si, tranquilo, son os mesmos - eu, dándolle a razón, tranquilizándome, eran os de verdade, mirara tanto aqueles disquetes cando pensaba que eran de contabilidade que os coñecía ó milímetro, as raias que lle facía có boli cando me poñían dos nervios. Cris tiña razón, o problema non estaba nos discos - a ver se entre todos razoamos un pouco, eu sempre cerrellei nestes dous, metíao no ordeador - ¡hostia! - ¡por eso o coñecía Fran!  
- ¡Copíache-los no disco duro do ordeador! - Cris

sub

- Debe ser - eu
- Se algún día sacache-lo disquete sen pecha-lo, si - Sonia
- Pois daquela déboo ter copiado unhas cen veces porque non sei como se pecha - eu, que burriña son
- ¿E o verde non?- Sonia
- Ese é distinto, si que sei como abri-lo e pecha-lo - eu
- Menos mal - Cris, vacilándome
- Si, menos mal - eu, pasando del - daquela, se eles tiñan estes copiados do meu ordeador
- Non lle valían de nada - Sonia - son como o verde, a copia non funciona, polo sistema de seguridade
- E polo que se ve o orixinal tampouco - non sei quen
- Algo estamos facendo mal - eu - o descodificador é o verde, imos comezar por este a ver que pasa
- Vale - Sonia
- ¿Que esperas que pase? - Cris
- Que nos diga os pasos a seguir, coma cando fixen
- Xa todos sabemo-lo que fixeches - Cris, interrompendo - dalle

Abrimo-los primeiros arquivos, estaban como os lembraba; pero aquilo non nos valía de moito para o que estábamos facendo. Abrimo-lo último, lembreime ó velo, estaba en branco.

- Cando non está de ser, non está - Oso - ¿que lle imos facer?
- ¿Podes mirar se había algo e se borrou? - eu
- Non, eso só funciona no disco duro - Sonia
- ¿Si? - eu
- Eso creo - Sonia
- Estamosche ben - Andrea - vaia inxeneiras informáticas
- ¿Queres facelo ti? - Sonia, picada
- Da igual - eu - non é importante, seguro que xa é así
- Claro - Andrea vacilando
- ¿Enganeime eu algunha vez? - eu
- Nunca - Cris - ti, nunca
- Porque son perfecta e nunca me engano - eu
- Exactamente - Cris
- Agora collemo-los discos e metémolos - eu, a Sonia
- ¿Cal primeiro?- Sonia
- O que meteches antes de primeiro - eu - ese - Campos que se ri - ¿e a ti que che pasa?
- Nada, que parece que sabe-lo que estás facendo - Cris
- E non vou saber - estábame recuperando, podía sentir, como a forza do universo me apoiaba, é que se me vai
- ¡Joder! - Andrea que asoma por entre nós - sode-las mellores

Sentín a man de Cris no ombro, mireino e sorría.

- Así se fai, así - Cris

Agora xa non había símbolos, nin xeroglíficos. Podíase ler claramente. Sonia sorrindo.

sub

- ¿Sabes de que vai? - Sonia
- Creo que si - eu
- Se ela o cre - Cris - haberá que facerlle caso

Sonia ponse a un lado e déixame o ordenador. O primeiro que aparecía era unha especie de licencia de uso, unha limitación de acceso. Unha lista de nomes, ordeados en función dalgún criterio aínda descoñecido. Tiñan no lado dereiro un sinal, non era o mesmo para todos, non era orde alfabético. Unha chea de empresas e persoas físicas, teléfonos de contacto e unha palabra á esquerda, un código de contacto supoñía. Seguín avanzando. Nomes de campañas, unhas en negro e outras en vermello.

- ¿Ves algo que che resulte familiar? - Cris
- Si - eu, el sorprendido - as de negro son as legais
- ¿E eso como o sabes? - Oso
- Porque para eso me traguei todo-los arquivos da historia da axencia - eu
- Ó final, non hai mal que por ben non veña - Cris, cómplice
- O resto non sei que é - eu
- Sigue, que vas moi ben - Cris

Vaia cantidade de nomes, a maioría só tiñan anotacións en vermello. Aquelo metía medo, que estiveran facendo estes có noso cerebro. Debía haber máis de cen nomes. Cando cheguei ó final o mesmo programa mandaba inserta-lo segundo disco. Así o fixemos, e alí estaba, a contabilidade completa, datas, movementos financeiros, nomes, todo. Ó milímetro. Non me estrañaba que andivesen detrás daqueles discos coma tolos. Cando Domínguez se entere de que se lle acabou o choio vaille dar algo. Sumerxinme na información que saía da pantalla e desconectei do demáis.

- ¡Esto é moito! - eu, falando soa - mira ti onde metían os cartos os meus pobres

Miles de cabezas sobre os meus ombreiros.

- ¿Onde? - Cris
- Aquí - eu
- Joder, contas numeradas - Cris - ou sexa que xa podíamos repasar contas e impostos que non os íamos pillar
- Á forza a contabilidade non reflexaba nada - eu
- Pero seguro que xa non existen - Andrea, nos que a miramos estrañados - ¡veña! ¿de verdade credes que non cambiaron os cartos de contas cando os colleron?
- A verdade... - Cris - moi lóxico non sería
- ¿Como que non? - eu, ofendida de que lle quitasen mérito ó descubrimento e buscando unha explicación que parecese lóxica - pensadeo ben - ganando tempo - se están aquí anotado-los números por algo será - moi ben Berta, vas por bo camiño - non o sabían, aposto a cabeza a que non tiñan nin idea de cales eras as contas
- Claro - Cris, escéptico - ¿e daquela quen facía os movementos? xa sabes, alguén tiña que transferi-los cartos a esas contas, non creo que fosen os clientes directamente ¿non che parece?
- ¡Pois hai que ser ben gilipollas para deixar anotado-los números de contas, vamos!

sub

- Eso tamén é certo - Sonia - ¿que os puxeron aí, para que recollese os cartos o primeiro que os vise?
- Terían que levar un control do que facían, non o deixarían todo ó azar; pero eso non quere decir que ninguén soubese nada exceptuando a persoa que fixo este documento - Cris
- ¿E se Domínguez só ía detrás dos cartos e lle importaba unha merda o de volver a poñer en marcha o proxecto?- eu, mosqueando
- ¿Que? - Cris - teslle unha manía a ese tipo; pero a ver Berta, esto estaba na súa oficina, el sabía o que había aí dentro, e ademáis ¿para que ía montar ese grupiño especial de cerebros? ¿para buscar uns números de contas? tampouco creo que el sexa incapaz distinguir un número de conta
- Bueno e se - eu
- ¡Sonia! - Cris - mira se podes localiza-las contas esas, porque acabamos antes que discutindo con esta - mirándome - e se por enriba ten razón, quen a aguanta
- Así que según ti - Andrea - o tal Domínguez montou todo esto para conseguir uns cartiños
- Ou para non perdelos - eu
- Muller, eso aclarao todo - Andrea
- Se as contas están en pesetas teraas que cambiar, polo do euro - eu - bueno eu que sei, non teño nin idea de como funcionan os paraísos fiscais - ó meu

Cando mirei para eles parecían facerme caso, coma se o que estaba decindo tivese sentido.

- Deixou o tema aparcado esperando un momento mellor - Cris - e de súpeto decatouse de que se lle viña enriba o cambio de moeda e puxo en marcha o dispositivo de busca
- E claro, un día gardou os disquetes - Andrea - eso si, onde os puidese coller calquera, e claro esquencéuselle onde e mandou tres víboras a buscalos, en lugar de ir el mesmo ó seu despacho a collelos
- Igual el non sabía onde estaban - eu - igual non era el o que levaba este tema
- ¿E por que lle cargaron o morto daquela? - Cris
- Porque debía ser das poucas persoas que tiña tan pouca idea do que estaba pasando, que non podían pillalo, e como é un pelota seguro que aceptou encantado - eu
- Pasa dela - Cris a Andrea - non hai quen lle quite da cabeza que Domínguez é un babeco
- ¡Que carallo facedes aí! - Santi, enfadado - ¿canto hai que chegáchedes? ¿pódese saber por que non me avisastes? o tipo este non fai máis que decir que quere ve-lo seu avogado e eu xa non sei que decirlle
- Que o vexa, que o vexa - Cris - que lle vai facer falta, e que chame outro para o seu fillo
- ¿Que pasou? - Santi, curioso - ¿atopounos?
- E non os había atopar - Cris - a rapaza eche un fenómeno - coma se eu non estivese alí - que faga esa chamada

Unha axente que estaba alí de pé marcha e despois sae con Junior para face-la chamada. Levouno de volta, non me viu. Pola porta entrou Fran, vaia, agora xa non facía moita falta.

- ¿Que facemos con este? - Cris, a min
- Desde cando lle hai que preguntar a ela - Santi - ¿seica dou un golpe de estado?

sub

- Tes razón - Cris, indo cara Fran

Non sei que lle dixo; pero Fran non tiña moi boa cara e mirábame coma se fose a persoa máis cruel do mundo. Levárono para a sala onde estaba Junior

- Que se vaian poñendo dacordo - Cris a Santi que lle preguntaba ca mirada

- ¿Así que o rexistro foi ben? - Santi, o "inocente"

- Si, moi ben - Cris, facéndose o interesante

- E tanto - Andrea, que xa non aguantaba - disque houbo quen se pegou un revolcón ca alegría e todo

Non fixo falta decir máis nada, Santi acendido de non sei, cólera, non paraba de mirar a Cris, despois a min

- ¿Diante de todos? - Santi

- Disque si - Andrea

Víasele o sangue correr cara o cerebro, Cris que gozaba cada segundo, eu que non sabía onde meterme; non podía evitar sentirme incómoda, en resumidas contas era a miña vida, porque decir que era a miña intimidade era un pouco excesivo dada-las circunstancias

- No medio e medio da oficina - Santi, a Cris - non me digas máis

- Non, home - Cris, botando leña - no despacho de Sofía, que ten un ventanal tremendo, así tamén nos viron desde a rúa

- Claro - Santi - e porque non había unha camara de televisión preto que se non...

- Foron as vibracións do despacho - eu, por decir algo

- Xa - Santi - non, se van acabar alugándoo para luas de mel - rindo xa

- Veña, tío - Cris - que foi pola alegría de atopar-los disquetes

- Quero supoñer que eso foi despois de que te chamara - Santi

- Si, ¿por que o dis? - Cris

- Porque como os atopases antes e non me dixeras nada mástote - Santi mirándome

- tiñas que ver con que voz se despediu desa chamada, así como de tigrño ferido - vacilando

Entrou o avogado de Domínguez e veu directamente cara min, Cris cortoulle o paso e levouno cara a sala de interrogatorios con Domínguez. Santi foi con eles, pouco despois saíu Cris.

- En canto saibas algo desas contas avísanos - a Sonia - o resto podeades marchar, ti non - a min - queda por aí que nos vas facer falta - coma se fose a roda de reposto

Marchou sen agardar resposta, recolliu a Junior e Fran e levounos con el.

Nin sabía que hora era, resucitei cando Sonia me veu decir que atopara as contas, eran dun banco moi coñecido deses que poñen moitos anuncios na tele, estaba agardando un fax ca comunicación sobre o saldo. Á pobre non lle fixen nin caso, volvinme tirar no banco e seguín durmindo. Escoitei algo de barullo; pero nada perturbador. Espertei porque me faltaba o aire.

sub

- ¿Estás viva? - Cris - xa comezaba a dubida-lo, levo media hora intentando espertarte e ti nin caso

Eu desorientada, entre que trataba de volver respirar con normalidade, que non me lembraba de onde estaba e que a voz de Cris me soou demasiado forte para o que podía soporta-la miña pobre cabeciña.

- ¡Veña! - Cris - que tampouco foi para tanto - sentíndose culpable - foi unha medida desesperada

Eu que non tiña nin idea do que falaba.

- Mira que se lle deixache-lo cerebro sen osíxeno moito tempo - Santi

- ¿De que vas?- Cris - só foi un segundo de nada

- Si, eso é o que che parece a ti; pero mira como a deixaches - Santi - a tía ten claustrofobia, mira que se che queda así para sempre

- Vai raña-la - Cris - ca actividade cerebral que ten tipa esta aguanta un mes sen aire

- ¿E eso canta é? - Santi - ¿moita ou pouca?

- Moita - Cris - venlle ben un frenazo de cando en vez

- Calaredes - eu

- ¿Ves como non lle pasou nada? - Cris

- Ide á merda - eu, dando a volta a ver se me deixaban tranquila

- Ten mal espertar - Santi - que chungo

- ¿Mal espertar? - Cris - vas saber ti o que é ter mal espertar

Sinto que me colle pola cintura e que me leva en brazos, non era unha sensación desagradable así que eu seguín medio durmindo. Ábrese portas, unha máis, agora facía frío, ruído de auga... ¿chove? ¡chove! abríñ os ollos, aquilo parecía máis ben un vestiario, ¡un vestiario!, ¡unha ducha! púxenme en pé de seguido non é que me desguste ducharme, todo o contrario; pero dábase no corpo que aquilo era auga fría. Pero volvíñ sentar, o de sempre, a tensión, ou o que sexa.

- ¿Ves? unha ducha fría - Cris - eso si que é espertar mal

Mirándoo con cara asesina, porque a falar non daba.

- ¿Paréceche mal? - Cris - pois din que é moi san

- Pois dúchache ti - eu, que xa collía azos - que e-lo que está contaminado

- Tranquila fera - Santi - que o tigre é el, por certo, ti o do salto do tigre tíñalo dominado ¿non?

Cris que lle mete un puñetazo nas súas partes.

- Largo - Cris

- ¡Si, ho! - Santi - e perde-lo número erótico do día, xa perdín o de onte

- Non vai haber número ningún - Cris

- Ti engásme - Santi, marchando - seino

- ¿Que hora é? - eu, a ver se calaban

- As cinco da mañán máis ou menos - Cris

- ¡As cinco! - eu - ¿e para que me despertas?

sub

- Temos que falar - non sei se serio ou enfadado, aínda non estaba moi lúcida - mellor será que te refresques un pouco, non estás moi espabilada que se diga  
- Gracias home, eso é precisamente o que me gusta escoitar ó despertar - eu  
- Lava a cara - erguéndome por un brazo e arrastrándome a unha das piletas - con auga fría  
- ¿Estás de coña? ¿queres que me dea algo? - eu  
- Berta - Cris - ¡desperta dunha vez ! - enfadado, sen dúbida  
- ¿Que saíu mal agora? - eu  
- Nada - Cris - deso temos que falar

Nin sequera sentín o frío da auga, espertei de súpeto, carallo se espertei.

- Así que chegou o momento de pagar - eu, con filosofía

El non decía nada.

- Bueno, véndolle o lado bo, xa non se alonga máis esta agonía - eu

El non falaba.

- ¿Vou ir ó cárcere? - eu - supoño, claro  
- Eso dincho arriba - el - eu non son quen  
- Ai, ¿non es quen? - eu - pois se non es ti, non sei quen vai ser  
- Xa cho din arriba - el - agora quero falar doutra cousa  
- Pois espero que sexa algo importante, porque non me parece o momento - eu  
- Si que é importante - el - ¿estás esperta de todo?  
- Fresca coma unha rosa - eu  
- Gracias - el  
- ¿Gracias? ¿por espertar? - eu  
- Por todo - el  
- ¿Todo o que? ¿vante ascender? - eu  
- Non me botan e dou gracias - el  
- Xa case me afixera a esta situación, ¿cres que aprobaría as oposicións? este traballo éche moi interesante - eu  
- Es moi baixinha - Cris  
- ¿E eso non é moi discriminatorio? seguro que é anticonstitucional - eu  
- Ademáis o de ter antecedentes non creas que che vai axudar moito - Cris  
- Non sei porque, ó final coñezo as dúas caras da moeda, debía puntuar dobre - eu  
- Cala - Cris  
- Non me dá a gana, moito che gusta mandar - eu  
- Cala e bícame dunha vez - ¡a hostia!  
- Que romántico - eu  
- Para que despois todos digan que es moi caladiña - e bícame el, e abrázame forte, moi forte, e doume por chorar, xa me parecía un mal costume - tranquila, tranquila - el cariñoso - heiche mandar unha lima dentro do bizcoito - toleou  
- Non era eso o que esperaba escoitar - eu  
- ¿E que esperabas logo? - el, de cachondeo  
- ¿Quérote ou algo así? - eu  
- ¿E se non te quero? - el  
- Esperaba que si - eu  
- ¿Non será moito esperar?, xa sabes, como me vou con calquera - con sorna  
- Non - eu

sub

- ¿Non que? - el
- Que non é moito esperar, ¿se te vas con calquera porque non vas vir connigo? - eu
- Porque ti non es calquera, Berta, ti non es calquera; é motivo dabondo ¿non cres? - Cris
- Ti saberás - eu que comezaba a agobiarme

## **Capítulo 19**

Tratei de non poñerme triste, e case choro, esperaba que non se me notase. Tomouno ben, aínda que a escoitei chorar. Domínguez non precisou moita axuda para contar todo o que sabía, que tampouco era moito. Fran e o fillo de Domínguez eran peóns, Fran suplicaba, e pedía xustiza, por que a el. Ó principio non me decatara do ben que fixeramos mandándoo chamar. Pensei en deixalo alí por non quedar coma un incompetente mandando traer xente que non me facía falta. Pero comezou a perdelos nervios e cando eso lle pasa ós demais sempre resulta beneficioso. Escamouse porque só viña el, non estaban Simón, nin Sofía. Pensaría que a tomara con el por andar detrás de Berta, unha especie de vinganza ou eu que sei. O pouco tempo que agardou có fillo do outro debiulle resultar eterno. Discutiron, Junior non sabía de que ía a cousa; pero Fran recrimináballe unha e outra vez que chamara ó seu pai, que porque non nos deixara face-lo noso traballo a gusto, que agora non podían dicir que eles non sabían nada e que el lle botaría a culpa de todo se o acusaban de algo. Que non pensaba cargar có morto de ninguén. E Simón, seguro que fixo un trato, seguro que se libra. Que el non fixera nada. E en realidade tiña razón, meterse con Berta, e pouco máis, nada, en definitiva; máis ben todo o contrario, cós seus nervios contaxiou a Domínguez.

- Eu daquela levaba a parte administrativa da empresa - Domínguez - non ganaba moito, Tomás era o xefe, un incompetente, non tiña madeira de xefe, nunca a tivo. A el parecíalle que esto de levar unha empresa era coma se-lo cabeza de familia, trataba ós empregados coma fillos. Eu xa tiña pai, ¿non sei se me entenden?. Quería ascender. Un día chamoume da central o que me enchufou na axencia, para que lle fixese un traballíño. Non me parecera nada importante, viña un rapaz instalar un novo sistema informático para axiliza-la transmisión de datos, algo que a min non me interesaba, porque me prometeran contratar un administrativo que se encargase do papeleo e a miña tarefa sería de dirección de departamento.

- ¿E vostede que tiña que facer exactamente? - eu

- Nada, só firma-lo contrato do rapaz e contratar como administrativo outro que tamén me recomendaran. Parecíanme insignificancias. O administrativo viña destinado da central, alí xa o coñecían, foi unha fichaxe estrela, era un fenómeno. Tiña todo ó corrente e a min non me molestaba, eu só lle mandaba facer e el facía. Pasaba moitas horas na oficina e tiña moitos contactos, có que decidín que había que tratalo ben. Eu seguín có de sempre, revisando as campañas e controlando ós creativos, xa que Tomás non o facía, se por el fose os beneficios diluiríanse no gasto creativo e para a empresa, nada. Eu, se de algo se me pode acusar é de loitar polo ben da empresa - anda que... - despois viñeron con aquela trapallada de que estábamos fóra da lei. A min encargáranme que colaborase plenamente ca xustiza, que me encargase eu porque Tomás non tiña o carácter que facía falta, menos mal que o viran. E sen me decatara sacaronme os contratos dos rapaces da central e non sei que de fondos en negro; non sabía de que ía pero cheirome a que me estaban empregando como cabeza de turco e non me gustou, un par de chamadas á central. Dixéronme que era o procedemento habitual; pero cando comezaron a falar de penas e anos dei en preocuparme e díxenlles que non había problema, pero que eu precisaba unha compensación. Ó primeiro non me fixeron moito caso; pero conforme a cousa se puxo máis crúa, cando os ameacei con dicir nomes e dar máis explicacións das que me pedían, aceptaron. Puxéronme un prazo de cinco anos para que se calmasen as cousas, e despois daríanme o posto de Tomás, a min non me pareceu dabondo, así que para que conformase aumentáronme o soldo e cobraba xa daquela moito máis que Tomás.

sub

- ¿Que foi dos dous que viñeran da central? - eu  
- Non sei, desapareceron como viñeran, non volvíñ saber deles - Dominguez  
- E o dos disquetes, aínda non nos contou nada deso - eu

- Hai uns meses, un dos da central, un xefazo, fíxome unha chamadiña para decirme que estaban a punto para trasladar a Tomás e dar-me a min o posto de director, o meu posto. No medio da conversa e coma quen non quere a cousa deixou caer que ó rapaz, ó informático, lle quedarán uns disquetes que agora precisaban. Eu quedei en busca-los e mandarillos. Ó día seguinte volveu chamar e eu díxenlle o mesmo. Alonguei o tema, a min que me decía de disquetes nin de historias de había cinco anos. Para min non fora unha boa época, tiraran polo chan a miña reputación - si ho - e aínda porriba tiña que andar de secretaria do rapaz aquel, que para min que tiña algo que ver con todo o asunto. Por fin chegou o día que asinei o contrato, veu por mensaxeiro urxente, moito antes do que me prometeran, parecía que tiñan prása. Púxerárame a condición de que non comentase nada ata que eles falaran con Tomás para comunicarlle a nova situación, e volta a menciona-los disquetes. Tanta insitencia chamoume a atención. Por aquela época a relación ca miña muller non ía moi ben, os matrimonios acomodáñse e a paixón morre - ¿porque soa ó que din todos? ¿para que casan? - e na oficina había unha rapaza que, como decilo, un non está cego. Non me resultou moi difícil seducila - ¿ti a ela??? - cando lle contei os meus plans de futuro caeu rendida, o poder sempre resulta atractivo - si, será eso- chegamos a manter unha relación de intimidade que non ven ó caso comentar agora. Eu conteille o da insitencia cós disquetes e a ela pareceulle moito máis interesante que a min. Dixome que os podíamos buscar e ver que tiñan, porque se os xefazos se interesaban tanto por eles, sería por algo. Sinceramente pareceume unha parvada da moza; pero por cumprirlle o capricho, mirei no despacho de Berta. Era complicado porque o tiña todo da súa man e a muller pasaba todo tempo alí metida, mellor, non era unha persoa que me resultase agradable e non era ó único que o sentía dese xeito; pero como a Tomás lle caera en gracia había que aguantala; se algo tiña de bo era que traballaba moito e eso dábase máis liberdade a min, ademais levábase ben cós creativos así non tiña que torear eu con eles. O día que botei unha ollada, abrín portas e caixóns e non dei cós disquetes. Tiña visto andar cunha caixa, un arquivador; pero non sabía onde a tiña agachada, non lle gustaba que a xente figase alí, tiña todo baixo chave, era unha neurótica.

- Por eso llo encargou a Fran - eu  
- A min non me encargou nada, eu axudaba a Simón - Fran

- Sofia díxome que a ela non llos ía dar porque non se levaban moi ben; pero que Fran era íntimo dela e que había que conseguir que llos pedise ou que lle dixese onde os gardaba. Como Sofia tampouco se trataba moito con Fran, utilizou a Simón de enlace, porque é moi bo rapaz - si - e podíamos confiar nel, ademais coñeza á súa familia, xente ben. Con todo, non llo deron sacado, tanta sutileza e a rapaza non se daba por aludida. Sofia mandáralle buscar un arquivo dos antigos para tela entretida mentres Simón entraba e collía o que fose. Tanto me enchiu, que unha vez avisado Tomás de que se marchaba e eu tomaba posesión largueina, malo sería que non dese feito a rexistra-lo puto despacho, roubar non mos ía roubar. Daquela foi cando lle contou a Fran que escoitara falar de min; e mencionoulle tamén uns disquetes raros, eses tiñan que ser. Pero desapareceran,

pensábamnos que os levara, non son o suficientemente grandes para que un se decate se llos están roubando. Estrañábanos que non llo contase a Fran, só falara de que levara aquel disquete verde. Revisámolo disco duro do seu ordenador e poidemos velas copias dos famosos disquetes; pero meu fillo analizándoos a fondo viu que faltaba o decodificador, o verde. En teoría xa o devolvera, eso lle dixera a Fran. Obviamente non o fixo. Eso tamén haberá que telo en conta

- Nós ben sabemo-lo que hai que ter en conta - eu - vostede non se preocupe
- A rapaza xogóunola ben, sabe Deus que estará facendo con esa información. Escoítamolo rumores da manipulación do canal e Fran dou en decir que fora Berta, así que a vixiamos; cando soubemos que estaba aquí tratamos de intercepta-los disquetes antes de que os entregara; pero empeñouse en que non os tiña
- E non os tiña - eu - estaban na oficina
- Non - o fillo de Domínguez - alí non, rexistreira a fondo
- ¿Moi a fondo? - eu
- Mirei os disquetes un a un - Junior
- Xa - eu - e agora queremos escoitar nomes
- ¿Está tolo? - Domínguez
- Queremos escoitar nomes - eu - ¡agora!!!
- ¿Que nomes? - mirando ó avogado, que lle suxería colaboración
- ¿Quen lle dixo que contratara ós da central? - eu
- Pancho - Domínguez
- ¿Villa?- Santi - ¿por que supoño que terá apelido?
- Francisco González de Prado - Domínguez
- ¿É o mesmo que lle pedía os disquetes? - eu
- Non, este é Pedro Alejo Contreras - Domínguez

Seguiu cantando ó compás que lle marcamos. Chamamos ó meu xefe, veu cun sorriso que non lle vía desde que casou á filla. Mirei a Santi, parecía un deses das películas, có traxe e a garabata, tiña estilo o tío, case me daba pena que a muller non o vise ó dereito da tenda; agora tiña todo engurrado; pero que ben lle quedaba. Eu estaba feliz, Sonia chamoume fóra, e vin a Berta durmindo no banco, ca cara dun anxo. Os extractos das contas, intactas, vaia putada, tanto roubar e delinquir para non poder sacarlle proveito. Os movementos realizábanse a través dunha desas sociedades de servicios, que tiña unha conta un tanto dubidosa nun banco electrónico e que se xestionaba a través daquel programa. Debeu se-lo último en informática naquel tempo. Remirando nas ordes de busca vin a do informático, xa daquela non conseguiran localizalo ¿quen sabe onde estaría?. Os da central xa tiñan localizados ós socios de Domínguez e preparados para interrogalos ó momento. De todo-los xeitos volvían cursa-las ordes de busca dos dous rapaces, nalgún sitio estarán. Quen sabe, estamos de sorte.

Decidimos darlle un respiro mentres agardábamo-los resultados do resto dos interrogatorios. O xefe chamou ás altas instancias e ó resto dos buitres, era o que máis lle gustaba terlles carnada preparada, en certo xeito eu agradecíallo, non era que me entusiasmasse perderme en termos legais e reducir esforzo e traballo a nada. Santi baixou á cafetería có resto. Eu marchei toma-lo aire, parecía que a claustrofobia se vovera contaxiosa. Collín o coche e fun dar unha volta, unha vez escoitei que ó mellor cando se estaba desorientado era volver ó comenzo. A rúa estaba valeira, eran as tantas, só algún escaparate apoiaba ás farolas. Andiven rúa abaixo, ata o final; dei volta e vina que viña cara min, dentro daquel abrigo,

sub

achegábase, volvín a aquel momento sen esforzo, o frío, aquela maxia. A rúa enchiuse de xente que ía e viña, que tropezaba con nós, Santí ó meu lado, e un cruce de miradas de segundos que se me espetou no corazón.

O móbil fixome volver. Chegara un fax da Garda Civil cunha ficha do informático que daba para alfombra-la comisaría. Estaba baixo custodia así que de momento non podíamos botarlle man pero aquela información axudábanos. Os corvos entraran ó pouco de chegar eu.

- Ímolos trasladar a todos para interrogalos de novo, xa nos encargamos nós de todo - un deles
- Moi ben - o xefe - é de supoñer que non a volveredes a cagar - ¿o xefe??? - porque non imos estar sacándovos sempre as castañas do lume - está guerrilleiro - os meus rapaces non teñen porque andar limpando a vosa merda
- Eses comentarios están de máis - outro - ¿non cre?
- Non, non creo - o xefe - que quede todo zanzado dunha vez
- ¿E a rapaza? - o mesmo, sinalando a Berta
- A rapaza - eu - está durmindo - o xefe ri
- Tamén a levamos - o mesmo
- Non - dixen eu - para ela xa temos pensada outra cousa
- O que vostede teña pensado non importa, ela tamén está implicada e ímola levar - outro
- Como xa lles dixo o axente Campos - o xefe - a rapaza queda, consideramos que o seu caso aínda que indirectamente si está relacionado có que nos ocupa, non ten moito que ver, trátase claramente de delitos distintos, e está máis que probado que non actuou en acordo có resto
- Pode deci-lo que queira - o máis falador - pero se chegado ó caso consideramos que si hai relación virémo-la buscar
- Si, home, si - o xefe, con sorna - agora xa sei porque non deron resolto o caso
- Aquelo non foi culpa nosa - o mesmo - xa llo expliquei
- Como queira - o xefe - a rapaza queda aquí e punto, e moito coidado con andar tocándono-las pelotas
- Supoño que tampouco será un elemento clave, prescindiremos dela, logo - o mesmo
- Supoña o que queira - o xefe

Sorprendeume o xefe, nunca se rebotaba cós traxeados, máis ben adoptaba unha actitude sumisa, hoxe debía ser moi tarde e estaría demasiado canso para formalismos. O caso é que non levaron a Berta, ó resto si, tamén foron por Simón e Sofia. Do outro rapaz aínda non sabíamos nada. Agora andarían dándolle a vara á Garda Civil para quitarlles ó informático; estes andan á que salta, o caso é aproveitarse do traballo dos demáis.

- Terás que falar ca rapaza - o xefe - xa sabe-lo que lle queda, mellor que llo vaias decindo ti. Eu vou chamando a Carmen para que o tramite
- Moi ben - eu - vouna espertar - ¿respetarán o trato, digo eu?
- Claro que si - o xefe - ¿ou ti que pensas?
- ¿Seguro? - eu
- Xa che dixen que si. Ese costume teu do seguro resulta bastante cargante ¿nunca cho dixeron? - o xefe, quisquilloso
- Algo me dixeron, si, algo me dixeron - rindo

sub

- Irei contigo - Santi - non sexa que precisas axuda
- Non creo que a precise - eu, saíndo diante
- Bueno igual precisas unha conciencia - Santi - xa sabes que a nocturnidade pode inducir...
- Que ganiñas de marear tes - eu - ¿por que non lle vas ensina-lo traxe á túa muller?
- ¡Joder! - Santi - é comodísimo, e non me senta nada mal, ¿eh? para min que ata liguei e todo
- Habías e todo - eu - ¿e con quen?
- Así en xeral - Santi - que me miran doutro xeito
- Será porque non te recoñecen e pensan que es outro - eu
- Será - Santi, picado - ou será que tes envexa
- Tamén - eu - ou que me celo, porque para min nunca te pos así de guapo, e ven unha descoñecida a decirche que poñas un traxe e polo
- Ai, corazón - Santi - fixeno polo caso, xa o sabes; que ti e-lo único ó que quero, meu ben
- Esta ten unha facilidade para durmir - eu, mirando a Berta que nin se inmutaba
- có barullo que hai

Cando xa espabilou entramos na sala, parecía tranquila, desexando rematar dunha vez, eu tamén. Eu non, xa me afixera a ela, a ter que chamala, a discutir, á súa mirada asesina, á súa forza, á súa paixón, a todo. Sentíame despreziado ó ve-la súa ansia por rematar con aquela situación. Si, parecía triste; pero tiña ansia por rematar.

Na sala estábannos agardando Carmen, o xefe e máis Santi.

- Bos días, Berta - Carmen - eu son Carmen
- Ola - Berta
- Senta - Carmen - supoño que xa che explicaron para que estou aquí
- Non, a verdade - ela, e todos que me miran
- ¿Non lle dixeches nada? - Santi
- Non, pensei que eso llo había que deixar á profesional - eu, e era certo
- ¿Pero contaría-lle o do trato? - Carmen
- Non - eu
- O xefe díxonos que non podíamos - Santi apoiándome, e tamén era certo
- ¡Bueno carallo!, ímolo apuntar no calendario - o xefe - os rapaces fixéronme caso
- E ti - Carmen a Berta - ¿colaboraches sen saber que che ía pasar?
- Algunha idea teño - Berta - cando fixen o que fixen xa sabía que non era legal, non contaba con que me pillasen; pero xa sabía o que había
- Así que te puxeches no peor - Carmen - e o que che resten deso benvido sexa, ¿non?
- Si - Berta, ca súa lóxica
- Bueno teño entendido que non te "pillaron" exactamente - Carmen mirándome - e eso tamén conta. Eu dígoche o que che podemos ofrecer e se despois non che interesa toma-las medidas legais que consideres oportunas. O que temos son seis meses de arresto domiciliario e dous anos de traballos sociais ¿que dis?
- ¿Só? - Berta, e parécelle pouco - ¿non vou ir ó cárcere?
- Non - Carmen - ¿querías?
- Non - Berta
- Eso foi o primeiro que dixó - eu - que non ía ó cárcere
- ¿Ves? - Santi - sempre ó teu servizo

sub

- Deduzo que che interesa o trato - Carmen
- Si, claro que si - ela
- Infórmoche de novo - Carmen - de que podes consultar cun avogado, pode ser que che consiga algo mellor
- Non - ela - así está moi ben
- O arresto domiciliario ten as mesmas consecuencias que o carcelario - Carmen - ¿entendes?
- Non vou poder ser presidenta - ela sorrindo - xa; non o sabía, pero imaxinábao
- Tes que obter un informe favorable dos teus superiores - Carmen - nos traballos sociais para considerar que cumpliches
- Ben - ela
- Comezaralos cando remate o arresto - Carmen - tes uns días para organizarte antes de comezalo
- Non, non fai falta - Berta - canto antes comece antes remata
- Moi ben - Carmen, mirando ó xefe e remexendo entre os papeis - así dá gusto, tanta cooperación píllame en fóra de xogo
- Ou é de boa paz - o xefe - ou estanos enganado a todos para darnos unha sorpresaña
- ¿Perdón? - Berta, que o mira cabreada
- Nada - o xefe, sorprendido - nada
- A ver - Carmen mirando entre os papeis - aquí o teño, tes que firmar esto, que é o que che acabo de explicar, mírao ben antes de asinar; despois - poñéndolle outro papel diante - firmasme esto, para que quede claro que che ofrecémo-la posibilidade dun avogado e ti renunciaches, tamén deberías lelo con coidado antes. E mentres eu vou cubrindo os datos do arresto, tes por aí o DNI - Berta busca a súa carteira, sácao e dallo, case sen erguela vista, coma se estivese avergoñada - ¿vives neste enderezo? - Carmen a Berta
- Si, si - ela
- ¿Daquela poñémolo como domicilio para o arresto? - Carmen
- Non - eu, antes de que Berta poidese decir nada - pon este - dándolle unha tarxeta

Santi cómplice, o xefe que non se espanta de nada xa e Berta que me mira sen entender pero cala, decíndome cós ollos que confiaba en min.

- ¿Paréceche ben? - Carmen, escamada, a Berta
- Si - Berta, sen facer moito caso - si
- ¿Sabes que enderezo é? - Carmen
- Acábache de decir que está ben - Santi, de avogado do díaño - deixa que lea o que está lendo que é máis importante que estas trapalladas
- Home - Carmen - máis importante que saber onde vai estar pechada seis meses
- Veña - Santi - que seis meses non son nada, a min non me avisaron tanto cando casei e ben me parece que é bastante peor - sempre sacándolle o punto simpático
- Pois non che digo como estará a túa muller - Carmen
- ¿Ela? - Santi - coma unha raiña, pasa de min o que lle dá a gana
- ¿E ti non pasas dela? - Carmen
- Non, que lle teño medo - Santi, rindo
- Bueno ¿así que poño este enderezo, non Berta? - Carmen, que insiste
- Si - Berta sen erguela vista

Despois de asinar todo, tivemos que agardar ó permiso oficial, un montón de papeleo, deixámola alí soa. Parecía tranquila; non, parecía que estaba anestesiada,

sub

como se non lle importase nada. Andrea entrou para despedirse dela, para meterse un pouco conmigo. Dábame igual, ó mellor así animábase ou reaccionaba ou algo.

- ¿Ti estás seguro de que a rapaza sabe o que fai? - Carmen, ó xefe - estou por solicitar un exame psiquiátrico

- ¿Non esaxeras? - o xefe - eu das veces que a vin estaba así; pero gracias a ela chegamos a onde estamos

- Xa, e se despois lle dá por recurrir decindo que nos aproveitamos dun estado de enaxenación mental - Carmen

- Non o vai facer - eu - non quere avogados, díxoo un cento de veces, xa che dixo que estaba dacordo con todo, asinou os papeis ¿non? ¿que máis queres?

- Estás demasiado implicado para pensar con claridade ¿e se está decindo a todo que si para darnos esquinazo? - Carmen

- Non - eu, seguro - e se o fixera tampouco sería para tanto, tratamos cada día con xente peor ca ela, que anda por aí tan ricamente

- ¿Peor ca ela? - Carmen - ¿esquence-lo que fixo? a min tamén me resultou simpático; pero non deixa de ser algo preocupante

- Mira, ela confiou en min así que eu vou confiar nela - eu - ademáis tivo centos de oportunidades para xogárnola e non o fixo

- ¿Como é eso de que tivo oportunidades de que? - o xefe, ¡joder!

- Nada, home, nada - Santi - aquí o namorado que dramatiza - mirándome para que calase

- Vos veredes - Carmen - a cara poñédela vós

- ¿Tardará moito? - eu

- Non, esto despáchano axina, como hai tan boa disposición por parte de todos - Carmen - o que non me explico é como convenceches ó Canal para que a deixasen tranquila, digo eu que lles interesará dar exemplo para evitar futuros intentos de supera-la xogada

- O rapaz da emisora doulles toda a infomación que quixeron - o xefe - e como, en realidade, esta sen a emisora non podía facer nada, non tiñan moito que pedirlle. Xa sabes como é, dar exemplo si; pero tampouco queren quedar coma a multinacional que arruina a vida dunha moza sen antecedentes, que a tía tampouco daba para moito ensañamento

- É o que a salva - Carmen

Deixámoslos alí e Santi e máis eu fomos có resto. Oso e os demais estaban celebrando o remate do caso. Veu Andrea

- Tomouno ben - Andrea

- Si, sabe Deus o que agardaba - eu

- ¿E ti que tal o tomas? - Andrea

- Como podo - eu

- Veña que só son seis meses - Andrea - ademáis podes ir vela cando queiras

- Se quere verme - eu

- ¿E porque non había querer? - Andrea

- Eu que sei - eu

- Mirade rapaces - Andrea - o nenño está deprimido

- ¿E logo que lle pasa? - Vázquez - ¿quería unha medalla?

- Ou un ascenso - Santi

- ¿Por que non ides para casa? aquí xa non facedes nada - eu - teredes que durmir algo

- ¿Estasnos botanto? - Oso serio, que cada día se me rebela máis

- Non creas - Santi - igual tes razón ¿que enderezo lle deches a Carmen?

sub

- ¿De que falas? - Andrea, tratando de poñerse ó tanto
- O enderezo do arresto de Berta - Santi, picando
- ¿E non é a súa casa? - Oso
- Non - Santi, facendo oposicións a canteiro - aquí Cris dixo que non, que el tiña un sitio mellor
- Xa che digo - Andrea - ¿e cal é? ¿non será un hotel?
- Ide a paseo - eu que comezaba a relaxarme - ¿non tedes cousas mellores que facer?
- Non - Santi - ¡a ver ho! ¿que enderezo é?
- E a vós que vos importa - eu
- Como sexa a túa casa - Santi - vaite denunciar por crueldade mental, seis meses aguantando a túa nai
- E se non o fai ela facémolo nos - Andrea - pobre
- Aínda lembro cando estaba de prácticas e lle viña trae-lo termo de café - Vázquez - ó seu filliño
- ¿Cantos anos hai?- eu - xa vai para catorce e ti veña có mesmo rolo
- Tiñades que vela, con galletiñas e todo - Vázquez que imitaba moi ben a miña nai, tiña a súa gracia - come, meniño, come
- Home - eu - así estou de mazizo hoxe, do que se come críase

O xefe faille un sinal a Santi que me avisa. Imos falar con el.

- Cando queirades lévadea para que se vaia instalando, polo de agora aínda non temos noticias; pero Carmen cre que non vai tardar moito, así imos adiantando traballo, total para tela aí na sala tamén pode ir organizando a súa vida - o xefe, con aire paternal
- Moi ben - eu
- Ti vaina buscar - Santi - eu despexo esto - ¿Santi???
- ¿Que vas facer? - eu, mosqueado - non está o forno...
- En serio, tío - Santi - voulles decir que non vacilen
- Case parece que o dis de verdade - eu
- Que tamén teño sentido - Santi - algunha vez tería que actuar coma unha persoa madura
- Vale - eu, desconfiando de todo-los xeitos

Antes de abri-la porta da sala dei volta para ver que estaba organizando o crápula este; pero en contra do que esperaba, ía en serio. Vin como Oso marchaba, claro que el era o que menos me preocupaba. Andrea e Ramón tamén. Santi foi có xefe. Igual falaba en serio. Chamei á porta, non escoitei nada.

- Pensei que volveras durmir - eu
- Non, non creo que poida nun tempo - ela
- ¿Por? - eu
- ¿A ti que che parece? - ela
- Agora xa non tes de que preocuparte, xa pasou todo ¿ou é que tiñas pensado presentarte a presidenta?
- Algunha vez si que o teño pensado; pero có sosa que son non daría xogo ningún - eu
- Non creas, aínda habías dar guerra; pero agora vas ter tempo para pensar na reorientación da túa carreira. ¿Imos? - eu
- ¿Xa? - ela

sub

- De momento imonos preparando, aínda non hai ordes ó respecto; pero pódeste ir instalando - eu
- Si, claro - ela
- Ou podemos ir dar unha volta, ou o que queiras - eu

Ó sair ninguén nos miraba, cada un estaba ó seu, facían coma se non nos visen. Eu agradecino.

- ¿A onde imos? - ela, xa no coche
- Á túa casa, á que vai se-la túa casa este tempo - eu
- ¿E eso é? - ela
- ¿E un piso que saquei da manga? - eu
- Vou estar un pouco apretada ¿non? ¿seguro que non imos á miña casa? - ela
- Non; pero está preto. Mira é aquel edificio - eu
- Ha ¿quen me dera? -ela
- ¿Por que? ¿non che gusta? - eu
- Nunca entrei; pero os pisos deben estar de medo - ela
- Eu tampouco entrei nunca, así que nos imos sorprenden a un tempo - eu
- ¿Podo preguntar de onde o sacaches? ¿é un deses protexidos? - ela
- É meu - eu
- Xa ¿e que piso é? - ela con recochineo - non será unha praza de garaxe máis ben
- O duplex, mira o do medio, aquel - eu sinalando, ela partíndose o mirar cara onde sinalaba eu

## Capítulo 20

Subindo no ascensor.

- Non sei como estará, desde que volví ninguén veu aquí, antes viñan meus pais
- Eu...
- Seguro que está ben, non te preocupes
- Non, non é eso; é que xa sabes que non che vou poder pagar aluguer nin nada
- Non me jodas agora con eso

Abrindo a porta.

- Deus, que grande, ¿e ten outro piso arriba? ¿Es millonario ou algo así? mira que vistas, esto de noite ten que ser precioso; bueno agora tamén está
- Alégrome de que che guste, de veras
- ¿Nunca viñeras?
- Non
- ¿Mercaches un piso sen saber como era?

sub

- Cousas de meus pais, cando estaba fóra, viron o proxecto deste edificio e non pararon de dar-me a tabarrara con que se volvía, se me casaba; xa te imaxinas. É bonito o amencer

- Si

- E cando me cansei de escoitalos merqueino, aínda sen facer, así que non me resultou tan malo de pagar, algúns aforros e que non foi tan caro como parece. Imos ver se funcionan os electrodomésticos, e se hai auga

- Seguro que todo está ben

- Mira, polo menos tes auga quente; está todo feito un asco

- Non, non tal; e no piso de arriba que hai

- Imos ver - subindo as escadas de caracol - vaia, xa me esquecera

- ¿Que hai?

- Mira

- ¿E eso?

- Un día meu pai chegou borracho dunha festa do traballo e miña nai cabreouse e botouno fóra, o pobre tivo que pasar aquí unha semana, polo menos así non tes que traer unha cama

- Si, que bo. ¿E se non chega a ter este piso?

- Non coñeces ós meus pais, ela botouno por monta-lo número e el veu para aquí por facela rabiñar

- Vaia

- Alí debe haber outro cuarto de baño

- ¿E como é que non viñeches vivir aquí?

- Non sei, sería porque o merquei sen querer ou porque xa estaba farto de vivir só e precisaba os mimiños de mamá

- Mira ti, pobriño

- Non me vaciles, ¿que? ¿gústache?

- ¿Ti que cres? é un palacio, non sei que me deixarán quedar aquí, por exceso de luxo

- Igual dentro duns días non che parece tan maravilloso

- ¡Ei! gracias de todo-los xeitos

- De nada, pensei que polo menos así podías ve-lo mar, có que che gusta; así non te sentirás tan... pechada

- ¿Así que me gusta o mar?

- ¿Non?

- Si, claro que si, só que non lembraba que cho dixera

- Nótaseche en como o miras

- Vaia

- Vai ser duro

- ¿Aquí? é un paraíso. En realidade, estou pensando que igual mo queres vender

- ¿Hai un anaco decíasme que non tiñas para pagarme o aluguer e agora queres mercalo?

- Se mo vendes a prazos, malo será que non dea xunto, e como total ti non o queres

- Igual agora me comeza a interesar

- Eso non vale, que dixeches que nunca para el miraras

- Porque non quería vivir só

- ¿E eso quere decir...?

- Eso quere decir que dentro de seis meses falamos

- ¿Falamos de... venderme o piso?

